PREMIO

# XERMADE
## NA HISTORIA

PREMIO XERMADE NA HISTORIA. VOLUME IV

© Primeira edición: 2026

© Deseño e maquetación: Blades Comunicación

© Concello de Xermade

© Alberta Lorenzo Aspres

© Carlos Vivero López

© Manuela Castelo Santaballa

ISBN: 978-84-89377-81-3

Depósito Legal: LU 105-2026

Coordinación

Xosé Manuel Felpeto Carballeira (Asociación de veciños/as de Cabreiros)
Jesús Rodríguez Rodríguez (Facultade de CC. da Educación da Universidade de Santiago)
Lucía Guizán Trastoy (Concello de Xermade)

A corrección lingüística dos traballos publicados é responsabilidade exclusiva das persoas autoras.

Reservados todos os dereitos. O contido desta obra está protexido pola Lei, que prohibe a súa reprodución, plaxio, distribución ou comunicación pública, en todo ou en parte, dunha obra literaria, ou a súa transformación, interpretación ou execución artística fixada en calquera tipo de soporte ou comunicada a través de calquera medio, sen a preceptiva autorización.

CONCELLO DE XERMADE

DEPUTACIÓN DE LUGO

COLABORA
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

■

PREMIO DE INVESTIGACIÓN

# "XERMADE NA HISTORIA"

■

# ÍNDICE XERAL

**IX EDICIÓN**

I PREMIO ..... 13

REALIDADE DEMOGRÁFICA E SOCIOECONÓMICA DE XERMADE NO SÉCULO XVIII: O PAPEL DA MULLER
Autora: Alberta Lorenzo Aspres

**X EDICIÓN**

I PREMIO ..... 151

A SOCIEDADE DE INSTRUCIÓN E RECREO "PROGRESO DE LOUSADA"
Autor: Juan Carlos Vivero López

II PREMIO ..... 309

"APROXIMACIÓN Á CULTURA INMATERIAL DE XERMADE"
Autora: Manuela Castelo Santaballa

# PRÓLOGO

A historia dun pobo non se escribe unicamente nos grandes acontecementos, senón tamén na memoria cotiá dos seus veciños, nos relatos que perduran e na vontade de quen decide conservalos. Nesa trama silenciosa, pero esencial, encádrase a verdadeira identidade dun territorio, a que lle da sentido ó seu presente e orienta o seu futuro.

Este cuarto volume compilatorio do Premio Xermade na Historia inscríbese nesa tarefa necesaria de recuperación, estudo e difusión do noso patrimonio histórico, dando continuidade a unha iniciativa que, edición tras edición, reforza o vínculo entre pasado e presente. E desa convicción nace precisamente o propio certame: na que preservar, estudar e difundir a historia local non é soamente un exercicio académico, senón tamén un acto de responsabilidade colectiva.

Por iso, o Concello de Xermade, en colaboración coa Asociación de Veciños de Cabreiros, personificada nese traballador incansable da cultura como é Xosé Manuel Felpeto, e coa Facultade de Ciencias da Educación da USC, representada polo veciño do Empalme Xesús Rodríguez, continúa con ese compromiso de preservar a nosa historia a través deste Premio, que xa vai pola súa décimo segunda edición.

Como non hai dous sen tres e, neste caso, tres sen catro. Para min como alcalde é unha ledicia facer o prólogo deste cuarto volume e seguir avanzando na recompilación da historia do noso concello, para que non se perda no esquecemento e homenaxear aos nosos antepasados con estas historias.

Neste tomo inclúense a investigación dos seguintes traballos premiados: No ano 2023, "Realidade demográfica e socioeconómica de Xermade no século XVIII: O papel da muller", de Dona Alberta Lorenzo Aspres, que acadou o primeiro premio. No ano 2024: "A sociedade de instrución e recreo 'Progreso de Lousada'", De Don Juan Carlos Vivero López, acadando o primeiro premio, e "Aproximación á cultura inmaterial de Xermade", de Dona Manuela Castelo Santaballa, que recibiu o segundo Premio.

Neles, recóllese a ampla variedade de sensibilidades e puntos de vista da nosa identidade. Dende unha ampla ollada á evolución do papel da muller no noso concello, que como ben cita Alberta, é decisivo e imprescindible; ata a importante labor da emigración e da cultura habaneira, onde os emigrados, polas dificultades culturais que viviron, non querían que os seus familiares e veciños que quedaron na nosa terra carecesen de formación e implicáronse en axudar economicamente a que se construíran en Galicia infinidade de escolas, o cal contribuíu a que as xeracións seguintes saíran ben formadas. No que a min me afecta, sinto un gran orgullo de que meu avó e tíos avós participaran dende A Habana na colaboración coa Asociación Progreso de Lousada, xa que como Juan Carlos cita, tamén foi a primeira escola da miña nenez.

Tamén, a importancia do léxico do noso concello, dos refráns, ditos, crenzas, cantigas e, en definitiva, de como o propio idioma marcaba a realidade e a vida cotiá da xente.

Cada achega contribúe a ampliar e matizar o coñecemento que temos de nós mesmos. Porque comprender Xermade non é so mirar atrás, senón interpretar as raíces que explican quen somos hoxe como comunidade.

Este Premio representa, ademais, un espazo de encontro entre xeracións e sensibilidades distintas, onde o interese pola historia convertese no nexo de unión. Por iso mesmo, continuamos co compromiso de presentar ano a ano aos galardoados do Certame nas Xornadas Interxeracionais de Cabreiros, que representan ese encontro na súa máxima expresión.

É obrigado recoñecer o esforzo e o rigor de todas as persoas participantes, cuxo traballo fai posible esta publicación. Grazas Alberta, Juan Carlos e Lela, pola vosa dedicación a prol da cultura do noso concello. Como ben cita Lela, non hai atallo sen traballo. Grazas tamén a todos os participantes e colaboradores, tanto destas edicións como das anteriores, por facernos máis grandes na cultura do noso pobo.

Do mesmo modo, merece un recoñecemento especial o xurado, formado por Don José Manuel Felpeto, Dona María Luisa Barreiro, Dona María López, Dona Josefa Rey e Dona Lucía Guizán, pola súa labor exhaustiva na valoración dos traballos. Grazas polo voso tempo e pola vosa sabedoría.

Tamén un agradecemento especial ás institucións e entidades que impulsan e sosteñen este Premio, contribuíndo á súa continuidade e ao seu crecemento. Grazas á Deputación de Lugo pola súa colaboración e financiamento ao longo destes anos.

Pero máis alá dos nomes propios, este volume é tamén unha homenaxe implícita a todas aquelas persoas que, de forma anónima, foron e son parte da historia de Xermade: aqueles que transmitiron saberes, conservaron tradicións ou deixaron a súa pegada na vida cotiá do concello. Sen elas, ningunha investigación sería posible.

Anímovos, por tanto, a todas as persoas lectoras a que vos adentredes nestas páxinas con curiosidade, descubrindo nelas non só feitos e estudos, senón parte viva da nosa identidade compartida. Do mesmo modo, este cuarto volume quere ser un chamado a seguir participando en futuras edicións do Premio Xermade na Historia, animando a novas voces a investigar, escribir e contribuír a que a historia do noso concello continúe medrando, enriquecéndose e proxectándose cara o futuro.

*Roberto García Pernas*

*Alcalde do Concello de Xermade*

# REALIDADE DEMOGRÁFICA E SOCIOECONÓMICA DE XERMADE NO SÉCULO XVIII: O PAPEL DA MULLER

Alberta Lorenzo Aspres

*Moi poucos pobos como o galego souberon conservar a través dos tempos máis pura, máis constante, máis indeclinable a súa fisionomía (...). Todo nel é tradicional e está no costume mellor que na lei escrita (...); no seu corazón, e non nas manifestacións exteriores.*

Manuel A. Martínez Murguía: "Galicia (1888)"

*En Galicia vese á muller encinta ou criando cavar a terra, segar o millo e o trigo e pisar o toxo e cortar a herba para os bois....*

Emilia Pardo Bazán: "La mujer española y otros escritos femeninos (1976)"

# ÍNDICE

ÍNDICE ..... 17
INTRODUCIÓN ..... 19
GALICIA DURANTE O ANTIGO RÉXIME ..... 21
DOCUMENTOS CENSAIS ESTATAIS DO SÉCULO XVIII ..... 25

Catastro de Ensenada (1752) ..... 29
Censo de Aranda (1768) ..... 35
Censo de Floridablanca (1787) ..... 37

XERMADE NO SÉCULO XVIII ..... 39

Santa Baia de Burgás ..... 49
Santa Mariña de Cabreiros ..... 57
San Miguel de Candamil ..... 65
San Xulián de Cazás ..... 73
Santo André de Lousada ..... 81

San Pedro de Miraz ..... 91
San Mamede de Momán ..... 97
San Martiño de Piñeiro ..... 105
San Pedro Fiz de Roupar ..... 113
Santa María de Xermade ..... 123

O PAPEL DA MULLER ..... 131
REFLEXIÓN CONCLUSIVA ..... 141
BIBLIOGRAFÍA ..... 143

# INTRODUCIÓN

O século XVIII supón para Galicia unha época de importantes cambios: multiplícase a poboación; desenrólase a agricultura coa introdución de novos cultivos; aparece unha forte industria rural doméstica de tipo téxtil; e na costa aséntanse as primeiras familias catalás de fomentadores. Non obstante, pese a todas estas transformacións, non se desartellan cualitativamente as pautas dunha sociedade que se fai máis complexa e onde clero, fidalgos e campesiños manteñen intricadas relacións mutuas, e que –precisamente por ser capaz de integrar tantas novidades– consegue unha fortaleza que se conserva ata ben entrada a seguinte centuria.

Por outra banda, non todas estas circunstancias afectan por igual á totalidade da nosa terra. E esta aseveración convértese no punto de partida da presente investigación, co concello de Xermade como núcleo da mesma.

Seguindo unha metodoloxía cualitativa propia dunha investigación documental, revísanse e reinterprétanse diversas fontes da época, coa fin de amosar a realidade demográfica, social e económica de Xermade nas postremeiras do Antigo Réxime, identificar os posibles baleiros e achegar novas perspectivas de análise da información obtida. As principais fontes para o coñecemento desta época (Reher e Valero 2005) son o Catastro de Ensenada (1752), o Censo de Aranda (1768)

e o Censo de Floridablanca (1787).[1] En consecuencia, a principal documentación empregada para esta investigación son os orixinais enviados polas distintas parroquias en cumprimento das respectivas ordes ministeriais.

Tamén, co obxectivo de lograr un traballo o máis sólido e completo posible, revísanse outros textos coetáneos; ademais da obra *Descrición económica do Reino de Galicia* (1804), redactada por Labrada Romero e na que se realiza unha exposición pormenorizada do estado xeral das poboacións do país, con observacións detalladas dos seus habitantes.

Asemade, queremos deixar constancia da relevancia de empregar estas fontes primarias para o presente estudo, feito que nos achega os testemuños *presenciais* dunha determinada época. Deste xeito, resulta eliminada calquera interpretación ou inferencia que poida conducir á distorsión da realidade analizada; e de igual maneira, tamén quedan rexeitados aqueles intermediarios que puidesen concorrer na repetición sistemática de posibles erros.

E unha vez exposta a realidade demográfica, social e económica de Xermade no século XVIII, debemos ser conscientes de que poucos campos do coñecemento histórico se encontran tan firmemente vinculados con moitos dos grandes cambios e desafíos da sociedade actual como a historia das mulleres, tanto polo seu desenvolvemento historiográfico como pola súa multiplicidade de enfoques e a súa crecente complexidade conceptual e metodolóxica. Gradualmente, nas últimas catro décadas, o impacto acumulativo da produción historiográfica de diversos países europeos –entre eles España– incrementa notablemente o coñecemento sobre o pasado das mulleres, permitindo revisar certas concepcións simples sobre os roles femininos e levando ás mulleres ao primeiro plano do discurso histórico para construír sobre bases sólidas unha historia que ata agora, a pesar de que incumbe a máis da metade da humanidade, aínda non está escrita (Davis 1976):

> *Paréceme a min que debemos interesarnos na historia das mulleres como dos homes, que non debemos concentrarnos unicamente no sexo subordinado, así como tampouco un historiador das clases sociais pode centrarse unicamente nos campesiños. A nosa meta está en comprender a importancia dos sexos,*
>
> *dos grupos xenéricos no pasado histórico. A nosa meta está en descubrir a amplitude das funcións sexuais e do simbolismo sexual en distintas sociedades e épocas, para descubrir que significado tiñan e de que maneira funcionaban para manter a orde social ou para promover a súa modificación. A nosa meta está en explicar por que os papeis sexuais ás veces obedecen a prescricións ríxidas e outras veces flúen, ás veces son marcadamente asimétricos e ás veces son máis parellos.*

Seguramente non se poden enunciar con maior claridade as liñas teóricas e metodolóxicas que han de inspirar dende entón os estudos sobre as mulleres. E seguindo estas liñas propostas, durante as últimas décadas incídese no empeño de determinar a natureza das relacións entre os conceptos de *muller, familia* e *traballo.*

E recollendo este testemuño, a presente investigación oriéntase cara aos factores explicativos que resultan claves –dende o rol da economía familiar pasando pola división sexual do traballo ou os empregos femininos–, co obxectivo de analizar o papel da muller no Xermade do século XVIII.

1 Tamén están o Censo de Campoflorido (1712) e o Censo de Godoy-Larruga (1797), que neste caso se descartan por non amosar datos a nivel local.

# GALICIA DURANTE O ANTIGO RÉXIME

O *Antigo Réxime* é un termo herdado da Revolución Francesa de 1789 que designa a centuria final da Idade Moderna, é dicir, o século XVIII. E se ben resulta unha definición negativa, expresa nitidamente as diferenzas existentes entre a época tardofeudal e as sociedades capitalistas contemporáneas, de base económica industrial e réxime político liberal e democrático. Así, as características máis destacadas desta centuria son o predominio da agricultura no conxunto de actividades económicas, conformación estamental da sociedade e organización política baixo a forma da monarquía absoluta (Villares 1995: 95).

En Galicia, este período presenta unha serie de características que, salvo no plano político, aseméllanse bastante á maior parte das sociedades europeas occidentais, na medida en que se transforman e maduran historicamente os patróns de orixe medieval. Ao mesmo tempo, esta centuria prepara en moitos campos o futuro desenrolo do capitalismo, transición que na nosa terra se efectúa con grandes dificultades e retrasos; é dicir, prodúcense os cambios pero non son suficientes para introducir ao país no terreo da *modernidade* (Otero 1969: 62).

A poboación de Galicia duplícase entre finais do século XVI e mediados do XVIII, polo que facilmente se comprende que figure como unha rexión moi poboada no contexto da monarquía hispánica. Tal aumento demográfico provoca un desequilibro entre recursos e poboación, o que

explica que exista unha intensa corrente emigratoria que expulsa do país importantes excedentes. Ademais da emigración temporal intrapeninsular, existe tamén unha emigración definitiva –ou de moi longa duración– que supón a perda de trescentas cincuenta mil persoas durante a segunda metade do século XVIII.

Estímase que o oitenta por cento desta poboación son campesiños (Villares 1995: 116): a base fundamental da sociedade do Antigo Réxime. Como consecuencia de contratos forais de *longa* duración, encárganse da dirección dunhas explotacións agrarias cada vez máis diminutas e menos rendibles. No lugar oposto –e privilexiado– da explotación da terra están a nobreza e o clero, ambos grandes beneficiados polas rendas agrarias. Mentres a primeira dispón de xurisdicións e coutos, o segundo ten décimos, primicias e votos. Cabe destacar a fidalguía intermediaria, favorecida pola concesión de foros eclesiásticos nos séculos XVI e XVII e plenamente asentada no campo galego e no reparto destas rendas no século XVIII.

Esta situación económica tan desigual provoca numerosos conflitos sociais referidos á terra e ao seu dominio, forxándose a auténtica estrutura social da Galicia do Antigo Réxime. A loita dos campesiños contra o poder xurisdicional ou territorial dos condes e dos abades é unha constante nesta época.

Por outra banda, ao mesmo tempo que se desenrola a agricultura coa introdución de novos cultivos –millo e pataca– seguindo vellos métodos e aplicando rotacións máis intensivas, acométense intentos de diversificación económica e industrialización que abranguen moi diferentes actividades: elaboración do ferro, curtidos, estaleiros de protección rexia, fábricas de louza, mantelarías, fábricas de sombreiros, etc... (Saavedra 2007). Pero é, sen dúbida, na industria téxtil do liño e nas factorías costeiras da salgadura da sardiña onde mellor se concentran estas tentativas de cambiar a economía galega do Antigo Réxime.

A elaboración de tecidos, tanto de la como de liño, é unha actividade de longa tradición artesá, tanto rural como urbana; pero non é ata o século XVIII cando se pode falar en Galicia dunha auténtica industria téxtil, denominada con frecuencia *industria popular* ou *industria rural doméstica.* Durante esta centuria, esta industria doméstica é un sector fundamentalmente rural, con ínfima penetración de capital e na que a produción se destina maioritariamente cara aos mercados exteriores (Carmona 1984: 35-50).

Pero a finais do século ábrese unha segunda etapa en conexión con varios feitos concorrentes: a liberación do mercado colonial, o proteccionismo da produción interior e, especialmente, a importación masiva de materia prima –liño– dende os portos do Báltico; o que ten consecuencias de certa importancia, como a correlativa expansión da produción. Ao propio tempo, tal cantidade de liño báltico enriquece a un grupo de comerciantes importadores recentemente instalados en Galicia, que contan con figuras tan destacadas como o futuro marqués de Sargadelos.

En canto ao intento industrializador do sector pesqueiro, prodúcense conxuntamente a chegada dos cataláns –acaecida ao redor do 1750– e o florecemento dunha *pesca capitalista* que modifica substancialmente as técnicas e a organización da pesca tradicional nas costas galegas. Efectivamente, os cambios son importantes: substitúese o método do cerco polo de arrastre, mellóranse as técnicas de salgadura coa introdución dun sistema de prensado, establécese unha nova organización social da pesca mediante a implantación do traballo asalariado, constrúense factorías de salga por toda a costa galega, e tamén se comercializa a produción abríndose ao mercado mediterráneo.

Igualmente é necesario comentar que o século XVIII é o século da Ilustración, unha corrente de pensamento que, asentada no valor e na eficiencia da razón, intenta realizar unha reforma da sociedade mediante o emprego da instrución, o coñecemento máis pormenorizado dos problemas e a creación de institucións que procuren solucións para os mesmos. Non é esta a única misión da Ilustración europea, pero en Galicia non se leva a cabo toda a función crítica que necesariamente deben realizar os homes ilustrados. Con todo, a súa preocupación polos problemas do país é constante, incluso pola propia cultura galega que tanto promoveu o *padre* Sarmiento. O labor destes ilustrados florece puxantemente nas institucións que despuntan na segunda metade da centuria, destacando a Academia de Agricultura do Reino de Galicia –ano 1765– e as diversas Sociedades Económicas de Amigos do País.

Por outra banda, a Galicia do século XVIII tampouco é territorialmente a mesma Galicia de hoxe en día.

O 30 de novembro de 1833, a aprobación dun Real Decreto sobre a división civil do territorio español e illas adxacentes supón –practicamente– o establecemento da división administrativa que coñecemos actualmente.[2] Esta normativa responde á mentalidade ordenadora e centralista da política borbónica do século XVIII, e representa un interesante esforzo por acadar unha máis uniforme e sinxela división do territorio gobernado.

A España peninsular está composta por unhas unidades administrativas denominadas *Provincias,* rexidas pola figura dun *Intendente.* En total son trinta e unha intendencias (Río 1990: 9-10)[3] e o Reino de Galicia constituía unha única intendencia, formada á súa vez por sete *Demarcacións* ou *Partidos* –coñecidos tradicionalmente como *provincias*–: A Coruña, Betanzos, Lugo, Mondoñedo, Ourense, Santiago e Tui;[4] que se ben non teñen o carácter de circunscricións político-administrativas de primeiro grao, presentan a significación de parciais áreas provinciais que funcionan só a efectos de reparto de impostos e levas militares, ademais de servir para a comunicación de ordes procedentes do poder central (Saavedra 1985).

Cada unha destas cidades ten o dereito de representación na Xunta do Reino de Galicia, e abrangue un territorio formado por –cincocentas nove– xurisdicións[5] e –cento cincuenta e cinco– coutos redondos (Río 1990: 12), que, á súa vez, están compostos polas unidades máis pequenas e máis vivas das relacións sociais galegas: as *parroquias*, consideradas actualmente como a división administrativa de rango inferior ao municipio e baixo a dirección espiritual dun párroco.

2 *Gaceta de Madrid,* 154. Madrid, 3 de decembro de 1833.

3 As trinta e unha Intendencias que compoñen o territorio español no século XVIII son: Áraba, Aragón, Ávila, Biscaia, Burgos, Cataluña, Córdoba, Cuenca, Estremadura, Galicia, Granada, Guadalaxara, Guipúscoa, Illas Canarias, León, Madrid, Mallorca, A Mancha, Murcia, Navarra, Novas poboacións de Andalucía e Serra Morena, Palencia, Salamanca, Segovia, Sevilla, Soria, Toledo, Toro, Valencia, Valladolid e Zamora.

4 No século XVI, A Coruña e Tui conseguen ter representación na Xunta do Reino de Galicia, pasando a integrar este grupo de *Provincias*.

5 Os señoríos xurisdicionais son moi variados: señorío secular –que dirixe a maior parte de Galicia–, señorío eclesiástico, señorío de abadengo, de reguengo, e de ordes. Nalgunhas ocasións a xurisdición ordinaria depende dos propios veciños ou dos concellos.

# DOCUMENTOS CENSAIS ESTATAIS DO SÉCULO XVIII

A mediados do século XVIII reina en España Fernando VI, e comezan a sentirse as correntes ilustradas na Península. A situación da Facenda Real é secularmente calamitosa, con varias bancarrotas ás súas costas e unha xestión de impostos moi mellorable; e varias son as medidas que se manexan para solucionar –ou cando menos aliviar– esta preocupante situación económica.

Ante todo, resulta imprescindible incrementar a presión fiscal e evitar os gastos innecesarios e as malversacións, sobre todo substituíndo o sistema tradicional de arrendamentos de cobro de impostos por unha recadación directa da Real Facenda; tamén se debe reducir a débeda e os xuros que se pagan aos posuidores, que –con antigüidades de ás veces séculos– xa teñen amortizado sobradamente os seus títulos; e igualmente se deben recuperar as rendas enaxenadas a favor de casas nobiliarias que, invocando dereitos máis que dubidosos, lúcranse secularmente sen unha xustificación.

Unha breve descrición das cargas fiscais da época pode ser (Cremades 1993):

1. *Rendas da Coroa*, que agrupan as Rendas Reais de aduanas ou impostos dun tres ao dez por cento, e puntualmente en emerxencias, de ata un vinte e cinco por cento do valor de froitas, xéneros e mercancías que pasaban por portos de mar y portos secos entre reinos peninsu-

lares interiores. Tamén se inclúen as establecidas sobre produtos estancados, como o sal e o tabaco.

2. *Rendas Provinciais.* A máis importante é a de alcabalas,[6] imposto de entre o cinco e o dez por cento de todo o que se vende, cambia ou establece a censo; pode ampliarse a alcabala polos chamados *centos.* Outros impostos provinciais son as *terzas reais,* consistentes nas dúas novenas partes dos décimos que a Igrexa obtén das tazmías;[7] o servizo ordinario e extraordinario que só paga o estado xeral ou o pobo baixo, nin fidalgos nin nobres; os millóns ou contribucións extraordinarias do reino; impostos sobre o consumo de vinagre, viño, aceite, candeas de sebo, cabezas de gando ou carne; contribución a mantemento dos soldados; etc... Todo isto, coas súas particularidades por cada provincia.

3. *Rendas eclesiásticas,* principalmente décimos ou o dez por cento dos produtos agrarios. Subdivídense entre maiores e menores, e repártanse entre bispado, párroco e facenda real; aínda que os menores son só para o párroco. Ademais, están as *primicias* que derivan a unha taxa fixa de gra a cada colleiteiro e se dedica o seu valor á construción e ao mantemento da fábrica da igrexa parroquial; e o *Voto de Santiago,* a favor do cabido compostelán. Tampouco faltan outras contribucións a confrarías, aranceis por servizos relixiosos, etc...

4. *Cargas nobiliarias e de concello.* Os señoríos teñen frecuentemente transferida a xurisdición do territorio e establecen contribucións monetarias. E xestionan rendas reais ou provinciais enaxenadas aínda en vilas e lugares de reguengo. Os concellos tamén impoñen os seus tributos para reparar camiños, pontes, hospitais, escolas, etc... Entre estes impostos están as *sisas* e os *arbitrios.*

Exposta a extraordinaria dispersión das figuras tributarias, froito da continua improvisación da política fiscal –ao servizo duns obxectivos imperiais que cada vez desbordan máis as posibilidades reais dun estado exhausto–, resulta doado comprender a perda de control efectivo do aparato recadatorio, no contexto dunha administración cada vez menos eficaz e ordenada. En consecuencia, a xestión dos impostos resulta inmanexable para unha Facenda sen os suficientes medios materiais nin persoais, polo que acaba dando lugar a unha recadación inxusta e desigual –sobre todo, entre as provincias– (Matilla 1947). E isto é o que se pretende solucionar.

Para iso faise necesaria unha grande e profunda reforma fiscal, e o primeiro paso é o deseño dun tributo esencialmente directo, universal e integrador do disperso sistema impositivo existente. Coa aprobación do Real Decreto do 10 de outubro de 1749 nace a *Única Contribución,*[8] sistema que non só implica a integración de múltiples tributos dispersos nun só de nova configuración –máis proporcionado á riqueza dos suxeitos–, senón tamén a intención de que todos os ingresos reais sexan xestionados directamente pola propia Coroa e sen intermediarios (Peiró 1988). Con todo, a *Única Contribución* finalmente quédase nun intento ao pecar de ser tremendamente ambiciosa e non poder superar os obstáculos derivados do contexto dos postulados do Antigo Réxime aínda vixente.

6 Tributo que o vendedor lle pagaba ao fisco nos contratos de compravenda e os dous contratantes no de permuta.

7 Distribución dos décimos entre os partícipes neles. Cálculo aproximado dunha colleita en pé, que se fai co fin de cobrar os décimos. Porción de grans que cada colleiteiro leva ao conxunto dos décimos comúns.

8 "Real Decreto de su Majestad, para que con arreglo a la Instrucción, formularios y planes que le acompañan, se averiguen los efectos en que puede fundarse una Sola Contribución, para el mayor alivio de sus vasallos, en lugar de las que componen las Rentas Provinciales", *Gaceta de Madrid,* 13 de outubro de 1749.

Pero isto non impide que se execute o primeiro paso, que consiste no desenvolvemento dun extraordinario procedemento que comeza coa promulgación dunha instrución baseada nunha serie de modelos e/ou formularios de como debe de recollerse a documentación para poder levar a cabo a antedita reforma fiscal.

En consecuencia, entre 1750 e 1754 tódalas poboacións da Coroa castelá son sometidas a un *Interrogatorio* por parte duns equipos denominados *audiencias,* que son presididos polo intendente da provincia ou por un subdelegado seu, e están formados, cando menos, por un escribán –con función notarial–, un ou máis oficiais –administrativos con experiencia– e dous ou máis amanuenses. Os documentos resultantes destas enquisas agrúpanse baixo o nome de *Catastro de Ensenada.*

Na mesma liña pero cunha finalidade distinta –a de coñecer a realidade e distribución dos habitantes–, unha década despois, acométese o *Censo de Aranda,* o cal é encomendado aos bispos para que, a través dos párrocos das súas dioceses, recollan os oportunos datos. Considerado como o primeiro censo moderno de Europa, débese resumir a poboación do país de acordo coa súa idade, sexo e estado civil.

Case vinte anos máis tarde, cunha finalidade primordialmente demográfica e estatística –non fiscal–, acométese *Censo de Floridablanca*, o cal emprega técnicas estatísticas modernas.

# Catastro de Ensenada (1752)

Durante o reinado de Fernando VI, o ministro de Facenda Zenón de Somodevilla y Bengoechea –I Marqués de Ensenada–[9] dirixe, cumprindo as ordes aprobadas polo Real Decreto do 10 de outubro de 1749, unha indagación sen precedentes que abrangue os territorios da Coroa castelá[10], como paso previo a unha importante reforma fiscal.

O proceso, que vén especificado no citado decreto, iníciase cunha carta por parte do Intendente da Provincia ao Xustiza –alcalde– da poboación anunciando a data da súa chegada e a obriga de pregoar e expoñer o bando que se envía xunto coa carta. De seguido, o alcalde e os rexedores deben escoller os membros do concello que se encargarán de responder ao *Interrogatorio,*[11] así como dous ou máis peritos de terras coa fin de conformar o equipo esixido. Unha vez chegados os

9 Zenón de Somodevilla y Bengoechea (1702-1781) é un estatística e político ilustrado de familia humilde de orixe fidalga. Cunha fulgurante carreira na Mariña, recibe o título de I Marqués de Ensenada trala conquista do reino das Dúas Sicilias. Alcanza os máis altos honores políticos, como o hábito de Calatrava e de San Xenaro (1742), Notario Maior dos Reinos, Conselleiro de Estado (1743), Capitán Xeneral de Mar e Tierra (1749), Toisón de Ouro (1750), E Orde de San Xoán de Xerusalén (1751), entre outros. É conselleiro de Estado durante os reinados de Felipe V (1700- 1724), Fernando VI (1746-1759) e Carlos III (1759-1788); pero debido a un complicado xogo de equilibrios entre Inglaterra e Francia –da que era admirador e partidario–, o marqués pasa as últimas tres décadas da súa vida desterrado.

10 Con excepción dos territorios das Illas Canarias, Navarra e as Vascongadas.

11 "Interrogatorio que han de satisfacer, bajo juramento, las justicias, y demás personas, que harán comparecer los intendentes en cada pueblo", *Gaceta de Madrid*, 13 de outubro de 1749.

integrantes da *audiencia* e realizados os primeiros trámites, tómase xuramento a tódolos presentes co párroco como mera testemuña.

No caso de Xermade, para resolver os correspondentes interrogatorios, comézase pola antiga freguesía de Santa Mariña de Cabreiros, a única do conxunto pertencente á xurisdición das Pontes de García Rodríguez (Ensenada 1752: 609-611):

> *Na casa de audiencia das Pontes de García Rodríguez, o 7 de xullo de 1752, no departamento de Juan Felipe de Castaños, comisario ordenador dos reais exércitos e ministro encargado polo monarca, están reunidos o subdelegado da Real Xunta da Única Contribución: Andrés Antonio Sánchez Baamonde; o mordomo pedáneo desta freguesía: Juan Clemente Neira y Ron; o xuíz ordinario do termo xurisdicional: José de Fraga; así como un tal Pedro Prieto –veciño do citado couto da freguesía–, un perito nomeado polo común: Juan Prieto e outro perito nomeado polo de Cabreiros: Baltasar Prieto. Tamén asiste Manuel do Pico –veciño da freguesía de San Pantaleón das Viñas (Paderne)– por parte da Real Facenda e o párroco de Cabreiros: Pedro Romero, convocado politicamente como persoa imparcial para o devandito auto.*

En canto aos formularios dos demais territorios, os equipos encargados para tal labor reúnense na casa de audiencia de Vilalba, no departamento de Juan Felipe de Castaños, contando coa presenza do subdelegado da Real Xunta da Única Contribución: Mauro de Figueroa y Mendoza; así como con tres representantes dos veciños da freguesía analizada.

Para Burgás e Candamil, o día 19 de febreiro de 1753, asisten á devandita reunión Juan Vázquez, mordomo pedáneo destes termos, e Francisco de Leiras, perito nomeado por parte do rei; tamén o cura párroco Antonio Copeiro y Parga (Ensenada 1752: 2215,2261). Para Cazás, ese mesmo día, asisten Bartolomé Vázquez –mordomo pedáneo–, Francisco Cazón –perito real– e de novo o párroco Antonio Copeiro y Parga (Ensenada 1752: 3527). Para as freguesías de Miraz e Piñeiro, tamén o 19 de febreiro, xúntanse Marcos da Pena –mordomo pedáneo–, Felipe Montenegro –perito real– e o párroco Blas Fernández Maseda (Ensenada 1752: 12336,12275). O mesmo día, para Momán, asisten Juan Antonio Preto –mordomo pedáneo–, Juan de Leiras y Sanjurjo –perito real– e o cura José de Ron y Miranda (Ensenada 1752: 9528). Para rematar o labor dese día, para a antiga freguesía de Xermade, asisten Domingo Antonio Preto –mordomo pedáneo–, de novo Juan de Leiras y Sanjurjo, e o párroco Juan Antonio Cobrero y Gayoso (Ensenada 1752: 6150).

Para as enquisas que faltan, hai que agardar tres meses. Así, o día 27 de maio, de novo na casa de audiencia de Vilalba, no departamento de Juan Felipe de Castaños, contando coa presenza do subdelegado da Real Xunta da Única Contribución: Mauro de Figueroa y Mendoza –así como con tres representantes dos veciños da freguesía analizada– convócase dous grupos. Para a antiga freguesía de Lousada, asisten Bartolomé García – mordomo pedáneo–, Francisco Cazón –perito real– e Juan Montenegro –cura párroco– (Ensenada 1752: 8151). E para a de Roupar, xúntanse Antonio Bélez –mordomo pedáneo–, Andrés Pernas e Antonio Ledo –peritos reais– e o cura Pedro Bueno y Guindos (Ensenada 1752: 11158).

Reunidos todos os convocados, feitas as oportunas dilixencias e chegado o momento, dan comezo as corenta preguntas do interrogatorio:

1. *Como se chama a poboación.*
2. *Se é de reguengo ou de señorío, a quen pertence, que dereitos percibe e canto produce.*

3. *Que territorio ocupa o termo, canto de levante a poñente e do norte ao sur, e canto de circunferencia, por horas, e leguas, que lindeiros ou confrontacións; e que figura ten, poñéndoa á marxe.*
4. *Que especies de terra se atopan no termo; se de regadío ou de sequeiro, distinguindo se son de hortaliza, sementeira, viñas, pastos, bosques, sebes, montes, e demais que puidera haber, explicando se hai algunhas que produzan máis dunha colleita ao ano, as que frutificaren só unha e as que necesitan dun ano de intermedio de descanso.*
5. *De cantas calidades de terra hai en cada unha das especies que tiveran declarado, se de boa, mediana e/ou inferior.*
6. *Se hai algún plantío de árbores nas terras que declararon, como froiteiras, moreiras, oliveiras, figueiras, amendoeiras, parras (...), etc...*
7. *En cales das terras están plantadas as árbores que declararon.*
8. *En que conformidade están feitos os plantíos, se estendidos en toda a terra ou* ás *marxes, nunha, dúas, tres ringleiras, ou na forma que estivesen.*
9. *De que medidas de terra se usa naquel pobo: de cantos pasos ou varas castelás en cadro se compón, que cantidade de cada especie de grans dos que se collen no termo se sementa en cada unha.*
10. *Que número de medidas de terra haberá no termo, distinguindo as de cada especie e calidade, por exemplo, tantas fanegas, ou do nome, que tivese a medida de terra de sementeira da mellor calidade, tantas de mediana bondade e tantas de inferior; e o propio nas demais especies que tivesen declarado.*
11. *Que especies de froitos se collen no termo.*
12. *Que cantidade de froitos de cada xénero, uns anos con outros, produce, cunha ordinaria cultura, unha medida de terra de cada especie e calidade das que houbese no termo, sen comprender o produto das* árbores *que houbese.*
13. *Que produto se regula darán por medida de terra as* árbores *que houbese, segundo a forma en que estivese feito o plantío, cada un na súa especie.*
14. *Que valor teñen ordinariamente un ano con outro os froitos que producen as terras do termo, cada calidade deles.*
15. *Que dereitos se encontran impostos sobre as terras do termo, como décimo, primicia, terzo-décimo ou outros; e a quen pertencen.*
16. *A que cantidade de froitos soen montar os referidos dereitos de cada especie ou a que prezo soen arrendarse un ano con outro.*
17. *Se hai algunhas minas, salinas, muíños fariñeiros ou de papel, batáns ou outros artefactos no termo, distinguindo de que metais e de que uso, explicando os seus donos e o que se regula produce cada un de utilidade ao ano.*
18. *Se hai algún esquilmo no termo, a quen pertence, que número de gando vén ao tosquío a el e que utilidade se regula dá ao seu dono cada ano.*
19. *Se hai colmeas no termo, cantas e a quen pertencen.*
20. *De que especies de gando hai no pobo e termo, excluíndo as mulas de coche e cabalos de regalo; e se algún veciño ten cabana ou eguada que pasta fóra do termo, onde e de que número de cabezas, explicando o nome do dono.*

21. *De que número de veciños se compón a poboación e cantos en casas de campo ou alquerías.*

22. *Cantas casas haberá na poboación, que número de inhabitables, cantas arruinadas; e se é de señorío, explicar se teñen cada unha algunha carga que pague ao dono polo establecemento do solo e canto.*

23. *Que propios ten o común e a que ascende o seu produto ao ano, de que se deberá pedir xustificación.*

24. *Se o común desfruta algún arbitrio, sisa ou outra cousa, de que se deberá pedir a concesión, quedándose con copia que acompañe estas dilixencias; que cantidade produce cada un ao ano, a que fin se concedeu, sobre que especies para coñecer se é temporal ou perpetuo e se o seu produto cobre ou excede da súa aplicación.*

25. *Que gastos debe satisfacer o común, como salario de Xustiza e rexedores, festas de Corpus ou outras; empedrado, fontes, serventes, etc..., de que se deberá pedir individual razón.*

26. *Que cargos de Xustiza ten o común, como censos, que responda ou outros, o seu importe, por que motivo e a quen, de que se deberá pedir puntual noticia.*

27. *Se está cargado de servizo ordinario e extraordinario ou outros, de que igualmente se debe pedir individual razón.*

28. *Se hai algún emprego, alcabala ou outras rendas enaxenadas, a quen, se foi por servizo pecuniario ou outro motivo, de canto foi e o que produce cada uno ao ano, de que se deberán pedir os títulos e quedarse con copia.*

29. *Cantas tabernas, mesóns, tendas, panaderías, carnicerías, pontes, barcas sobre ríos, mercados, feiras, etc... hai na poboación.*

30. *Se hai hospitais, de que calidade, que renda teñen e de que se manteñen.*

31. *Se hai algún cambista, mercador de por maior ou quen beneficie o seu caudal por man de corredor ou outra persoa, con lucro e interese; e que utilidade se considera lle pode resultar a cada un ao ano.*

32. *Se na poboación hai algún tendeiro de panos, roupas de ouro, prata e seda, lenzos, especieiro ou outras mercadorías, médicos, cirurxiáns, boticarios, escribáns, arrieiros, etc... e que ganancia se regula pode ter cada un ao ano.*

33. *Que ocupacións de artes mecánicas hai na poboación, con distinción, como albaneis, canteiros, albeitares, ferreiros, sogueiros, zapateiros, xastres, pelaires, tecedores, sombreireiros, etc...; explicando en cada oficio dos que houbese, o número que haxa de mestres oficiais e aprendices, e que utilidade lle pode resultar, traballando meramente do seu oficio, ao día cada un.*

34. *Se hai entre os artistas algún, que tendo caudal, faga prevención de materiais correspondentes ao seu propio oficio ou a outros, para vender aos demais, ou fixera algún outro comercio, ou entrase en arrendamentos; explicar quen, e a utilidade que consideren lle pode quedar ao ano a cada un dos que houbese.*

35. *Que número de xornaleiros haberá na poboación e a como se paga o xornal diario a cada un.*

36. *Cantos pobres de solemnidade haberá na poboación.*

37. *Se hai algúns individuos que teñan embarcacións, que naveguen no mar ou ríos, o seu porto, ou para pescar; cantas, a quen pertencen e que utilidade se considera dá cada unha ao seu dono ao ano.*

38. *Cantos clérigos hai na poboación.*

39. *Se hai algúns conventos, de que relixións e sexo, e que número de cada un.*

40. *Se o rei ten no termo ou poboación algunha finca ou renda, que non corresponda* ás *xerais nin* ás *provinciais, que deben extinguirse; cales son, como se administran e canto producen.*

O resultado desta enquisa dá lugar ao documento chamado *Respostas Xerais,* que queda en mans do intendente.[12] E se o proceso xeral se denomina *Respostas Xerais*, defínese como *Respostas Particulares* á relación individual de declaracións de bens de cada suxeito pasivo, separadas por clérigos e segrares. Con esta información e a súa verificación confecciónanse posteriormente o *Libro do Real* –relación poboación a poboación da relación individual de bens rústicos, urbanos, edificios e rendas de capital e traballo–, o *Libro do Persoal ou de Cabeza de Casa* –que dá a afiliación de cada veciño, estado civil, idade, profesión e número de fillos– e un mapa da poboación.

12 Se ao longo do proceso, nun trámite posterior, aparecen datos que corrixen ou amplían a información dada nos primeiros días, engádense como notas aclaratorias; por iso, ás veces, as actas teñen unha segunda parte con rectificacións.

# Censo de Aranda (1768)

Durante o reinado de Carlos III, o presidente do Consello de Castela Pedro Pablo Abarca de Bolea y Ximénez de Urrea –X Conde de Aranda–[13] dirixe, entre os anos 1768 e 1769, o que se considera como o primeiro censo moderno realizado en Europa, cuxo principal obxectivo é coñecer a distribución dos habitantes e as súas principais características, sen que este coñecemento teña como finalidade a resolución dun determinado problema (Martín 1981: 273).

Mediante unha Carta-Orde ditada o 1 de setembro de 1768, exponse esta liña cando se indica que o obxectivo da enquisa (García 1991: 441-442) é coñecer:

> *(...) a verdadeira poboación da Monarquía [posto que] coa súa ignorancia tómanse moitas providencias desiguais con perigo de terceiro (...), [e realízase] non para impoñer gravame algún sobre os vasalos da Súa Maxestade, senón para establecer un xusto equilibrio nas obrigas a que concorren e para promover ideas útiles ao Estado, segundo os sexos e idades*

13 Pedro Pablo Abarca de Bolea y Ximénez de Urrea (1719-1798) é un nobre, militar, estatística e político ilustrado de familia ilustre, que chega a ocupar os cargos de presidente do Consello de Castela (1766-1773) –autoridade máxima da monarquía nesta época– e de secretario de Estado de Carlos IV (1792). Durante o reinado de Carlos III (1759-1788), participa activamente en tres feitos que marcan a súa liña e a súa capacidade política: o motín de Esquilache, a caída e expulsión dos xesuítas, e a súa etapa como embaixador en París. Acusado de demasiado compromiso co reformismo e cos enciclopedistas, foi desterrado os últimos anos da súa vida a Xaén.

Este novo criterio supón un importante paso adiante na procura da veracidade dos datos, xa que evita que os subministradores teñan interese en falsealos para un posible e posterior beneficio.

Outra novidade é que esta enquisa realízase en todo o territorio nacional, pois no caso do Catastro de Ensenada están exentos os territorios das Illas Canarias, Navarra e as Vascongadas. Por iso, nas instrucións aportadas na citada carta-orde, faise especial fincapé en incluír a totalidade da poboación, sen condescendencias de ningunha clase. E de igual maneira, cámbiase a unidade de estudo na poboación: agora fálase de habitante, non de veciño –como cabeza de familia e/ou grupo familiar–.

A planificación do formulario confíase aos funcionarios reais, e a realización aos bispos, que reciben as instrucións precisas a través da antedita carta-orde. Estes, a súa vez, confían a obtención dos datos locais aos párrocos das súas dioceses –no caso de Xermade é a diocese de Mondoñedo–, que deben recoller os datos requiridos mediante unha táboa de dobre entrada. Na mesma han de reflectir as circunstancias persoais de tódolos habitantes adscritos por sexo, estado civil –solteiro ou casado– e idade –menores de sete anos, de sete a dezaseis anos, de dezaseis a vinte e cinco anos, de vinte e cinco a corenta anos, de corenta anos a cincuenta e maiores de cincuenta–.

Ademais, han de aportar información complementaria do número de *exentos* en relación coa orixe da súa exención –aclarando a súa condición de fidalguía, Real Servizo, Real Facenda, Cruzada e/ou Inquisición–. Tamén teñen que enumerarse os eclesiásticos e serventes da Igrexa, dos centros benéficos, dos hospitais, etc...

# Censo de Floridablanca (1787)

Durante o reinado de Carlos III, o primeiro secretario de Estado José Moñino y Redondo –I Conde de Floridablanca–[14] dirixe, cumprindo as ordes aprobadas pola Real Orde do 25 de xullo de 1786, unha enquisa baseada nunha metodoloxía estatística moderna –con criterios de *universalidade, uniformidade* e *simultaneidade* (Pérez 2010: 9-10)–, aplicada á totalidade das demarcacións territoriais administrativas do país e cuns obxectivos puramente estatísticos e demográficos.

A antedita Real Orde correspóndese coas *Instrucións* remitidas a tódalas poboacións para a realización do censo, e di o seguinte (Floridablanca 1787: VII-VIII):

> *Varios Corpos políticos, e Persoas respectables do Reino fixeron presente ao Rei a necesidade de repetir a enumeración de xente que se fixo no ano de mil setecentos sesenta e oito, para saber o estado da nosa poboación.*
>
> *Coñece moi ben a Súa Maxestade o precisa que esta operación, xa para calcular a forza interior del estado, xa para coñecer os aumentos que recibiu con fomento dado á Agricultura, Artes e Oficios, e aos diferentes ramos de comercio que se abriron, xa para aumentalos en cada Poboación, ou Provincia conforme á necesidade, o diminución que teñan, e repartilos con igual-*

14 José Moñino y Redondo (1728-1808) é un político e doutor en Dereito pola Universidade de Salamanca. Exerce o cargo de secretario de Estado entre 1777 e 1792 durante os reinados de Carlos III (1777-1788) e Carlos IV (1788-1792). Actúa contundentemente contra os instigadores do motín de Esquilache, e colabora cos condes de Aranda e Campomanes na expulsión dos xesuítas dos territorios da Coroa española; e en premio a estes servizos, Carlos III concédelle o título de Conde de Floridablanca.

*dade entre todas as clases dos seus veciños, e xa para que vexan os Estranxeiros que non está o Reino tan deserto como cren eles (...); pero tamén sabe a Súa Maxestade que temerosos os Pobos das quintas, ao aumento de contribucións ocultan as noticias, e diminúen o número sobre todo en tempo de guerra con descrédito do estado. Polo tanto, diferiuse a Súa Maxestade condescender ao que se lle representou ata agora, (...) en que aumente o número dos seus amados vasalos, e en proporcionarlles medios fáciles e seguros de subsistir eles e os seus fillos.*

*Para saber pois con facilidade o que convén, e se desexa neste punto, mandou o Rei que Vosa Señoría e os demais Intendentes do Reino me remitan varias noticias do número e calidade de tódolos Pobos das súas Provincias; e agora quere que en cada lugar sexa Reguengo ou de Abadengo, Ordes ou Señorío da Xustiza por si, ou por Deputados do Concello, acompañados do Cura, visiten todo o Pobo, ou por Parroquias, casa a casa formando lista do número de almas, ou individuos de cada casa, habitación, ou refuxio dentro do Pobo, ou no seu campo, e xurisdición, conforme á idade de cada un pouco máis ou menos, e con expresión do oficio que exerce, sen tomar por iso os seus nomes, atanguéndose ao modelo que acompaño sen deixar de incluílo no estado xeral de idades, aínda que teña lugar en calquera outra clase dos estados, ou estea condecorado dalgunha Dignidade, ou Emprego dos que se especifican.*

*Cos estados de cada Parroquia formarán o Corrixidor ou Deputado, asistido dos Curas, ou de todo o Pobo, e remitiranos á Vosa Señoría para que se forme o total da Provincia, acompañando ao tempo de remitirmo o particular de cada Pobo, co que se poida levantar na Corte o estado, ou resume xeral de toda a Nación.*

*Agarda a Súa Maxestade que tódolos Corpos Eclesiásticos, Seculares e Regulares concorrerán a dar as noticias indicadas no modelo, evitando competencias e dilacións prexudiciais cando se trata do ben do Estado, e que tódolos que deban contribuír a esta operación procederán coa maior brevidade e exactitude nas súas relacións. E para que a Vosa Señoría expida as ordes correspondentes na parte que lle toca ás Xustizas dos Pobos da súa Provincia, participollo da orde da Súa Maxestade a fin de que concluído o estado dela, mo remita a Vosa Señoría co particular de cada lugar, adaptándose aos modelos que acompaño.*

Os modelos adxuntos aos que se refire este texto son unha serie de táboas nas que, entre outros datos, débense reflectir as circunstancias persoais de tódolos habitantes adscritos a unha determinada poboación por sexo, estado civil –solteiro, casado ou *viúvo*[15]–, idade –os mesmos seis grupos que no Censo de Aranda– e ocupación.[16]

Efectivamente, estas instrucións son enviadas aos intendentes de cada unha das provincias do Reino, que delegan a complementación dos datos solicitados nas mans das autoridades locais, as cales deben certificar a súa execución cos seus nomes e as súas sinaturas. Desta maneira, a obtención da información acométese co protagonismo da administración civil, en contraste coa administración eclesiástica do censo anterior, e realízase durante os primeiros meses do 1787; mentres que a elaboración posterior, incluída a publicación dos resultados –un compendio a nivel provincial– prolóngase ata o ano seguinte (Martín 1988: 209).

15 A *viuvez* é unha categoría nova de estado civil con respecto ao anterior censo.

16 As ocupacións que aparecen recollidas no Censo de Floridablanca son, por esta orde: cura, beneficiado, tenente de cura, sancristán, acólito, ordenado a título de Patrimonio, ordenado de menores, fidalgo, avogado, escribán, estudante, labrador, xornaleiro, comerciante, fabricante, artesán, criado, empregado con soldo do Rei, con foro militar, dependente de Inquisición, síndico de Orde Relixiosa, dependente de Cruzada, demandante... e outros.

# XERMADE NO SÉCULO XVIII

Antes de que o actual concello de Xermade se oficialice como tal no ano de 1840 –á raíz do establecemento de novos límites administrativos propiciado pola promulgación da Constitución de 1812–, as súas dez parroquias esténdense polas provincias de Lugo e Betanzos, e á súa vez divídense entre as xurisdicións de Vilalba e as Pontes de García Rodríguez (Río 1990). É dicir, tódalas antigas freguesías xermadesas –Burgás, Candamil, Cazás, Lousada, Miraz, Momán, Piñeiro, Roupar e Xermade– son administradas e xestionadas dende o núcleo vilalbés, coa excepción da de Santa María de Cabreiros, que ao depender xurisdicionalmente da vila pontesa semella unha auténtica illa administrativa (véxanse as figuras 1 e 2).

Nunha parte ou outra do mapa, os terreos xermadeses forman parte do patrimonio da Condesa de Lemos, Andrade e Vilalba, respondendo a un señorío secular (Floridablanca 1787) e á diocese de Mondoñedo (Aranda 1768). E o mesmo sucede cos coutos anexos, como o de Cabreiros –San Martiño de Fraga–, os de Lousada –Ameixido e Lousada– e o de Roupar.

En canto aos seus límites e lindeiros, o territorio xermadés linda durante esta centuria, polo leste –levante–, coas freguesías de San Mamede de Vilapedre e Santa María Maior de Tardade –ambas do actual concello de Vilalba–; polo oeste –poñente– con Santa María do Aparral –actual concello das Pontes de García Rodríguez–, Santa María de Xestoso e Santa María de Labrada –ambas da *Xurisdición do Imperial mosteiro de Santa María de Monfero*– e San Pedro de Buriz –actual concello de Guitiriz–; polo norte con Santa María do Aparral e Santa María do Burgo –actual concello de

Muras–; e polo sur con San Martiño de Belesar, San Martiño de Codesido e San Pedro de Santaballa –todas do actual concello de Vilalba– (Ensenada 1752).

Dos seus case cento sesenta e sete quilómetros cadrados –166'60 km$^2$– de superficie (VV.AA. 2005: 175), están destinados a terras de sementeira un total de 40'57 km$^2$ (24%), o equivalente a *setenta e sete mil douscentos cincuenta e oito* –77.258– *ferrados*[17]. O tipo de terra máis abundante é o de montes baixos abertos (40%), seguido do de labradío (23%). En canto aos cultivos, o centeo, o trigo e o millo miúdo son os cereais máis comúns, e nas hortas destacan as coles. Por outra banda, nalgunhas das antigas freguesías xermadesas abundan as maceiras (Ensenada 1752).

Logo están as propiedades reais, que neste antigo termo supoñen uns corenta ferrados de centeo, vinte e un ferrados de pasto e trinta e catro ferrados de carballeira, os cales se encontran adictos á Intendencia da Mariña, polo que corresponde ao Servizo Real.

Con excepción destas últimas, as terras están suxeitas a uns determinados dereitos ou *impostos*, e o pago dos mesmos adoita realizarse mediante a entrega anual dunha determinada cantidade dos froitos recollidos. O máis común en Xermade (Ensenada 1752) é o *décimo*: de cada dez partes entrégase unha, que polo xeral soe ser a repartir entre o cura párroco da freguesía e o arquidiácono da diocese mindoniense. Logo está a parte que se lle entrega á Condesa de Lemos *por razón de Voto* e ás confrarías.

Pola contra, no antigo municipio, o común non dispón de propios, nin de arbitrios nin de ningún outro tipo de impostos. Non obstante, están os gastos derivados dos servizos ordinario e extraordinario que deben pagar cada veciño ao monarca anualmente, e tamén os vinculados a utensilios. Ademais, resulta moi común o desfrute dos dereitos de *alcabala foránea,* que varían dunha freguesía a outra.

17 O ferrado é a medida de superficie tradicional agraria de Galicia, vixente dende a Idade Media. A súa orixe provén do ferrado, un recipiente de madeira de forma lixeiramente rectangular co que se mide o volume de cereal para os intercambios comerciais, e posteriormente pasa a medir a superficie de terra necesaria para obter a cantidade recollida nese recipiente. Desta maneira, a medida está claramente vinculada coa produtividade da terra, e varía dunha poboación a outra de Galicia. Co século XIX as medidas vanse unificando por concellos, así, un ferrado xermadés equivale a –aproximadamente– cincocentos vinte e cinco metros cadrados (525 m$^2$).



**Fig.1.** Mapa xurisdicional da provincia de Betanzos no século XVIII. Aparece resaltada a xurisdición das Pontes de García Rodríguez e delineado o actual municipio de Xermade. Planimetría elaborada pola autora.



**Fig.2.** Mapa xurisdicional da provincia de Lugo no século XVIII. Aparece resaltada a xurisdición de Vilalba e delineado o actual municipio de Xermade. Planimetría elaborada pola autora.

| Tipo de terra | Calidade da terra | Nº de ferrados | Metros cadrados |
|---|---|---|---|
| Hortas | Primeira | 41 | 21.525 |
| | Segunda | 29 | 11.025 |
| | Terceira | 40 | 21.000 |
| Labradío | Primeira | 840 | 441.000 |
| | Segunda | 3.580 | 1.879.500 |
| | Terceira | 11.198 | 5.878.950 |
| Prados de regadío | Primeira | 64 | 33.600 |
| | Segunda | 58 | 30.450 |
| | Terceira | 76 | 39.900 |
| Prados de sequeiro | Primeira | 354 | 185.850 |
| | Segunda | 322 | 169.050 |
| | Terceira | 467 | 245.175 |
| Chousas (pasos de gando) | Primeira | 550 | 288.750 |
| | Segunda | 160 | 84.000 |
| | Terceira | 100 | 52.500 |
| Pastos de particulares | Primeira | 50 | 26.250 |
| | Segunda | 20 | 10.500 |
| | Terceira | 20 | 10.500 |
| Soutos | Primeira | 1 | 525 |
| | Segunda | 2 | 1.050 |
| | Terceira | 0 | 0 |
| Carballeiras | Primeira | 149 | 78.225 |
| | Segunda | 138 | 72.450 |
| | Terceira | 464 | 243.600 |
| Montes altos de leña | Primeira | 1.461 | 767.025 |
| | Segunda | 542 | 284.550 |
| | Terceira | 656 | 344.400 |
| Montes baixos cerrados | Primeira | 392 | 205.800 |
| | Segunda | 717 | 376.425 |
| | Terceira | 1.038 | 544.950 |
| Montes baixos abertos | Primeira | 4.622 | 2.426.550 |
| | Segunda | 9.692 | 5.088.300 |
| | Terceira | 16.738 | 8.787.450 |
| Terra inútil | Non procede | 10.855 | 5.698.875 |

En canto aos *mil dous sesenta e oito ferrados* restantes do antigo termo xermadés e dos seus coutos, é dicir, máis de seiscentos sesenta e cinco mil setecentos metros cadrados, están ocupados polas *casas, camiños e muros* (Ensenada 1752). En total, rexístranse cincocentas dezasete vivendas habitables, das cales, dezanove encóntranse en estado de ruína. Polo xeral, son edificacións dispostas illadamente sobre o terreo, de planta rectangular, con muros anchos de pedra e/ou xisto e cubertas de lousa. Os interiores resultan moi elementais: con estrutura horizontal de madeira –de carballo ou castiñeiro– e divisións verticais tamén de madeira. O solo, polo común, é de terra. No caso de dispoñer de dous andares, o inferior está destinado á cociña –cunha lareira– e ao gando, mentres que o superior abrangue os dormitorios.

Estas residencias adoitan estar ocupadas por unha ou varias familias, que no caso que nos ocupa supoñen un total de *cincocentos cincuenta e catro veciños* (Ensenada 1752) ou dous mil setecentos trinta e sete habitantes (Floridablanca 1787), dos que mil trescentos trinta e sete (49%) son homes e mil catrocentas (51%) son mulleres.[18]




**Fig.3.** Pirámide de poboación do termo xermadés no século XVIII, onde se observa unha distribución demográfica altamente equilibrada e con claras perspectivas de crecemento. Gráfico elaborado pola autora.




18 No presente, esta proporción mantense, pois dos mil setecentos sesenta e oito empadroamentos que rexistra o actual concello, oitocentos sesenta e sete (49%) son homes e novecentas unha (51%) son mulleres. Instituto Nacional de Estatística: *Poboación do Padrón Continuo por Unidade de Poboación*, a 1 de xaneiro de 2021 (última actualización).







Entre as ocupacións máis comúns no antigo termo municipal de Xermade, destaca a de *labrador* (Floridablanca 1787), claro reflexo do carácter agrícola deste territorio e da importancia do cultivo das terras na economía local. Ademais, cómpre salientar a antiga freguesía de Santo André de Lousada como a única na que se rexistran –dezasete– xornaleiros, que son aqueles traballadores que se demandan temporalmente a cambio dun *xornal* para a realización de tarefas do campo.

Non obstante, o traballo de labrador sóese compatibilizar co exercicio doutras actividades, denominadas *artes mecánicas,* durante varios meses ao ano –polo xeral, entre tres e seis meses–. Trátase de ocupacións nas que se empregan pequenas ferramentas manuais ou mecánicas de madeira, e entre as máis comúns en Xermade encóntranse as de tecedora, curtidor e zapateiro (Ensenada 1752). As ganancias obtidas varían dunha freguesía a outra, e hai casos nos que unha mesma persoa desenvolve varias actividades, como por exemplo, zapateiro e curtidor ou carpinteiro e curtidor.




Por outra banda, hai persoas –denominados *artistas*– que dispoñen de certos materiais, que, ou ben en beneficio do seu propio oficio ou ben para a subministración de outros, manexan a posibilidade de facer algún tipo de comercio máis alá da venda. No caso do antigo municipio xermadés destaca, sobre todo, o negocio do tabaco (Ensenada 1752).

Logo están os *arrieiros*, aqueles persoeiros que se dedican ao transporte de mercancías duns lugares a outros mediante o emprego de animais de carga. A mercadoría máis común é o viño do Ribeiro; e o número de bestas utilizadas, así como os meses de ocupación e os beneficios difiren dunha vella freguesía a outra (Ensenada 1752).

Tamén hai individuos que obteñen certas ganancias pola xestión de diversos arrendamentos. Polo xeral, trátase dun veciño que leva a administración das propiedades do señorío, ou incluso é o propio cura párroco o que xestiona os ingresos pertencentes ao Cabido da Igrexa de Lugo ou ao Arquidiácono de Mondoñedo. Logo están aquelas persoas que levan en arrendamento as tabernas –existentes en Cazás, Lousada, Piñeiro e Roupar– (Ensenada 1752).

Mención aparte merecen aqueles veciños que posúen un muíño fariñeiro, polo cal se lles estima un beneficio anual que varía en función da freguesía, ao igual cos meses de funcionamento –polo xeral, entre catro e seis meses–. Con excepción dun exemplar de dúas moas no lugar de Pena Corbal, en San Xulián de Cazás, tódolos demais moen cunha única roda e auga corrente, e a maioría concéntranse nas antigas freguesías de Cazás, Lousada e Roupar. Das sesenta e unha unidades rexistradas, dez (16%) están en estado de ruína (Ensenada 1752). Por outra banda, están os catro batáns para la localizados en Santo André de Lousada.

Por último, cómpre sinalar aqueles veciños que posúen colmeas, coas que obteñen mel e cera para autoconsumo e comercio, e polas que se lles estima un beneficio anual que oscila entre tres e cinco reais de vellón por cada unha delas, en función da freguesía na que se atopen (Ensenada 1752). O antigo termo municipal xermadés presenta un total de mil trescentas sesenta e cinco unidades, das que a maior parte se concentran en Santa Mariña de Cabreiros (19%), Santo André de Lousada (17%) e San Mamede de Momán (15%).

# Santa Baia de Burgás

A antiga freguesía de Santa Baia de Burgás, sita na histórica provincia de Lugo, pertence ao señorío da Condesa de Lemos, Andrade e Vilalba –camareira maior da raíña– (Floridablanca 1787: 4020-4021), e forma parte da xurisdición –de señorío secular– de Vilalba baixo a xustiza dun xuíz ordinario e da diocese de Mondoñedo (Aranda 1768: VI, 124).

En canto aos seus límites e lindeiros (Ensenada 1752: 2217):

> *A devandita freguesía terá de distancia de Levante a Poñente a oitava parte dunha legua,*[19] *de norte a sur un cuarto e de circunferencia os tres cuartos dunha legua; que para camiñala ocuparase unha hora. Linda por Levante coa freguesía de San Miguel de Candamil, por Poñente e norte coa de Santa María do Aparral* [actual concello das Pontes de García Rodríguez] *e polo sur coa de San Martiño de Codesido* [actual concello de Vilalba].

Dos seus máis de oito quilómetros cadrados –8'10 km$^2$– de superficie (VV.AA. 2003: 9), están destinados a terras de sementeira un total de 1'45 km$^2$ (18%), o equivalente a *dous mil setecentos sesenta ferrados.* O tipo de terra máis abundante é o de labradío, sendo o centeo e o trigo os cereais máis cultivados, e as coles, as verduras máis comúns nas hortas (Ensenada 1752: 2219). Destacan as maceiras, que se atopan plantadas *sen orde algunha, dispersas* ás *marxes das terras e estendidas polas mesmas* (Ensenada 1752: 2218).

19 Unha *legua* equivale aproximadamente a cinco quilómetros.

| Tipo de terra | Calidade da terra | Nº de ferrados | Metros cadrados |
|---|---|---|---|
| Hortas | Primeira | 1 | 525 |
| | Segunda | 2 | 1.050 |
| | Terceira | 1 | 525 |
| Labradío | Primeira | 86 | 45.150 |
| | Segunda | 455 | 238.875 |
| | Terceira | 1.100 | 577.500 |
| Prados de regadío | Primeira | 2 | 1.050 |
| | Segunda | 2 | 1.050 |
| | Terceira | 3 | 1.575 |
| Prados de sequeiro | Primeira | 61 | 32.025 |
| | Segunda | 28 | 14.700 |
| | Terceira | 66 | 34.650 |
| Montes altos de leña | Primeira | 2 | 1.050 |
| | Segunda | 0 | 0 |
| | Terceira | 0 | 0 |
| Montes baixos cerrados | Primeira | 68 | 35.700 |
| | Segunda | 61 | 32.025 |
| | Terceira | 33 | 17.325 |
| Montes baixos abertos | Primeira | 28 | 14.700 |
| | Segunda | 23 | 12.075 |
| | Terceira | 520 | 273.000 |
| Terra inútil | Non procede | 146 | 76.650 |




Estas terras e os seus froitos están suxeitos ao pago duns determinados impostos (Ensenada 1752: 2251-2252):

> *De tódolos froitos que na devandita freguesía se collen, págase o Décimo de cada dez un o que percibe nesta maneira: o cura párroco da dita freguesía, percibe unha cuarta parte do Ilustrísimo Cabido da Cidade de Lugo, outra cuarta parte Don Frutuoso Guerra, veciño de San Cibrao de Bribes* [actual concello de Cambre], *unha sexta parte da outra metade e as cinco partes restantes as perciben entre Pedro Troncoso e José Yáñez, ambos veciños da mesma freguesía de San Cibrao de Bribes, e das pertencentes ás terras do Igrexario as dividen entre o cura párroco e a dignidade do Arquidiácono Montenegro na Santa Igrexa da Cidade de Mondoñedo; así mesmo percibe a (...) condesa de Lemos por razón de Voto de Cada un dos veciños de mediano caudal tres ferrados de Centeo anualmente e dos de menos Caudal, ferrado; e ferrado e medio á confraría do Santísimo Sacramento cada veciño un real de vellón e á da nosa señora do Rosario outro real de vellón.*

E igualmente (Ensenada 1752: 2257):

> *Os veciños da devandita freguesía pagan á Súa Maxestade por razón de servizo ordinario e extraordinario oitenta e sete reais e trinta e dous marabedís anualmente, asemade pagan á Súa Maxestade por razón de utensilios en cada ano setenta e sete Reais, aínda que cando disto non hai regra Certa porque uns son máis e outros menos, e todo en virtude de comparto que se lles fai pola Cidade de Lugo como cabeza de Provincia e resulta dos Recibos que exhiben.*

En canto a se hai algún outro tipo de tributo (Ensenada 1752: 2256):

> *Os veciños da devandita freguesía só desfrutan os dereitos de Alcabala foránea dos forasteiros, que soen vender dentro dela algúns bens raíces os que por un quinquenio importaron anualmente dezaseis Reais vellón, tamén perciben en cada ano vinte Reais os mesmos en que se soe arrendar a sisa pertencente á dita freguesía sen que para a percepción dun ou outro teñan máis privilexio nin concesión, que o de atoparse Encabezada coa Tesouraría de Rendas provinciais da Cidade de Lugo.*

Pero non tódolos veciños rexistrados nestas terras deben pagar estes impostos; algúns están exentos de facelo, como por exemplo o cura párroco *–que lles administra os santos Sacramentos–*, o sancristán (Aranda 1768: VI, 124), os dous ordenados a título de Patrimonio, os dous homes con foros militares e os dous fidalgos (Floridablanca 1787: 4069).

Por outra banda, un total de *sesenta e dous ferrados* do termo, é dicir, máis de trinta e dous mil cincocentos metros cadrados, ocúpanos *as casas, os camiños e os muros* (Ensenada 1752: 2256):

> *Na devandita freguesía hai corenta e oito casas habitables, sen que haxa ningunha arruinada nin que polo seu fondo ou establecemento do solo se pague cousa algunha ao Dono Xurisdicional nin a ningunha outra persoa.*

Estas vivendas poden ser ocupadas por unha ou varias familias. No caso de Burgás, son un total de *cincuenta e tres veciños* (Ensenada 1752: 2256) ou cento noventa e un habitantes (Floridablanca 1787: 4069),[20] dos que noventa (47%) son homes e cento unha (53%) son mulleres.[21]

Entre as ocupacións máis comúns nesta freguesía, destaca a de labrador, rexistrándose ata cincuenta homes (Floridablanca 1787: 4069), claro reflexo do carácter agrícola deste territorio. Con todo, sóese compatibilizar esta actividade co exercicio doutros traballos, denominados *artes mecánicas*, durante varios meses ao ano (Ensenada 1752: 2258-2260).

Por outra banda, hai persoas que obteñen certas ganancias mediante a xestión de diversos arrendamentos (Ensenada 1752: 2260).

> *Na devandita freguesía (...): José Ramos, cura párroco da freguesía de Santa Baia de Liáns* [actual concello de Oleiros], *o que se aproveita da Industria dun Asno Garañón e regúlanlle (...) oitocentos Reais de vellón ao ano; José do Pico, veciño da freguesía de San Mamede de Momán, o que leva en arrendamento as cinco partes do Décimo pertencentes a Pedro Troncoso e José Illán, e nisto regúlanlle queda con (...) Cen Reais de vellón; Gregorio Romeu, veciño de Santa Baia de Burgás, o que leva en arrendamento a parte dos Correspondentes ao Ilustrísimo Cabido da Santa Igrexa de Lugo, e nisto gaña cincuenta Reais vellón; Antonio de Castro, cura párroco de Santa María de Gondaísque* [actual concello de Vilalba], *quen leva en arrendamento a parte de Décimos pertencentes á dignidade do Arquidiácono Montenegro na santa Igrexa Catedral da Cidade de Mondoñedo, e regúlanlle gaña (...) máis dun ferrado do froito que neles pode recoller un real de vellón.*

Mención aparte teñen aqueles veciños que posúen un muíño fariñeiro, polo cal se lles estima un beneficio anual de cincuenta reais de vellón. No caso que nos ocupa, están Juan Antonio Yáñez, dono dun muíño sito no lugar de Xemaré, e Antonio da Pena, propietario dun muíño localizado no lugar de Papeiro, ambos cunha *moa dunha roda e auga corrente cinco meses do ano* (Ensenada 1752: 2252-2253).

Logo están os *arrieiros*, aqueles persoeiros que se dedican ao transporte de mercancías duns lugares a outros mediante o emprego de animais de carga (Ensenada 1752: 2257- 2258):

---

20 No Censo de Aranda, os datos correspondentes a Santa Baia de Burgás aparecen recollidos xunto cos de San Miguel de Candamil, sumando entre ambas freguesías un total de trescentos setenta e un veciños, dos que cento noventa e un (52%) son homes e cento oitenta (48%) son mulleres (Aranda 1768: VI, 24).

21 No presente, esta proporción varía, pois dos cento setenta e sete empadroamentos que rexistra a actual parroquia, noventa (51%) son homes e oitenta e sete (49%) son mulleres. Instituto Nacional de Estatística: *Poboación do Padrón Continuo por Unidade de Poboación*, a 1 de xaneiro de 2021 (última actualización).


Solteiría
30
25
20
15
10
5
0
< 7 anos
7-16 anos
16-25
25-40
40-50
> 50
Home
Muller


Matrimonio
25
20
15
10
5
0
< 7 anos
7-16 anos
16-25
25-40
40-50
> 50
Home
Muller


Viuvez
8
7
6
5
4
3
2
1
0
< 7 anos
7-16 anos
16-25
25-40
40-50
> 50
Home
Muller

| Nome | Ocupación | Tempo (meses) | Salario (reais vellón) |
|---|---|---|---|
| Juan Preto | Carpinteiro | 6 | 549 |
| Pedro Martínez | Carpinteiro | 2 | 183 |
| Francisco Preto | Carpinteiro + Curtidor | 1 | 90 + 130 |
| Rosendo Guerra | Carpinteiro | 6 | 549 |
| Pedro Guerra | Xastre | 3 | 274 |
| Pedro Campelo | Xastre | 4 | 366 |
| Ángel Preto | Xastre | 4 | 366 |
| Antonio de la Iglesia | Xastre | 6 | 549 |
| Antonia López | Tecedora | 3 | 64 |
| Magdalena López | Tecedora | 3 | 64 |
| Andrea Díaz | Tecedora | 3 | 64 |
| María González | Tecedora | 3 | 64 |
| Urbana Rodríguez | Tecedora | 3 | 64 |
| Antonia González | Tecedora | 3 | 64 |
| Agustín Preto | Zapateiro + Curtidor | 6 | 549 + 130 |
| Luis Fernández | Zapateiro | 8 | 642 |
| Juan do Barro | Zapateiro | 1 | 90 |
| Antonio do Barro | Zapateiro + Curtidor | 6 | 549 + 130 |
| Gerónimo Romeu | Curtidor | - | 1.320 |
| Gregorio Romeu | Curtidor | - | 200 |

*Na devandita freguesía (...) só hai Juan Vázquez Mordomo pedáneo* [alcalde] *dela, (...) e lle regulan gaña vinte reais vellón, o mesmo polo oficio de arrieiro en que se ocupa con tres cabalerías no carrexo de Ribeiro e (... ) no que se ocupa seis meses do ano e neles lle regulan gaña setecentos noventa e dous Reais vellón. Domingo Fraguas, Caetano Preto, Antonio González e Gregorio Ramil, os que tamén se ocupan no exercicio de Arrieiros, seis meses do ano cada un con tres cabalerías, a excepción do Gregorio que só o fai con dúas, e a este regúlanlle gaña cincocentos Reais, e a cada un dos máis setecentos sesenta Reais de vellón.*

Tamén están aqueles veciños que posúen colmeas, coas que obteñen mel e cera para autoconsumo e comercio, e polas que se lles estima un beneficio anual de tres reais de vellón por cada unha delas (Ensenada 1752: 2255):

| Nº colmeas | Nome | Beneficio (reais vellón) |
|---|---|---|
| 1 | Andrea González | 3 |
| | Pablo Guerra | |
| | Juan Purriños | |
| | Simón Ares | |
| 2 | Bruna Rodríguez | 6 |
| | Rosendo Guerra | |
| | Caetano Preto | |
| | Luis Preto | |
| | Pedro das ... | |
| | Pedro Purriños | |
| | Ángel Preto | |
| | Domingo de la Iglesia | |
| | Juan Vázquez | |
| 3 | Antonio do Barro | 9 |
| | Pedro Fernández | |
| | Pedro da Pena | |
| | Juan da Balsa | |
| | Domingo Fraguas | |
| | Juan Preto | |
| 4 | Juana ... | 12 |
| 5 | María Rodríguez | 15 |
| 8 | Pedro Martínez | 24 |

Por último, cómpre sinalar a existencia na freguesía de Burgás dun escribán e tamén dun pobre de solemnidade.

# Santa Mariña de Cabreiros

A antiga freguesía de Santa Mariña de Cabreiros, sita na histórica provincia de Betanzos, pertence ao señorío da Condesa de Lemos, Andrade e Vilalba, e é anexa e forma parte da xurisdición das Pontes de García Rodríguez baixo a xustiza dun xuíz ordinario (Floridablanca 1787: 4020-4021) e da diocese de Mondoñedo (Aranda 1768: VI, 126).

Nos seus termos inclúese un couto –San Martiño da Fraga– cuxa xurisdición corresponde ao mosteiro bieito de San Salvador de Vilanova de Lourenzá (Ensenada 1752: 612-613).

> *A devandita freguesía terá de Levante a Poñente unha legua e oitavo, de norte a sur unha legua e de circunferencia dúas leguas e tres cuartos; que para camiñalas a paso regular ocuparanse cinco horas e media, en cuxa distancia vai incluída a que media co referido couto da fraga. (...) E o citado couto da fraga terá de Levante a Poñente un cuarto de legua, de norte a sur un oitavo, e de circunferencia tres cuartos de legua, incluída a distancia que media co termo da freguesía de Cabreiros; que para camiñala (...) ocúpase hora e media.*

Dos seus vinte quilómetros cadrados de superficie (VV.AA. 2003: 10), están destinados a terras de sementeira case nove quilómetros cadrados –8'77 km$^2$– (44%), o equivalente a *dezaseis mil setecentos ferrados.* O tipo de terra máis abundante é o de montes baixos abertos comúns, seguido do de labradío –primeiro o referido a fincas que precisan o descanso dun ano e logo aquelas fincas que se traballan todo o ano–, sendo o centeo *areoso* e a herba os cereais máis cultivados, e as coles, as verduras máis comúns nas hortas (Ensenada 1752: 616).

| Tipo de terra | Calidade da terra | Nº de ferrados | Metros cadrados |
|---|---|---|---|
| *Hortas* | Primeira | 8 | 4.200 |
| | Segunda | 2 | 1.050 |
| | Terceira | 0 | 0 |
| *Labradío contínuo* | Primeira | 310 | 162.750 |
| | Segunda | 70 | 36.750 |
| | Terceira | 20 | 10.500 |
| *Labradío con descanso anual* | Primeira | 310 | 162.750 |
| | Segunda | 770 | 404.250 |
| | Terceira | 720 | 378.000 |
| *Prados de regadío* | Primeira | 2 | 1.050 |
| | Segunda | 4 | 2.100 |
| | Terceira | 4 | 2.100 |
| *Prados de sequeiro* | Primeira | 100 | 52.500 |
| | Segunda | 60 | 31.500 |
| | Terceira | 20 | 10.500 |
| *Chousas (paso de gando)* | Primeira | 550 | 288.750 |
| | Segunda | 160 | 84.000 |
| | Terceira | 100 | 52.500 |
| *Pastos de particulares* | Primeira | 50 | 26.250 |
| | Segunda | 20 | 10.500 |
| | Terceira | 20 | 10.500 |
| *Montes baixos abertos* | Primeira | 1.730 | 908.250 |
| | Segunda | 1.700 | 892.500 |
| | Terceira | 1.170 | 614.250 |



Estas terras e os seus froitos están suxeitos ao pago duns determinados impostos (Ensenada 1752: 617-618):

> *Sobre as terras do citado termo págase de dez e non por razón de Décimo, o mesmo de carne salgada, de porcos, la, cordeiros, manteiga, mel e cera en bruto, á excepción dos que pagan os dez veciños do couto da fraga, que o fan ao dito Mosteiro de Lourenzá e este ao cura dálle vinte e catro ferrados de centeo cada ano pola administración dos santos sacramentos aos devanditos dez veciños. Tamén percibe o Arquidiácono Montenegro (...) os décimos que producen as terras do Igrexario labrándoas o cura polos seus criados.*
>
> *Asemade están impostos sobre todas as do termo dous reais vellón que anualmente paga cada veciño casado á confraría do Santísimo Sacramento, incluída na parroquia da dita freguesía, e os viúvos e viúvas á Real e á da nosa señora do Rosario o mesmo. Tamén paga cada veciño casado e viúvas un ferrado de centeo, e as viúvas a medio cada ano ao dito Arquidiácono Montenegro e aos seus arrendatarios no seu nome por razón de Voto.*
>
> *E non hai na devandita freguesía e couto primicias, terzos, terzas, nin outros dereitos máis dos aquí contidos.*

E igualmente (Ensenada 1752: 621):

> *Os veciños da referida freguesía (...) pagan ao por servizo ordinario e extraordinario na Tesouraría de Rendas Provinciais da cidade de Betanzos cincuenta e nove reais e vinte e oito marabedís, e os do couto da fraga (...) pagan polo expresado efecto na Tesouraría das mesmas rendas na cidade de Lugo sete reais e vinte marabedís.*[22]

Ademais, están as propiedades reais, ás que, obviamente, non lles afectan as anteditas rendas xerais nin provinciais; senón que están suxeitas aos seus propios tributos (Ensenada 1752: 627):

> *Na devandita freguesía (...) hai un viveiro real ou pasto novo no sitio do Rego do castro, sementeiro de dez ferrados de centeo, está pechado cun valado (...); e no dito couto da fraga* [hai] *outro viveiro ou pasto tamén novo no sitio da Chousa do Rego, sementeiro de trinta ferrados de centeo, pechado con valado.*

Pero non tódolos veciños rexistrados nestas terras deben pagar estes impostos; algúns están exentos de facelo, como por exemplo o cura párroco Pedro Romero (Ensenada 1752: 626), o sancristán e catro mordomos de confrarías, os dous traballadores do Real Servizo, o funcionario da Real Facenda e o cruzado (Aranda 1768: VI, 126).

Por outra banda, en canto ás vivendas (Ensenada 1752: 623):

> *Na devandita freguesía hai trinta e nove casas habitables, incluída a parroquial na que vive o cura; e no couto da fraga once casas, incluída a que serve de Cárcere, e ningunha arruinada sen que polo seu fondo ou establecemento do solo paguen cousa algunha ao dono Xurisdicional nin a outra persoa.*

22 O capítulo vinte e sete, referido ao servizo ordinario e extraordinario, continúa así: *Este dereito como os máis con que contribúen separadamente en ambas tesourerías constan de testemuños que o Xuíz da Xurisdición das Pontes e o do couto da fraga entregan ao Señor Subdelegado teñen entendido que con devanditas contribucións están os veciños bastantemente recargados porque os seus causais van a menos dende que algúns anos desta parte por carestías de froitos e outros accidentes.*

Estas edificacións poden ser ocupadas por unha ou varias familias. No caso de Cabreiros, son *corenta veciños e cinco viúvas, e no couto da fraga, incluída nela, dez veciños e unha viúva* (Ensenada 1752: 623); é dicir, hai douscentos corenta e cinco habitantes (Aranda 1768: VI, 126),[23] dos que cento vinte e tres (50%) son homes e cento vinte e dúas (50%) son mulleres.[24]







23 No Censo de Floridablanca non aparecen recollidos os datos correspondentes a Santa Mariña de Cabreiros, polo que a correspondente información para realizar a oportuna estimación sobre o número de viúvos e viúvas nesta antiga parroquia durante o século XVIII resulta limitada.

24 No presente, esta proporción mantense practicamente constante, pois dos douscentos vinte e oito empadroamentos que rexistra a actual parroquia, cento trece (49%) son homes e cento quince (51%) son mulleres. Instituto Nacional de Estatística: *Poboación do Padrón Continuo por Unidade de Poboación*, a 1 de xaneiro de 2021 (última actualización).




Entre as ocupacións máis comúns nesta freguesía, destaca a de labrador, claro reflexo do carácter agrícola deste territorio. Con todo, adóitase compatibilizar esta actividade co exercicio doutros traballos, denominados *artes mecánicas*, durante varios meses ao ano (Ensenada 1752: 625-626):

| Nome | Ocupación | Tempo (meses) | Salario (reais vellón) |
|---|---|---|---|
| Francisco López | Zapateiro + Curtidor | - | 200 |
| Juan López | Zapateiro | - | 130 |
| Lorenzo do Souto | Curtidor | - | 200 |
| Juan Prieto | Zapateiro + Curtidor | - | 700 |
| Juan Bermúdez | Curtidor | - | 200 |
| Lorenzo Prieto | Xastre | - | 120 |
| Juan da Hermida | Torneiro | - | 150 |
| Roque Fernández | Torneiro | - | 130 |
| Manuela Fernández | Tecedeira | - | 30 |
| Mª Antonia Bermúdez | Tecedeira | - | 50 |
| Dominga Ramos | Tecedeira | - | 70 |
| Ana María López | Tecedeira | - | 70 |

Mención aparte merecen aqueles veciños que posúen un muíño fariñeiro. Dionisio Ramos –xunto con outros veciños consortes– é propietario dun muíño sito no lugar de Cabreiros que moe *cunha moa e auga corrente* seis meses ao ano, recibindo un beneficio anual estimado de sesenta reais; Juan Ledo –e consortes– posúe un muíño localizado no sitio de Chancelos que traballa cinco meses e co que obtén uns cincuenta reais anuais; Pedro Silva –e consortes– é dono dun muíño sito ao carón do rego da Sanguiñeira, que moe seis meses ao ano e co que gaña anualmente uns setenta e cinco reais; e Antonio Bermúdez –e consortes– posúe un muíño en Leboré que moe catro meses ao ano, recibindo un beneficio anual de aproximadamente trinta reais (Ensenada 1752: 619).

| Nº colmeas | Nome | Beneficio (reais vellón) |
|---|---|---|
| 1 | Lorenzo Riveira | 5 |
| | Francisco Palmas | |
| | Francisco Paz | |
| | Lorenzo Prieto | |
| | Pedro da Silva | |
| 2 | Juan Prieto | 10 |
| | Dionisio Ramos | |
| | Sebastián Romeu | |
| | Manuel Prieto | |
| | Juan López | |
| 3 | Caetano Bañobre | 15 |
| | Pedro Ramos | |
| | Juan Ledo | |
| | Lorenzo do Souto | |
| 4 | Pedro de Otero | 20 |
| 5 | Jacobo Bañobre | 25 |
| | Antonio do Souto | |
| 6 | Francisco Prieto | 30 |
| | Pedro da Pena | |
| 7 | Juan Antonio Romeu | 35 |
| | Juan López | |
| | Juan da Hermida | |
| 8 | Juan Carballeira | 40 |
| | Antonio Bermúdez | |
| 9 | Juan Cabaleiro | 45 |
| | Julián Prieto | |
| 10 | Blas do Rego | 50 |
| | Vicente da Insua | |
| | Domingo Fernández | |
| 12 | Salvador Romeu | 60 |
| | Juan Gato | |
| 14 | Pedro Romero | 70 |
| 18 | Juan Bermúdez | 90 |
| 29 | Baltasar Prieto | 145 |
| 36 | Domingo Ramos | 180 |

Ademais están aqueles veciños que posúen colmeas –en concreto, duascentas sesenta e cinco unidades rexistradas na freguesía de Cabreiros–, coas que obteñen mel e cera para autoconsumo e comercio, e polas que se lles estima un beneficio anual de cinco reais de vellón por cada unha delas, correspondendo catro reais á produción de cera e un á de mel (Ensenada 1752: 621-622).

Logo están aqueles veciños que se dedican a profesións máis variadas (Ensenada 1752: 625):

> *Na devandita freguesía hai un escribán Real chamado Fernando Martínez, a quen lle regulan pola utilidade do seu oficio mil cen reais; a Salvador Romeu, arrieiro con catro mulas e un cabalo, mil cen reais, e pola utilidade do comercio que ten en coiros ao pelo e curtidos dous mil reais; a Dionisio Ramos, arrieiro con dúas mulas e un cabalo, seiscentos reais; e ao Xuíz do citado couto da fraga (...) dez reais; e ao da referida freguesía de Cabreiros e Xurisdición das Pontes.*

Por último, cómpre sinalar a existencia na freguesía de Cabreiros de tres pobres de solemnidade: Juana Ramos, Benita López e Dominga Piñeiro.

# San Miguel de Candamil

A antiga freguesía de San Miguel de Candamil, sita na histórica provincia de Lugo, pertence ao señorío da Condesa de Lemos, Andrade e Vilalba, e forma parte da xurisdición –de señorío secular– de Vilalba baixo a xustiza dun xuíz ordinario (Floridablanca 1787: 4022- 4023) e da diocese de Mondoñedo (Aranda 1768: VI, 124).

En canto aos seus límites e lindeiros (Ensenada 1752: 2663):

> *A devandita freguesía terá de distancia de Levante a Poñente un cuarto de legua, de Norte a Sur outro cuarto de legua, e de circunferencia unha legua que para camiñala ocuparase hora e media. Linda por Levante coa freguesía de Santo André de Lousada, por Poñente coa de Santa Baia de Burgás, polo Norte coa de Santa Mariña de Cabreiros e polo Sur coa de San Martiño de Codesido* [actual concello de Vilalba].

Dos seus dez quilómetros cadrados de superficie (VV.AA. 2003: 11), están destinados a terras de sementeira un total de 1'58 km$^2$ (16%), o equivalente a *tres mil ferrados.* O tipo de terra máis abundante é o de montes baixos abertos; non obstante, cómpre salientar a existencia de carballeiras de primeira calidade.

Por outra banda, os cereais máis cultivados nesta freguesía son o centeo, o trigo e o millo miúdo; e nas hortas, as verduras máis comúns son as coles (Ensenada 1752: 2266). Asemade, destacan

as maceiras, que se atopan plantadas *sen orde algunha, dispersas* ás *marxes das terras e estendidas polas mesmas* (Ensenada 1752: 2664-2665).

| Tipo de terra | Calidade da terra | Nº de ferrados | Metros cadrados |
|---|---|---|---|
| *Hortas* | Primeira | 1 | 525 |
| | Segunda | 1 | 525 |
| | Terceira | 1 | 525 |
| *Labradío* | Primeira | 46 | 24.150 |
| | Segunda | 100 | 52.500 |
| | Terceira | 400 | 210.000 |
| *Prados de regadío* | Primeira | 3 | 1.575 |
| | Segunda | 2 | 1.050 |
| | Terceira | 3 | 1.575 |
| *Prados de sequeiro* | Primeira | 16 | 8.400 |
| | Segunda | 6 | 3.150 |
| | Terceira | 8 | 4.200 |
| *Carballeiras* | Primeira | 8 | 4.200 |
| | Segunda | 0 | 0 |
| | Terceira | 0 | 0 |
| *Montes altos de leña* | Primeira | 2 | 1.050 |
| | Segunda | 0 | 0 |
| | Terceira | 0 | 0 |
| *Montes baixos cerrados* | Primeira | 16 | 8.400 |
| | Segunda | 40 | 21.000 |
| | Terceira | 50 | 26.250 |
| *Montes baixos abertos* | Primeira | 100 | 52.500 |
| | Segunda | 400 | 210.000 |
| | Terceira | 1.000 | 525.000 |
| *Terra inútil* | Non procede | 767 | 402.675 |

Estas terras e os seus froitos están suxeitos ao pago duns determinados impostos (Ensenada 1752: 2667-2668):

> *De tódolos froitos que na devandita freguesía se collen, págase o Décimo de cada dez un o que percibe nesta maneira: o cura párroco a metade deles; Antonio Zavala, dono e veciño do couto de San Martiño de Codesido* [actual concello de Vilalba] *as tres partes dun cuarto, e a outra parte do cuarto a Francisca Bermúdez, veciña da cidade de Betanzos, e o outro cuarto ao Señor Conde de Amarante; asemade, pagan entre os veciños da devandita freguesía* á (...) condesa de Lemos *trinta e oito ferrados de centeo anualmente, por Razón de voto; tamén pagan cada Cabeza de Casa, tanto o marido como a muller, un real de vellón á Confraría do*




*Santísimo Sacramento anualmente, e á Confraría da nosa Señora o mesmo, e o Décimo (...) do Igrexario percíbeno separadamente por metade entre o Curo Párroco e a Dignidade do Arquidiácono Montenegro na Santa Igrexa de Mondoñedo.*

E igualmente (Ensenada 1752: 2674):

*Os veciños da devandita freguesía pagan á Súa Maxestade anualmente por Razón de servizo ordinario e extraordinario Cincuenta e sete Reais de vellón e dezasete reais de vellón* [respectivamente]; *tamén pagan á Súa Maxestade por razón de utensilios corenta e seis Reais de vellón, aínda que nisto non hai regra fixa por ser uns anos máis e outros menos, e todo en virtude de Comparto que se lles fai pola Cidade de Lugo, como Cabeza de Provincia e resulta dos Recibos que exhiben.*

En canto a se hai algún outro tipo de tributo (Ensenada 1752: 2673):

*Os veciños da devandita freguesía só desfrutan os dereitos de alcabala foránea dos forasteiros, que soen vender dentro dela algúns bens raíces os que por un quinquenio importaron anualmente dezaoito Reais vellón, sen que para a súa percepción teñan máis privilexio nin concesión que o de encontrarse encabezada coa Tesouraría de Rendas Provinciais da Cidade de Lugo.*

Logo están as propiedades reais, ás que –obviamente– non lles afectan as anteditas rendas xerais nin provinciais, senón que están suxeitas aos seus propios tributos (Ensenada 1752: 2677):

*Na devandita freguesía (...) hai un pasto no lugar do río Caldo, fai seis ferrados de primeira Calidade, está murado de sobre si.*

Pero non tódolos veciños rexistrados nestas terras deben pagar estes impostos; algúns están exentos de facelo, como por exemplo o cura párroco –*que lles administra os Santos Sacramentos, e que tamén o é da freguesía de Santa Baia de Burgás*–, dous clérigos (Ensenada 1752: 2677), o sancristán (Aranda 1768: VI, 124), e un home con foro militar (Floridablanca 1787: 4176).

En canto ao conxunto que forman *as casas, os camiños e os muros,* este ocupa un total de *trinta ferrados* do termo de Candamil, é dicir, uns quince mil setecentos cincuenta metros cadrados (Ensenada 1752: 2673):

*Na devandita freguesía hai vinte e catro casas, das cales se encontra unha arruinada, sen que polo seu fondo ou establecemento do solo se pague cousa algunha ao Dono Xurisdicional nin a ningunha outra persoa.*

Estas vivendas poden ser habitadas por unha ou varias familias de número variable de membros, e no caso que nos ocupa, supoñen un total de *vinte e seis veciños* (Ensenada 1752: 2673), ou cento vinte e dous habitantes (Floridablanca 1787: 4072),[25] dos que corenta e nove (40%) son homes e setenta e tres (60%) son mulleres.[26]







25 No Censo de Aranda, os datos correspondentes a San Miguel de Candamil aparecen recollidos xunto cos de Santa Baia de Burgás, sumando entre ambas freguesías un total de trescentos setenta e un veciños, dos que cento noventa e un (52%) son homes e cento oitenta (48%) son mulleres (Aranda 1768:VI, 24).

26 No presente, esta tendencia mantense pero diminúe a proporción, pois dos setenta e nove empadroamentos que rexistra a actual parroquia, trinta e sete (47%) son homes e corenta e dous (53%) son mulleres. Instituto Nacional de Estatística: *Poboación do Padrón Continuo por Unidade de Poboación*, a 1 de xaneiro de 2021 (última actualización).




Entre as ocupacións máis comúns nesta freguesía, destaca a de labrador (Floridablanca 1787: 4176), claro reflexo do carácter agrícola desta antiga parroquia. Con todo, sóese compatibilizar esta actividade co exercicio doutros traballos, denominados *artes mecánicas*, durante varios meses ao ano (Ensenada 1752: 2675-2676).

| Nome | Ocupación | Tempo (meses) | Salario (reais vellón) |
|---|---|---|---|
| Bernardo Damil | Carpinteiro | 3 | 276 |
| Ciprián Preto | Carpinteiro | 3 | 276 |
| Gerónimo Gómez | Ferreiro + Curtidor | 3 | 300 + 198 |
| Urbano de Guizán | Ferreiro | 3 | 276 |
| Juan Ledo | Curtidor | - | 198 |
| Antonio da Iglesia | Curtidor | - | 80 |
| Ciprián Vello | Curtidor | - | 80 |
| Antonio do Souto | Zapateiro + Curtidor | 4 | 366 + 176 |
| Antonia Piñeira | Tecedora | 6 | 129 |
| María Preto | Tecedora | 6 | 129 |

Logo hai outros veciños que combinan os cultivos das terras con outras ocupacións máis singulares (Ensenada 1752: 2675):

> *Na devandita freguesía (...) só hai Antonio Preto, que ademais de empregarse no exercicio de labrador faino tamén no de arrieiro con dúas cabalerías, as que lle regulan de utilidade Catrocentos Cincuenta Reais de Vellón; e Gabriel Antonio González, o que co tabaco que vende apesillado e farao de doce libras de tabaco no ano, e nelas regulan que lle quedan de utilidade vinte e catro Reais de vellón.*

Mención aparte merecen aqueles veciños que posúen un muíño fariñeiro. No caso que nos ocupa, hai dous exemplares que traballan cunha *moa dunha roda e auga corrente catro meses do ano.* Trátase do de Antonio Vázquez –veciño doutra freguesía–, sito no lugar de Pena; e do de Gerónimo Gómez, localizado no lugar de Porto Salgueiro. Ao primeiro estímaselle un beneficio anual de corenta reais de vellón, e ao segundo só trinta e seis. Ademais, rexístranse outros dous muíños en estado de ruína: un pertencente a Pedro Pardo –veciño de Viveiro– e sito tamén no lugar de Porto Salgueiro, polo que se chegase a moer obteríanse uns corenta reais anuais; e outro, propiedade de Antonio Salgueiro, localizado onda a presa das fragas e polo que se conseguirían uns beneficios estimados de trinta reais de vellón ao ano (Ensenada 1752: 2669).

Por outra banda, hai veciños que posúen colmeas, coas que obteñen mel e cera para autoconsumo e comercio. Na freguesía de Candamil constan oitenta e tres unidades rexistradas, e estímaselles un beneficio anual de catro reais de vellón a cada unha (Ensenada 1752: 2672).

| Nº colmeas | Nome | Beneficio (reais vellón) |
|---|---|---|
| 1 | Gabriel Antonio González | 4 |
| | Marina López | |
| 2 | Alejandro Seco | 8 |
| | Gerónimo Gómez | |
| | Juan da Pena | |
| | Domingo do Rego | |
| | Juan Antonio Ledo | |
| 3 | Ciprián Bello | 12 |
| | Gregorio Bermúdez | |
| | Ciprián Preto | |
| | María Preto | |
| 5 | Antonio de la Iglesia | 20 |
| | Antonio Vázquez | |
| | Francisco do Souto | |
| 6 | Gregorio Bermúdez | 24 |
| | Domingo de Castro | |
| 22 | Antonio Salgueiro | 88 |

Logo están aqueles individuos que se encargan da xestión dos arrendamentos para outros (Ensenada 1752: 2676):

> *Na devandita freguesía (...): Juan Vázquez, veciño de Santa Baia de Burgás, o que leva en arrendamento a cuarta parte dun cuarto dos Décimos correspondentes a Francisca Bermúdez, veciña da cidade de Betanzos, ao que por esta razón lle regulan gaña vinte e dous reais; Juan da Peña, veciño da devandita freguesía de (...) Candamil, o que leva en arrendamento a cuarta parte dos Décimos correspondentes ao Señor Conde de Amarante, e por esta razón lle regulan gaña sesenta Reais de vellón; Juan Antonio de Castro, Cura Párroco da Freguesía de Santa María de Gondaísque* [actual concello de Vilalba], *quen leva en arrendamento a metade dos Décimos pertencentes á dignidade do Arquidiácono Montenegro dos bens do Igrexario, e por esta razón regulan lle quedan de utilidade seis reais de vellón.*

Por último, cómpre sinalar a existencia na freguesía de Candamil dun único *pobre que vive de esmola.*

# San Xulián de Cazás

A antiga freguesía de San Xulián de Cazás, sita na histórica provincia de Lugo, pertence ao señorío da Condesa de Lemos, Andrade e Vilalba (Floridablanca 1787: 4024-4025), e forma parte da xurisdición –de señorío secular– de Vilalba baixo a xustiza dun xuíz ordinario e da diocese de Mondoñedo (Aranda 1768: VI, 130).

En canto aos seus límites e lindeiros (Ensenada 1752: 3528-3529):

> *A devandita freguesía terá de distancia de Levante a Poñente unha legua, de Norte a Sur media legua, e de circunferencia dúas leguas e media; que para camiñala ocuparanse catro horas. Linda por Levante coa freguesía de Santa María Maior de Tardade* [actual concello de Vilalba], *por Poñente coa de San Pedro de Buriz* [actual concello de Gutiriz], *polo Norte coa de San Martiño de Codesido, e polo Sur coa de San Martiño de Belesar* [ambas no actual concello de Vilalba].

Dos seus máis de vinte quilómetros cadrados –20'60 km²– de superficie (VV.AA. 2003: 12), están destinados a terras de sementeira un total de 7'33 km² (36%), o equivalente a *trece mil novecentos cincuenta e oito ferrados.* O tipo de terra máis abundante é o de montes baixos abertos, seguido das fincas de labradío, onde o centeo e o millo miúdo son os cereais máis cultivados (Ensenada 1752: 3531). Destacan as maceiras, que se atopan plantadas *sen orde algunha, dispersas* ás *marxes das terras e estendidas polas mesmas* (Ensenada 1752: 3530).

| Tipo de terra | Calidade da terra | Nº de ferrados | Metros cadrados |
|---|---|---|---|
| *Hortas* | Primeira | 2 | 1.050 |
| | Segunda | 4 | 3.100 |
| | Terceira | 6 | 4.150 |
| *Labradío* | Primeira | 100 | 52.500 |
| | Segunda | 600 | 415.000 |
| | Terceira | 3.500 | 1.837.500 |
| *Prados de regadío* | Primeira | 4 | 3.100 |
| | Segunda | 16 | 8.400 |
| | Terceira | 26 | 13.650 |
| *Prados de sequeiro* | Primeira | 10 | 5.250 |
| | Segunda | 20 | 10.500 |
| | Terceira | 100 | 52.500 |
| *Carballeiras* | Primeira | 20 | 10.500 |
| | Segunda | 40 | 21.000 |
| | Terceira | 60 | 31.500 |
| *Montes altos de leña* | Primeira | 20 | 10.500 |
| | Segunda | 30 | 15.750 |
| | Terceira | 50 | 26.250 |
| *Montes baixos cerrados* | Primeira | 50 | 26.250 |
| | Segunda | 200 | 105.000 |
| | Terceira | 300 | 157.500 |
| *Montes baixos abertos* | Primeira | 100 | 52.500 |
| | Segunda | 2.000 | 1.050.000 |
| | Terceira | 5.000 | 2.625.000 |
| *Terra inútil* | Non procede | 1.500 | 787.500 |



Estas terras e os seus froitos están suxeitos ao pago duns determinados impostos (Ensenada 1752: 3533-3534):

> *De tódolos froitos que na devandita freguesía se collen, págase o Décimo de cada dez un o que perciben nesta maneira: o Cura Párroco da dita freguesía leva un cuarto e medio doutro; José de Lérez, veciño da Cidade de Betanzos, unha cuarta parte; Diego Bermúdez, un octavo e medio; Francisco Bermúdez y Luaces, veciño da Cidade de Mondoñedo, unha décimo sexta parte e media doutra; Antonio Vilariño, veciño da dita freguesía, unha cuarta parte dunha décimo sexta e media doutra; Juan Vázquez, Presbítero da dita freguesía, os tres cuartos doutras partes dunha e dezaseis sería parte e media doutra; Rosendo Cordal, cura Párroco de San Vicenzo dos Vilares de Parga* [actual concello de Guitiriz], *un oitavo das tres cuartas partes dunha* décimo sexta *parte e media doutra; Jacobo Crespo, veciño de Santa Baia de Burgás o mesmo. Tamén pagan os veciños da devandita freguesía á (...) condesa de Lemos por razón de Voto cento trinta e un ferrados de centeo anualmente; tamén pagan entre marido e muller á confraría do Santísimo Sacramento, dous ferrados de centeo anualmente; e á confraría da Nosa Señora do Rosario outros dous Reais de Vellón entre marido e muller; e entre o Cura Párroco da mesma Freguesía e a dignidade do Arquidiácono Montenegro na Santa (...) Cátedra da Cidade de Mondoñedo perciben de por metade o décimo correspondente* ás *terras.*

E igualmente (Ensenada 1752: 3540-3541):

> *Os veciños da devandita freguesía pagan á Súa Maxestade anualmente por razón de servizo ordinario e extraordinario cento cincuenta e nove Reais Vellón (...); asemade pagan á Súa Maxestade por razón de utensilios cen Reais de Vellón, aínda que canto a isto uns anos son máis e outros menos, segundo un e outro resulta dos recibos que exhiben, en virtude de comparto que se lles fai pola Cidade de Lugo como cabeza de Provincia.*

En canto a se hai algún outro tipo de tributo (Ensenada 1752: 3540):

> *Os veciños da devandita freguesía desfrutan os dereitos en que se soe arrendar unha taberna que se atopa no sitio nomeado Malla Fariña, que importa corenta Reais; tamén desfrutan os* [dereitos] *en que se soe arrendar a Alcabala Foránea que importaran cincuenta Reais Vellón anualmente, sen que para a percepción teñan máis Privilexio que o de atoparse encabezados coa tesouraría de Rendas Provinciais da Cidade de Lugo.*

Mención aparte merecen as propiedades reais, as cales se atopan suxeitas aos seus propios tributos (Ensenada 1752: 3543):

> *A Súa Maxestade nesta freguesía (...) só ten un prado no sitio da Fonte do Seixo, fai sete ferrados de primeira Calidade, murados; e medio ferrado de viveiro no sitio da Fonte, de primeira calidade, murado.*

Non obstante, non tódolos veciños rexistrados nestas terras deben pagar estes impostos; algúns están exentos de facelo, como por exemplo o cura párroco –*que lles administra os Santos Sacramentos*–, dous eclesiásticos –un deles chamado Juan Vázquez– (Ensenada 1752: 3543), un fabricario, dous homes vinculados ao Servizo Real, dous funcionarios da Real Facenda, un cruzado (Aranda 1768: VI, 130) e dous homes con foro militar (Floridablanca 1787: 4179).

Por outra banda, un total de *douscentos ferrados* do termo, é dicir, máis de cen mil metros cadrados, ocúpanos *as casas, os camiños e os muros* (Ensenada 1752: 3540):

*Na devandita freguesía hai oitenta casas habitables e tres arruinadas, sen que polo seu fondo ou establecemento do solo se pague cousa algunha ao Dono Xurisdicional nin a ningunha outra persoa.*

Estas vivendas adoitan estar ocupadas por unha ou varias familias, polo que o seu conxunto se traduce, no caso de Cazás, nun total de *oitenta e oito veciños* (Ensenada 1752: 3540) ou trescentos cincuenta e seis habitantes (Floridablanca 1787: 4077),[27] dos que cento setenta e sete (49%) son homes e cento setenta e nove (51%) son mulleres.[28]







27 No Censo de Aranda, aparecen rexistrados un total de trescentos cincuenta e dous habitantes, dos que cento noventa e tres (55%) son homes e cento cincuenta e nove (45%) son mulleres (Aranda 1768:VI, 130).

28 No presente, esta proporción invértese, pois dos douscentos dezaseis empadroamentos que rexistra a actual parroquia, cento once (51%) son homes e cento cinco (49%) son mulleres. Instituto Nacional de Estatística: *Poboación do Padrón Continuo por Unidade de Poboación*, a 1 de xaneiro de 2021 (última actualización).




Entre as ocupacións máis comúns nesta freguesía, destaca a de labrador, rexistrándose ata sesenta e seis homes (Floridablanca 1787: 4179), claro reflexo do carácter agrícola deste territorio.

Con todo, sóese compatibilizar esta actividade co exercicio doutros traballos, denominados *artes mecánicas*, durante varios meses ao ano (Ensenada 1752: 3542):

| Nome | Ocupación | Tempo (meses) | Salario (reais vellón) |
|---|---|---|---|
| Lucas de Cazás | Carpinteiro | 4 | 366 |
| Juan do Souto | Xastre | 5 | 380 |
| Lorenzo Fernández | Xastre | 2 | 150 |
| Pedro Blanco | Ferreiro | 3 | 270 |
| Domingo Blanco | Ferreiro | 3 | 270 |
| Domingo Fernández | Zapateiro | 2 | 152 |
| Rosendo do Souto | Zapateiro | 2 | 152 |
| Dominga Fernández | Tecedora | 3 | 92 |
| Francisca Vázquez | Tecedora | 3 | 92 |

Por outra banda, hai persoas que obteñen certas ganancias mediante a xestión de diversos arrendamentos (Ensenada 1752: 3512-3513):

> *Na devandita freguesía (...) só hai Santiago do Barro, quen leva en arrendamento a taberna da dita Freguesía e por esta razón lle regulan gaña cento cincuenta Reais vellón; Juan Antonio*

> *de Castro, cura Párroco da freguesía de Santiago de Boizán* [actual concello de Vilalba], *quen leva en Arrendamento a metade dos décimos correspondentes á dignidade do Arquidiácono Montenegro, a quen por esta razón lle regulan gaña tres Reais vellón.*

Logo están aquelas persoas ocupadas no comercio de determinadas materias e/ou obxectos singulares, así como os arrieiros, encargados do transporte de todo tipo de mercancías mediante animais de carga (Ensenada 1752: 3541):

> *Na devandita freguesía (...) só hai (...) Manuel de Ansede, arrieiro, quen neste exercicio ocúpase con catro cabalerías no carrexo de viño do Ribeiro e beneficia neste País vinte semanas no ano, polo que lle regulan queda de utilidade oitocentos oitenta Reais de Vellón; Fernando Piñeiro, quen se ocupa en vender tabaco por menor apesillado, e o fará de vinte e catro libras ao ano, e por elas lle regulan gaña corenta e oito Reais Vellón.*

Mención aparte merecen aqueles veciños que posúen un muíño fariñeiro. No caso da freguesía de San Xulián de Cazás, hai rexistrados un total de dez unidades *que moen cunha roda e auga corrente.* A maiores está o exemplar pertencente a Antonio Valariño, sito no lugar de Pena Corbal, que *moe con dúas rodas e auga corrente*, e polo que se lle estima un beneficio anual de douscentos corenta reais de vellón (Ensenada 1752: 3535- 3536):

| Nome | Situación | Tempo (meses) | Salario (reais vellón) |
|---|---|---|---|
| Bartolomé Cazón | Tascas | 5 | 120 |
| Francisco de Carballido | Sanjul | 5 | 120 |
| Francisco Yáñez | Carpizos | 6 | 150 |
| Nicolás Morado | Rego da Lousa | 4 | 30 |
| Carlos Pardo | Capeirón | 4 | 30 |
| Francisco González | A Forca | arruinado | *30* |
| Alejandro Nieto | Rego do Sapo | arruinado | *30* |
| Francisco Folgueira | Reguengo | 6 | 50 |
| Juan Vázquez | Reguengo de Abaixo | arruinado | *40* |
| Juan do Pico | Silvelas | 5 | 40 |

Ademais están aqueles veciños que posúen colmeas, coas que obteñen mel e cera para autoconsumo e comercio, e polas que se lles estima un beneficio anual de tres reais de vellón por cada unha delas (Ensenada 1752: 3539):

| Nº colmeas | Nome | Beneficio (reais vellón) |
|---|---|---|
| 1 | Agustín de Cordal | 3 |
| | Jacinto do Souto | |
| | Juan Morado | |
| | Bartolomé Martínez | |
| | Gerónimo González | |
| 2 | Andrés dos Vilares | 6 |
| | Francisco dos Vilares | |
| | Bartolomé Novo | |
| 3 | Juan do Pico | 9 |
| | José de Cordal | |
| | Domingo Pardo | |
| | Lorenza Alonso | |
| 4 | Pedro Vázquez | 12 |
| | Silvestre Fernández | |
| | Pablo Purriños | |
| | Juan Cazón | |
| | Nicolás Morado | |
| 5 | Francisco de Castro | 15 |
| 6 | Francisco de Carballido | 18 |
| | Juan Novo | |
| 7 | Juan Vázquez | 21 |
| | Marcelo de Castro | |
| 10 | Alejandro Nieto | 30 |
| 12 | Bartolomé da Pena | 36 |
| 14 | Bartolomé Martínez | 42 |
| | Antonio do Campo | |
| 15 | Jorge dos Vilares | 45 |

Por último, cómpre sinalar a Bartolomé Vázquez, mordomo pedáneo da freguesía de SanXulián de Cazás, por cuxo desempeño se lle estima un beneficio anual de quince reais de vellón (Ensenada 1752: 3541).

# Santo André de Lousada

A antiga freguesía de Santo André de Lousada, sita na histórica provincia de Lugo, pertence ao señorío de Antonio Vicente de España y Luna –veciño da cidade da Coruña– (Ensenada 1752: 8152), e forma parte da xurisdición –de señorío secular– de Lea [actual concello de Castro Ribeiras de Lea] (Floridablanca 1787: 4032-4033) baixo a xustiza dun xuíz ordinario e da diocese de Mondoñedo (Aranda 1768: VI, 159).

Nos seus termos inclúense os coutos de Lousada e de Ameixido. A xurisdición do primeiro corresponde tamén a Antonio Vicente de España y Luna; e a do segundo á Marquesa de San Sadurniño (Ensenada 1752: 8152).

> *A devandita freguesía terá cos seus dous coutos de distancia de Levante a Poñente os tres cuartos dunha legua, de Norte a Sur media e de circunferencia dúas leguas; que para camiñalas ocuparanse cinco horas. Linda por Levante coa freguesía de San Mamede de Vilapedre* [actual concello de Vilalba], *por Poñente coa freguesía e couto de San Pedro Fiz de Roupar, polo Norte coa de Santa María de Burgo, Xurisdición de Muras, polo Sur coa de San Pedro de Santaballa, Xurisdición de Vilalba*.

Dos seus máis de trinta e un quilómetros cadrados –31'20 km$^2$– de superficie (VV.AA. 2003: 14), están destinados a terras de sementeira un total de 4'25 km$^2$ (14%), o equivalente a *oito mil noventa e oito ferrados.* O tipo de terra máis abundante é o dos montes inútiles, seguido do de montes baixos

abertos. En canto aos cultivos, o máis común é o centeo, e nas hortas, as coles (Ensenada 1752: 8154-8155).

| Tipo de terra | Calidade da terra | Nº de ferrados | Metros cadrados |
|---|---|---|---|
| *Hortas* | Primeira | 2 | 1.050 |
| | Segunda | 4 | 2.100 |
| | Terceira | 12 | 6.300 |
| *Labradío* | Primeira | 12 | 6.300 |
| | Segunda | 200 | 105.000 |
| | Terceira | 1.200 | 630.000 |
| *Prados de regadío* | Primeira | 6 | 3.150 |
| | Segunda | 12 | 6.300 |
| | Terceira | 20 | 10.500 |
| *Prados de sequeiro* | Primeira | 24 | 12.600 |
| | Segunda | 30 | 15.750 |
| | Terceira | 60 | 31.500 |
| *Carballeiras* | Primeira | 4 | 2.100 |
| | Segunda | 10 | 5.250 |
| | Terceira | 200 | 105.000 |
| *Montes altos de leña* | Primeira | 6 | 3.150 |
| | Segunda | 20 | 10.500 |
| | Terceira | 200 | 105.500 |
| *Montes baixos cerrados* | Primeira | 12 | 6.300 |
| | Segunda | 24 | 12.600 |
| | Terceira | 100 | 52.500 |
| *Montes baixos abertos* | Primeira | 40 | 21.000 |
| | Segunda | 100 | 52.500 |
| | Terceira | 2.000 | 1.050.000 |
| *Terra inútil* | Non procede | 3.500 | 1.837.500 |




Estas terras e os seus froitos están suxeitos ao pago duns determinados impostos (Ensenada 1752: 8157):

> *De tódolos froitos que na devandita freguesía se collen, págase o Décimo, o que percibe enteiramente o Cura Párroco desta freguesía: asemade pagan entre todos os seus veciños, e ambos coutos, á dignidade do Arquidiácono Montenegro na Santa Igrexa da Cidade de Mondoñedo por razón de Voto cen ferrados de centeo anualmente repartidos entre todos eles nesta maneira: o que ten Bois de seu dous ferrados e o que os ten anexos un ferrado, as viúvas (...) un ferrado; tamén pagan á confraría do Santísimo Sacramento entre marido e muller dous reais, e á da nosa señora do Rosario o mesmo e todo de obriga forzosa anualmente.*

E igualmente (Ensenada 1752: 8164):

> *Os veciños da devandita freguesía pagan á Súa Maxestade por razón de servizo ordinario e extraordinario noventa e nove reais e trinta e dezasete marabedís de vellón anualmente, asemade pagan á Súa Maxestade por razón de utensilios noventa e nove reais, e trinta marabedís de vellón en cada ano, aínda que en canto a isto uns anos son máis e outros menos, e todo en virtude de comparto que se lles fai pola Cidade de Lugo como cabeza de Provincia.*

En canto a se hai algún outro tipo de tributo (Ensenada 1752: 8161):

> *Os veciños da devandita freguesía, e os seus coutos, desfrutan enteiramente os dereitos en que se soen arrendar dúas tabernas que se encontran unha no sito da Casanova e outra no do Porto da Fraga, as que importan corenta e cinco Reais de vellón anualmente; tamén desfrutan os da Alcabala foránea que por un quinquenio importan anualmente vinte Reais de vellón, sen que para a percepción dun ou outro teñan máis privilexio nin concesión, que o de atoparse encabezada coa tesouraría de Rendas Provinciais da Cidade de Lugo.*

E no caso dos veciños dos coutos de Lousada e Ameixido (Ensenada 1752: 8152):

> *Os veciños deste couto de Lousada pagan por razón de Señorío vinte e nove reais e Catorce marabedís de vellón anualmente, e o couto de Ameixido é de Señorío da Señora Marquesa de San Sadurniño, e por esta razón lle pagan os veciños corenta e dous Reais de Vellón, e ademais*

> *disto por razón de Lutuosa morrendo o marido primeiro que a muller a mellor laxa de Gando ou peza de catro pés, e o mesmo despois pola muller viúva (...), que tódolos dereitos por razón de Lutuosa lle importan por un quinquenio anualmente cincuenta reais de Vellón.*

Por outra banda, están as propiedades reais, as cales se atopan suxeitas aos seus propios tributos (Ensenada 1752: 8167-8168):

> *A Súa Maxestade nesta freguesía (...) só ten unha Carballeira no lugar das Folias, fai trinta ferrados de primeira Calidade, murados.*
>
> *Medio ferrado de Viveiro de primeira Calidade no sitio do Furco, murado.*

Pero non tódolos veciños rexistrados nestas terras deben pagar estes impostos; algúns están exentos de facelo, como por exemplo o cura párroco, os dous homes ao Servizo Real e un á Real Facenda (Aranda 1768: VI, 159); tamén o fidalgo e os dous homes vinculados ao foro militar (Floridablanca 1787: 4193).

Por outra banda, un total de *trescentos ferrados* do termo, é dicir, uns cento cincuenta e sete mil cincocentos metros cadrados, ocúpanos *as casas, os camiños e os muros* (Ensenada 1752: 8155, 8160):

> *Na devandita freguesía , e nos seus dous coutos, hai Cincuenta e cinco casas habitables, e dúas arruinadas, sen que polo seu fondo ou establecemento do solo se pague cousa algunha ao Dono Xurisdicional.*

Estas edificacións poden ser ocupadas por unha ou varias familias. No caso de Lousada e dos seus coutos –Lousada e Ameixido– son un total de *cincuenta e oito veciños* (Ensenada 1752: 8160) ou trescentos dezaoito habitantes (Aranda 1768: VI, 159),[29] dos que cento sesenta e dous (51%) son homes e cento cincuenta e seis (49%) son mulleres.[30]

Entre as ocupacións máis comúns nesta freguesía, destaca a de labrador, rexistrándose ata oitenta e cinco homes –claro reflexo do carácter agrícola deste territorio–, así como un total de dezasete xornaleiros –que gañan dous reais de vellón– (Floridablanca 1787: 4193). Con todo, sóese compatibilizar o cultivo da terra co exercicio doutros traballos, denominados *artes mecánicas,* durante varios meses ao ano (Ensenada 1752: 8165-8167):

29 No Censo de Floridablanca non aparecen recollidos os datos correspondentes a Santo André de Lousada, polo que a correspondente información para realizar a oportuna estimación sobre o número de viúvos e viúvas nesta antiga parroquia durante o século XVIII resulta limitada.

30 No presente, esta proporción invértese, pois dos cento corenta empadroamentos que rexistra a actual parroquia, sesenta e oito (49%) son homes e setenta e dúas (51%) son mulleres. Instituto Nacional de Estatística: *Poboación do Padrón Continuo por Unidade de Poboación*, a 1 de xaneiro de 2021 (última actualización).


Solteiría
45
40
35
30
25
20
15
10
5
0
< 7 anos
7-16 anos
16-25
25-40
40-50
> 50
Home
Muller


Matrimonio
25
20
15
10
5
0
< 7 anos
7-16 anos
16-25
25-40
40-50
> 50
Home
Muller

| Nome | Ocupación | Tempo (meses) | Salario (reais vellón) |
|---|---|---|---|
| Antonio López | Ferreiro | 3 | 270 |
| José López | Ferreiro | 2 | 180 |
| Gerónimo Villar | Ferreiro | 0 | 0 |
| Lucas de Pontes | Zapateiro + Curtidor | 2 | 150 + 80 |
| Antonio de Pontes | Zapateiro + Curtidor | 3 | 270 + 80 |
| Frutuoso de Pontes | Zapateiro + Curtidor | 0 | 0 |
| Andrés Pernas | Curtidor | - | 60 |
| Pedro de Carballido | Curtidor | - | 60 |
| Juan Gómez de Teixido | Curtidor | - | 60 |
| Antonio da Balsa | Zapateiro | 1 | 75 |
| Ignacio da Hermida | Curtidor | - | 80 |
| Francisco do Souto | Curtidor | - | 60 |
| Lucas Pernas | Zapateiro + Curtidor | 0 | 0 |
| Bernardo García | Zapateiro + Curtidor | 4 | 300 + 75 |
| Antonio García | Zapateiro | - | 200 |
| Inocencio García | Zapateiro + Curtidor | 0 | 0 |
| Pedro García | Zapateiro | 1 | 75 |
| Mateo Blanco | Curtidor | - | 75 |
| Gregorio Blanco | Zapateiro | 3 | 227 |
| Luisa Pardo | Tecedora | 2 | 30 |

Por outra banda, hai individuos que obteñen certas ganancias mediante a xestión de diversos arrendamentos. E tamén hai persoas que dispoñen de certos materiais, que –ou ben en beneficio do seu propio oficio ou ben para a subministración de outros– manexan a posibilidade de facer algún tipo de comercio máis alá da venda (Ensenada 1752: 8167):

> *Nesta freguesía hai Francisco do Souto, quen leva en arrendamentos as tabernas desta freguesía, e nisto regúlanlle que gaña sesenta reais de Vellón; Gerónimo García, pola utilidade que lle queda en venderlle por menor acuartillado na taberna da Casanova se lle regulan en trinta reais; Dominga Fernández, viúva a que lle vende acuartillado, e nisto regúlanlle que lle quede*

*desta utilidade vinte reais de Vellón, a mesma por dezaoito libras de tabaco, que vende por menor apesillado na mesma taberna do Porto da Fraga, regúlana en trinta e seis reais de vellón.*

Mención aparte merecen aqueles veciños que posúen un muíño fariñeiro. Na freguesía de Lousada e nos seus dous coutos hai rexistrados un total de once unidades *que moen cunha roda e auga corrente*, ademais de catro batáns para a la da terra (Ensenada 1752: 8158- 8160):

| Nome | Situación | Tempo (meses) | Salario (reais vellón) |
|---|---|---|---|
| Antonio de Ramil | Folgoso | 2 | 34 |
| Juan Díaz Montenegro | Furco de Abaixo | 2 | 34 |
| Francisco Blanco | Porto | 2 | 34 |
| Pedro de Carballido | ... | 2 | 34 |
| Antonio Gómez | Batán | 2 | 34 |
| Francisco do Souto | Muíño Novo | 3 | 44 |
| Juan Gómez | Muíño Novo | 2 | 34 |
| Antonio Cabaleiro | A Veiga | 2 | 34 |
| | ... | arruinado | *30* |
| Antonio do Barro | Porto | arruinado | *34* |
| | Teixido | arruinado | *30* |

| Nome | Situación | Tempo (meses) | Salario (reais vellón) |
|---|---|---|---|
| Antonio de Ramil | Folgoso de Arriba | - | 125 |
| Francisco do Souto | Muíño Novo | - | 50 |
| Domingo Remudo | Folgoso | - | 125 |
| | Breixo | - | 100 |

Logo están aquelas persoas que posúen colmeas, coas que obteñen mel e cera para autoconsumo e comercio. Na freguesía de Lousada e os seus dous coutos constan douscentos vinte e oito exemplares, e estímaselles un beneficio anual de cinco reais de vellón a cada un (Ensenada 1752: 8162-8163).

| Nº colmeas | Nome | Beneficio (reais vellón) |
|---|---|---|
| 1 | María Fernández Sanjurjo | 5 |
| | Domingo de Outeiro | |
| | Domingo Silva | |
| | Domingo do Barro | |
| | Alonso de Otero | |
| 2 | Antonio de Ramil | 10 |
| | Lucas de Puentes | |
| | Pedro de Carballido | |
| | Antonio da Balsa | |
| | Andrés Pernas | |
| | Ignacio da Hermida | |
| | Cayetano do Barro | |
| | Dominga González | |
| | Pedro da Ribeira | |
| | Diego do Souto | |
| 3 | Ignacio García | 15 |
| | Pedro García | |
| | Juan Blanco | |
| | Gerónimo dos Villares | |
| | Antonio López | |
| | Domingo García | |
| | Rosendo do Souto | |
| | Antonio do Barro | |
| | Ángel Blanco | |
| | Gerónimo García | |
| | Fernando Romeu | |
| | Francisco da Hermida | |
| | Francisco do Souto | |

| Nº colmeas | Nome | Beneficio (reais vellón) |
|---|---|---|
| 4 | Manuel Rodríguez | 20 |
| | Juan Gómez | |
| | Pedro Gómez | |
| | Fernando Pernas | |
| | Antonio Gómez do Corno | |
| | Domingo Remudo | |
| | Andrés do Carballal | |
| | Antonio López | |
| | Juan Gómez | |
| | José López | |
| 5 | Francisco Blanco | 25 |
| 6 | Santiago do Chao | 30 |
| | Mateo Blanco | |
| | Juan Gómez | |
| | Diego do Barro | |
| | Francisco do Souto | |
| 9 | Lucas Francisco de Orosa | 45 |
| | Juan da Insua | |
| | Dionisio González | |
| 10 | Fructuoso de las Puentes | 50 |
| 11 | Nicolás da Fraga | 55 |
| 12 | Domingo do Souto | 60 |
| 15 | Pedro Maceda | 75 |
| 18 | Domingo de Ladra | 90 |

Por último, cómpre salientar a existencia na freguesía de Lousada dun xuíz –Lucas Francisco de Ojosa–, a quen lle estima que gaña anualmente por esta razón cincuenta reais de vellón (Ensenada 1752: 8165), e de dous criados.

# San Pedro de Miraz

A antiga freguesía de San Pedro de Miraz –San Pedro de Piñeiro de Miraz–, sita na histórica provincia de Lugo, pertence ao señorío da Condesa de Lemos, Andrade e Vilalba (Floridablanca 1787: 4034-4035), e forma parte da xurisdición –de señorío secular– de Vilalba baixo a xustiza dun xuíz ordinario e da diocese de Mondoñedo (Aranda 1768: VI, 181).

En canto aos seus límites e lindeiros (Ensenada 1752: 12338):

> *A devandita freguesía terá de distancia de Levante a Poñente a décima parte dunha legua, de Norte a Sur a oitava parte e de circunferencia media legua; que para camiñala ocuparanse os tres cuartos dunha hora. Linda por Levante coa freguesía de Santa María de Cabreiros, por Poñente coa de San Martiño de Piñeiro, polo Norte coa de Santa María do Aparral* [actual concello das Pontes de García Rodríguez] *e polo Sur coa de San Mamede de Momán*.

Dos seus máis de seis quilómetros cadrados –6'20 km$^2$– de superficie (VV.AA. 2003: 16), están destinados a terras de sementeira un total de 2'99 km$^2$ (48%), o equivalente a *cinco mil setecentos ferrados.* O tipo de terra máis abundante é o de montes baixos abertos. En canto aos cereais, os máis cultivados son o centeo e o trigo; e respecto das hortas, as verduras máis comúns son as coles (Ensenada 1752: 12340). Destacan as maceiras, que se atopan plantadas *sen orde algunha, dispersas* ás *marxes das terras e estendidas polas mesmas* (Ensenada 1752: 12339).

| Tipo de terra | Calidade da terra | Nº de ferrados | Metros cadrados |
|---|---|---|---|
| *Hortas* | Primeira | 5 | 2.625 |
| | Segunda | 0 | 0 |
| | Terceira | 0 | 0 |
| *Labradío* | Primeira | 26 | 13.650 |
| | Segunda | 145 | 76.125 |
| | Terceira | 472 | 247.800 |
| *Prados de regadío* | Primeira | 10 | 5.250 |
| | Segunda | 0 | 0 |
| | Terceira | 0 | 0 |
| *Prados de sequeiro* | Primeira | 88 | 46.200 |
| | Segunda | 63 | 33.075 |
| | Terceira | 9 | 4.725 |
| *Carballeiras* | Primeira | 8 | 4.200 |
| | Segunda | 0 | 0 |
| | Terceira | 0 | 0 |
| *Montes altos de leña* | Primeira | 663 | 348.075 |
| | Segunda | 9 | 4.725 |
| | Terceira | 0 | 0 |
| *Montes baixos cerrados* | Primeira | 19 | 0 |
| | Segunda | 8 | 4.200 |
| | Terceira | 13 | 6.825 |
| *Montes baixos abertos* | Primeira | 1.062 | 557.550 |
| | Segunda | 1.072 | 562.800 |
| | Terceira | 780 | 409.500 |
| *Terra inútil* | Non procede | 1.270 | 666.750 |



Estas terras e os seus froitos están suxeitos ao pago duns determinados impostos (Ensenada 1752: 12343):

> *De tódolos froitos que na devandita freguesía se collen, págase o Décimo o que percibe enteiramente, o cura Párroco da dita freguesía; asemade, pagan cada un dos veciños dous ferrados de centeo anualmente por razón de Voto e as viúvas un ferrado á Confraría do Santísimo Sacramento un Real, e á da Nosa Señora outro Real de vellón cada veciño anualmente; e do que é voto da dignidade do Arquidiácono Montenegro na Santa Igrexa de Mondoñedo.*

E igualmente (Ensenada 1752: 12348):

> *Os veciños da devandita freguesía pagan anualmente á Súa Maxestade por razón de servizo ordinario e extraordinario trinta e seis Reais Vellón, tamén pagan á Súa Maxestade por razón de utensilios vinte e un Reais de Vellón anualmente, segundo resulta dos Recibos que exhiben en virtude de comparto que se lles fai pola Cidade de Lugo como Cabeza de Provincia*.

En canto a se hai algún outro tipo de tributo (Ensenada 1752: 12348):

> *Os veciños da dita freguesía só desfrutan os dereitos de Alcabala Foránea dos Forasteiros, que soen vender algúns bens raíces dentro dela, os que por un quinquenio importaron anualmente catro Reais vellón, sen que para a súa percepción teñan máis privilexio nin concesión que o de encontrarse encabezados coa Tesouraría de Rendas Provinciais da Cidade de Lugo.*

Non obstante, non tódolos veciños rexistrados nestas terras deben pagar estes impostos; algúns están exentos de facelo, como por exemplo o cura párroco *–que lles administra os santos Sacramentos–*, dous eclesiásticos: un fabricario e un mordomo de confrarías; un funcionario da Real Facenda e un cruzado (Aranda 1768: VI, 181), ademais dos tres empregados con soldo real (Floridablanca 1787: 4197).

Por outra banda, un total de *cincuenta ferrados* do termo, é dicir, vinte e seis mil douscentos cincuenta metros cadrados, ocúpanos *as casas, os camiños e os muros* (Ensenada 1752: 12347):

> *Na devandita freguesía hai dezasete casas, das cales é unha arruinada, sen que polo seu fondo ou establecemento do solo se pague cousa algunha ao Dono Xurisdicional nin a ningunha outra persoa.*

Estas edificacións están ocupadas por un total de *dezanove veciños* (Ensenada 1752: 12347) ou noventa e nove habitantes (Floridablanca 1787: 4113),[31] dos que corenta e seis (46%) son homes e cincuenta e tres (54%) son mulleres.[32]

31 No Censo de Aranda, os datos correspondentes a San Pedro de Miraz aparecen recollidos xunto cos de San Martiño de Piñeiro, sumando entre ambas freguesías un total de douscentos setenta e tres veciños, dos que cento trece (41%) son homes e cento sesenta (59%) son mulleres (Aranda 1768: VI, 181).

32 No presente, esta tendencia mantense pero diminúe a proporción, pois dos corenta e dous empadroamentos que rexistra a actual parroquia, vinte (48%) son homes e vinte e dúas (52%) son mulleres. Instituto Nacional de Estatística: *Poboación do Padrón Continuo por Unidade de Poboación*, a 1 de xaneiro de 2021 (última actualización).










Entre as ocupacións máis comúns nesta freguesía, destaca a de labrador (Floridablanca 1787: 4197).

Logo hai veciños que posúen colmeas, coas que obteñen mel e cera para autoconsumo e comercio, e polas que se lles estima un beneficio anual de catro reais de vellón por cada unha delas (Ensenada 1752: 12346-12347).

| Nº colmeas | Nome | Beneficio (reais vellón) |
|---|---|---|
| 1 | Ciprián da Pena | 4 |
| | Antonio da Pena | |
| | Marcos da Pena | |
| 2 | Juan Copeiro | 8 |
| | Blas da Pena | |
| | Antonio da Pena | |
| 3 | Nicolás de Agras | 12 |
| | Andrés Amarelo | |
| 4 | Felipe Bermúdez | 16 |
| | Pedro Paz | |
| 5 | Antonio Guerreiro | 20 |
| | Manuel López | |
| 6 | Isabel López | 24 |
| | Domingo da Pena | |
| | Juan da Pena | |
| 8 | Juan López | 32 |
| | Gregorio López | |
| | Felipe da Pena | |
| 16 | Caetano do Souto | 64 |

Mención especial merecen aqueles individuos que posúen un muíño fariñeiro. No caso que nos ocupa, hai rexistrados catro exemplares *que moen cunha roda e auga corrente* (Ensenada 1752: 12343-12344):

| Nome | Situación | Tempo (meses) | Salario (reais vellón) |
|---|---|---|---|
| Caetano do Souto | O Souto | 5 | 40 |
| Domingo da Pena | A Pena | 4 | 30 |
| Juan da Pena | A Carballeira | 4 | 30 |
| Inocencio de Amarelo | A Fervenza | 3 | 24 |

Por último, cómpre sinalar a existencia nesta freguesía de Miraz de *dous pobres que viven de esmolas* (Ensenada 1752: 12349).

# San Mamede de Momán

A antiga freguesía de San Mamede de Momán, sita na histórica provincia de Lugo, pertence ao señorío da Condesa de Lemos, Andrade e Vilalba (Floridablanca 1787: 4036-4037), e forma parte da xurisdición –de señorío secular– de Vilalba baixo a xustiza dun xuíz ordinario e da diocese de Mondoñedo (Aranda 1768: VI, 165).

En canto aos seus límites e lindeiros (Ensenada 1752: 9529):

> *A devandita freguesía terá de distancia de Levante a Poñente un cuarto de legua, de Norte a Sur media legua, e de circunferencia unha legua e cuarto; que para camiñala (...) ocuparanse tres horas. Linda por Levante coa freguesía de Santa María de Xermade, por Poñente coa de Santa María de Labrada, Xurisdición do Imperial mosteiro de Santa María de Monfero, orde de San Bernardo, polo Norte coa de San Pedro de Miraz, e polo sur coa de San Xulián de Cazás*.

Dos seus máis de vinte e un quilómetros cadrados –21'20 km$^2$– de superficie (VV.AA. 2003: 17), están destinados a terras de sementeira un total de 3'11 km$^2$ (15%), o equivalente a *cinco mil novecentos vinte ferrados.* O tipo de terra máis abundante é o de montes baixos abertos. En canto aos cereais, o centeo, o trigo e o millo miúdo son os máis cultivados, e as coles son as verduras máis comúns nas hortas (Ensenada 1752: 9531- 9532). Destacan as maceiras, que se atopan plantadas *sen orde algunha, dispersas* ás *marxes das terras e estendidas polas mesmas* (Ensenada 1752: 9531).

| Tipo de terra | Calidade da terra | Nº de ferrados | Metros cadrados |
|---|---|---|---|
| *Hortas* | Primeira | 2 | 1.050 |
| | Segunda | 2 | 1.050 |
| | Terceira | 4 | 2.100 |
| *Labradío* | Primeira | 50 | 26.250 |
| | Segunda | 460 | 241.500 |
| | Terceira | 470 | 246.750 |
| *Prados de sequeiro* | Primeira | 4 | 2.100 |
| | Segunda | 10 | 5.250 |
| | Terceira | 20 | 10.500 |
| *Carballeiras* | Primeira | 10 | 5.250 |
| | Segunda | 20 | 10.500 |
| | Terceira | 30 | 15.750 |
| *Montes altos de leña* | Primeira | 20 | 10.500 |
| | Segunda | 30 | 15.750 |
| | Terceira | 40 | 21.000 |
| *Montes baixos cerrados* | Primeira | 40 | 21.000 |
| | Segunda | 60 | 31.500 |
| | Terceira | 80 | 42.000 |
| *Montes baixos abertos* | Primeira | 100 | 52.500 |
| | Segunda | 1.000 | 525.000 |
| | Terceira | 2.420 | 1.270.500 |
| *Terra inútil* | Non procede | 1.000 | 525.000 |



Estas terras e os seus froitos están suxeitos ao pago duns determinados impostos (Ensenada 1752: 9534-9535):

> *De tódolos froitos que na devandita freguesía se collen, págase de cada dez un, o que levan de por metade entre o Cura Párroco da dita freguesía e o Ilustrísimo Cabido da Cidade de Lugo, a excepción do pertencente a sete veciños, que do destes leva a metade o mosteiro de Santa María de Monfero, orde de san Bernardo; tamén pagan por razón de Voto á dignidade do Arquidiácono Montenegro na Santa Igrexa da Cidade de Mondoñedo os casados a dous ferrados de centeo e as viúvas e solteiros un ferrado anualmente; e a metade dos Décimos* ás *terras do Igrexario e a outra metade ao Ilustrísimo Cabido da Santa Igrexa de Lugo á confraría do Santísimo Sacramento cada veciño un real e outro á da nosa señora do Rosario de obriga forzosa todo anualmente.*

E igualmente (Ensenada 1752: 9541):

> *Os veciños da devandita freguesía pagan anualmente á Súa Maxestade por razón de servizo ordinario e extraordinario oitenta e cinco Reais e vinte e seis marabedís; tamén pagan* á *Súa Maxestade por razón de utensilios oitenta e tres Reais anualmente, segundo resulta dos Recibos que exhiben, e en virtude de Comparto que se lles fai pola Cidade de Lugo como Cabeza de Provincia*.

En canto a se hai algún outro tipo de tributo (Ensenada 1752: 9541):

> *Os veciños da devandita freguesía só desfrutan os dereitos de Alcabala Foránea dos forasteiros, que soen vender algúns bens Raíces dentro dela, os que por un quinquenio importaran anualmente seis Reais vellón, sen que para a súa percepción teñan máis privilexio nin concesión que o de atoparse encabezados coa Tesouraría de Rendas Provinciais da Cidade de Lugo.*

Por outra banda, están as propiedades reais, as cales se atopan suxeitas aos seus propios tributos (Ensenada 1752: 9544):

> *A Súa Maxestade nesta freguesía (...) só ten un prado no sitio de Fornelos, parte del atópase nesta freguesía e parte na de Santa María de Xermade; que todo son oito ferrados e medio de segunda Calidade, está murado de sobre si.*

Non obstante, non tódolos veciños rexistrados nestas terras deben pagar estes impostos; algúns están exentos de facelo, como por exemplo o cura párroco Benito do Pozo –que, paradoxalmente, *habita na freguesía de Santa María de Labrada* [actual concello de Guititiz] (Ensenada 1752: 9544)–, o sancristán, os tres eclesiásticos encargados de servizos relixiosos, os catro empregados no servizo das confrarías, o fidalgo, o home ao Servizo Real, o funcionario da Real Facenda, o cruzado e o traballador da Inquisición (Aranda 1768: VI, 165), ademais do capelán e os dous homes con foro militar (Floridablanca 1787: 4197).

Por outra banda, un total de *cincuenta e oito ferrados* do termo, é dicir, trinta mil catrocentos cincuenta metros cadrados, ocúpanos *as casas, os camiños e os muros* (Ensenada 1752: 9540):

> *Na devandita freguesía hai corenta e sete casas habitables e catro arruinadas, sen que polo seu fondo ou establecemento do solo se pague cousa algunha ao Dono Xurisdicional nin a ningunha outra persoa.*

Estas vivendas adoitan estar ocupadas por unha ou por varias familias, e no caso de San Mamede de Momán están habitadas por un total de *cincuenta e un veciños* (Ensenada 1752: 9540) ou trescentos setenta e tres habitantes (Floridablanca 1787: 4113),[33] dos que cento setenta e catro (47%) son homes e cento noventa e nove (53%) son mulleres.[34]







33 No Censo de Aranda, aparecen rexistrados un total de douscentos nove veciños, dos que cento oito (52%) son homes e cento unha (48%) son mulleres (Aranda 1768:VI, 165).

34 No presente, esta proporción cambia, pois dos douscentos empadroamentos que rexistra a actual parroquia, cen (50%) son homes e cen (50%) son mulleres. Instituto Nacional de Estatística: *Poboación do Padrón Continuo por Unidade de Poboación*, a 1 de xaneiro de 2021 (última actualización).




Entre as ocupacións máis comúns nesta freguesía, destaca a de labrador, rexistrándose ata cincuenta e tres homes (Floridablanca 1787: 4197), claro reflexo do carácter agrícola deste territorio. Con todo, sóese compatibilizar esta actividade co exercicio doutros traballos, denominados *artes mecánicas*, durante varios meses ao ano (Ensenada 1752: 9542-9543):

| Nome | Ocupación | Tempo (meses) | Salario (reais vellón) |
|---|---|---|---|
| Antonio Neto | Zapateiro + Curtidor | 3 | 270 + 45 |
| Pedro da Carballeira | Curtidor | - | 140 |
| Francisco Preto | Curtidor | - | 140 |
| Miguel Lorenzo | Curtidor | - | 140 |
| Nicolás do Souto | Curtidor | - | 140 |
| María Fernández | Tecedora | 4 | 80 |
| María Fernández | Tecedora | 4 | 80 |
| Andrea Rodríguez | Tecedora | 4 | 80 |

Mención aparte merecen aqueles veciños que posúen un muíño fariñeiro. Na freguesía de Momán hai rexistrados un total de seis unidades *que moen cunha roda e auga corrente,* atopándose un deles arruinado (Ensenada 1752: 9535-9536):

| Nome | Situación | Tempo (meses) | Salario (reaisvellón) |
|---|---|---|---|
| Dominga Fernández e consortes | Ribeira de Zarrasín | 8 | 80 |
| Antonio Preto | Bidueira | 4 | 40 |
| Antonio Salgueiro e consortes | Cal de Ventoreira | 6 | 60 |
| Nicolás do Souto | Os Portos | 5 | 50 |
| Bernardo Paz | Pena do Corvo | 3 | 30 |
| Juan de Miraz | Porto Raíz | arruinado | *40* |

Logo están aquelas persoas que posúen colmeas, coas que obteñen mel e cera para autoconsumo e comercio. Na freguesía de Momán constan cento noventa e oito exemplares, e estímaselles un beneficio anual de catro reais de vellón a cada un (Ensenada 1752: 9539-9540):

| Nº colmeas | Nome | Beneficio (reais vellón) |
|---|---|---|
| 1 | Feliciana do Barro | 4 |
| | Jacinto Romeu | |
| | Francisco Martínez | |
| 2 | Julián González | 8 |
| | Leonardo do Pico | |
| | Juan Martínez | |
| | Antonio de Momán | |
| | Bernardo Paz | |
| 3 | Andrés Díaz | 12 |
| | Miguel Lorenzo | |
| | Martín Ares | |
| | Juan Gómez | |

| Nº colmeas | Nome | Beneficio (reais vellón) |
|---|---|---|
| 4 | Juan de Miraz | 16 |
| | Juan Rodríguez | |
| | Francisco González | |
| | Francisco Preto | |
| | Fernando Preto | |
| 5 | Dominga Fernández | 20 |
| 6 | Luis Vázquez | 24 |
| | Nicolás do Souto | |
| 7 | Alejo Bermúdez | 28 |
| | Andrés Vázquez | |
| | Pedro Porriños | |
| 8 | José de Purriños | 32 |
| | Antonio Carballo | |
| | Pedro da Carballeira | |
| 15 | Antonio Bermúdez | 60 |
| 20 | José González | 80 |
| 26 | Casiano Carballo | 104 |
| 30 | José do Pico | 120 |

Por outra banda, hai persoas que obteñen certas ganancias mediante a xestión de diversos arrendamentos (Ensenada 1752: 9543):

> *Na devandita freguesía (...), en canto aos Votos e metade dos décimos das terras do Igrexario pertencentes un e outro á Dignidade do Arquidiácono Montenegro na Santa Igrexa Catedral da Cidade de Mondoñedo, que leva en arrendamento Estevo da Fraga, veciño desta vila, ao que lle regulan gaña por esta razón cen Reais de Vellón; e polo que respecta aos outros* décimos *tocantes ao Ilustrísimo Cabido da Cidade de Lugo, que leva en arrendamento José Moscoso e Novoa, veciño da mesma Cidade, a quen por esta razón lle regulan gaña douscentos reais de vellón ao ano.*

Por último, cómpre sinalar a existencia dun mercador e manipulador de vendaxes de *pesillo,* Francisco Preto y Bouza, ao que se lle estima uns beneficios anuais de vinte e catro reais de vellón (Ensenada 1752: 9542), de dous criados (Floridablanca 1787: 4197) e dun *pobre que vive de esmolas* (Ensenada 1752: 9544).

# San Martiño de Piñeiro

A antiga freguesía de San Martiño de Piñeiro, sita na histórica provincia de Lugo, pertence ao señorío da Condesa de Lemos, Andrade e Vilalba (Floridablanca 1787: 4040-4041), e forma parte da xurisdición –de señorío secular– de Vilalba baixo a xustiza dun xuíz ordinario e da diocese de Mondoñedo (Aranda 1768: VI, 181).

En canto aos seus límites e lindeiros (Ensenada 1752: 12275-12276):

> *A devandita freguesía terá de distancia de Levante a Poñente a sexta parte dunha legua, de norte a sur media e de circunferencia unha legua e cuarto; que para camiñala (...) ocuparanse* dúas horas *e media. Linda por Levante coa freguesía de San Pedro de Miraz, por Poñente coa de Santa María de Xestoso, Xurisdición do Imperial mosteiro de Santa María de Monfero, orde de san Bernardo, polo norte coa de Santa María do Aparral* [actual concello das Pontes de García Rodríguez] *e polo sur coa de San Mamede de Momán*.

Dos seus case catorce quilómetros cadrados –13'70 km$^2$– de superficie (VV.AA. 2003: 18), están destinados a terras de sementeira un total de 4'41 km$^2$ (32%), o equivalente a *oito mil catrocentos ferrados.* O tipo de terra máis abundante é o de montes baixos abertos, seguido do de montes altos de leña. En canto aos cultivos, os cereais máis comúns son o centeo, o trigo e o millo miúdo; ademais das coles nas hortas (Ensenada 1752: 12278). Destacan as maceiras, que se atopan plantadas *sen orde algunha, dispersas* ás *marxes das terras e estendidas polas mesmas* (Ensenada 1752: 12277).

| Tipo de terra | Calidade da terra | Nº de ferrados | Metros cadrados |
|---|---|---|---|
| *Hortas* | Primeira | 11 | 5.775 |
| | Segunda | 0 | 0 |
| | Terceira | 0 | 0 |
| *Labradío* | Primeira | 100 | 52.500 |
| | Segunda | 150 | 78.750 |
| | Terceira | 436 | 228.900 |
| *Prados de regadío* | Primeira | 29 | 15.225 |
| | Segunda | 0 | 0 |
| | Terceira | 0 | 0 |
| *Prados de sequeiro* | Primeira | 9 | 4.725 |
| | Segunda | 45 | 23.625 |
| | Terceira | 44 | 23.100 |
| *Soutos* | Primeira | 1 | 525 |
| | Segunda | 2 | 1.050 |
| | Terceira | 0 | 0 |
| *Carballeiras* | Primeira | 93 | 48.825 |
| | Segunda | 50 | 26.250 |
| | Terceira | 140 | 73.500 |
| *Montes altos de leña* | Primeira | 698 | 366.450 |
| | Segunda | 363 | 190.575 |
| | Terceira | 206 | 108.150 |
| *Montes baixos cerrados* | Primeira | 27 | 14.175 |
| | Segunda | 24 | 12.600 |
| | Terceira | 22 | 11.550 |
| *Montes baixos abertos* | Primeira | 1.262 | 662.550 |
| | Segunda | 2.497 | 1.310.925 |
| | Terceira | 1.148 | 602.700 |
| *Terra inútil* | Non procede | 976 | 512.400 |




Estas terras e os seus froitos están suxeitos ao pago duns determinados impostos (Ensenada 1752: 12280-12281):

> *De tódolos froitos que na devandita freguesía se collen, págase o Décimo o que percibe enteiramente o cura párroco da mesma; asemade pagan por razón de Voto á dignidade do Arquidiácono Montenegro na Santa Igrexa de Mondoñedo cada un dos seus veciños dous ferrados de Centeo e as viúvas un ferrado anualmente á confraría do santísimo sacramento un real e outro á Confraría da nosa señora do Rosario obrigación forzosa anualmente.*

E igualmente (Ensenada 1752: 12286):

> *Os veciños da devandita freguesía pagan anualmente á Súa Maxestade por razón de servizo ordinario e extraordinario setenta Reais e doce marabedís Vellón anualmente; asemade pagan á Súa Maxestade por razón de utensilios anualmente setenta e seis reais e catro marabedís Vellón, segundo resulta dos Recibos que exhiben, en virtude de comparto que se lles fai pola cidade de Lugo como cabeza de provincia.*

En canto a se hai algún outro tipo de tributo (Ensenada 1752: 12285-12286):

> *Os veciños da devandita freguesía desfrutan enteiramente os dereitos en que se soe arrendar unha taberna que se atopa no sitio da Panda, os que importan anualmente quince reais de vellón; asemade perciben os dereitos de alcabala foránea que por un quinquenio importan anualmente oito reais de vellón, sen que para a percepción dun ou outro teñan máis título nin privilexio que o de atoparse encabezado coa tesouraría de Rendas provinciais da Cidade de Lugo.*

Pero non tódolos veciños rexistrados nestas terras deben pagar estes impostos; algúns están exentos de facelo, como por exemplo o cura párroco *–que lles administra os santos Sacramentos–*, dous eclesiásticos –un fabricario e un mordomo de confrarías–, tres homes vinculados ao Servizo

Real, un funcionario da Real Facenda, un cruzado (Aranda 1768: VI, 181), e a persoa ordenada a título de Patrimonio (Floridablanca 1787: 4205).

Por outra banda, un total de *setenta ferrados* do termo, é dicir, trinta e seis mil setecentos cincuenta metros cadrados, ocúpanos *as casas, as súa entradas, os camiños e os muros* (Ensenada 1752: 12285):

> *Na devandita freguesía hai trinta e catro casas habitables e cinco arruinadas, sen que polo seu fondo ou establecemento do solo se pague cousa algunha ao Dono Xurisdicional nin a ningunha outra persoa.*

Estas vivendas adoitan estar ocupadas por unha ou por varias familias, e no caso de San Martiño de Piñeiro dan acubillo a un total de *corenta e cinco veciños* (Ensenada 1752: 12285) ou cento setenta e oito habitantes (Floridablanca 1787: 4129),[35] dos que noventa e un (51%) son homes e oitenta e sete (49%) son mulleres.[36]




35 No Censo de Aranda, os datos correspondentes a San Martiño de Piñeiro aparecen recollidos xunto cos de San Pedro de Miraz, sumando entre ambas freguesías un total de douscentos setenta e tres veciños, dos que cento trece (41%) son homes e cento sesenta (59%) son mulleres (Aranda 1768: VI, 181).

36 No presente, esta proporción invértese, pois dos cento doce empadroamentos que rexistra a actual parroquia, cincuenta e cinco (49%) son homes e cincuenta e sete (51%) son mulleres. Instituto Nacional de Estatística: *Poboación do Padrón Continuo por Unidade de Poboación*, a 1 de xaneiro de 2021 (última actualización).







Entre as ocupacións máis comúns nesta freguesía, destaca a de labrador (Floridablanca 1787: 4205), claro reflexo do carácter agrícola deste territorio. Con todo, sóese compatibilizar esta actividade co exercicio doutros traballos, denominados *artes mecánicas,* durante varios meses ao ano (Ensenada 1752: 12287):

| Nome | Ocupación | Tempo (meses) | Salario (reais vellón) |
|---|---|---|---|
| Juan Bermúdez | Curtidor | - | 300 |
| Juan Ares | Ferreiro | 1 | 80 |
| Juana González | Tecedora | 6 | 84 |
| Ágata Fernández | Tecedora | 3 | 42 |

Por outra banda, hai individuos que obteñen certas ganancias mediante a xestión de diversos arrendamentos (Ensenada 1752: 12287-12288):

> *Na devandita freguesía (...) so hai Domingo Vidal, que leva en arrendamento a taberna da dita freguesía, a quen lle regulan gaña quince Reais Vellón ao ano; e Lucas de Orosa, veciño de Santo André de Lousada, quen leva en arrendamento os Votos e Décimos do Igrexario correspondente un e outro ao Arquidiácono Montenegro, e por esta razón lle regulan gaña nun e noutro cincuenta reais vellón ao ano.*

Mención aparte merecen aqueles veciños que posúen un muíño fariñeiro. Na freguesía de Piñeiro hai rexistrados un total de cinco unidades *que moen cunha roda e auga corrente* (Ensenada 1752: 12281-12282):

| Nome | Situación | Tempo (meses) | Salario (reaisvellón) |
|---|---|---|---|
| Juan Ares (1/3) e consortes | Bacariza | 6 | 54 |
| Antonio Preto e consortes | A Pena | 6 | 54 |
| Francisco da Carballeira | Sánchez | 4 | 40 |
| Jacinto Bermúdez (1/3) e consortes | Cerveira | 4 | 40 |
| José Vilariño | Cerqueiral | arruinado | *40* |

Logo están aquelas persoas que posúen colmeas, coas que obteñen mel e cera para autoconsumo e comercio, e polas que se lles estima un beneficio anual de tres reais de vellón por cada unha delas (Ensenada 1752: 12284-12285):

| Nº colmeas | Nome | Beneficio (reais vellón) |
|---|---|---|
| 1 | Domingo Carballo | 3 |
| 2 | Antonio Preto | 6 |
| | Ignacio Criado | |
| | José González | |
| | Diego Ramos | |
| | Santiago Bermúdez | |
| | Pedro Ares | |
| | Paula Freire | |
| | Pedro do Barro | |

| Nº colmeas | Nome | Beneficio (reais vellón) |
|---|---|---|
| 3 | Juan Ares | 9 |
| | Domingo Vidal | |
| | Pascual Carballo | |
| | Fernando Franco | |
| 4 | Antonio Preto | 12 |
| | Domingo de Agras | |
| | Urbano da Viña | |
| | Antonio do Monte | |
| 5 | Domingo Caveiro | 15 |
| 6 | Ciprián da Ribeira | 18 |
| 7 | Jacinto do Chao | 21 |
| 8 | Gregorio Guerra | 24 |
| | Jacinto Bermúdez | |
| 9 | Francisco da Carballeira | 27 |

Por último, cómpre sinalar a existencia dun mordomo pedáneo, Marcos da Pena, a quen se lle estima por esta razón uns beneficios anuais de trinta reais de vellón (Ensenada 1752: 12287); e de *dous pobres que viven de esmolas* (Ensenada 1752: 12288).

# San Pedro Fiz de Roupar

A antiga freguesía de San Pedro Fiz de Roupar e o seu couto homónimo, sitos na histórica provincia de Lugo, pertencen ao señorío da Condesa de Amarante (Floridablanca 1787: 4044- 4045), e forman parte da xurisdición –de señorío secular– de Fraga e Roupar, baixo a xustiza dun xuíz ordinario e da diocese de Mondoñedo (Aranda 1768: VI, 189).

En canto aos seus límites e lindeiros (Ensenada 1752: 14158):

> *O devandito couto e freguesía terá de distancia de Levante a Poñente os tres cuartos dunha legua, de Norte a Sur media e de circunferencia dúas leguas e media; que para camiñalas ocuparanse catro horas. Linda por Levante coa freguesía e couto de Santo André de Lousada, por Poñente coa freguesía de Santa María do Aparral* [actual concello das Pontes de García Rodríguez], *polo Norte coa de Santa María do Burgo* [actual concello de Muras], *e polo Sur coa de Santa Mariña de Cabreiros.*

Dos seus case dezanove quilómetros cadrados –18'70 km$^2$– de superficie (VV.AA. 2003: 19), están destinados a terras de sementeira un total de 4'05 km$^2$ (22%), o equivalente a *sete mil setecentos vinte e dous ferrados.* O tipo de terra máis abundante é o de montes baixos abertos, seguido do de labradío, onde o centeo e o trigo son os cereais máis cultivados, e as coles, as verduras máis comúns nas hortas (Ensenada 1752: 14161- 14162).

| Tipo de terra | Calidade da terra | Nº de ferrados | Metros cadrados |
|---|---|---|---|
| *Hortas* | Primeira | 2 | 1.050 |
| | Segunda | 8 | 4.200 |
| | Terceira | 12 | 6.300 |
| *Labradío* | Primeira | 30 | 15.750 |
| | Segunda | 800 | 420.000 |
| | Terceira | 1.600 | 840.000 |
| *Prados de regadío* | Primeira | 4 | 2.100 |
| | Segunda | 12 | 6.300 |
| | Terceira | 14 | 7.350 |
| *Prados de sequeiro* | Primeira | 12 | 6.300 |
| | Segunda | 20 | 10.500 |
| | Terceira | 60 | 31.500 |
| *Carballeiras* | Primeira | 4 | 2.100 |
| | Segunda | 12 | 6.300 |
| | Terceira | 20 | 10.500 |
| *Montes altos de leña* | Primeira | 40 | 21.000 |
| | Segunda | 60 | 31.500 |
| | Terceira | 130 | 68.250 |
| *Montes baixos cerrados* | Primeira | 60 | 31.500 |
| | Segunda | 100 | 52.500 |
| | Terceira | 140 | 73.500 |
| *Montes baixos abertos* | Primeira | 100 | 52.500 |
| | Segunda | 600 | 315.000 |
| | Terceira | 2.000 | 1.050.000 |
| *Terra inútil* | Non procede | 1.500 | 787.500 |



Estas terras e os seus froitos están suxeitos ao pago duns determinados impostos (Ensenada 1752: 14165-14166):

> *De tódolos froitos que na devandita freguesía se collen, págase o Décimo: o que percibe o Cura Párroco desta freguesía un terzo, isto é canto ao feixe, e enteiramente a la e o liño; e a metade doutras miudezas, e as outras* dúas *terzas do feixe as percibe o Mosteiro de Santa María de Meira, orde de san Bernardo, e a metade das miudezas; asemade, pagan cada un dos veciño que ten un par de bois de labranza seus propios á Dignidade do Arquidiácono Montenegro na Santa Igrexa da Cidade de Mondoñedo, dous ferrados de centeo; o que non ten máis de un de seu, e outro alleo, un ferrado; o mesmo que fan aínda que sexan ambos alleos; as viúvas, sexan seus propios ou alleos, tamén pagan un ferrado anualmente por razón de Voto, que por un quinquenio importaran cada ano cento quince ferrados; tamén pagan á Confraría do Santísimo Sacramento, entre marido e muller, un real de Vellón, e á da nosa señora do Rosario e da Concepción o mesmo, todo de obrigación forzosa e anualmente.*

E igualmente (Ensenada 1752: 14173):

> *Os veciños da devandita freguesía pagan á Súa Maxestade por servizo ordinario cento setenta e catro Reais de Vellón anualmente; asemade pagan, por razón de utensilios, cento noventa e dous Reais, aínda que canto a isto uns anos son máis e outros menos, e todo en virtude de comparto que se lles fai pola Cidade de Lugo como Cabeza de Provincia.*

En canto a se hai algún outro tipo de tributo (Ensenada 1752: 14173):

> *Os veciños da devandita freguesía desfrutan enteiramente os dereitos nos que soen arrendar dúas Tabernas, que unha delas se encontra no sitio do Porto da Vila, e a outra no de Aguillón, as que por un quinquenio importan sesenta Reais de Vellón; asemade, desfrutan os* [dereitos] *nos que se soe arrendar a Alcabala Foránea que por un quinquenio importan corenta Reais de Vellón ao ano, sen que para a percepción dun ou outro teñan máis privilexio nin concesión, que o de atoparse Encabezados coa Tesouraría de Rendas Provinciais da Cidade de Lugo.*

Por outra banda, están as propiedades reais, as cales se atopan suxeitas aos seus propios tributos (Ensenada 1752: 14180):

> *A Súa Maxestade nesta freguesía (...) só ten catro ferrados de Carballeira de primeira Calidade, no sitio de Barreira, murados.*
>
> *Un ferrado de Viveiro no sitio de Barreira, de primeira Calidade, murado.*

Non obstante, non tódolos veciños rexistrados nestas terras deben pagar estes impostos; algúns están exentos de facelo, como por exemplo os tres eclesiásticos rexistrados na freguesía: Pedro Bueno y Guindós –o cura párroco da mesma–, Antonio Cabaleiro e Rosendo da Carballeira (Ensenada 1752: 14140); ademais dos tres homes contratados ao Servizo Real e outros dous ao da Real Facenda (Aranda 1768: VI, 189).

Por outra banda, un total de *catrocentos ferrados* do termo, é dicir, douscentos dez mil metros cadrados, ocúpanos *as casas, os camiños e os muros* (Ensenada 1752: 14161):

> *Nesta freguesía hai oitenta e oito casas habitables, e dúas arruinadas, sen que polo seu fondo ou establecemento do solo se pague cousa algunha ao Dono Xurisdicional nin a ningunha outra persoa.*

As devanditas vivendas poden ser ocupadas por unha ou varias familias. No caso de Roupar e o seu couto son un total de *noventa veciños* (Ensenada 1752: 14172) ou cincocentos setenta e oito habitantes (Aranda 1768: VI, 189),[37] dos que douscentos setenta e nove (48%) son homes e duascentas noventa e nove (52%) son mulleres.[38]




37 No Censo de Aranda, os datos poboacionais da antiga freguesía de San Pedro Fiz de Roupar inclúen os relativos ao anexo de Santa María do Aparral –no actual concello das Pontes de García Rodríguez–. Ademais, neste documento non aparece reflectida a información necesaria para realizar a oportuna estimación sobre o número de viúvos e viúvas neste antigo territorio durante o século XVIII resulta limitada.

38 No presente, esta proporción practicamente se mantén, pois dos trescentos catro empadroamentos que rexistra a actual parroquia, cento corenta e tres (47%) son homes e cento sesenta e unha (53%) son mulleres. Instituto Nacional de Estatística: *Poboación do Padrón Continuo por Unidade de Poboación*, a 1 de xaneiro de 2021 (última actualización).




Entre as ocupacións máis comúns nesta freguesía, destaca a de labrador, a cal se adoita compatibilizar co exercicio doutros traballos, denominados *artes mecánicas*, durante varios meses ao ano (Ensenada 1752: 14177-14178):

| Nome | Ocupación | Tempo (meses) | Salario (reais vellón) |
|---|---|---|---|
| Antonio Preto | Xastre | 4 | 300 |
| Adriano Barro | Xastre | 4 | 300 |
| Jacobo do Rego | Xastre | 4 | 300 |
| Pedro da Carballeira | Xastre | 4 | 227 |
| Pascual Preto | Xastre | 2 | 160 |
| Agustín Paz | Xastre | 3 | 227 |
| Bernardo do Rego | Ferreiro | 3 | 273 |
| Juan Pernas | Ferreiro | 2 | 160 |

| Nome | Ocupación | Tempo (meses) | Salario (reais vellón) |
|---|---|---|---|
| Antonio Ledo | Zapateiro | 4 | 360 |
| Antonio de Castro | Zapateiro | 4 | 360 |
| Antonio de Agras | Zapateiro | 4 | 360 |
| Ignacio López | Zapateiro | 4 | 360 |
| Rafael de Castro | Zapateiro + Curtidor | 3 | 270 + 126 |
| Agustín da Pena | Zapateiro | 3 | 270 |
| Domingo de Ladra | Zapateiro | 3 | 270 |
| Andrés Preto | Curtidor | - | 144 + 204 |
| Jacinta Pardo | Tecedora | 4 | 60 |
| Juana Pardo | Tecedora | 4 | 60 |
| María López | Tecedora | 4 | 60 |
| Margarita Fernández | Tecedora | 2 | 30 |
| Lucía Foxeira | Tecedora | 2 | 30 |
| Dominga Fodoeira | Tecedora | 2 | 30 |
| Ángela Fernández | Tecedora | 2 | 30 |

Por outra banda, hai persoas que obteñen ganancias mediante a xestión de diversos arrendamentos (Ensenada 1752: 14179):

> *Nesta freguesía hai Francisco Ramos, o que leva en Arrendamento as dúas tabernas dela, a quen lle regulan quedar de utilidade cento cincuenta reais de Vellón ao ano; Andrés López, veciño da freguesía de San Pedro de Santaballa* [actual concello de Vilalba], *o que leva en Arrendamento o Voto correspondente á dignidade do Arquidiácono Montenegro na santa Igrexa Catedral da Cidade de Mondoñedo, e nisto regúlanlle gaña Cen reais de Vellón; Pascual de Miraz, o que leva en Arrendamento a metade dos Décimos da freguesía de Santa María do Aparral* [actual concello das Pontes de García Rodríguez], *pertencente ao cura Párroco desta freguesía, e nisto regúlanlle quedar de utilidade Cen Reais de Vellón.*

Mención aparte merecen aqueles veciños que posúen un muíño fariñeiro. Na freguesía de Roupar e no seu couto hai rexistrados un total de nove unidades *que moen cunha roda e auga corrente* (Ensenada 1752: 14167-14168):

| Nome | Situación | Tempo (meses) | Salario (reaisvellón) |
|---|---|---|---|
| Domingo da Carballeira (1/3) econsortes | Portonovo | 9 | 195 |
| Isidro González (1/3) e consortes | Portonovo | 6 | 100 |
| Bernardo do Rego e consortes | Portonovo | 6 | 100 |
| María Francisca Justa | Buscalte de abaixo | 4 | 54 |
| Manuel Leal | Buscalte de arriba | 4 | 54 |
| Blas Pardo | Cernada | 4 | 54 |
| Andrés Pernas | Leira dos Carballos | 3 | 40 |
| Antonio Ledo | Porto Moíño | 2 | 20 |
| Rosendo da Carballeira | Rego da Azureira | 3 | 40 |

Logo están aquelas persoas ocupadas no comercio de determinadas materias e/ou obxectos singulares (Ensenada 1752: 14174-14175):

> *Na devandita freguesía (...) hai Liborio González, o que se emprega cunha cabalería en comprar e vender lenzos e estopa do País, e nisto regúlanlle que dá de utilidade Cen Reais de Vellón ao ano; Roque de Vérez, o que ten a obriga de dar abasto de papel selado, polo que lle están consignados polos veciños desta freguesía corenta reais de Vellón; (...) Roque Paz, o que se emprega no exercicio de vender tabaco por menor apesillado, o que o fará de vinte libras ao ano, e polo que lle regulan quédase de utilidade corenta reais de Vellón ao ano; Juan Ledo, o que tamén se emprega no mesmo exercicio, e o fará de dezaoito libras, nisto regúlanlle (...) trinta e seis reais de Vellón ao ano.*

Tamén están os arrieiros, que se dedican ao transporte de todo tipo de mercancías mediante animais de carga (Ensenada 1752: 14174-14175):

| Nome | Nº cabalerías | Mercancía | Salario (reais vellón) |
|---|---|---|---|
| Francisco do cal | 5 | Viño do Ribeiro | 1.000 |
| Pascual de Miraz | 4 | | 800 |
| Juan Preto | 2 | | 300 |
| Antonio Ledo | 4 | | 700 |
| Manuel Preto | 4 | | 700 |
| Domingo da Carballeira | 4 | | 700 |
| Pedro Leal | 3 | | 500 |
| José de Vérez | 4 | | 700 |
| Jacinto Pérez | 1 | Sal | 150 |
| Josefa Fernández | 1 | Sal + Centeo cocido | 100 |
| Agustina Fernández | 1 | Sal + Centeo | 75 |

Ademais están aquelas persoas que posúen colmeas, coas que obteñen mel e cera para autoconsumo e comercio. Na freguesía de Roupar e o seu couto constan cento corenta e tres exemplares, e estímaselles un beneficio anual de tres reais de vellón a cada un (Ensenada 1752: 14171-14172):

| Nº colmeas | Nome | Beneficio (reais vellón) |
|---|---|---|
| 1 | Bernardo do Rego | 3 |
| | Dominga del Corral | |
| | Pedro da Carballeira | |
| | José de Vérez | |
| | Antonio Preto | |
| | Roque de Bérez | |
| | José Vázquez | |
| | Domingo Preto | |
| | Domingo da Carballeira | |
| | Antonio de Vérez | |
| | Marcos de Otero | |
| | Pedro Paz | |
| | Baltasar Gómez | |

| Nº colmeas | Nome | Beneficio (reais vellón) |
|---|---|---|
| 2 | Francisco López | 6 |
| | Manuel do Porto | |
| | Francisco Sanjurjo | |
| | Francisco Ledo | |
| | Domingo Blanco | |
| | Antonio Ledo | |
| | Manuel Preto | |
| | José Carballo | |
| | Miguel Sanjurjo | |
| | Rosa Maseda | |
| | Andrés Preto | |
| 3 | Juan Pernas | 9 |
| | Andrés Pernas | |
| | Domingo López | |
| | Juan Antonio Guerreiro | |
| | Agustín da Pena | |
| | Manuel do Barro | |
| | José Leal | |
| | Pascual de Miraz | |
| 4 | Isabel do Souto | 12 |
| | Antonio Cabaleiro | |
| | María Justa | |
| 5 | Pedro Bueno | 15 |
| | Lorenzo de Castro | |
| | Manuel Leal | |

| Nº colmeas | Nome | Beneficio (reais vellón) |
|---|---|---|
| 6 | Gerónimo Pardo | 18 |
| | Isidoro González | |
| | Rafael de Castro | |
| | Francisco Ramos | |
| 8 | Antonio da Roca | 24 |
| 10 | Agustín Preto | 30 |
| 14 | Antonio Ramos | 42 |

Por último, cómpre salientar a existencia na freguesía de Roupar dun xuíz –Antonio Vérez–, a quen lle estima que gaña anualmente por esta razón cincuenta reais de vellón (Ensenada 1752: 14174).

# Santa María de Xermade

A antiga freguesía de Santa María de Xermade, sita na histórica provincia de Lugo, pertence ao señorío da Condesa de Lemos, Andrade e Vilalba (Floridablanca 1787: 4054-4055), e forma parte da xurisdición –de señorío secular– de Vilalba baixo a xustiza dun xuíz ordinario e da diocese de Mondoñedo (Aranda 1768: VI, 146).

En canto aos seus límites e lindeiros (Ensenada 1752: 6152-6153):

> *A devandita freguesía terá de distancia de Levante a Poñente a oitava parte dunha legua, de Norte a Sur un cuarto de legua, e de circunferencia os tres cuartos dunha legua; que para camiñala ocuparase a un paso regular unha hora. Linda por Levante coa freguesía de Santa Baia de Burgás, por Poñente coa de San Mamede de Momán, polo Norte coa de Santa María de Cabreiros e polo Sur co couto e freguesía de San Martiño de Codesido* [actual concello de Vilalba].

Dos seus máis de quince quilómetros cadrados –15'60 km2– de superficie (VV.AA. 2003: 21), están destinados a terras de sementeira un total de 2'63 km2 (17%), o equivalente a *cinco mil ferrados.* O tipo de terra máis abundante é o de labradío –seguido do de montes baixos abertos–, sendo o centeo, o trigo e o millo miúdo os cereais máis cultivados, e as coles, as verduras máis comúns nas hortas (Ensenada 1752: 6155). Destacan as maceiras, que se atopan plantadas *sen orde algunha, dispersas* ás *marxes das terras e estendidas polas mesmas* (Ensenada 1752: 6154).

| Tipo de terra | Calidade da terra | Nº de ferrados | Metros cadrados |
|---|---|---|---|
| *Hortas* | Primeira | 6 | 3.150 |
| | Segunda | 6 | 3.150 |
| | Terceira | 4 | 2.100 |
| *Labradío* | Primeira | 80 | 42.000 |
| | Segunda | 600 | 315.000 |
| | Terceira | 2.000 | 1.050.000 |
| *Prados de regadío* | Primeira | 4 | 2.100 |
| | Segunda | 10 | 5.250 |
| | Terceira | 6 | 3.150 |
| *Prados de sequeiro* | Primeira | 30 | 15.750 |
| | Segunda | 40 | 21.000 |
| | Terceira | 80 | 42.000 |
| *Carballeiras* | Primeira | 2 | 1.050 |
| | Segunda | 6 | 3.150 |
| | Terceira | 14 | 7.350 |
| *Montes altos de leña* | Primeira | 10 | 5.250 |
| | Segunda | 60 | 31.500 |
| | Terceira | 30 | 15.750 |
| *Montes baixos cerrados* | Primeira | 100 | 52.500 |
| | Segunda | 200 | 105.000 |
| | Terceira | 300 | 157.500 |
| *Montes baixos abertos* | Primeira | 100 | 52.500 |
| | Segunda | 300 | 157.500 |
| | Terceira | 700 | 367.500 |
| *Terra inútil* | Non procede | 196 | 102.900 |



Estas terras e os seus froitos están suxeitos ao pago duns determinados impostos (Ensenada 1752: 6457-6458):

> *De tódolos froitos que na devandita freguesía se collen págase o décimo, e de cada dez un, o que perciben o Arquidiácono Montenegro dignidade na Santa Igrexa Catedral da Cidade de Mondoñedo leva enteiramente o das terras do Igrexario, e a metade do de quince casas, e todo o máis o percibe o Cura Párroco da dita freguesía; asemade paga cada un dos veciños por razón de Voto ao mesmo Arquidiácono anualmente dous Ferrados de Centeo, e cada viúva un Ferrado; tamén pagan cada un dos mesmos veciños á Confraría do Santísimo Sacramento un real de vellón, e á da Nosa Señora outro real de vellón.*

E igualmente (Ensenada 1752: 6463):

> *Os veciños da devandita freguesía pagan anualmente á Súa Maxestade por razón de servizo ordinario e extraordinario Cento Cincuenta e seis Reais, tamén pagan á Súa Maxestade por razón de utensilios Cento Vinte Reais anualmente, segundo resulta dos Recibos que exhiben, en virtude de comparto que se lles fai pola Cidade de Lugo, como Cabeza de Provincia*.

En canto a se hai algún outro tipo de tributo (Ensenada 1752: 6463):

> *Os veciños da devandita freguesía só desfrutan os dereitos de Alcabala foránea dos Forasteiros, que soen vender algúns Bens Raíces dentro dela, os que por un quinquenio importarán anualmente oito Reais vellón; tamén desfrutan cinco Reais en cada ano, en que se soe arrendar a sisa do viño, que se soe vender polo día da Nosa Señora, como Patroa dela, sen que para a percepción dun ou doutro teñan máis privilexio nin concesión, que o de encontrarse encabezados coa tesouraría de Rendas Provinciais da Cidade de Lugo.*

Por outra banda, están as propiedades reais, as cales se atopan suxeitas aos seus propios tributos (Ensenada 1752: 6167):

> *A Súa Maxestade na devandita freguesía (...) só ten un Viveiro de sementeira para plantío de Carballos no sitio de Fornelos, fai medio Ferrado de segunda Calidade, o que se encontra adicto á Intendencia de Mariña, polo que Corresponda ao Real Servizo.*

Non obstante, non tódolos veciños rexistrados nestas terras deben pagar estes impostos; algúns están exentos de facelo, como por exemplo o cura párroco –*que lles administra os santos Sacramentos*–, o clérigo –Juan da Fraga– (Ensenada 1752: 6166), dous eclesiásticos, o sancristán, o home ao Servizo Real, o funcionario da Real Facenda (Aranda 1768: VI, 146), o ordenado a título de Patrimonio, os dous homes con foro militar e o demandante (Floridablanca 1787: 4223).

Por outra banda, un total de *cento oito ferrados* do termo, é dicir, cincuenta e seis mil setecentos metros cadrados, ocúpanos *as casas, os camiños e os muros* (Ensenada 1752: 6455):

> *Na devandita freguesía hai Cincuenta e Seis casas, as Cincuenta e cinco delas habitables e a unha arruinada, sen que polo seu fondo ou establecemento do solo se pague cousa algunha ao Dono Xurisdicional nin a ningunha outra persoa.*

Estas vivendas adoitan estar ocupadas por unha ou varias familias, que no caso de Santa María de Xermade supoñen un total de *sesenta e oito veciños* (Ensenada 1752: 6462) ou douscentos setenta e sete habitantes (Floridablanca 1787: 4166),[39] dos que cento corenta e seis (53%) son homes e cento trinta e unha (47%) son mulleres.[40]







39 No Censo de Aranda, aparecen rexistrados un total de douscentos setenta veciños, dos que cento cincuenta (55%) son homes e cento vinte (45%) son mulleres (Aranda 1768:VI, 146).

40 No presente, esta proporción invértese, pois dos douscentos setenta empadroamentos que rexistra a actual parroquia, cento trinta (48%) son homes e cento corenta (52%) son mulleres. Instituto Nacional de Estatística: *Poboación do Padrón Continuo por Unidade de Poboación*, a 1 de xaneiro de 2021 (última actualización).




Entre as ocupacións máis comúns nesta freguesía, destaca a de labrador, rexistrándose ata cincuenta e sete homes dedicados ao cultivo das terras (Floridablanca 1787: 4223), claro reflexo do carácter agrícola deste territorio. Con todo, sóese compatibilizar esta actividade co exercicio doutros traballos, denominados *artes mecánicas,* durante varios meses ao ano (Ensenada 1752: 6465-6466):

| Nome | Ocupación | Tempo (meses) | Salario (reais vellón) |
|---|---|---|---|
| Francisco Preto | Carpinteiro | 2 | 213 |
| Andrés da Roca | Xastre | 3 | 273 |
| Juan Paz | Ferreiro | 4 | 300 |
| Francisco Blanco | Ferreiro | 4 | 300 |
| Francisco Bermúdez | Zapateiro | 4 | 370 |
| Antonio da Pena | Curtidor | - | 113 |
| Isabel López | Tecedora | 4 | 80 |
| Bernarda Piñeiro | Tecedora | 4 | 80 |
| María Fernández | Tecedora | 4 | 80 |
| María do Souto | Tecedora | 4 | 80 |
| María de Castro | Tecedora | 4 | 80 |
| Josefa do Barro | Tecedora | 4 | 80 |
| Marina da Pena | Tecedora | 4 | 80 |
| Isabel Fernández | Tecedora | 4 | 80 |
| María Alonso | Tecedora | 4 | 80 |
| Pascua Fernández | Tecedora | 4 | 80 |

Por outra banda, hai persoas que obteñen certas ganancias mediante a xestión de diversos arrendamentos, tal é o caso de Manuel Vázquez –veciño de San Pedro de Santaballa, no actual concello de Vilalba–, que se encarga dos votos e décimos que percibe o Arquidiácono Montenegro, e por cuxa tarefa recibe cen reais de vellón ao ano (Ensenada 1752: 6166).

Tamén están aqueles veciños que posúen colmeas, coas que obteñen mel e cera para autoconsumo e comercio, e polas que se lles estima un beneficio anual de catro reais de vellón por cada unha delas (Ensenada 1752: 6462):

| Nº colmeas | Nome | Beneficio (reais vellón) |
|---|---|---|
| 1 | Juan Antonio Cobreiro y Gayoso | 4 |
| | Pedro Silva | |
| | Bartolomé Martínez | |
| | Pascual da Roca | |
| | Andrés da Roca | |
| | Juan Rodríguez | |
| | Mariña da Pena | |
| | Andrés da Roca *o Mozo* | |
| 2 | Antonio Preto | 8 |
| | Ciprián da Pena | |
| | Pedro Fernández | |
| | Rosendo de Cazás | |
| | Isidro Bermúdez | |
| | Juan Ramos | |
| 3 | Domingo de San Martiño | 12 |
| | Victorio do Carballal | |
| 4 | Pedro Vázquez | 16 |
| | Cayetano Ramos | |
| 7 | Antonio da Pena | 28 |
| 10 | Pedro Silva *o Vello* | 40 |
| | Antonia do Barro | |
| 12 | Domingo Ares | 48 |

Mención aparte merecen aqueles veciños que posúen un muíño fariñeiro. Na freguesía de Santa María de Xermade hai rexistrados un total de seis unidades *que moen cunha roda e auga corrente* (Ensenada 1752: 6458-6459):

| Nome | Situación | Tempo (meses) | Salario (reaisvellón) |
|---|---|---|---|
| Antonio Preto | San Martiño | 6 | 80 |
| Cayetano Silva | Ramalleira | 5 | 60 |
| Francisco de Casas | Fraixo | 5 | 60 |
| Rosendo Bermúdez | O Sixto | 5 | 60 |
| Antonio Preto | A Xunqueira | 5 | 50 |
| Pedro Vázquez | Fornelos | 5 | 50 |

Logo hai individuos que dispoñen de certos materiais, que –ou ben en beneficio do seu propio oficio ou ben para a subministración de outros– manexan a posibilidade de facer algún tipo de comercio máis alá da venda; e logo hai outros que se encargan do transporte de determinadas mercancías (Ensenada 1752: 6464):

> *Na devandita freguesía (...) só hai* (...) *Antonio Bermúdez, quen se ocupa na venda do tabaco por menor apesillado que o fai de doce libras ao ano, polo que lle regulan queda de utilidade vinte e catro reais; e Bernardo do Cordal quen se ocupa no exercicio de Arrieiro con dúas Cabalerías, no carrexo de viño catro meses do ano, e por esta razón regúlanlle gaña douscentos reais de Vellón.*

Por último, cómpre salientar a existencia dun mordomo pedáneo nesta freguesía –Antonio Preto–, a quen lle estima que gaña por esta ocupación uns vinte reais de vellón, os mesmos beneficios que obtén por exercer tamén de perito contador (Ensenada 1752: 6464). Tamén hai dous criados (Floridablanca 1787: 4223).

# O PAPEL DA MULLER

Calquera estudo social ou demográfico de carácter histórico pon de manifesto –directa ou indirectamente– o importante papel da muller no desenvolvemento social vinculado aos procesos de reprodución humana e de reprodución de bens e rendas. E como efecto activo e tamén pasivo de ámbolos dous procesos, pode afirmarse a situación da muller no Antigo Réxime, sobre todo, como núcleo dunha *microsociedade doméstica*, que ten como base fundamental á familia (Rey 1994: 52-53).

E a familia, polo xeral, no século XVIII ten como obxectivo principal a conservación e o aumento do seu patrimonio (Dubert 1992: 28). Para acadalo, séguense unhas determinadas estratexias familiares –decididas pola *cabeza da casa*[41]–, que marcan as diferenzas sociais entre o home e a muller, se ben é certo que ambos gozan dunha personalidade xurídica igual en todo o territorio castelán (Rey 1994: 62).

Unha das decisións máis importantes que debe tomar a antedita *cabeza* é a relativa aos futuros matrimonios das mozas e mulleres solteiras da casa. Como vimos no capítulo de *Xermade no século XVIII,* no antigo termo municipal –incluídos os seus coutos– localízanse un total de dous mil setecentos trinta e sete habitantes (Floridablanca 1787), dos que mil catrocentas (51%) son mulleres. Das mesmas, cincocentas trinta e nove (39%) son menores de dezaseis anos, seiscentas vinte e

41 En Galicia predominan no século XVIII os fogares coa *cabeza da casa* masculina, con máis do 60% –canto máis ao interior a porcentaxe é máis elevada–, pero as femininas son importantes en número: o 25% na maioría das comarcas (Rey 1994: 62).

catro (45%) teñen entre dezaseis e cincuenta anos, e as restantes (16%) son maiores de cincuenta anos. O modelo maioritario –ao igual ca no resto de Galicia– caracterízase por unha idade feminina de matrimonio situada entre os vinte e cinco e os trinta anos, máis tardía ca media do territorio castelán –entre vinte e vinte e cinco anos (Dubert 1992: 65)–.

Esta estatística concorda con que das mil catrocentas xermadesas censadas, oitocentas setenta (62%) están solteiras, catrocentas oitenta e seis (35%) están casadas, e as restantes (3%) son viúvas.[42]

Estes datos, ademais de transmitir unha maior proporción de solteiras e viúvas no rango de idade superior aos cincuenta anos respecto das cifras recollidas para o sexo masculino, amosan que as mulleres casan a unha idade máis temperá cos varóns e tamén que enviuvan máis novas. Esta diferenza entre ambos xéneros tamén atopa explicación no feito –sobradamente coñecido– de que a esperanza de vida das mulleres é maior ca dos homes.

Por outra banda, amósase unha elevada taxa de fecundidade ao coincidir a idade de casamento coa etapa fértil feminina[43]; e é que Galicia preséntase como unha das rexións de máis vigoroso crecemento demográfico na España da Idade Moderna, sendo, a mediados do século XVIII, un dos territorios máis densamente poboados da península.

Neste contexto, Xermade non é unha excepción, e –con catro descendentes de media– o seu número de nacementos resulta superior ao de defuncións, polo que o seu total de habitantes encóntrase, ao longo da citada centuria, nunha tendencia constante de crecemento que impide que chegue a producirse un envellecemento da poboación.




42 No Censo de Floridablanca hai freguesías cuxos datos non aparecen recollidos, e en ocasións os devanditos datos son reflectidos conxuntamente con outros territorios, polo que a información para realizar a oportuna estimación sobre o número de viúvos e viúvas durante o século XVIII resulta limitada.

43 No século XVIII existe a figura da *espontaneada*. A muller solteira embarazada ten a obriga de *espontanearse*, é dicir, de declarar o seu estado ante os tribunais de xustiza locais; xa que de non facelo pode ser expulsada da súa xurisdición. *Espontanearse* é un acto –supostamente– voluntario que permite ás mulleres a permanencia no seu lugar de residencia, pero a única liberdade coa que contan é a pouca efectividade da xustiza para facer os oportunos controis.







Por outra banda, a familia ou unidade familiar confórmase como o núcleo das explotacións agrícolas no marco dunha estrutura socioprodutiva na que os bens raíces constitúen os medios de produción fundamentais da sociedade rural galega (Dubert 1992: 137-138): tal é o caso de Xermade. E a implicación laboral das mulleres na produción agrícola é, non só de capital importancia, senón imprescindible (Labrada 1971: 112):

> *Non hai para os habitantes destas aldeas outra ocupación máis que a da agricultura e a cría de gandos. Os homes exercítanse nos traballos rudos do campo e as mulleres axúdanos nos que son máis proporcionados ás súas forzas e máis convenientes ao seu sexo. Elas teñen, como en todas partes, ao seu cargo o goberno interior da casa, coidan dos animais domésticos, pastorean os gandos, procúranlles o seu alimento, cultivan a horta, etc...*

Se ben a integración entre a casa e a explotación agrícola –entre o espazo interior e o exterior– é total, as responsabilidades domésticas na súa máis ampla acepción –como se recolle na cita anterior– gravitan en torno ao esforzo laboral feminino. Non obstante, no mundo rural do século XVIII as vivendas son meros refuxios nos que se carece de espazo e só hai o elemental, o que facilita a dedicación da muller cara ao exterior e a súa implicación nas tarefas agrícolas.[44]

Con todo, no campo, o proceso de traballo non aparece claramente segmentado en virtude do xénero (Rial 2003: 194); e a extrema precariedade dos medios materiais e económicos en que transcorren as vidas da maioría das familias campesiñas transforma ás mulleres nun elemento esencial dende o punto de vista produtivo (Pardo 1976: 69-70):

> *En Galicia vese á muller encinta ou criando cavar a terra, segar o millo e o trigo e pisar o toxo e cortar a herba para os bois* (...). *En gran porción do territorio español a muller axuda ao home nas faenas do campo porque a igualdade dos sexos* (...) é un *feito ante a miseria do labrador, do xornaleiro* (...). *No meu país, Galicia* (...), *o pobre fogar da mísera aldeá, escaso de pan e lume, aberto á intemperie e á auga e ao frío, case sempre está só. Á súa dona emancipou-na unha emancipadora eterna e inclemente: a necesidade.*

Efectivamente, a necesidade e a miseria obrigan a procurar traballos alternativos, como pode ser empregarse en tarefas agrícolas menos convencionais. Tal é o caso da posesión de colmeas, coas que ademais de obter mel e cera para autoconsumo –que axudan á supervivencia familiar–, pódense acadar uns beneficios extras coa venda destes produtos que se estiman entre os tres e os cinco reais de vellón por colmea (Ensenada 1752), en función da freguesía.

Así, das mil trescentas sesenta e cinco unidades rexistradas no antigo termo xermadés, tan só cincuenta e sete (4%) están a nome dunha muller, sendo Santa Baia de Burgás –con catro propietarias e doce colmeas–, seguido de San Pedro Fiz de Roupar –tamén con catro donas e once exemplares–, a freguesía onde máis apicultoras hai. Pola contra, Santa Mariña de Cabreiros non rexistra ningunha muller como propietaria de colmeas. Cómpre destacar a Antonia do Barro, de Santa María de Xermade, con dez colmeas no seu poder.

| Nº colmeas | Nome | Beneficio (reais vellón) |
|---|---|---|
| 1 | Andrea González | 3 |
| | Marina López | 4 |
| | María Fernández Sanjurjo | 5 |
| | Feliciana do Barro | 4 |
| | Dominga del Corral | 3 |
| | María da Pena | 4 |

44 Os nenos e os anciáns permiten que a muller estea máis responsabilizada das tarefas agrícolas ao descargala dos labores menores de carácter doméstico. Por outra banda, a elaboración de alimentos para un menú tan restrinxido como o das familias campesiñas desta centuria, non esixe gran inversión de tempo.

| Nº colmeas | Nome | Beneficio (reais vellón) |
|---|---|---|
| 2 | Bruna Rodríguez | 6 |
| | Dominga González | 10 |
| | Paula Freire | 6 |
| | Rosa Maseda | 6 |
| 3 | María Preto | 12 |
| | Lorenza Alonso | 9 |
| | Isabel do Souto | 9 |
| 4 | Juana ... | 12 |
| | María Justa | 12 |
| 5 | Dominga Fernández | 20 |
| | María Rodríguez | 15 |
| 6 | Isabel López | 24 |
| 10 | Antonia do Barro | 40 |






Mención aparte merecen aquelas veciñas que posúen un muíño fariñeiro. No caso que nos ocupa, dos sesenta e un exemplares que se encontran identificados no antigo municipio de Xermade, tan só dous (3%) están a nome dunha muller. Dominga Fernández –e consortes– posúe un muíño no lugar de Ribeira de Zarrasín –San Mamede de Momán–, que traballa oito meses ao ano e polo cal se lle estima un beneficio anual de oitenta reais de vellón; e María Francisca Justa, ten outro no lugar de Buscalte de Abaixo –San Pedro Fiz de Roupar–, que moe catro meses do ano e polo que obtén ao redor de cincuenta e catro reais de vellón anuais. Ambos exemplares presentan moa dunha roda e auga corrente (Ensenada 1752).

En ocasións, existe a posibilidade de traballar dentro e fóra da casa na procura de ingresos extras para a familia. E alén das tarefas agrícolas, no mundo rural a muller só pode empregarse en dúas variantes laborais de interese: por unha banda, o servizo doméstico; e pola outra, a dedicación téxtil. O primeiro resulta moi minoritario e só existe en casas fidalgas e/ou eclesiásticas, non rexistrándose no antigo termo xermadés ningunha empregada doméstica.

Respecto da segunda opción, cómpre sinalar que a elaboración de tecidos –tanto de la como de liño– é unha actividade de longa tradición artesá. O labor de preparación do liño previo ao fiado é tanto masculino como feminino, pero unha vez preparado o *cerro*, o fiado considérase especificamente feminino (Rey 1994: 65) porque permite ademais realizar simultaneamente pequenas tarefas domésticas[45] (Labrada 1971: 98):

> *As mulleres da vila e aldeas inmediatas dedícanse a fiar, calcetar e tecer nos momentos que llo permiten as súas ocupacións domésticas.*

Pero non é ata o século XVIII cando se fala en Galicia dunha auténtica industria téxtil, denominada con frecuencia *industria popular* ou *industria rural doméstica,* e que se localiza fundamentalmente no ámbito rural, con ínfima penetración de capital e onde a produción se destina maiori-

45 A elaboración de tecidos realízase con fuso e roca, xa que estas ferramentas son fabricadas na vivenda familiar e resultan, polo tanto, moito máis baratas.

tariamente cara aos mercados exteriores (Carmona 1984: 35- 50). Curiosamente, as fontes fiscais desta centuria non identifican a tódalas tecedoras por non considerar esta actividade como un oficio en si, senón como unha actividade auxiliar na esfera da economía familiar (Rial 2003: 206). E cando aparecen reseñadas, fano en categoría de *filla de* ou *esposa de* –ou no seu defecto, *solteira* ou *viúva*–.

Non obstante, esta omisión resulta grave en provincias como a de Lugo –onde se inclúe o antigo termo municipal de Xermade– ou a de Mondoñedo, onde as mulleres non só fían, senón que tamén tecen (Carmona 1984: 40-41).

Non obstante, no vello territorio xermadés, se ben esta actividade téxtil forma parte dos múltiples labores destinados ao consumo caseiro, os tecidos serven –ademais de para cubrir as necesidades familiares– para conseguir algúns ingresos monetarios mediante a súa venda, quedando rexistradas, no grupo das denominadas *artes mecánicas,* un total de trinta e sete tecedoras (30%) (Ensenada 1752).

| Nome | Descrición | Dedicación(meses) | Salario (reais vellón) |
|---|---|---|---|
| Antonia López | Esposa | 3 | 64 |
| Magdalena López | Filla | 3 | 64 |
| Andrea Díaz | Filla | 3 | 64 |
| María González | Filla | 3 | 64 |
| Urbana Rodríguez | *Solteira* | 3 | 64 |
| Antonia González | Filla | 3 | 64 |
| Manuela Fernández | Esposa | - | 30 |
| María Antonia Bermúdez | Filla | - | 50 |
| Dominga Ramos | Esposa | - | 70 |
| Ana María López | Filla | - | 70 |
| Antonia Piñeira | Filla | 6 | 129 |
| María Preto | Filla | 6 | 129 |
| Dominga Fernández | *Solteira* | 3 | 92 |
| Francisca Vázquez | *Solteira* | 3 | 92 |
| Luisa Pardo | *Solteira* | 2 | 30 |

| Nome | Descrición | Dedicación(meses) | Salario (reais vellón) |
|---|---|---|---|
| María Fernández | Esposa | 4 | 80 |
| María Fernández | Filla | 4 | 80 |
| Andrea Rodríguez | Filla | 4 | 80 |
| Juana González | Filla | 6 | 84 |
| Ágata Fernández | - | 3 | 42 |
| Jacinta Pardo | *Viúva* | 4 | 60 |
| Juana Pardo | Esposa | 4 | 60 |
| María López | Esposa | 4 | 60 |
| Margarita Fernández | Esposa | 2 | 30 |
| Lucía Foxeira | Filla | 2 | 30 |
| Dominga Fodoeira | Esposa | 2 | 30 |
| Ángela Fernández | Filla | 2 | 30 |
| Isabel López | Filla | 4 | 80 |
| Bernarda Piñeiro | *Solteira* | 4 | 80 |
| María Fernández | Filla | 4 | 80 |
| María do Souto | Filla | 4 | 80 |
| María de Castro | Filla | 4 | 80 |
| Josefa do Barro | Esposa | 4 | 80 |
| Marina da Pena | *Solteira* | 4 | 80 |
| Isabel Fernández | *Solteira* | 4 | 80 |
| María Alonso | Filla | 4 | 80 |
| Pascua Fernández | Filla | 4 | 80 |







Das antigas freguesías xermadesas, a que rexistra máis mulleres ocupadas na elaboración de tecidos é a de Santa María de Xermade, con dez tecedoras (27%), seguida da de San Pedro Fiz de Roupar con sete (19%) e Santa Baia de Burgás con seis (16%). A súa descrición máis común –na metade dos casos– é a de *filla de* (51%). Dedícanse a este labor entre dous e seis meses ao ano, e os seus beneficios estímanse entre os quince – Roupar– e os trinta –Cazás– reais de vellón ao mes.

Toda vez que a calidade do producto e, sobre todo, a produtividade por empregada son escasos, enténdese que é un traballo moi mal remunerado, incapaz por si mesmo de soster fogares independentes máis alá da pobreza; de xeito que se considera como auxiliar e de tempo libre (Rial 2003: 206).

Con todo, no Xermade do século XVIII, tamén hai excepcións a estas tendencias xeralizadas.

Así, ademais da elaboración de tecidos –e continuando fóra das tarefas agrícolas–, cómpre destacar a dúas mulleres que se dedican a un traballo tradicionalmente masculino: o transporte de mercancías mediante animais de carga, é dicir, son arrieiras. Trátase de Josefa Fernández e Agustina Fernández, ambas pertencentes á antiga freguesía de San Pedro Fiz de Roupar e que mediante unha cabalería transportan sal e centeo, estimándoselles uns beneficios anuais de entre setenta e cinco e cen reais de vellón (Ensenada 1752: 14175).

Igual mención merece a única xermadesa que obtén ganancias ao dispoñer dun determinado material e manexar a posibilidade de facer algún tipo de comercio con el máis alá da venda. Neste caso, a materia é o tabaco; e a comercianta localízase en Santo André de Lousada (Ensenada 1752: 8167):

> *Dominga Fernández, viúva a que lle vende acuartillado, e nisto regúlanlle que lle quede desta utilidade vinte reais de Vellón, a mesma por dezaoito libras de tabaco, que vende por menor apesillado na mesma taberna do Porto da Fraga, regúlana en trinta e seis reais de vellón.*

Por último, cómpre sinalar que dos dez *pobres de solemnidade* identificados no Xermade do século XVIII, tres (30%) son mulleres: Juana Ramos, Benita López e Dominga Piñeiro; e as tres se localizan na antiga freguesía de Santa María de Cabreiros (Ensenada 1752: 8167).

# REFLEXIÓN CONCLUSIVA

Non cabe dúbida de que o achegamento ás fontes primarias é unha verdadeira fonte de luz para a investigación do noso pasado. A importancia de cotexar as explicacións teóricas que se poidan desenvolver noutrora con evidencias contrastables que lle outorgan validez, as cuestionen ou as maticen, é fundamental. Ademais, resulta unha maneira clara de subliñar a base epistemolóxica e metodolóxica de toda investigación que pretenda ser rigorosa respecto dun obxecto definido de análise. En consecuencia, pódese correr o risco de querer construír un discurso científico sobre a anécdota ou o ensaio en lugar de sobre a evidencia, eliminando a posibilidade do proceso de validación científica (Barnes 1994).

A tenor do anterior, dispoñer das fontes documentais primarias –tan extensas e detalladas como as estudadas no presente traballo– abre múltiples posibilidades de investigación, como o achegamento á realidade demográfica e socioeconómica de Xermade no século XVIII ou á situación e/ou ao papel da muller neste contexto. E acoutar un espazo, un tempo e un tema permite avanzar cara ao coñecemento con criterios de racionalidade propios do coñecemento científico. Pero ademais, posibilita detectar algúns elementos de singularización que non poderían terse realizado por dedución dende o tempo presente, o que indubidablemente supón incorrer en erros de presentismo anacrónico.

No caso que nos ocupa, ponse de manifesto que tan só a un escaso 4% das mulleres xermadesas adultas se lles recoñece o exercicio dalgunha actividade remunerada. E adoitan ser traballos

que non esixen cualificación e que tenden a ser unha prolongación da vida doméstica e/ou agraria e, como consecuencia disto, o seu nivel de beneficios resulta moi baixo.

Ademais, a inscrición no cadro familiar, a idade e/ou o estado civil son elementos determinantes nas relacións das mulleres co mundo do traballo, de xeito que o 13% das que teñen dedicación recoñecida decláranse cabezas de familia, das cales, máis da metade ten máis de corenta anos e adoitan ser solteiras ou viúvas; é dicir, a mais idade destas, máis posibilidade de ser cabezas. Igualmente, semella claro que a situación pola que unha muller exerce de cabeza está ligada a feitos moi concretos: viuvez, ausencia do home ou impedimento manifesto deste. E o seu rol neste cargo, se ben proporcionalmente menor con respecto ao do home, é bastante similar ao desenvolto por el en termos de estrutura e caracterización do fogar.

Á vista destes datos, está claro que, dunha maneira ou doutra, o labor da muller no Xermade do século XVIII –como en toda a Galicia rural– é decisivo e imprescindible, porque está canalizado *dende* e *para* a familia; entendida esta como punto de apoio ante situacións de adversidade, como unidade de traballo e como organismo base da sociedade da época.

Non obstante, quérese eludir tanto a unha visión triunfalista dunha muller con plena autonomía como á imaxe dunha muller sometida á autoridade do varón en tódolos planos da súa existencia. E esta dicotomía ten o seu correspondente reflexo no seu nivel de decisión e/ou intervención na xestión da economía familiar, que non ten lugar a dúbidas (Rovira et al 1984: 164):

> *A muller galega, sobre todo entre as clases rurais, é o pensamento director do fogar, a vontade dominante. Non usurpa ao home o seu papel de xefe da casa (...), mais non fai outra cousa sen contar con ela e adoita ser acatada a autoridade do seu consello.*

E a pesar de coñecermos os elementos básicos do comportamento demográfico, social e económico da muller xermadesa no século XVIII, entendemos –e destacamos– a necesidade de seguir profundando na análise, no estudo e no aproveitamento doutros textos coetáneos –como, por exemplo, protocolos e actas notariais, documentación fiscal, rexistros xudiciais, censos tributarios, etc...– coa fin de descubrir e presentar máis información e máis puntos de vista que permitan debuxar e comprender a realidade feminina desta centuria, en toda a amplitude que o tema poida ter no marco xeográfico do antigo termo municipal de Xermade.

E tamén máis alá, tanto no tempo como no espazo.

Porque a historia das mulleres non pode esquecerse.

Porque a historia das mulleres aínda está por escribir.

# BIBLIOGRAFÍA


ALIMENTO, Antonella."Los catastros del siglo XVIII, entre tradición y modernidad", *CT Catastro, 46.* Madrid 2002. Páx.17-26.

ALONSO ÁLVAREZ, Luis. *Industrialización y conflictos sociales en la Galicia del Antiguo Régimen (1750-1830).* Editorial Akal. Madrid 1977.

ANGULO TEJA, María del Carmen. *La hacienda española en el siglo XVIII: las rentas provinciales.* Centro de Estudos Políticos e Constitucionais. Madrid 2002.

ARANDA, Censo de. *Población de los Pueblos de España con distinción de parroquias y Diócesis.* Reedición do Instituto Nacional de Estatística (INE). Madrid 1998. Dispoñible en: https://www.ine.es/ss/Satellite?L=es_ES&c=INEPublicacion_C&cid=1259942865759& p=1254735110672&pagename=ProductosYServicios%2FPYSLayout&param1=PYSDe talleGratuitas.

ARANDA MENDÍAZ, Manuel. *La mujer en la España del Antiguo Régimen: historia de género y fuentes jurídicas.* As Palmas de Gran Canaria 2008.

ARROYO ILERA, Fernando."El Catastro de Ensenada y el Diccionario Geográfico", *CT Catastro, 46.* Madrid 2002. Páx.89-98.

BALLESTEROS FERNÁNDEZ, Aurora + CERNADAS MARTÍNEZ, Silvia +

GARCÍA FERNÁNDEZ, Miguel. *As mulleres na historia de Galicia.* Editorial Andavira. Santiago de Compostela 2012.

BARNES, Barry. *Sobre ciencia.* RBA Edicións. Barcelona 1994.

BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón. *Historia Contemporánea de Galicia: tomo IV.* Editorial Galaxia. Vigo 1981.

CARMONA BADÍA, Xoán. "Clases sociales, estructuras agrarias e industria rural doméstica en la Galicia del siglo XVIII", *Revista de Historia Económica: Journal of Iberian and Latin American Economic Historic,* ano 2, número 3. 1984. Páxs.35-50.

CREMADES GRIÑÁN, Carmen María. *Borbones, hacienda y súbditos en el siglo XVIII.* Universidade de Murcia. Murcia 1993.

DAVIS, Natalie Zemon. "La historia de las mujeres en transición: el caso de Europa", *Estudios Feministas.* París 1976.

DOPICO GUTIÉRREZ DEL ARROYO, Fausto + ROWLAND, Rober J. "Demografía del censo de Floridablanca: una aproximación", *Revista de Historia Económica = Journal of Iberian and Latin American Economic History,* ano 8, número 3. Madrid 1990. Páx.591-618.

DUBERT GARCÍA, Isidro. *Historia de la familia en Galicia durante época moderna (1550-1830).* Edicións do Castro. Sada 1992.

EIRAS ROEL, Antonio. *La población de Galicia, 1700-1860. Crecimiento, distribución espacial y estructura de la población de Galicia en los siglos XVIII y XIX.* Fundación CaixaGalicia. Santiago de Compostela 1996.

EJIDO, Carlos + MORENO ALMÁRCEGUI, Antonio. "El Censo de Floridablanca, un chequeo", *Pedralbes: Revista d'historia moderna,* 8 - 1. Barcelona 1988. Páx.163-184.

ENSENADA, Catastro de. *Libro de Interrogatorios. Respuestas Generales del Catastro del Marqués de la Ensenada.* Documento consultado no Portal de Arquivos Españoles (PARES), coa referencia AGS_CE_RG: Arquivo Xeral de Simancas, Dirección Xeral de Rendas, Primeira Remesa / Catastro de Ensenada / Respostas Xerais. Dispoñible en: http://pares.mcu.es/Catastro/.

FARGE, Arlette. "La historia de las mujeres. Cultura y poder de las mujeres: ensayo de historiografía", *Historia Social,* 9. Valencia 1991. Páx.79-101. Dispoñible en: https://www.jstor.org/stable/40340549.

FLORIDABLANCA, Censo de. *Censo español executado de orden del rey comunicada por el Conde de Floridablanca en el año de 1787.* Reedición do Instituto Nacional de Estatística (INE). Madrid 1987-1989. Dispoñible en: https://www.ine.es/ss/Satellite?L=es_ES&c=INEPublicacion_C&cid=1259949437001& p=1254735110672&pagename=ProductosYServicios%2FPYSLayout&param1=PYSDe talleGratuitas.

FRAGA PITA, Águeda + NOVO MUINELO, Modesta (coord.). *Xermade, o meu pobo.* Colexio Público de Xermade. Xunta de Galicia: Consellería de Cultura e Xuventude. Santiago de Compostela 1994.

GARCÍA ESPAÑA, Eduardo. "Censos de población españoles", *Estadística Española,* 128. Madrid 1991. Páx.441-500.

GARCÍA GONZÁLEZ, Francisco. "Mujeres al frente de sus hogares. Soledad y mundo rural en la España interior del Antiguo Régimen", *RevHisto: Revista de Historiografía,* 25. Madrid 2017. Páx.19-46. DOI: https://doi.org/10.20318/revhisto.2017.3697.

GARCÍA-LOMBARDEROYVIÑAS, Jaime. *La agricultura y el estancamiento económico de Galicia en la España del Antiguo Régimen.* Editorial Siglo XXI. Madrid 1973.

LABRADA ROMERO, José Lucas de los Dolores. *Descripción económica del Reyno de Galicia*. Xunta de Goberno do Real Consulado de A Coruña. A Coruña 1804.

LÓPEZ TABOADA, Xosé Antonio. *Economía e poboación en Galicia.* Edicións do Rueiro. A Coruña 1979.

LORENZO ASPRES, Alberta. *Realidade demográfica e socioeconómica do Val Miñor no século XVIII: o papel da muller.* A Coruña 2023. Documento inédito.

MARCOS MARTÍN, Alberto. *España en los siglos XVI, XVII y XVIII. Economía y sociedad.* Crítica Editorial. Barcelona 2000.

MARTÍN GALÁN, Manuel Mariano."Fuentes y métodos para el estudios de la demografía histórica castellana durante la Edad Moderna", *Hispania: revista española de historia,* vol.XLI, Madrid 1981. Páx.231-325.

MARTÍN GALÁN, Manuel Mariano."Dos importantes fuentes documentales sobre la historia de la población española publicadas por el Instituto Nacional de Estadística: el recuento de 1590-91 y la documentación primaria del censo de Floridablanca (1786-87)", *Cuadernos de Historia Moderna,* 9. Madrid 1988. Páx.209-216.

MARTÍNEZ RISCO Y AGÜERO, Vicente. *Historia de Galicia*. Editorial Galaxia. Vigo 1978.

MATILLA TASCÓN, Antonio. *La Única contribución y el Catastro del Marqués de la Ensenada.* Ministerio de Facenda: Servizo de Estudos da Inspección Xeral. Madrid 1947.

MATO DOMÍNGUEZ, Alfonso + VILLARES PAZ, Ramón. *Historia de Galicia: La* época *moderna.* Faro de Vigo. Vigo 1991.

ORTEGA AGUSTÍN, Miguel Ángel. *Familia y matrimonio en la España del siglo XVIII: ordenamiento jurídico y situación real de las mujeres a través de la documentación notarial.* Universidade Complutense de Madrid. Madrid 2003.

OTERO PEDRAYO, Ramón. *Síntesis histórica do século XVIII en Galicia.* Editorial Galaxia. Vigo 1969.

PEIRÓ ARROYO, Antonio."La Única Contribución", *El Catastro en España.* Ministerio de Economía e Facenda. Madrid 1988. Páx.75-88.

PÉREZ MOREDA, Vicente."La estadística demográfica en el gobierno de la España ilustrada: recuerdo y elogio del Censo de Floridablanca", Índice: *Revista de Estadística y Sociedad,* 43. Madrid 2010. Páx.8-17.

REHER, David Sven + VALERO LOBO, Ángeles. *Fuentes de información demográfica en España.* Centro de Investigacións Sociolóxicas. Madrid 2005.

REY CASTELAO, Ofelia."El reparto social del diezmo en Galicia", *Ohm: Obradoiro de Historia Moderna,* 1. Santiago de Compostela 1992. Páx.145-162.

REY CASTELAO, Ofelia."Mujer y sociedad en la Galicia del Antiguo Régimen", *Ohm: Obradoiro de Historia Moderna,* 3. Santiago de Compostela 1994. Páx.51-70.

REY CASTELAO, Ofelia."Mujeres en la economía campesina", *Historia de las mujeres en España y América Latina,* vol.2. Edicións Cátedra. Madrid 2005. Páx.263-286.

REY CASTELAO, Ofelia."Crisis familiares y migraciones en la Galicia del siglo XVIII desde una perspectiva de género", *Studia historica: historia moderna,* vol.38, núm.2. Salamanca 2016. Páx.201-236.

REY CASTELAO, Ofelia + RIAL GARCÍA, Serrana M. *Historia das mulleres en Galicia. Idade Moderna.* Nigratea Editorial. Vigo 2009.

RIAL GARCÍA, Serrana M. "Las mujeres, el trabajo y la familia en la Galicia Moderna", *Ohm: Obradoiro de Historia Moderna,* 12. Santiago de Compostela 2003. Páx.189-221.

RIAL GARCÍA, Serrana M. *Mujer y actividad económica en la Galicia moderna. La inserción de las mujeres en la producción económica rural y urbana.* Universidade de Santiago de Compostela: tese de doutoramento. Santiago de Compostela 2003.

RIAL GARCÍA, Serrana M. *El trabajo de las mujeres del campo en la Galicia Moderna*. Asociación Española de Investigación de Historia das Mulleres (AEIHM). Madrid 2004.

RIAL GARCÍA, Serrana M. "El trabajo de las mujeres del campo y la economía familiar en la Galicia Moderna", *Arenal: Revista de historia de las mujeres,* vol.13, núm.1. Granada 2006. Páx.7-37.

RIAL GARCÍA, Serrana M. *O traballo das mulleres na Galicia rural do Antigo Réxime.* Universidade de Santiago de Compostela. Santiago de Compostela 2009.

RÍO BARJA, Francisco Xavier. *Cartografía Xurisdiccional de Galicia no século XVIII.* Consello da Cultura Galega. Santiago de Compostela 1990.

RIVEIRA REQUEIJO, Antonio. *Catastro de Ensenada: Concello de Xermade. Transcripción.* Xermade 2011. Documento inédito.

ROVIRA, Prudencio + TENORIO, Nicolás + VICENTI, Alfredo. *Clásicos agrarios. Aldeas, aldeanos y labriegos en la Galicia tradicional.* Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación + Xunta de Galicia. Madrid 1984.

SAAVEDRA FERNÁNDEZ, Pegerto. *Economía, sociedad y política en la Galicia del Antiguo Régimen: la provincia de Mondoñedo 1480-1830.* Xunta de Galicia. Santiago de Compostela 1985.

SAAVEDRA FERNÁNDEZ, Pegerto. *La vida cotidiana en la Galicia del Antiguo Régimen.* Crítica Editorial. Barcelona 1994.

SAAVEDRA FERNÁNDEZ, Pegerto. "La administración de las rentas provinciales en la Galicia del siglo XVIII", *Semata: Ciencias sociais e humanidades,* 15. Santiago de Compostela 2004. Páx.395-414.

SAAVEDRA FERNÁNDEZ, Pegerto. *A Galicia do Antigo Réxime (ca.1480-ca.1835).* Arrecife Editorial. A Coruña 2007.

SOBRADO CORREA, Hortensio. "Algunas notas acerca de la vida cotidiana del campesinado gallego en la Edad Moderna", *Revista Portuguesa de Historia,* 47. Coímbra 2016. Páx.129-152.

VILLARES PAZ, Ramón. *La propiedad de la tierra en Galicia (1500-1936).* Editorial Siglo XXI. Madrid 1998.

VILLARES PAZ, Ramón. *Historia de Galicia*. Editorial Galaxia. Vigo 2004.

VV.AA.; *Plan Xeral de Ordenación Municipal de Xermade*. Boletín Oficial Provincial de Lugo, 28 de maio do 2003.

VV.AA.; "Xermade", *Gran Enciclopedia Galega 'Silverio Cañada'*, tomo XLIV. El Progreso - Diario de Pontevedra. Lugo 2005. Páx.175-179.



# A SOCIEDADE DE INSTRUCIÓN E RECREO "PROGRESO DE LOUSADA"

Juan Carlos Vivero López



*In memoriam do me meu avó Rufino, que traballou arreo pola mellora da instrución no contorno, e de todos aqueles que, naquela época, participaron en tan loable labor.*

*"La instrucción guía al hombre, por el sendero de la verdad, en su transitoria vida por el mundo. La instrucción es luz brillante que ilumina a los pueblos en su marcha hacia el progresivo desarrollo cultural"*

*(J.Cuba Restrebada, en Galicia Pintoresca. Ano III, núm. 46, 26.04.1918)*

# AGRADECEMENTOS

Ao persoal funcionario e alcalde do Concello de Xermade pola súa dispoñibilidade e por facilitarme en todo momento as consultas no arquivo municipal, ao persoal responsable da documentación nos distintos arquivos consultados (AEG, AHUS, AHML) polas axudas prestadas e por orientarme na consulta "on line" dos documentos dixitalizados, a Xosé A. Pombo polas súas achegas e consellos, a Fernando Vázquez polas súas correccións e suxestións, aos veciños e ás veciñas de Lousada que me proporcionaron datos relacionados coa sociedade, e a todas e todos os que dalgún xeito colaboraron e me animaron a levar a cabo este sinxelo traballo. Por último, un recordo e profundo agradecemento para as persoas de Lousada emigradas a Cuba que, co seu esforzo, contribuíron a dotar dun edificio escolar á parroquia procurando mellorar as condicións de vida e o engrandecemento desta, e tamén para as que quedaron aquí e traballaron con tesón para acadar este fin.

# INDICE

1. INTRODUCIÓN: PRESENTACIÓN E MOTIVACIÓNS DO ESTUDO ..... 161

2. OBXECTIVOS E METODOLOXÍA ..... 165

3. CONTEXTO SOCIO-EDUCATIVO EN LOUSADA A FINAIS DO SÉCULO XIX E PRINCIPIOS DO XX ..... 169

4. BREVE ESBOZO SOBRE A EMIGRACIÓN E AS SOCIEDADES DE INSTRUCIÓN ..... 179

*5.* A SOCIEDADE DE INSTRUCIÓN E RECREO "PROGRESO DE LOUSADA" ..... 189

5.1. Creación ..... 189

5.2. Finalidade ..... 191

5.3. Proxecto educativo e dotación de profesorado ..... 194

5.4. O edificio escolar ..... 198

5.5. Socios ..... 205

5.6. Recursos económicos e financiamento da Sociedade en Lousada ..... 205

5.7. Actividades promovidas ..... 206
A festa da árbore ..... 206
Veladas e representacións teatrais ..... 209
Os bailes ..... 212
5.8. Directivas da Sociedade en Lousada ..... 213

6. A SOCIEDADE "PROGRESO DE LOUSADA" NA HABANA ..... 219

6.1. Creación e domicilio social ..... 219
6.2. Finalidades e achegas ..... 221
6.3. Os asociados e asociadas e as súas actividades laborais ..... 222
6.4. Financiamento, recadación e investimento dos fondos ..... 224
6.5. Festas campestres, "jiras", "matinées" e outras celebracións ..... 226
6.6. Funcionamento da Sociedade ..... 227
6.7. Xuntas Directivas na Habana ..... 229
6.8. Fusión das Sociedades "Progreso de Lousada" e "Hijos de Roupar" ..... 235

CONCLUSIÓNS ..... 237
BIBLIOGRAFÍA ..... 239
ANEXOS ..... 243

ANEXO 1: REGULAMENTO DA SOCIEDADE DE INSTRUCIÓN E RECREO "PROGRESO DE LOUSADA". LOUSADA, 1915 ..... 245
ANEXO 2: REGULAMENTO DA SOCIEDADE DE INSTRUCIÓN E RECREO "PROGRESO DE LOUSADA". LOUSADA,1918 ..... 251
ANEXO 3: REGULAMENTO DA SOCIEDADE DE INSTRUCIÓN E PROTECIÓN "PROGRESO DE LOUSADA". A HABANA, 1918 ..... 257
ANEXO 4: REGULAMENTO DA SOCIEDADE" PROGRESO DE LOUSADA", SOCIEDADE CULTURAL E DE SOCORROS MUTUOS ..... 267
ANEXO 5: REGULAMENTO DOS DEREITOS DOS ASOCIADOS EN RELACIÓN CO PANTEÓN CONSTRUÍDO NO CEMITERIO COLÓN DA HABANA ..... 279
ANEXO 6: FOLLETO CELEBRACIÓN DO DÍA DA ÁRBORE (1923) ..... 283
ANEXO 7: CARTA ENVIADA AOS SOCIOS NA HABANA EN 1932 ..... 301
ANEXO 8: DOCUMENTOS DA FUSIÓN DAS SOCIEDADES "PROGRESO DE LOUSADA" E "HIJOS DE ROUPAR" ..... 302

# 1. INTRODUCIÓN: PRESENTACIÓN E MOTIVACIÓNS DO ESTUDO

A parroquia de Lousada (Santo André de Lousada) forma parte dende o ano 1840 do Concello de Xermade, Partido Xudicial de Vilalba, Arciprestado de As Pontes, provincia de Lugo. É a máis extensa do Concello, con 31,2 km$^2$ e está dividida en dúas áreas diferenciadas: Lousada de Arriba e Lousada de Abaixo ou Fondal de Lousada, con algunha entidade de poboación a medio camiño entre ambas as dúas áreas como son os lugares de A Penela, A Abelleira e A Vesura. Esta disposición xeográfica ten relevancia en canto á creación, construción e situación das escolas que existiron na parroquia. Segundo o Padrón municipal de habitantes e tomando como referencia o ano 1924, estaba formada por corenta lugares: A Abelleira, Ameixido, Armil, Busto Redondo, O Campo da Feira, Carba, Carbeta, O Casal, As Casas Novas, A Casa Nova, A Casa Vella, Choutar, O Corno, Os Curros, A Costa, Folgoso, Furco de Abaixo, Gandia, A Garrona, Goía, Gutiérrez, O Muiño Novo, Noia, Orxás, O Pazo, A Penamusga, A Penela, As Penelas, A Pía, O Porto, A Rega, O Rego Cego, O Sumeiro, Teixido, O Uzal, A Veiga, A Vesura, O Vieiro, Vilachá e Os Xestás.[1] Hoxe en día, algúns destes lugares están deshabitados e o Nomenclator actual recolle 34.[2]

1 Padrón Municipal de Habitantes (1881-2008). Arquivo Municipal do Concello de Xermade (AMCX). Os topónimos adaptáronse á nomenclatura actual.

2 https://www.xunta.gal/nomenclator?p_p_id=NomenclatorPortlet_WAR_NomenclatorPortlet&p_p_lifecycle=1&p_p_state=normal&p_p_mode=view&p_p_col_id=column- 1&p_p_col_count=2&busquedaGuiada=1&idProv=3&idConc=27021&idParr=2702105

Limita polo Norte coa parroquia de O Burgo (Muras), ao Leste con Vilapedre e Lanzós (Vilalba), ao Sur con Santaballa (Vilalba) e Candamil (Xermade), e ao Oeste con Roupar e Cabreiros (ambas as dúas de Xermade).

As súas principais vías de comunicación son a estrada local LU-P-6509 que a conecta con Vilalba a través de Santaballa, enlazando coa autovía AG-64 ou a estrada LU-861 (Vilalba-Ferrol), e a LU-P-2206 que a conecta coa estrada LU-540 (Cabreiros a Viveiro) e tamén coas Pontes-Ferrol enlazando coa estrada LU-861 ou a autovía AG-64.

Durante o Antigo Réxime foi xurisdición propia formando parte do SS dos Marqueses de Valdecarnaza. Nas respostas xerais do Catastro do Marqués da Ensenada, recóllese o seguinte:

> *" A primer capítulo dijeron que dicha Feligresía se llama San Andrés de Losada, dentro de la que se halla el Cotto de este nombre y el de Ameixido y responden.*
>
> *A segundo capítulo dijeron que dicha feligresía y el Coto de este nombre de San Andrés de Losada es de Señorío de don Antonio Vicente de España y Luna, vecino de la ciudad de la Coruña (…), y el Coto de Ameixido es de Señorío de la Señora Marquesa de San Saturnino"*[3]

Os Concellos creados polo Real decreto do 23 de xullo de 1835 foron reformados pola Circular do Goberno Provisorio da provincia, publicado no BOPLU núm. 84 do 18 de outubro de 1840. A partir desta data queda constituído o Concello de Xermade e a parroquia de Lousada integrada neste (Fariña Jamardo, 1993)[4].

As parroquias de Lousada e Roupar aínda tentarían segregarse do Concello de Xermade e integrarse no de Vilalba, pero a súa solicitude foi rexeitada." Na sesión da Deputación de Lugo de 20 de outubro de 1844, acordan informar negativamente a solicitude" (Fariña Jamardo, 1993)[5].

Todo isto explica, en certo modo, que a parroquia tivese sempre certa independencia e unha dinámica propia, e tamén que mantivese vínculos especiais coas limítrofes de Roupar e Santaballa, situadas xeograficamente nas saídas principais en canto as vías de comunicación. Ese dinamismo de seu explica que Lousada, a principios do século XX, fose das primeiras en encarar novos retos como a mellora das condicións na educación.

Un dos motivos deste traballo é rescatar do esquecemento o labor, digno de encomio, dos emigrados lousadeses á Habana, que contribuíron co seu esforzo e solidariedade á construción dun edificio escolar para os seus conterráneos, así como a mellora da instrución e a procura do progreso desta. Na actualidade Lousada ten un grave problema de perda e envellecemento da poboación. Estanse a romper as conexións entre aquelas xeracións de emigrados, que forneceron de recursos para a instrución aos veciños que permaneceron aquí, e as xeracións actuais; por iso,

---

3 CME(1749-1756).Respostas Xerais https://pares.mcu.es/Catastro/servlets/ImageServlet?accion=41&txt_zoom=10&txt_contraste=0&cabecera=N&total_imagenes=21&txt_rotar=0&txt_idActual=2&txt_id_imagen=2&zoom=&appOrigen=&opcionV=&loc=

4 Fariña Jamardo, X. (1993). *Os Concellos Galegos. Parte Especial. Tomo X (Val do Dubra-Zas).* A Coruña: Fundación Barrié de la Maza, pp. 430,431.

5 Ibídem, p. 438.

este traballo pretende ser unha homenaxe a esas persoas e ao seu labor, e facelos revivir na nosa memoria, como ben sinala Vázquez Vila:

> *"Las cosas y las obras de las que no se ha escrito nada se hallan cubiertas de tinieblas y entregadas al sepulcro sin memoria; en cambio, aquellas que han sido estudiadas se hallan como vivificadas y aunque no todo esté dicho; las obras perduran a lo largo del tiempo, como ocurre con las majestuosas o sencillas construcciones escolares que se encuentran esparcidas por toda la geografía peninsular y que en algún momento fueron utilizadas como templos del saber. En concreto, nos referimos a las escuelas creadas en las distintas parroquias gallegas, gracias a la labor de un gran contingente humano, preocupado por la difusión de la cultura y por favorecer el desarrollo de la educación entre sus conciudadanos. Convirtiéndose, sin lugar a dudas, en el principal símbolo del progreso aportado por los emigrantes."(2005)*[6].

Outro dos motivos é facer unha exigua incursión na micro-historia dunha pequena parroquia, aventurarnos nunha modesta parcela da historia local e sacala á luz." Cada parroquia ten unha historia oculta que só está á espera do seu descubridor" (Villares Paz, 2008)[7]. Cabe salientar tamén, como di este profesor, referíndose ás sociedades de instrución, que "todas elas merecen un estudo de seu"[8].

Resulta difícil atopar información sobre esta sociedade dado que se perdeu documentación esencial. Por iso preténdese tamén recompilar todos os documentos de interese posibles, crear un modesto "corpus" para as persoas interesadas, e abrir unha pequena porta que dea acceso a continuar o estudo desta ou doutras sociedades de instrución. Non se trata de elaborar un rigoroso estudo científico sobre o ensino ou a emigración en Lousada, senón dun sinxelo achegamento á contribución dos lousadeses e das lousadesas que permaneceron aquí, e dos que emigraron, á mellora da instrución na parroquia, para que quede constancia, unha vez máis, da súa enorme achega, altruísta, xenerosa e solidaria.

Por último, hai unha motivación afectiva: o edificio construído polos emigrados e os veciños de Lousada, convertido con posterioridade na Escola Nacional Mixta núm. 1 de Lousada Pazo foi a primeira escola da miña nenez.

---

6 Vázquez Vila, D.M. (2005). *Las escuelas habaneras en el Ayuntamiento de Vilalba, provincia de Lugo*. Lugo: Diputación Provincial de Lugo, Colección Historia, Imprenta Catedral S.L., p. 19.

7 Villares Paz, R. Unha escola habanera para unha parroquia chairega, en: Pérez López, S. (2008). *A Escola habanera dos Vilares (Guitiriz)*. Santiago de Compostela: Instituto Teolóxico Compostelán. Rella S.L., p.11.

8 Ibídem, p.15.

# 2. OBXECTIVOS E METODOLOXÍA

O achado casual do Regulamento da "Sociedade El Progreso de Lousada" foi o punto de inflexión para intentar artellar un sinxelo traballo sobre unha sociedade dunha pequena parroquia galega.

Os obxectivos que se marcaron no proceso de investigación son:

- Poñer en valor a importancia desta Sociedade no contexto histórico-social da parroquia.
- Rescatar do esquecemento o labor dos emigrados lousadeses á Habana e dignificar a súa enorme achega ao progreso e á cultura do seu lugar de orixe.
- Indagar na procura de documentación sobre esta, analizala e aglutinala, na medida do posible, evitando a súa dispersión e procurando crear un pequeño "corpus", integrado no presente traballo, que facilite o coñecemento da Sociedade e abra as portas a unha posible ampliación e afondamento no seu estudo, na medida en que aparezan novos documentos.

Vaise, por tanto, facer unha incursión no terreo da micro-historia, á que en España non se lle prestou "nin unha mínima parte da atención merecida", como sinala Arostegui (1995)[9], se ben é

9 Arostegui, J. *(1995)*. *La investigación histórica: Teoría y método*. Barcelona: Crítica, Grijalbo Mondadori, p.142.
Arostegui cita una artigo de J. Serna y Pons: "El ojo de la aguja. ¿De qué hablamos cuando hablamos de microhistoria?

certo que a situación cambiou nos últimos anos, aparecendo numerosos estudos no ámbito da historia local, "un campo privilexiado para a micro-historia" segundo este mesmo autor (1995)[10]. Esta, en canto á práctica, baséase fundamentalmente segundo G. Levi "na redución da escala de observación, nunha análise microscópica e nun estudo intenso do material documental"[11]. Deste xeito, "a observación microscópica revelará factores anteriormente non observados"[12]. Con esa redución de escala situamos a historia local, en certa medida, no ámbito social e a antropolóxico.

En consecuencia, adóptase para o estudo o método "histórico" ou "historiográfico" que se basea en estudar "os feitos sociais en relación sempre co seu comportamento temporal", procurando que a exposición da historia faga "intelixible e explicable o que as fontes de información proporcionan"[13]. Polo tanto, seguindo a de Gabriel, tentaranse explicar os feitos, sobre todo dende unha perspectiva causal, é dicir, procurando especificar cales son os factores responsables da produción dun determinado acontecemento (1990)[14].

Preténdese, dende unha esfera positivista, facer unha análise hermenéutica o máis obxectiva posible, indo un paso máis adiante da crónica, asumindo o risco de caer nunha sucinta exposición dos feitos.

O marco temporal en que se desenvolve este estudo abrangue dende finais do século XIX ata mediados do século XX, en concreto o ano 1957 en que a Sociedade se fusiona con" Hijos de Roupar" creando a nova sociedade "Roupar y Lousada", poñendo especial énfase dende a súa creación ata o inicio da guerra civil española. Tamén se fará mención á recuperación do edificio da Escola Habanera por parte dos veciños de Lousada, no ano 2008.

Na planificación e estruturación do traballo establecéronse catro aspectos fundamentais:

- A formulación duns obxectivos, a explicación da metodoloxía adoptada e fontes empregadas.
- Unha análise do contexto socio-educativo da parroquia a finais do século XIX e principios do XX.
- Unha sinxela explicación sobre a emigración e as sociedades de instrución. Este é un aspecto moi estudado por numerosos investigadores, pero incídese sucintamente neste na medida que nos axudará a entender a Sociedade Progreso de Lousada no contexto histórico social da época.
- A Sociedade Progreso de Lousada como eixe principal e motivo fundamental do estudo: a súa xénese, actividades desenvolvidas, dificultades que tivo que encarar e outros aspectos, estudados dende a escasa documentación conservada.

En canto ás fontes, podemos encadralas do seguinte xeito:

10 Ibídem, p. 144.

11 Citado por Arostegui, op.cit., p.143.

12 Arostegui, op. cit., p.144.

13 Arostegui, op. cit., pp.53, 54 e 273.

14 De Gabriel, N. (1990). *Leer, escribir y contar. Escolarización popular y sociedad en Galicia(1875-1900)*. A Coruña: Edicións do Castro, p.22.

- Fontes orais: Testemuñas de persoas de Lousada que aínda recordan datos sobre a Sociedade e a súa actividade.
- Fontes documentais consultadas en diversos arquivos:
  - Privados
  - Arquivo Municipal do Concello de Xermade (AMCX).
  - Arquivo da Emigración Galega. Consello da Cultura de Galicia (AEG).
  - Arquivo Histórico Provincial de Lugo (AHPL).
  - Arquivo Histórico da Universidade de Santiago (AHUS).
- Fontes procedentes de hemerotecas: Fundamentalmente prensa local da época e tamén publicada na Habana á que se accedeu a través de Galiciana[15].
- Fontes gráficas: Procedentes de arquivos privados e do fondo do AEG.
- Fontes Bibliográficas

15 https://biblioteca.galiciana.gal/es/consulta/registro.do?control=BDG20100000168
https://biblioteca.galiciana.gal/es/consulta/registro.do?control=BDG20110007195
https://biblioteca.galiciana.gal/es/consulta/resultados_busqueda_restringida.do?presentacion=mosaico&idOrigen=1825&tipoResultados&busq_idlistlocsum=A+Habana&descrip_idlistlocsum=A+Habana

# 3. CONTEXTO SOCIO-EDUCATIVO EN LOUSADA A FINAIS DO SÉCULO XIX E PRINCIPIOS DO XX

A finais do século XIX e do primeiro terzo do XX Lousada contaba cunha sociedade de base agraria. A agricultura e unha feble gandería eran as actividades económicas principais. Pódese dicir que a parroquia compartía, en maior ou menor medida, os mesmos problemas que presentaba o contorno e Galicia en xeral.

O atraso económico era evidente e a agricultura presentaba unha serie de dificultades herdadas dunha estrutura tardo-feudal, agravadas pola "caída de prezos que determinará a chegada masiva de cereal procedente de América, Rusia e Australia ás costas de Europa" a finais do XIX (Barreiro, 1982)[16], corrixida pola política proteccionista dos gobernos, moi lesiva para Galicia, en favor dos cereais de Castela. Esta crise tamén se verá agravada pola perda do mercado inglés para a carne.

Así, o século XIX remata cunha crise agraria que afectará evidentemente á poboación da parroquia. Os principais problemas que arrastraba o agro resúmeos moi ben o profesor Villares Paz

16 Barreiro Fernández,R. (1982). *Historia contemporánea de Galicia (ss XIX-XX), Historia política,Tomo I* Edición Nós, A Coruña p.417. Traducida polo autor.

(1980): a atomización e fragmentación da terra (minifundismo), a persistencia dun sistema foral e os elevados impostos e rendas que debían pagar os agricultores[17]. Este "minifundismo" non se refire só ao parcelamento, senón á "organización da agricultura en pequena labranza familiar con policultura de subsistencia"[18]. De aí que a terra só produza para iso e " auxiliarmente para un mercado moi elemental que proporcionará o indispensable para a adquisición dos produtos non elaborados aquí , e para as contribucións", como sinala o profesor Barreiro (1982)[19].

No eido demográfico existían máis de trinta entidades de poboación cunha acentuada dispersión. As casas estaban ateigadas de xente e era habitual a convivencia de varias xeracións: o matrimonio que rexentaba a pequena explotación, os fillos, algún ascendente, e circunstancialmente algún tío ou tía solteira. Por iso, produciuse un desequilibrio entre a capacidade produtiva e o número de persoas que alimentar. Iso daría lugar ao éxodo migratorio dos lousadeses, igual que aconteceu en toda Galicia que non era capaz de dar de comer a toda a súa poboación.

En canto á instrución, e para entender en toda a súa dimensión a achega dos emigrados lousadeses, debemos retrotraernos ao último terzo do século XIX, ou incluso á segunda metade deste, e facer unha análise das condicións desta que nos permitirá entender a necesidade de mellorala en todos os ámbitos. Pódese afirmar contundentemente que o nivel e as condicións en que se desenvolvía eran moi deficientes. Madoz (1847) refire que na freguesía había unha escola sen dotación á que concorrían 25 nenos e 4 nenas[20]. Este dato xa pon de relevo a escasa inscrición e a postergación das nenas en relación á instrución.

O día 1 de agosto de 1860 o inspector Tomás Luciano Carreira asina en Muras un informe de visita ás escolas do Concello de Xermade, e no mesmo fai referencia á existencia de tres escolas pías localizadas neste:

> *"En este Ayuntamiento había tres obras pías de rentas insignificantes, situadas en S. Andrés de Lousada, Sta. María de Germade y S. Miguel de Candamil. Las rentas de la 1ª consistían en seis fanegas de centeno; las de la segunda en tres ferrados de trigo, tres de centeno y tres capones, y las de la tercera en unos bienes que por lo mal administrados que estaban solo producían de doscientos a doscientos cuarenta reales. Los mismos pagadores de las rentas fueron los Maestros de su respectiva escuela hasta el año último, en que por haber redimido aquellas, suspendieron la enseñanza. Sin embargo las escuelas estas ningún beneficio producían, porque sus Maestros solo cuidaban de cubrir el expediente para poder quedarse con la renta, y además todos ellos enseñaban lo que no conocían"(Sic)*[21].

Este informe constata que en 1860 cesa a actividade nas mencionadas escola pías, pero no referente á de Lousada suponse que a súa creación , aínda que non poidamos precisar a data, foi moi anterior . O profesor Costa Rico (2004) rexistra a existencia dunha escola pía en Lousada en 1825 [22].

---

17 Bermejo,J.C; Pallares,M.C; Pérez, J.M; Portela, E; Vázquez, J.M; Villares, R.(1980). *Historia de Galicia*. Madrid: Ed. Alhambra, pp. 248 e ss.

18 Ibídem, p. 250.

19 Barreiro Fernández, R. (1982). *Historia contemporánea de Galicia(ss XIX-XX), Tomo* II. A Coruña: Ed. Nós, p.443.

20 Madoz, P. (1847).Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones en ultramar,Imprenta del Diccionario Geográfico a cargo de D. José Rojas, Madrid 1845-1850, Tomo X, pp.395,396

21 Informe de visitas a escuelas. F.U Enseñanza Primaria. Caja 58, Porción 4ª P.27: Xermade 1-VIII-1860. AHUS.

22 Costa Rico, A. (2004). *Historia da Educación e da cultura en Galicia ( séculos IV-XX).*Vigo: E.Xerais de Galicia, p.719.

Entre 1860 e 1862 defínese o Distrito Escolar de"Campo"que abrangue as parroquias de Roupar, Lousada e Cabreiros e créase unha escola incompleta de nenos no lugar de O Campo (Roupar). A localización sería aproximadamente o centro xeográfico das tres freguesías, pero non era axeitado para ningunha delas porque obrigaba aos nenos a recorrer enormes distancias, agás os nenos que vivían nos lugares de Os Fornos, O Campo ou Penavaqueira, máis próximos a ela, polo que se pode deducir que a asistencia sería escasa, incluso os que vivían máis preto non asistían con asiduidade. Atopamos unha interesante información sobre a escola no"estado"[23] que cumprimenta o mestre desta, Pedro José García, despois da visita xirada polo inspector Tomás Luciano Carreira en outubro de 1865. Na resposta á primeira pregunta sobre o estado e dependencias do edificio escribe:

> *"El edificio de la escuela se halla al Sur en terreno saludable, su estado tanto el piso de la sala cuanto el tejado y por medio que la divide precisa algun reparo, se compone de una sola pieza, es alquilada tiene fuente y de lugares comunes sirven los bosques de que se halla rodeada, el Maestro sin embargo de serle indispensable ninguna havitacion(sic) se le dio."*[24]

O inspector facía a seguinte observación ao respecto:" el local tiene bastantes buenas condiciones y además de él dispone el maestro de un cobertizo que sirve de abrigo a los niños fuera de las horas de clase"[25]. Pero esta valoración positiva do local hai que matizala porque os locais, en xeral, eran moi malos, escuros, fríos, mal ventilados e pequenos,"aínda que sendo malos todos, uns eran mellor ca outros" (de Gabriel, 1990)[26].

Do resto das respostas do mestre e das observacións do inspector conclúese que hai carencia de mobles e utensilios, os medios materiais para o ensino son escasos e están deteriorados, non hai libros suficientes e acepta os sobrantes doutras escolas, incluso o alumnado achega os seus propios "siendo estos tan diversos que impide formar asignatura, y casi nulos para la clase de aritmética". O mestre tiña 58 anos e rexentara dende os vinte escolas privadas (escolas de ferrado), obtivera o R. título de 3ª e 4ª clase en 1836 previa superación dun exame de aptitude, recibía 100 escudos anuais de retribución máis 25 en concepto de material e contribución, aínda que ningún alumno pagaba. Todos estes gastos corrían a cargo dos fondos municipais e ademais o mestre recibía 10 escudos por alugueiro. O mestre informa de que a concorrencia oscilaba entre 40 e 60 alumnos, pero o inspector matiza que" ninguno asistía en aquel momento" e emite o seguinte xuízo sobre a escola e o mestre:[27]

> *"No he encontrado niño alguno en la escuela, pero debo suponer que su organización, lo mismo que los resultados de la educación y enseñanza deben de ser muy poco notables, porque el Maestro ni con mucho tiene la instrucción necesaria, ni, según se me ha informado brilla por el celo y la asiduidad con que atiende al Magisterio. Tiene aptitud y no carece de capacidad;*

23 Un estado era un documento que debía redactar o mestre cando recibía unha visita do inspector, contestando a dezaseis preguntas: estado e dependencias do edificio, colocación de mobles e enseres, medios materiais de instrución, materias que comprendía o programa de ensinanza, número de alumnos, concorrencia destes, número de alumnos dispensados de pago de retribucións, sistema adoptado, sección en que se divida cada clase de ensinanza… Logo o inspector insería observacións ás distintas respostas e facía unha valoración da escola e do mestre e redactaba un informe.

24 Informe de visitas a escuelas. F.U Enseñanza Primaria,Caja 58, porción4ª Partido Judicial deVillalba. 18-8-1865.AHUS

25 Ibídem.

26 De Gabriel, N. (1990). *Leer, escribir y contar. Escolarización popular y sociedad en Galicia (1875- 1900)*. A Coruña: Ed.do Castro, p.190.

27 Esta información é unha síntese das respostas contidas no estado cumplimentado polo mestre Pedro José García e das observacións do inspector Tomás Luciano Carreira conservadas no informe de visitas a escuelas antes mencionado.

*pero tengo entendido que en sus costumbres deja mucho que desear sobre lo que estaré a la nueva.*

*El párroco solo dos veces se ha presentado en la escuela"*[28].

Do informe que emite o mencionado inspector, cabe salientar:

*"Debe mejorarse la organización de la Escuela y prescindir en un todo de la enseñanza individual especialmente cuando la concurrencia sea numerosa. Al efecto será conveniente aumentar los medios materiales de instrucción, previa consignación de que conste en el presupuesto, y debe llevarse en otra forma el libro de clasificación (…)*

*Todo el año debe estar habierta(sic), la escuela y en el asistir el Maestro personalmente al desempeño de su obligación tres horas porla (sic) mañana y tres porla (sic) tarde aunque no concurra niño alguno".*[29]

Non podemos precisar con exactitude a duración desta escola situada no Campo. Sábese, iso si, que a principios do século XX xa estaba creada a Escola Nacional Mixta incompleta de Lousada, localizada no lugar da Abelleira e que daba cobertura ás parroquias de Lousada e Roupar.

Na acta da Xunta Local de Primeira Ensinanza celebrada o 25 de xuño de 1916 faise unha análise retrospectiva da situación da escola na parroquia motivada pola solicitude de 18 veciños de Lousada do traslado da escola da Abelleira ao Pazo:

*"Resultando que , por consecuencia de la visita de Inspección girada a las Escuelas de este Municipio en 28 de noviembre de 1908, se dispuso que la de Lousada se trasladase sin dilacción a otro local que reuniese las condiciones indispensables con cuyo fin se abrió concurso de locales entre los vecinos de dicha parroquia, y, en vista de que no los había utilizables, se concedió plazo para construirlos ó habilitarlos, ofreciendo subvencion si se emplazaban en sitio céntrico y reunían condiciones pedagógicas. Resultando que los vecinos del barrio del Pazo y sus inmediaciones ofrecieron primeramente materiales para que el Ayuntamiento edificase allí la casa-escuela, y se ofrecieron más tarde a construirla; pero los vecinos restantes en mayor número, asociados de gran parte de los de la parroquia de Roupar, que no tenía entonces, ni tiene actualmente escuela, se opusieron a que ésta se emplazase en el Pazo por no poder concurrir a dicho punto los niños de la mayor parte de la parroquia de Lousada y ninguno de la de Roupar y ofrecieron a su vez facilitar local en la inmediación de las dos parroquias a las que el Ayuntamiento tenia adjudicada una sola escuela, según el Arreglo escolar que en aquella fecha regia: Resultando que, invitados reiteradamente los vecinos de ambas secciones a que construyeran en sitio céntrico, con ausilio del Ayuntamiento un local idoneo, nada pudo conseguirse, pues los del Pazo proyectaron edificar alli prescindiendo en absoluto del Ayuntamiento y Junta y los restantes habilitaron inmediatamente por su cuenta y ofrecieron, entre otros locales, el de Abelleira en que se halla actualmente la escuela: resultando que, designada una comisión compuesta del Alcalde Presidente, del vocal Eclesiástico y un padre de familia para que propusiera los mejores locales que pudiesen obtenerse, despues de activas gestiones, informó que la escuela de Lousada podia y debia instalarse en el barrio de Abelleira que es céntrico a las parroquias de Lousada y Roupar y en él se ofrecia el mejor local que habia dentro del radio a que se extendia la escuela, consistente en un salón de 13 metros de largo por cinco y medio de ancho y tres de alto, con entrada independiente y fayo nuevos con sus tres luces de buenas di-*

28 Informe de visitas a escuelas. F.U Enseñanza Primaria,Caja 58, porción4ª Partido Judicial de Villalba. 18-8-1865. AHUS.

29 Ibídem.

*mensiones, hallandose inmediatas al mismo una esplanada y una arboleda bastante amplias, siendo aceptado y preferido este local por la mayor parte de los padres de los niños que deben concurrir a esta escuela, y habiendo habitacion para el maestro en un edificio contiguo, habiendo informado el Inspector de sanidad que el de la escuela reune las debidas condiciones higiénicas: Resultando que la Junta local y el Ayuntamiento acordaron aceptar el local propuesto por la comisión y celebrar con su dueño el correspondiente arriendo, previa atorización de la Junta provincial, a la cual se trasladó el acuerdo en 17 de julio de 1909: Resultando que en la visita ordinaria girada en 21 de mayo de 1910 por el ilustrado funcionario que hoy es dignísimo Jefe de la Inspección, consignó que el local de referencia es muy aceptable: Resultando que en el arreglo escolar vigente, aprobado por R. O. de 29 de julio de 1912 ( Gazeta de 7 de agosto) se asigna una escuela a la parroquia de Roupar y dos a la de Lousada, fijando como centro para una el barrio de Abilleira y para otra el del Pazo: Considerando que de lo expuesto se infiere con toda evidencia: 1º Que el Ayuntamiento y Junta local procedieron con la mayor imparcialidad y atendiendo al bien general de sus administrados: 2º Que los reclamantes, si bien demostraron celo por la enseñanza de sus hijos construyendo el edificio del Pazo, se olvidaron al emplazarlo y olvidan ahora en sus apreciaciones de que el interés particular debe subordinarse al general:Y 3º que dichos reclamantes equivocaron su pretension pues no debia dirigirse a trasladar la escuela de un centro para otro sinó a crear en el Pazo la escuela que el Arreglo escolar le concede: En merito a todo lo expuesto, la Junta acuerda por unanimidad informar: 1º Que no es procedente ni legal la traslacion que se pretende de la escuela da Abelleira, no solo por constituir este barrio centro de un distrito sinó además porque, si se lleva al Pazo interin no se cree la escuela de Roupar, quedan sin enseñanza oficial todos los niños de esta parroquia y la mayor parte de los de la de Lousada; 2º Que los vecinos del barrio de Pazo deben gestionar en union del Ayuntamiento la creación de la escuela que allí debe haber, principalmente por solicitar de la Superioridad que se reconozca el edificio para comprobar ante la misma si reune las condiciones debidas; Y 3º Que el Ayuntamiento debe dirigir atenta y razonada instancia al Ministerio de Instrucción publica por conducto del Sr. Inspector para que aquel subsane los evidentes errores de copia que contiene la R.O de 29 de julio de 1912 al consignar las entidades de población que deben integrar los distritos escolares cuyo centro está fijado en los barrios de Porto da Vila, Abilleira y Pazo."(Sic)*[30]

Da mencionada acta dedúcese que o local existente anterior a 1908 era inadecuado, ademais, a localización no barrio da Abelleira, aínda que era céntrico para as parroquias de Roupar e Lousada, obrigaba ao alumnado a recorrer grandes distancias, de aí os desacordos entre os veciños de Roupar e Lousada, e a pretensión dos do Fondal de construír unha escola no Pazo e trasladar alí a escola da Abelleira chocaba cos intereses dos veciños de Roupar e Lousada de Arriba. De Gabriel refire que a situación xeográfica dos centros de ensinanza primaria constituía un problema especialmente delicado debido á diseminación da poboación, dado que a súa colocación nun determinado núcleo favorecía os habitantes deste en detrimento do resto (1990)[31].

Polo tanto, a escola de Lousada permaneceu no lugar da Abelleira, aínda que o arranxo escolar aprobado por Real orde do 20 de xuño de 1912 (Gaceta do 9 de agosto de 1912) contemplaba a creación dunha escola de asistencia mixta no Pazo, pero esta, segundo consta na acta da sesión

30 Acta da Xunta Local de 1ª Ensinanza celebrada o 25.06.1916. *Libro de Actas de sesiones celebradas por la Junta Local de 1ª Enseñanza (1923-27)*. Folios 7, 8, 9, 10. AMCX.

31 De Gabriel, op.cit., p.208.

da Xunta Local de Primeira Ensinanza do 29 de xullo de 1917, aínda non estaba creada[32], o que orixinaba as constantes reclamacións dos veciños. Na mesma acta menciónase a urxente necesidade de que funcione para que poidan recibir ensinanza cincuenta e dous nenos neste distrito, e o notable prexuízo para a dita poboación escolar que non pode asistir ás escolas doutros distritos polas grandes distancias que os separan.

No ano 1915, fúndase a "Asociación de Recreo e Instrucción Progreso de Lousada" que presentou os seus estatutos na sede do Goberno Civil de Lugo o 3 de abril de 1915, e tiña unha homónima na Habana que sustentou a construción dun edificio escolar no lugar do Pazo co fin de difundir a instrución entre os asociados da parroquia e os seus fillos. Nese edificio tiña, tamén, o seu domicilio social a mencionada asociación, e alí se establecería unha escola privada sostida por esta, que despois pasaría a ser a sede da Escola Nacional Mixta núm.1 do Pazo.

Na acta da sesión da Xunta Local de 1ª Ensinanza realizada o 29 de setembro de 1918 na casa consistorial certifícase o que segue:

> *"Seguidamente expuso la presidencia que en vista del buen estado que mantienen los expedientes de creación de escuelas nacionales en Roupar y Lousada, había oficiado al Presidente de la sociedad titulada "Progreso de Lousada" interesándole se sirviese comunicar las dimensiones del local o locales que esté dispuesto a ceder con destino a la escuela de Pazo, y habiendo constestado que no cedía ninguno por precisarlos para otros usos, practicadas diversas gestiones encaminadas a obtener locales tanto para esta escuela como la de Roupar. En vista del resultado de dichas gestiones proponía para (…) la escuela de Lousada, titulada de Pazo, toda la casa que en la feria de dicha parroquia posee Dª Dolores Chao Díaz, cuyo edificio tiene habitaciones suficientes para local de escuela y habitación del profesor (…). También se acordó proponer que se ratifiquen para el año escolar de mil novecientos dieciocho a mil novecientos diecinueve los arriendos otorgados (…) con don Manuel Rego en 31-12-1912 para la escuela de Lousada y que continúe el celebrado con D. José Puentes en catorce de marzo de mil novecientos diecisiete, interin no se obtenga otra casa más equitativa para la maestra de Lousada"*[33].

Do anterior dedúcese que a escola de Lousada, localizada na Abelleira, estaba emprazada nunha propiedade de Manuel Rego, e a do Pazo situábase nun local en alugueiro no Campo da Feira, propiedade de Dolores Chao Díaz, ambas as dúas moi distantes do Pazo. A negativa por parte da directiva da " Sociedade Progreso de Lousada" a ceder o local xeraría unha controversia que se explicará máis adiante, no apartado referido á Sociedade.

Pero a solución ao emprazamento definitivo das escolas aínda tardaría. Os veciños do Fondal de Lousada continuaban reclamando o traslado ao do Pazo, e a Xunta Local de Primeira Ensinanza, na sesión celebrada o 19 de xuño de 1921, acorda por unanimidade informar favorablemente sobre o seu traslado:

> *"Y resultando que la escuela que funciona en el barrio de Abelleira fue emplazada allí para que pudieran asistir a la misma los niños de las parroquias de Roupar y Lousada por no haber en estas más que dicha escuela. Resultando que posteriormenente se creó una escuela*

32 Acta da Xunta Local de 1ª Ensinaza celebrada o 29.07.1917. *Libro de Actas de sesiones celebradas por la Junta Local de 1ª Enseñanza (1913-1927), folios 12,13.* AMCX.

33 Acta da sesión da Xunta Local de 1ª Ensinanza, celebrada o 29.09.1918. *Libro de Actas de la Junta Local de 1ª Enseñanza*, ff.15,16. AMCX.

*para Roupar que está próxima al barrio de Abelleira y por lo tanto procede que ahora los vecinos del Pazo tengan en este barrio escuela nacional por la que vienen reclamando hace tiempo; Resultando que dado el actual emplazamiento de escuelas resulta que en el Pazo pueden recibir la enseñanza oficial sin perjuicio para nadie un considerable número de niños a quienes largas distancias impidieron recibirla antes de ahora, la Junta acuerda por unanimidad informar que estima procedente el traslado de la escuela de Abelleira al barrio del Pazo en el que hay locales utilizables para dar la enseñanza y habitación a la profesora"34.*

Na sesión da Xunta Local de Primeira Ensinanza do 7 de outubro de 1922, esta acepta en alugueiro o local ofrecido pola "Sociedade El Progreso de Lousada":

*"Seguidamente el Sr. Presidente manifestó que según expresaban las convocatorias para esta sesión la Junta debe informar al Ayuntamiento sobre los locales ofrecidos para la escuela nacional de Lousada nº1 la cual según la R.Orden de 6 de febrero último debe trasladarse del barrio de Abelleira en que se halla al de Beiga (Sic). En su vista y Resultando que para la escuela tiene ofrecido la Sociedad "Progreso de Lousada" el piso alto de la casa que allí construyó y para casa-habitación de la Profesora ofrece su casa de reciente construcción D. Juan Piñeiro, esta por el alquiler anual de setenta pesetas, y aquella por el de cincuenta pesetas, acordó aceptar dichos locales y que así se participe al ayuntamiento para los efectos correspondientes"35*

Poucos días despois, o 12 de novembro de 1922, inauguraríase solemnemente a Escola Nacional instalada no local da Sociedade El Progreso de Lousada:



DE LOUSADA

El día 12 de noviembre se inauguró la escuela nacional instalada en el local de la sociedad «Progreso de Lousada» que en el barrio del Pazo de esta parroquia levantaron los hijos de la misma.

Con el fin de revestir el acto de gran solemnidad varios vecinos de expresado barrio organizaron unos festejos que consistieron en lo siguiente:

A las doce de la mañana de dicho día se celebró una solemne misa en la ermita del Santo Cristo que existe frente al edificio escolar.

Terminado el Santo Sacrificio la numerosa concurrencia que asistió al acto se trasladó al local de la escuela donde, después de dirigir la palabra al público don Vicente García encomiando lo que significa el acto que se realizaba, la profesora D.ª María Mercedes Rois Quintás procedió a matricular a los alumnos.

Seguidamente D. Ramón Castiñeira hace uso de la palabra versando sobre la importancia de la instrucción y también sobre la emigración siendo muy aplaudido por el público que completamente ocupaba todo el local.

A continuación la culta profesora doña María Mercedes Rois Quintás habló a los niños allí presentes para que asistan con puntualidad a clase y recomendó a los padres de familia que no dejen de mandar a sus hijos a la escuela.

Presidió el acto D. Antonio Otero Pardo quien hizo el resumen de los discursos pronunciando declarando abierta desde luego, la escuela.

A las tres de la tarde terminó el acto dándose vivas a España, a Galicia, al Rey y a Lousada, disparándose una salva de fuertes bombas que atronaron el espacio y tocando el cuarteto villalbés «Os Morenos» la Marcha Real.

La concurrencia se desparramó por distintos lugares de aquel contorno, para merendar y después de tomar un refrigerio se organizó un baile que tuvo lugar en el Salón de fiestas de «Progreso de Lousada», galantemente cedido por su presidente.

¡Bien por los organizadores de este festival que redunda en beneficio de la instrucción principal base del engrandecimiento de los pueblos!

*El Corresponsal.*

**Fonte:** El Norte de Galicia, núm. 1760, do 23 de decembro de 1922.

Na Xunta Local de Primeira Ensinanza do 1 de febreiro de 1921, xa se tratara da urxente necesidade de construír un local para a escola núm. 2 de Lousada porque a da Abelleira e a do Pazo non cubrían as necesidades dos nenos que vivían en Lousada de Arriba, pero aínda habería que esperar a 1927 para que quedase resolto definitivamente o problema da situación das escolas públicas en Lousada. Da acta da Xunta Local de Primeira Ensinanza do 6 de febreiro de 1927 extraemos o que segue:

*"Se dio cuenta de un oficio del Sr. Inspector de Primera Enseñanza de la 3ª zona de esta provincia en virtud del cual interesa de esta Junta emita informe de la actual situación de las escuelas nacionales de Pazo y Lousada, sitas en la parroquia de Lousada, y Resultando que la escuela nacional de Pazo fue creada en el año 1918 para el Distrito escolar del mismo nombre y por haberse negado la Sociedad "Progreso de Lousada" a arrendar el edificio construido para*

34 Acta da sesión da Xunta Local de 1ª Ensinanza, celebrada o 19.06.1921. *Libro de Actas de la Junta Local de 1ª Enseñanza* (1913-1927). AMCX.

35 Acta da sesión da Xunta Local de 1ª Ensinanza, celebrada o 7.10.1922. *Libro de Actas de la Junta Local de 1ª Enseñanza*. AMCX.

*la misma en el barrio de Pazo, fue instalada en el barrio del Campo de la Feria, en donde funcionó constantemente, habiéndose construido por los vecinos en el citado barrio de Campo de la Feria un hermoso edificio para su instalación y vivienda del Profesor, el cual está pendiente de aprobación por la Inspección.- Resultando que la escuela Nacional de Lousada se halló instalada durante mucho tiempo en el barrio de Abelleira hasta que, a petición de varios vecinos fue trasladada al de Beiga en virtud de Real órden de 6 de febrero de 1922, hallándose instalada en el barrio de Pazo en el mencionado edificio que fue construido para la misma en dicho barrio por la citada Sociedad "Progreso de Lousada".- La Junta acordó por unanimidad informar que las dos escuelas nacionales de que se trata se hallan para todos los efectos muy bien instaladas en los barrios en que actualmente se hallan emplazadas y tienen edificios propios para las mismas en la siguiente forma: que la escuela de Lousada instalada en el barrio de Pazo servida por Maestra se denomine en los sucesivo de Pazo, y la de Pazo instalada en el barrio de Campo de la Feria, servida por maestro, se llame Lousada, rogando al Sr. Inspector que tenga a bien proponer a la superioridad el expresado cambio de nombres en la forma propuesta"*[36].

Na acta citada menciónase a construción dun local para escola no Campo da Feira, por parte dos veciños. Con ese fin, constituíuse a Sociedade " El Porvenir" en 1926 e ergueuse o devandito edificio con achegas da veciñanza e posiblemente tamén dos emigrados. Na acta do 21 de abril de 1927 rectifícase a mencionada anteriormente do 6 de febreiro do mesmo ano, quedando da seguinte forma:

*"Que las dos escuelas nacionales que funcionan en la parroquia de Lousada denominadas de Lousada y Pazo, servidas por maestra y maestro respectivamente, emplazadas en los edificios propios de cada una construidos para las mismas en los barrios que actualmente funcionan, se denominen en los sucesivo en la siguiente forma: La de Lousada, servida por maestra se denomine Lousada nº1, y la de Pazo servida por maestro se le asignará Lousada nº2. La Junta de acuerdo con el infome des Sr. Inspector hace constar, que el emplazamiento de las dos escuelas referidas, se halla actualmente muy bien situado, no solo en cuanto a la población, sino tambien a las vias de comunicación que dan acceso a los edificios escolares en que se hallan instaladas, quedando en su virtud formados los dos Distritos escolares con las siguientes entidades de población: Escuela de Lousada nº1.- Las siguientes entidades: Ameijido, Armil, Beiga, Carbeta, Casasnovas, Corno, Costa, Gandia, Muiñonovo, Pazo, Penela, Penelas, Regocego, Uzal, Vilachá y Noya. Escuela de Lousada nº2.- Las entidades de población que siguen: Besura, Bieiro, Bustorrendondo, Campo de la Feria, Carba, Casabella, Casanova, Casal, Curros, Choutar, Folgoso, Furco de Abajo, Gohia, Garrona, Gestás, Gutiérrez, Orjás, Penamusga, Pia, Porto, Regas, Teijido, Sumeiro y Abelleira"*[37].

Con isto quedan explicadas as distintas vicisitudes relacionadas coa instrución e a educación na parroquia en canto á escola pública. Pero cómpre facer referencia á existencia paralela de escolas privadas, as escolas de ferrado, xa que a localización das públicas dificultaba a asistencia a estas debido á distancia que tiña que percorrer o alumnado , xunto coa precariedade destas, favoreceu a súa proliferación , sobre todo na provincia de Lugo, ata o punto de que "ao menos existía unha por parroquia" como refire de Gabriel (1990)[38].

36 Acta da sesión da Xunta Local de 1ª Ensinanza, celebrada o 06.02.1927. *Libro de Actas de la Junta Local de 1ª Enseñanza* (1913-1927). AMCX.

37 Acta da sesión da Xunta Local de 1ª Ensinanza, celebrada o 21.04.1927. *Libro de Actas de la Junta Local de 1ª Enseñanza* (1913-1927). AMCX.

38 De Gabriel, op.cit., p.166.

As"escolas de ferrado"chamábanse así debido á forma de pago: un ferrado de centeo, trigo, ou millo ao ano pola escolarización de cada neno ou nena, aínda que con tempo tamén se pagarán en metálico[39]. A persoa que poñía escola era o escolante e acostumaba ser o veciño máis instruído do lugar ou dun lugar próximo, e normalmente non tiñan máis formación que a adquirida no seu paso pola escola primaria, aínda que algúns a completasen asistindo a clases de adulto, estudando pola súa conta ou aproveitando outras oportunidades formativas, pero a realidade é que non tiñan título profesional e a súa competencia sería moi variable e, polo xeral, moi escasa. Os escolantes compaxinaban diversas actividades: agrícolas, ás veces oficiaban de agrimensores, facían partillas etc., sendo o ensino unha tarefa complementaria que lles servía para mellorar algo a súa economía. Esta actividade era temporal, normalmente desenvolvíase durante os meses de inverno, cando non había tarefas agrícolas para realizar. Nalgúns lugares os escolantes ademais de instruír os nenos polo día, ocupábanse dos adultos pola noite. Exercían o seu labor nun locais precarios, ás veces indecentes, pero o habitual era poñer escola no cuarto dunha casa que se prestaba para iso, usando, no mellor dos casos, a mesa para xantar na festa do patrón [40].

Como non había rexistros das escolas de ferrado é moi difícil determinar a súa existencia e o seu emprazamento, pero resulta lóxico que funcionasen na parroquia de Lousada a finais do século XIX e durante o primeiro cuarto do XX. Hai testemuñas que recordan oír falar dunha no Corno, tamén temos referencias doutra na Veiga, na casa de Rufino Vivero, que poñía escola no cuarto á luz dunhas velas ou dalgún candil de carburo nos meses de invernía no primeiro cuarto do século XX. Deste escolante sábese que se formou en Cuba, puxo escola na Veiga, e que foi contratado algún curso pola Sociedade "El Progreso de Lousada" e tamén pola "Sociedade de Instrucción, Beneficiencia y Recreo de S. Simón y Samarugo" dos anos 1917/18 ao 1921 polo menos. Exerceu tamén como escribente no Concello de Xermade nos anos 20. Del refírenos Guerreiro (1995):

> *"No inverno seguinte, contrataron o mestre aldeán Rufino Vivero Blanco, veciño do lugar da Veiga;(…) faguia contos de cando el estivera na guerra de Cuba. Fun contento a súa escola e adeprendín o Libro Segundo, manuscrito Primeiro, Segundo, a tabla, contas de sumar, restar, multiplicar, dividir, algo de problemas e escribir algo tamén (Sic)[41]"*

Tamén nos conta que aínda que xa funcionaba a escola no lugar do Pazo, ante a dúbida de ser admitido no curso seguinte, foise para escola" atendida por un mestre nacional que poñía pasantía"en Lousada de Arriba, e como era moi lonxe paraba na casa de Manuel do Porto a cambio de axudarlle no traballo. Pero o mestre tivo que resolver asuntos privados e deixou un substituto no seu lugar durante o tempo de invernía. Isto demostra que funcionaba algunha escola privada paralelamente á pública e confirma a existencia polos anos vinte do século XX das escolas de ferrado na parroquia[42].

En conclusión, pódese afirmar que as circunstancias para o desenvolvemento da instrución pública en Lousada no último cuarto do século XIX e principios do XX eran moi precarias. Non había edificios específicos, estes eran alugados polo Concello e non reunían as condicións necesarias,

---

39 Cfr. de Gabriel,N. (2009). A cultura popular e as escolas de ferrado. *Eduga: Revista galega do ensino*, núm.55, pp.66-72.

40 Cfr. de Gabriel, N. (1999). Escolantes e escolas de ferrado. *Sarmiento: Revista Galego- Portuguesa de Historia da Educación, núm.3, pp.93-132.*

41 Guerreiro Castelo, L. (1995). *Crónicas de Lousada, As Pontes de García Rodríguez e, un pouquiño máis.* Pontedeume, A Coruña: Ed. XYZ, p.211.

42 Cfr. Guerreiro Castelo, L., op.cit., p.216.

sendo habitualmente escuros, fríos e inapropiados para o desenvolvemento do ensino. Ademais, o alumnado debía percorrer grandes distancias para acudir ás escolas públicas e a asistencia era escasa e irregular. Existían altas taxas de analfabetismo, sobre todo nas mulleres, que estaban moi discriminadas en relación co acceso á educación. Paralelamente, existiron escolas de ferrado na parroquia que, a pesar de estar denigradas en toda Galicia polos inspectores e autoridades educativas,"cumpriron unha importante función social: a de iniciar a unha boa parte da poboación galega no dominio da lectura e da escritura" (de Gabriel, 2009)[43]

A existencia destas pon de relevo tamén a preocupación dos galegos, e neste caso dos lousadeses, pola instrución, igual que as continuas demandas para crear unha escola no barrio do Pazo. De feito, o primeiro local construído na parroquia para escola foi o levantado neste lugar polos lousadeses e custeado polos emigrados na Habana.




Retrato e selo de Rufino Vivero Blanco.
**Fonte:** Arquivo privado do autor.

43 de Gabriel,N. (2009). A cultura popular e as escolas de ferrado. *Eduga:Revista galega do ensino*, núm.55, p.72.

# 4. BREVE ESBOZO SOBRE A EMIGRACIÓN E AS SOCIEDADES DE INSTRUCIÓN

O fenómeno migratorio constitúe o aspecto máis definitorio da poboación galega contemporánea, como sinala Villares Paz (1980), tanto pola perda de xente como polo factor de equilibrio dunha poboación que demanda uns recursos que a comunidade non é capaz de dar[44]. Este chega ao máximo auxe no último cuarto do século XIX e no primeiro cuarto do XX e caracterízase pola enorme cantidade de persoas que emigran e pola dirección ultramarina, principalmente a Cuba, Arxentina, Uruguai e Brasil. No caso de Lousada, a emigración dirixiuse preferentemente a Cuba durante ese período.

Barreiro conclúe, despois dunha análise exhaustiva de diversos datos, que dende 1800 a 1970 emigraron máis de 2.500.000 galegos[45]. Acoutando máis os períodos migratorios, e segundo cálcu-

44 Bermejo,J.C; Pallares,M.C; Pérez, J.M; Portela, E; Vázquez, J.M; Villares, R.(1980). *Historia de Galicia.* Madrid: Alhambra, p.235.

45 Barreiro Fernández,R. (1982).*Historia contemporánea de Galicia (ss XIX-XX), Historia política, Tomo IV.* A Coruña: Edición Nós, p.31.

los especializados, o profesor Costa Rico (1984) estima en 900.000 galegos emigrados con destino a América entre 1860 e 1936[46].

Este fenómeno migratorio supuxo para Galicia unha enorme perda de capital humano e tivo enormes custos sociais, xerando no subconsciente do galego que América era unha terra prometida, unha reserva á que en último recurso podía acudir. Como expresa Barreiro (1982): "América funcionou coma unha especie de reserva de esperanza para os desesperados por algo" e " actuará coma unha válvula de escape para un pobo que nunca optou polo camiño da revolta porque sempre tiña a posibilidade de América. O galego non se revelaba, facía a maleta"[47]. Pero tamén tivo efectos positivos como o envío de grandes remesas de diñeiro que permitiron a adquisición de terras, a construción de escolas e outras obras públicas ou benéficas no seu lugar de orixe, e tamén a descompresión do poboamento que facilitou o equilibrio entre os recursos e a poboación.

Paralelamente a este movemento migratorio por necesidade, América recibiu tamén unha inmigración intelectual: "a dos desesperados de España e de esta Galicia incapaz de dar refuxio ao talento e o xenio" (Barreiro,1982)[48]. Serían estes intelectuais os que liderasen a creación de institucións, asociacións benéficas, culturais e educativas.

Os galegos que emigraron, despois dunha calamitosa viaxe nun barco a vapor cun billete de terceira clase, tiveron que enfrontarse a unha nova realidade moitas veces hostil, xa que a súa falta de preparación os relegaba aos peores e máis duros empregos, e a traballos penosos e indignos con salarios máis baixos, e ademais nestes países receptores a cualificación profesional resultaba indispensable para ascender na escala social, como pon de manifesto Malheiro (2008)[49]. A toma de conciencia das súas carencias e a dos seus conterráneos en materia de instrución, será o motivo fundamental para a creación destas sociedades e do que se falará máis adiante.

Débese salientar que moitos dos que marcharon non retornaron. Do montante global de emigrados entre 1860 e 1970, aínda que é difícil establecer unhas cifras concretas, un 25% non retornaría, pero se nos situamos no final do XIX a porcentaxe sería superior. Esta emigración foi, en principio preferentemente masculina, e no primeiro terzo do século XX incorporaríase a muller a ese fluxo migratorio, estando "frecuentemente sometida a múltiples e severas formas de discriminación" e "formas vergoñentas de explotación e miseria" (Magariños, 2000)[50].

A maioría dos emigrados apenas conseguiron pagar o prezo da pasaxe, conseguir uns pequenos aforros para adquirir as terras ou poñer un pequeno negocio. Por iso se tentou en moitas ocasións de disuadir os galegos para que non emigrasen.

Tamén os houbo que lograron unha posición acomodada traballando preferentemente no sector servizos e en pequenos negocios, e moi poucos fixeron fortuna. Así e todo, tamén existiu un sector cualificado de emigrados que conseguiron un posto relevante na vida económica e profesional dos distintos países que os acolleron e que arraigaron alí, pero non estaban plenamente integrados, non participaban en igualdade de condicións do poder social ou político, eran os que

46 Costa Rico,A.(1994). La emigración gallega y su acción cultural-educativa en sus lugares de origen. *Indianos. Monografías de los Cuadernos del Norte*. Oviedo, p.35.

47 Barreiro Fernández,R. (1982). Op.Cit., p.31.

48 Barreiro Fernández,R. (1982). *Historia contemporánea de Galicia (ss XIX-XX), Historia política, Tomo I*. A Coruña: Edicións Nós, p.432.

49 Malheiro, X.M. (2008). As escolas da emigración. *Eduga*, núm.52, p.50.

50 Cfr.Magariños, A. (2000). *A obra educativa e cultural dos emigrados*. A Coruña: Ed. do Castro, p.31.

Waldo Álvarez Insua[51] denominaba"os proscritos"; e sería esa marxinación a que os levaría a crear institucións, sociedades que reafirmasen a súa identidade, e na súa condición de galegos atopar o camiño da súa propia recuperación e ascensión social. Son estes os que promoven a creación, en primeiro lugar, dunhas Sociedades de Beneficencia de naturais de Galicia con finalidade mutualista, logo sociedades gastronómicas, e posteriormente os Centros Galegos. O primeiro constituíuse en Bos Aires en 1879, uns meses máis tarde creouse o Centro Galego na Habana, tamén en 1879, o de Montevideo en 1880, sendo estes os máis emblemáticos. Os Centros Galegos desenvolverían un labor importantísimo na rexeneración cultural e social de Galicia, e servirían de amparo a moitas outras sociedades creadas, entre elas as sociedades de instrución [52].

Cómpre lembrar que Cuba era unha colonia española e a finais do século XIX ten lugar a Guerra de Independencia que culmina co"desastre de 1898"e a conseguinte perda definitiva de Cuba, Porto Rico e Filipinas. Estes acontecementos tiveron un impacto enorme para España e especialmente para os galegos, tanto a nivel económico como de perdas humanas. Pero os galegos refixéronse e normalizaron axiña a nova situación. A transición a un novo modelo político administrativo levouse a cabo sen demasiados traumas, e dende o Centro Galego da Habana invitouse ao primeiro presidente cubano a unha recepción o día da toma de posesión deste, sendo aceptada e comparecendo cos seus ministros no Centro Galego. Demostrábase así"a madurez dun país que tiña dereito a ser independente e a dunha colectividade que sen deixar de ser galega xa era plenamente cubana". Logo, reactivaríase o fluxo migratorio e os galegos continuarían emigrando a Cuba e contribuirían enormemente a levantar o país (Barreiro, 1982)[53].

Pero o impacto da guerra de Cuba xeraría en España a conciencia do atraso existente no ámbito educativo e a idea rexeneracionista de que a recuperación do país viría da man da instrución e do progreso cultural, idea que arraiga sobre todo nos sectores intelectuais e que favorecerá o pulo pola mellora da ensinanza e da educación, confiando en que"a modernización do país unicamente podería acontecer a longo prazo, mediante a aplicación de saberes científicos, pragmáticos e concretos" (VázquezVila, 2005)[54]. Era necesario, segundo este autor, unha reforma radical da ensinanza e intensificar e difundir a cultura entre todos os os españois, para favorecer unha rexeneración nacional[55].

Malheiro (2008) refire que os milleiros de emigrados galegos chegados a América foron receptivos e asimilaron axiña o modelo democrático, laico e republicano da sociedade de destino, e aprenderon axiña unha nova cultura baseada no asociacionismo e participación cívica e na solidariedade. Puideron mellorar a súa formación grazas aos cursos para adultos organizados polos Centros Galegos, e movidos por un sentimento solidario decidiron promover o desenvolvemento cultural e político de Galicia[56]. En relación coa concienciación antes aludida, Núñez Seixas (1998) manifesta [57]:

---

51 Waldo Álvarez Insua (1856-1936), orixinario da Estrada, foi un avogado, escritor e xornalista. Fundou o *Eco de Galicia* na Habana e contribuiu a creción de diversas sociedades. https://emigracion.xunta.gal/es/conociendo-galicia/aprende/biografia/waldo-alvarez-insua

52 Cfr.Barreiro Fernández,R. (1982). *Historia contemporánea de Galicia (ss XIX-XX), Historia política,Tomo III,* A Coruña: Edicións Nós, pp.262-270.

53 Barreiro Fernández, R.(1982*). Historia contemporánea de Galicia (ss XIX-XX), Historia política,Tomo I* A Coruña: Edición Nós, p.433.

54VázquezVila, D.M. (2005). *Las escuelas habaneras en el Ayuntamiento de Vilalba, provincia de Lugo.* Lugo: Diputación de Lugo, p.44.

55 Ibídem, p.46.

56 Malheiro, X.M. (2008). Art.cit., pp.50,51.

57 Núñez Seixas, X.M. (1998). *Emigrantes, caciques e indianos. O influxo sociopolítico da emigración transoceánica en Galicia(1900-1930).* Vigo: Edicións Xerais, p.74.

*"Esta toma de conciencia foi tamén o que levou ó emigrante galego nas dúas primeiras décados do XX a valorar as vantaxes da asociación, e polo tanto a fundar sociedades de ámbito galego e máis de ámbito comarcal e local. Á parte dos fins de beneficencia, axuda mutua e recreo, en moitas delas comezou a aparecer un obxectivo máis definido: a educación ou instrucción dos seus lugares de orixe, labor complementario ó da instrucción do emigrante a través dalgúns planteis de ensino sostidos polos Centros Galegos -como o da Habana- para fornecerlle ferramentas para o seu ascenso social, e que en moitos casos debeu servir de revulsivo e iniciador, pero ó que se foron engadindo contidos sociopolíticos implícitos,ou, andando o tempo, máis explícitos. De aí o nome co que empezaron a facerse coñecer: sociedades de instrucción"*

Villares Paz (2008) refire que "unha das orixinalidades da emigración galega é a forte capacidade asociativa que logra nos seus países de destino, contradicindo así a imaxe de individualismo insolidario que se lle apón decote aos labregos"[58]. Neste contexto, xorden as sociedades de instrución. Trátase dun fenómeno de microasociacionismo, cun carácter parroquial ou comarcal como moito, que ten como obxectivo manter a propia identidade da colectividade emigrada. É moito máis doado, e diferente, integrarse nunha sociedade formada por conterráneos, ou que leva o nome da parroquia, ca facelo nunha mutua ou nun sindicato[59]. En xeral, estas sociedades buscaron reproducir a identidade orixinaria no novo destino e protexer os socios, pero ao mesmo tempo tentaron promover nos lugares de procedencia o desenvolvemento económico mediante a promoción dun ensino primario axeitado ao contorno rural, e confiaron nas sociedades de instrución para combater a lacra do analfabetismo, formando no presente para evitar o fracaso no futuro[60].

A primeira sociedade de instrución fundada foi a "Alianza Aresana de Instrucción" fundada na Habana en 1904 que construíu o primeiro edificio escolar na vila de Ares en 1908, e logo irían aparecendo progresivamente novas sociedades, chegando a constituírse 484 sociedades de instrución en América entre 1904 e 1936, cifras que recolle Malheiro (2008)[61] seguindo os estudos de Peña Saavedra, e creándose máis de 300 escolas de americanos como refire Costa Rico (1994)[62]. Relacionadas co Concello de Xermade existiron as seguintes: "Sociedade de Instrucción y Protección Hijos de Roupar (1913)", "Sociedad de Recreo e Instrucción Progreso de Lousada (1915)", "Hijos de San Mamed de Momán (1917)", "Sociedad de Instrucción Burgás y Candamil (1917)", e tamén o sindicato "Liga Agraria de Germade" (1914). Estas construíron seis edificios escolares no Concello.

O proceso de constitución destas sociedades estruturábase, xeralmente, en torno a dous núcleos: unha sociedade en América cunha Xunta Directiva que asumía a responsabilidade da sociedade, e outra paralela en Galicia na que se delegaban as funcións de creación e administración de escolas e representatividade ante as institucións e a administración local[63]. En canto ás finalidades destas sociedades microterritoriais, aínda que varían considerablemente dunhas a outras e cambian ao longo do tempo, Núñez Seixas (1998) redúceas esencialmente a cinco:

58 Villares Paz, R. Unha escola habanera para unha parroquia chairega, en: Pérez López, S. (2008). *A Escola habanera dos Vilares (Guitiriz).* Santiago de Compostela: Instituto Teolóxico Compostelán. Rella S.L., p.13.

59 Ibídem, p.13.

60 Malheiro, art. cit., p.52.

61 Ibídem.

62 Costa Rico, A. (1994). La emigración gallega y su acción cultural-educativa en sus lugares de origen. *Indianos. Monografías de los Cuadernos del Norte.* Oviedo, p.43.

63 Costa Rico, A. (2004). *Historia da Educación e da cultura en Galicia ( séculos IV-XX).* Vigo: E.Xerais de Galicia, pp.933-936.

*1. "Desenvolver unha actividade de protección mutualista dos seus asociados, en base a un vencello de solidariedade local, que cubrise sobre todo casos excepcionais como repatriación e morte, e como complemento fomentar a cultura e instrucción dos mesmos (mediante a dotación de bibliotecas, por exemplo), servíndolles ao mesmo tempo de lugar de sociabilidade para o seu lecer e tempo libre, a través dunha ampla oferta de actividades recreativas.*

*2. O fomento e apoio á instrucción primaria nos seus lugares de orixe, mediante o aporte financieiro á construcción e dotación de establecementos escolares, o que como vemos foi o fin sobranceiro da maioría das sociedades malia non ser o único.*

*3. Complementariamente ó anterior situábanse obxectivos como o fomento do progreso agrícola e gandeiro, (promoción en Galicia de seguros de gando, apoio á introducción de novas técnicas e maquinaria agrícola, dotación de campos de experimentación e granxas agrícolas, formación do labrego, etc.) (…), así como iniciativas concretas ó nivel parroquial e municipal para mercar adubos e fertilizantes, ou máquinas de uso comunal custeadas polos emigrantes.*

*4. Igualmente, o fomento á construcción de obras publicas e benéficas nos lugares de orixe, dende hospitais ata o alumeado público, pasando por beirarrúas, conducción de augas, pontes e camiños (…)*

*5. O apoio a iniciativas de tipo explícitamente político a nivel local e, máis tarde, territorial galego, que tendesen a unha rexeneración da vida política, eliminando o poder dos caciques mediante a mobilización e concienciación política do campesiñado, favorecendo a democratización do sistema político, a transparencia da xestión, e o que se denominaba "progreso moral y material"(…).*

*Rúbrica baixo a que se podía agachar, e de feito se acochaba, unha ampla gama de ideais políticos, que adoito tiñan tamén unha clara compoñente comunitaria, sobre todo cando o ámbito de actuación era inferior ó concello: o apoio á sociedade de campesiños organizada da parroquia, fose da orientación que fose, con fins utilitarios"*[64].

A experiencia vital dos emigrados e o contacto constante cos lugares de orixe, ben polas viaxes periódicas, ben pola correspondencia epistolar frecuente ou polas novas que achegaban os novos emigrantes, dotábaos dun coñecemento de primeira man do estado deficitario e das carencias do ensino público nos lugares dos que procedían. Esa sería a razón fundamental para xustificar a súa intervención no ámbito educativo, perseguindo"a democratización do ensino, isto é, a súa extensión a tódolos individuos comprendidos en idade escolar", e non solo iso, senón tamén que"cando tivesen que incorporarse ao mercado do traballo se atopasen en condicións máis vantaxosas cós seus predecesores, vítimas dunha deficiente formación académica" (Peña Saavedra, 1995)[65]. Por iso, o enfoque educativo é prioritariamente cara o ensino elemental. Como ben expresa este autor, propugnan unha escola orientada cara o futuro, capaz de formar os cidadáns do porvir:

*"Uns novos cidadáns, conscientes dos seus dereitos e deberes, equilibrados, honrados, solidarios, íntegros, carentes de falsos perxuizos e capacitados para executar con acerto e éxito as súas tarefas na vida, sorteando os atrancos cos que tropezaron os seus devanceiros ó saír polo mundo sen a preparación requerida."*[66]

64 Núñez Seixas, X.M. (1998). *Emigrantes, caciques e indianos. O influxo sociopolítico da emigración transoceánica en Galicia(1900-1930).* Vigo: Edicións Xerais, pp.125-127.

65 Peña Saavedra,V. (1995). As Sociedades galegas de instrucción: proxecto educativo e realizacións escolares. *Estudios Migratorios,1.* Santiago de Compostela, p.21. https://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=2912

66 Ibídem, p.26.

Para formar estes cidadáns precísase unha escola realista, pragmática e funcional que os prepare para desenvolverse nunha sociedade concreta á que terán que incorporarse despois de rematar a escolarización. De aí que a curto e medio prazo, as sociedades de instrución optasen por preparar ao alumnado con criterios competitivos para a emigración ou para retelos na súa terra para dedicarse á agricultura e á gandería nos seus lugares de orixe, e a escola debía facilitarlles a adquisición de coñecementos, habilidades e destrezas que lles fosen útiles alí onde tivesen que exercitalas, pero a longo prazo serviría para frear a emigración porque os novos cidadáns atoparían traballo no propio país, sendo capaces de explotar as súas riquezas. Como resume Malheiro (2008), trataríase dun modelo que liberase ao individuo"educándoo para o exercicio responsable das súas obrigas e dereitos, realista e funcional, unha escola na que os contidos tivesen unha aplicación real na vida, e os alumnos puidesen tirarlle proveito no propio contorno, evitando así a emigración"[67].

Foi en América onde estas sociedades toman contacto coas novas tendencias sociais e ideolóxicas progresistas e democráticas, tamén coas novas correntes pedagóxicas que xa estaban aparecendo en Europa e que cruzaban o océano e se mesturaban coas americanas, buscando os referentes teóricos no rexeneracionismo e nos movementos pedagóxicos modernos que se inspiraban en Froebel, Pestalozzi, Montessori etc. Estas novas ideas chegan a Galicia a través do intercambio cultural con América e facilitan o intento de adopción de novas orientacións pedagóxicas, didácticas e metodolóxicas, comezando polas condicións arquitectónicas dos edificios escolares, o interese polo contorno natural, a experimentación a nivel agrícola, a creación de bibliotecas, a realización de excursións, representacións teatrais, conmemoracións da festa da árbore etc., favorecendo unha educación integral, racional, neutral a nivel cívico e moral e sen dogmas, tentando, tamén, a incorporación dun profesorado competente e ben formado.[68]

En consecuencia, a proposta de intervención educativa das sociedades de instrución está impregnada polo rexeneracionsimo e as modernas tendencias pedagóxicas cun obxectivo claro e definido: renovar a escola en todos os niveis. Peña Saavedra (1995) encadra estes principios en cinco aspectos fundamentais:

*a. "Traslada-lo centro de gravidade do acto educativo desde o programa ou os textos ó alumno (paidocentrismo), que adquire ademais o rol de suxeito activo, con tódalas implicacións derivadas deste feito no tocante á construcción das aprendizaxes.*

*b. Desenvolver harmónica e integralmente as múltiples facultades do educando, sen excluír ningunha vertente formativa.*

*c. Arrequece-la institución escolar conferíndolle unha función educativa e non meramente intructiva, de tal xeito que se cultivasen por un igual as facetas intelectual, moral, afectiva e física dos educandos.*

*d. Remodelar internamente os centros de ensinanza nos seus aspectos didácticos e organizativos, procurando implantar unha ensinanza graduada, simultánea e cíclica, de carácter obxectivo, racional e práctico, na que se empregase unha metodoloxía activa e se recorrese a procedementos de tipo intuitivo.*

67 Malheiro, art. cit., p.53.

68 Cfr. Costa Rico, A. (2004). *Historia da Educación e da cultura en Galicia ( séculos IV-XX)* .Vigo: E.Xerais de Galicia, p.936.

> *e. Dotar dunha nova infraestructura o espacio físico onde tiña lugar o acto educativo, levantando edificios "ex profeso" que se acomodasen as normas arquitectónicas, hixiénicas, sanitarias e pedagóxicas dictadas polas autoridades competentes na materia."*[69]

Así e todo, é difícil valorar o grao de penetración e a forma de levar á práctica estas ideas en cada unha das escolas de emigrantes, aínda que o influxo sería evidente. Quizais se desenvolvese nas pequenas escolas "un ensino que combinaba a forma de estudo tradicional con prácticas de agricultura, gandería e todo aquilo que suscitase o protagonismo dos nenos en relación co seu ambiente"[70].

Mais o esencial labor das sociedades de instrución no eido educativo non estivo exento de críticas. Dende as esferas conservadoras da igrexa descualificaron o proxecto polo seu laicismo, acusándoo de incompleto ao prescindir dos valores da doutrina cristiá, chegando a poñer en perigo algunha das súas realizacións. Por outra banda, dende posicións opostas, criticaban que fomentaba a emigración en vez de combatela, o que supoñía un empobrecemento do país, e que o seu proxecto era desgaleguizador. Ademais, cuestionouse a súa atomización, é dicir, a profusión de sociedades que financiaban pequenos proxectos, en vez dunha intervención conxunta, máis global e concentrada que fomentase un cambio estrutural a grande escala no eido educativo. Respecto disto, Peña Saavedra (1995) opina que "a atomización e dispersión foron sen dúbida as eivas máis notorias do asociacionismo galego en América, aínda que se cadra tamén, paradoxalmente, as súas principais virtualidades"[71]. Tamén se aduciu que a intervención das sociedades de instrución podía fomentar a inhibición do Estado en canto aos investimentos en educación que debería acometer. De todas as maneiras, cómpre recoñecer e valorar a actuación destas sociedades, dun xeito práctico, como un labor dunha enorme importancia para a alfabetización e o progreso de Galicia dende unha actitude comprometida, xenerosa e altruísta, reivindicando dous bens esenciais para o home como son a educación e o traballo, enchendo de luz os espazos ocupados polas tebras da incultura. En palabras de Costa Rico (2004):

> *"Un dos capitulos máis femosos da historia escolar e pedagóxica recente de Galicia é aquel construído por emigrantes galegos do período de entre séculos, ao poñer en marcha centros de ensinanza e culturais nos seus lugares orixinarios, alí onde a indefensión cultural daba a man á falta de democracia e de tecido cívico, abeirándose a outras carencias, das que se aproveitaba o caciquismo político, en contra do desenvolvemento cívico."*[72]

69 Peña Saavedra,V. (1995). As Sociedades galegas de instrucción:proxecto educativo e realizacións escolares. *Estudios Migratorios,1.* Santiago de Compostela, pp.33,34. https://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=2912

70 Pérez López, S.L. ( 2008). *A escola habanera dos Vilares (Guitiriz).* Santiago de Compostela: Instituto Teolóxico Compostelán. Ed.Rella, pp.131,132.

71 Peña Saavedra, art. cit., p.17.

72 Costa Rico,A., op. cit., p.933.




**Fonte:** Eco de Galicia , 18.03.1923.
https://biblioteca.galiciana.gal/gl/publicaciones/numeros_por_mes.do?idPublicacion=4882&anyo=1923




**Fonte:** Catálogo da exposición Luces de Alén mar. AEG

# 5. A SOCIEDADE DE INSTRUCIÓN E RECREO "PROGRESO DE LOUSADA"

## 5.1. Creación

A Sociedade de Instrución e Recreo "Progreso de Lousada" fúndase na mencionada parroquia, concello de Xermade, en marzo do ano 1915, segundo se recolle no Regulamento remitido ao Goberno Civil o 21 de marzo de 1915, sendo aprobado o tres de abril de 1915 e quedando así legalmente constituída, segundo os datos extraídos da "Certificación da Acta da Xunta Xeral celebrada o 11 de abril de 1915 na casa social do Pazo"[73].

Polo tanto, a mencionada sociedade xa construíra o seu edificio social custeado polos emigrados lousadeses na Habana. Isto demostra que alí había un colectivo da parroquia que estaba enviando remesas de diñeiro para levantar o edificio escolar e social, pero que aínda non se constituíra oficialmente como asociación homónima na Habana, feito que tería lugar o 30 de xaneiro de 1916.

A Sociedade rexeríase polo regulamento de 1915 e polos modificados de 1918 e 1928. Na Habana, crearíase unha asociación "irmá" paralela que contaría cuns estatutos propios pero un obxec-

73 Certificación da Acta da Xunta Xeral celebrada o 11 de abril de 1915 na casa social do Pazo. AHPL. Fondo Sociedades

tivo común: difundir a instrución na parroquia. Nos seus inicios aludiríase a ela como"Sociedade Protectora de Progreso de Lousada"[74].

A duración da Sociedade é ilimitada, segundo se prevé nos seus estatutos, e o domicilio establécese na casa propiedade dos veciños do Fondal de Lousada, situada no barrio do Pazo[75]. Lamentablemente a duración veríase truncada polo estoupido da Guerra Civil. Despois do triunfo do alzamento contra o goberno republicano legalmente constituído e a rápida ocupación do Noroeste da península polas tropas sublevadas, foron incautados todos os seus bens, incluída unha debulladora de gran mercada para o uso dos asociados, e confiscada e destruída toda a súa documentación. No extracto dos acordos adoptados pola Comisión Xestora durante o cuarto trimestre do ano 1936 publicados no BOPLU do 21 de xaneiro de 1937 faise mención a este episodio:

> *"Con vista del oficio del Sr. Gobernador civil, se ocordó declarar que el Ayuntamiento está dispuesto a verificar por cuenta de los fondos municipales las obras indispensables en el edificio escolar incautado por dicha Autoridad y que ingresen en fondos municipales la cantidad de 990,80 pesetas que fueron entregadas por el Comandante del puesto de la Guardia Civil de Muras, de los fondos incautados a la Sociedad "Progreso de Lousada"*[76].

En novembro do mesmo ano aparece no mencionado Boletín o acordo que segue:

> *"Con vista de oficio de la Sra. Maestra de Lousada nº 1, se facilitó a la Comisión de Fomento para que inspeccione el edificio escolar de Pazo, incautado por el Gobierno civil para Escuela Nacional y vivienda de su Profesora, y formule informe sobre las obras de adaptación de la planta baja para salón escolar, quedando autorizada para proceder a la subasta del motor y desgranadora, que también fue incautada a la disuelta Sociedad Progreso de Lousada."*[77]

Guerreiro (1995) refírenos este triste e penoso acontecemento do seguinte xeito:

> *"Logo tal casa feita polos veciños, cando aquel -non sei se ben chamado "Alzamento Nacional"-, foi confiscada con toda-las súas tantas propiedades, diñeiro de fondos, e multados todos os directivos con mil pesetas cada un, ios libros queimados -dixeron- no Cuartel da Garda Civil de Muras"( Sic)*[78]

Este mesmo autor prosegue explicando que todos os socios tiñan unha copia do Regulamento e que despois de recibir ameazas de rexistrar os seus domicilios e de ser condenados por posuír documentos relacionados coa Sociedade, colleron medo e desfixéronse deles[79]. Preténdese"o descabezamento da sociedade civil e a aniquilación das relacións societarias preexistentes; a través dunha actuación programada que resulta funcional coa situación de retagarda nun conflito armado: procúrase o control e o sometemento da poboación polo medo" (Somoza, 2012)[80]. Aínda

74 Non se tivo acceso aos estatutos orixinarios na Habana nen a acta de constitución da Sociedade. Os primeiros estatutos aos que se puido acceder son de 1918 e atópanse no Consello da Cultura Galega: As escolas da emigración.

75 Así consta no art.2 do Regulamento de 1918. Hai unha diferencia sustancial co Regulamento de 1915 no que se di:"y su domicilio será la casa construída en el barrio del Pazo para este fin", en canto se alude aos propietarios e se especifica do"Fondal de Lousada".

76 Boletín Oficial de Lugo, núm.16, de 21 de xaneiro de 1937.

77 Boletín Oficial de Lugo, núm.275, de 23 de novembro de 1937.

78 Guerreiro, op.cit., p.217.

79 Ibídem, p.222.

80 Somoza Cayado, A. (2012).*Construción e destrución da cidadanía societaria: Dinámica social e política da provincia de Lugo na Segunda República e nos primeiros anos do franquismo (1930-1950).* Tese de doutoramento. USC. Repositorio, p.289.

máis, rómpense así as relacións existentes entre as bases sociais que sustentaban a sociedade civil caracterizada polo alto grao de articulación e recoñecemento da pluralidade; é dicir, o aspecto máis tallante da represión sobre a sociedade civil republicana é a destrución do societarismo de todo tipo e da incautación dos seus bens [81].

O novo réxime instaurado inspirado pola ideoloxía do nacional-catolicismo percibía estas sociedades como unha seria ameaza ás súas pretensións e como factores de republicanización e de vida cívica e "levou ás autoridades militares franquistas a ordenar a clausura destes centros, chegando mesmo a incautarse das instalacións e dos medios de que dispoñían, dando cabo así a unha experiencia fermosa e memorábel" [82] que tentou promover o desenvolvemento e a rexeneración cultural de Galicia.

Este acontecemento supuxo practicamente a desaparición da Sociedade en Lousada, aínda que a o edificio permaneceu aberto como sede da Escola Nacional Mixta núm. 1 do Pazo cumprindo o seu cometido educativo, pero o dinamismo cultural e as cousas non serían o mesmo. Por outra banda a Sociedade na Habana continuaría existindo, incluso seguiría mandando remesas puntuais para obras concretas, pero o contacto iría esmorecendo lentamente.

## 5.2. Finalidade[83]

No artigo 1º dos regulamentos de 1915 e de 1918 da Sociedade en Lousada fíxase como obxectivo: "difundir la instrucción entre sus asociados e hijos de estos, a la medida que sus fondos se lo vayan permitiendo", e no artigo 6º do Regulamento de 1915 menciónase: "esta Sociedad es puramente de instrucción y recreo". No artigo 3ª do Regulamento de 1915 establécese:

> *" Esta Sociedad dará enseñanza gratuita y facilitará gratuitamente los libros necesarios, los cuadernos de escritura, papel y tinta -excepto los de las clases superiores que tendrán que adquirirlos- a todos los alumnos que sólo serán los socios e hijos de éstos, que sean exlusivamente de este fondal de Lousada y se hallen al corriente en sus pagos, como sobrinos, nietos o criados que se hallaren habitualmente viviendo como familiares los dos primeros, y el tercero, por vía de protección, la Sociedad le confiere iguales derechos."*

O ingreso, polo tanto, nesta escola estaba restrinxido aos socios e fillos destes, pero no 1918 a admisión circunscribíase ao contorno do "Fondal de Lousada", ampliándose o dereito a familiares e por vía de protección aos criados que residisen alí. Cabe resaltar a amplitude de miras e a tendencia democratizadora do ensino en canto se abrían as portas aos menos favorecidos. Porén, a restrición era lóxica porque o local era pequeno e había unha demanda de matrícula elevada. O 3 de xaneiro de 1918 aparece unha crónica en Galicia Pintoresca[84], asinada polo presidente da Sociedade con data 28 de decembro de 1917, na que se alude a este elevado número de matrícula:

> *"La Sociedad Progreso de Lousada dio comienzo este año las clases de intrucción el día 5 de noviembre, actuando de Profesor, D. Andrés Prieto Fernández, quien por su esmerado cumpli-*

81 Cfr. Somoza, op.cit., p.289.

82 Costa Rico, A., op.cit., p. 942.

83 Neste punto teranse en conta tanto os obxectivos establecidos nos Estatutos da Sociedade en Lousada como na Habana, xa que converxen nun fin común.

84 Galicia Pintoresca foi unha revista ilustrada publicada en Vilalba entre 1916 e 1918 dirixida por Chanot.

*miento en el desempeño de su cometido, al frente de esta escuela el año anterior, mereció que la Comisión de Instrucción lo reeligiese.*

*Esta Sociedad labora con gran interés por el sostenimiento de este plantel de enseñanza y unidos a los altruístas y entusiastas socios de la "Protectora" de la Habana luchan por el porvenir de esta escuela; siendo su afán y anhelo el que todos los hijos de Lousada reciban sólida Instrucción.*

*En la actualidad asisten a las clases más de cincuenta alumnos de ambos sexos, y, a juzgar por los que aumentan día a día, han de llegar a cien, como aproximadamente asistieron el año pasado."*[85]

En relación ao ingreso, Peña Saavedra (1995) expresa:

*" Aínda que formalmente o ingreso nas Escolas de Americanos estaba aberto a tódolos individuos comprendidos no intervalo da idade escolar estipulada e pertencentes ó espacio territorial delimitado por cada corporación, na práctica a capacidade das aulas e outros imperativos obrigaban a restrinxi-lo acceso e, correlativamente, a establecer unha orde de prelación entre os aspirantes conforme, case sempre, a tres criterios: a condición de socios dos familiares dos nenos, a carencia de recursos económicos e a orfandade parcial ou total dos candidatos. Malia estas limitacións, os rexistros de alumnado dispoñibles apuntan a que a matrícula nos colexios foi elevada, se ben tivo como contrapartida un alto absentismo académico, que as entidades e os seus docentes trataron de neutralizar con medidas persuasivas e represivas "*[86].

No artigo 3 do Regulamento de 1918 da Sociedade na Habana aprobada o 17 de marzo de 1918 maniféstase:

*" La Sociedad tendrá por principal objeto fomentar y sostener la instrucción gratuita con todos sus accesorios, en la parroquia de Lousada, término municipal de Germade, provincia de Lugo (España), sosteniendo en dicha parroquia en unión de la Sociedad "Progreso de Lousada"domiciliada en la misma, un colegio elemental para ambos sexos que podrá ser elevado a la enseñanza superior cuando las circunstancias lo exijan; y no podrá en ningún día cambiarse el colegio de la mencionada parroquia de Lousada."*

No artigo 7 establécese que na medida en que o permitan os seus recursos" organizará conferencias científicas; y todo lo que favorezca el progreso intelectual del pueblo".

E no artigo 8 contémplase a extensión da instrución ás parroquias limítrofes.

O 7 de marzo de 1928 rexístrase no Goberno Civil de Lugo unha copia dos artigos que na Xunta Xeral, celebrada en Lousada o 5 de xaneiro de 1928, se acordou engadir ao Regulamento anterior vixente:

*"Art.37.- Esta Sociedad se denominará en lo sucesivo: Sociedad de Instrucción, Recreo y Beneficiencia "El Progreso de Lousada"*

*Art.38.- Para los efectos de esta innovación benéfica, se tenderá a mejorar la condición moral-económica por medio del perfeccionameiento de la agricultura, fomento de la cría de ganados, adquisición de abonos químicos, semillas, grano, sales, aperos de labranza, máquinas*

85 *Galicia Pintoresca*, Año III, núm. 39, 3 de xaneiro de 1918.

86 Peña Saavedra,V., art.cit., p.48

*agrícolas y demás objetos destinados al mejoramiento de la agricultura y cuanto sea de utilidad y beneficioso para el labrador."*[87]

Aínda que a Sociedade declara unha neutralidade no aspecto político e relixioso[88], o feito de potenciar o progreso intelectual do pobo e a mellora da condición moral-económica dos asociados , leva implícita, dun xeito sutil, unha finalidade política; sería tanto como loitar contra o caciquismo[89]. A partir de 1928, despois da modificación dos estatutos, ademais do seu obxectivo prioritario que era a instrución na parroquia, percíbese unha evolución nos seus fins cara a unha mellora na agricultura e gandería, achegándose aos principios do movemento agrarista, máis concretamente na liña dos sindicatos agrarios de signo católico que proliferaron nos primeiros anos do século XX, centrados sobre todo en aspectos benéfico-sociais, cooperativistas e mutualistas, e afastados de fins reivindicativos. No contorno, existiron varios como o "Sindicato Agrícola Progreso de Santaballa", "Juventud Agraria de Lanzós", " Sindicato Agrícola Católico de Germade", ou "Liga Agraria de Germade", pero en Lousada non chegou a formalizarse ningún, aínda que membros da Sociedade "Progreso de Lousada" participaron na Liga Agraria como vocais ou formando parte da xunta directiva en algunhas ocasións. As melloras no eido agrario na parroquia potenciáronse a través da sociedade de instrución.

Case simultaneamente, na Habana, o 10 de xuño de 1927, modifícanse tamén os Estatutos e a Sociedade pasa a denominarse "Progreso de Lousada, Sociedad Cultural y de Socorros Mutuos" (art.1). No art. 2 establécense as finalidades, das que cómpre salientar: o fomento da cultura; o progreso moral e material dos habitantes da parroquia; as actividades que tendan a vigorizar o espírito cidadán do pobo; o estímulo á ensinanza e á cultura en xeral, procurando que sexa o máis eficiente posible; a implantación de novos métodos na agricultura; o establecemento dun fondo de socorros mutuos; prestar protección aos inmigrantes da parroquia cando cheguen a Cuba procurándolles emprego, velar polo cumprimento das Leis de Instrución Pública no lugar de procedencia[90]. Da análise destes dedúcese que se mantén o obxectivo prioritario da mellora da instrución en Lousada, pero subxace tamén, dun xeito vago e impreciso, un compoñente socio-político e unha tendencia cara ao mutualismo e a protección dos socios na Habana, tentando en última instancia " formar cidadáns cultos e capacitados para ser libres, futuro piar da democracia política" (Núñez Seixas,1998)[91]. Este autor expresa tamén, en relación con este aspecto, o seguinte:

*" Ora ben, eses termos vagos non sempre implicaban neutralidade absoluta, nin moito menos indiferencia fronte ó que acontecese nos lugares de orixe: a maioría das sociedades vían no fomento do asociacionismo e da instrucción primaria un arma para combater o clientelismo político no medio rural e apoiar unha moralización da vida pública que fose paralela ó progreso material e á extensión do benestar colectivo. Eses fins expresábanse con máis claridade dende a segunda década do XX."*[92]

87 Certificación presentada no Goberno Civil de Lugo con data 07.03.1928. Fondo Sociedades. AHPL

88 No artigo 3 do Regulamento de 1915 exprésase:"En las reuniones que la Sociedad celebre, se prohibe terminantemente tratar ni discutir asuntos políticos, religiosos o de otra clase, que desdigan del buen nombre y menoscaben el decoro de la Sociedad."

89 Cfr. Costa Rico, A. (1994), art. cit., p.37.

90Vid. Estatutos no anexo 4.

91 Núñez Seixas, X.M., op.cit., p.128.

92 Ibídem, p.118.

## 5.3. Proxecto educativo e dotación de profesorado

Os emigrados, conscientes das carencias educativas que existían nos seus lugares de orixe, dirixiron principalmente a súa intervención educativa enfocada a xeralizar o ensino básico nos seus lugares de procedencia, suplindo a escasa intervención do Estado e, na maioría dos casos, limitáronse a corrixir os déficits que rexistraba a rede escolar pública[93]. No caso de Lousada, dotaron á parroquia dun edificio escolar e dunha escola mixta de tipo unitario cun só docente. En principio, sería unha escola privada sostida pola Sociedade, pero, pouco tempo máis tarde da súa creación pasaría a ser pública despois de ser aprobado o traslado da Escola Nacional Mixta de Lousada situada na Abelleira ao Pazo, segundo a Real orde do 6 de febreiro de 1922[94], cedendo o seu edificio en arrendo ás institucións públicas, que se ocupaban de dotar o profesorado.

Non se pode precisar con exactitude a data en que empezou a funcionar a escola sostida pola Sociedade, pero segundo unha crónica aparecida en Galicia Pintoresca sería no 1915, posiblemente cara finais de ano[95]. Existen referencias a que se contratou a Andrés Prieto Fernández para o curso 1916-17, e se lle renovou o contrato para o curso seguinte (1917-18)[96].

A administración do elenco de ensinanza correspondíalle á Sociedade en Lousada, segundo consta no artigo 3 do Regulamento de 1918 da Habana. En 1918, xorde unha controversia en torno á elección do mestre: por unha banda a Xunta Directiva prefería contratar un mestre privado; e por outra , parte dos asociados pretendía contratar un mestre nacional. Despois de ser sometida a votación na asemblea xeral, resultou gañadora esta última opción e non tardaría en levarse á práctica. Porén, xeraría unha polémica que recolle a prensa local da época [97]:

> ***"Del pináculo al abismo***
>
> *Lamentable, doloroso, bochornoso es para mi transcribir aquí lo acaecido en la Sociedad "Progreso de Lousada".*
>
> *Aquella Sociedad modelo, que otras veces en estas mismas columnas he elogiado por su organización y disciplina y por la altura poco común a que la habían elevado las inquebrantables energías de sus socios fundadores.*
>
> *Hagamos historia para que el lector consciente pueda formar un juicio claro del motivo ocasional de nuestra justa indignación.*
>
> *Fundóse la mencionada Sociedad al calor de un subido patriotismo de los hijos de Lousada, contribuyendo cada cual – justicia es reconocerlo- con todo lo que sus fuerzas lo permitían; nació y creció rápidamente, cual flor en plena estación primaveral, era el orgullo de esta colonia al ver un grupo de hermanos -relativamente pequeño- cómo acometía empresas dificilísimas dadas sus pocas fuerzas, y todas las veíamos coronadas con el mayor éxito.*

93 Cfr. Peña Saavedra, V. (1991). *Éxodo, organización comunitaria e intervención escolar. La impronta educativa de la emigración en Galicia.* A Coruña: Xunta de Galicia, Tomo II, p.92.

94 *Gaceta de Madrid*, núm.48, 17 de febreiro de 1922.

95 *Galicia Pintoresca* de 19 de decembro de 1916. Nesta crónica recóllese que a sección de recreo da Sociedade organizou un acto conmemorativo con motivo do primeiro aniversario do inicio das clases.

96 *Galicia Pintoresca*, ano III, núm.39, 3 de xaneiro de 1918.

97 O artigo é unha transcrición literal do aparecido na revista informativa-literaria *Aurora*, ano II, núm. 11 do 15 de decembro de 1919. Esta revista comezouse a publicar en Vilalba no ano 1918 e estaba dirixida por Antonio García Penabad.

*Vémosle construir una magnífica casa-escuela, dotadas de los últimos adelantos pedagógicos, y nos admira una vez más del éxito con que la terminan.*

*Ya en el pináculo de sus glorias, empiezan las discusiones acerca de cuál sería el profesor que habían de nombrar; al fin colocan en aquel magnífico plantél uno de estos profesores en embrión, un labrador cualquiera, sin más instrucción que los indispensables estudios elementales, y este profesor (llamésmole así para saber a quien nos referimos) es el ídolo de una buena parte de los hijos de Lousada. Veámos por qué:*

*Por el Ministerio de Instrucción Pública fue creada una escuela nacional para Lousada; el Ayuntamiento desde un principio creyó justo que la Sociedad le cediese en calidad de arriendo el local de la misma, toda vez que de esta manera podrían contar con un Maestro nacional para educar a sus hijos.*

*Aquí estalló la tormenta; formidable tempestad se levantó; se divide la opinión, el ayuntamiento insiste sobre lo propuesto, se forman dos bandos que parecían ser casi iguales, cítase a Junta General y después de innumerables discusiones, sométese a votación, triunfa el sentido común, triunfa la razón, la justicia; todo por el bien de Lousada, tendremos un Maestro nacional, exclaman los que aman a sus hijos.*

*Aférranse a la estúpida idea los contrarios, y en el acto de la Junta presentan todos la renuncia, quedan vacantes todos los puestos electivos. ¿Se disolverá la Sociedad? Tal vez, sí. ¡Oh! ¡Cuán triste es desconocer los deberes que atañen a un buen padre!*

*Prefieren -por su ignorancia- que el hijo sea un analfabeto, que tenga que mendigar a la tierra el pan para la vida, por falta de mejor preparación cultural que le capacite para ocuparse en alguna profesión más grata que el destripar terrones.*

*Pero aún no es suficiente el escándalo; escriben a Cuba -esos mismos ignorantes- aconsejando que todos se dén de baja en la Sociedad. Por fortuna esto no sucederá aun cuando algunos comulgan en la misma descabellada idea, hay aquí una gran mayoría, conscientes de sus deberes, que no tolerarán que esta obra se desmorone sin más gloria.*

*- Que no tendremos dónde bailar cuando retornemos a la patria, exclaman unos.- Que el maestro será un cacique y una carga pública, exclaman otros.*

*¡Oh ignorancia! No se les ocurre decir que no tendrán dónde educar sus hijos, o dónde educarse ellos mismos, que no dejará de hacerles buena falta.*

*¡El Maestro un cacique; una carga pública! ¡Qué sarcasmo! Es necesario desconocer hasta en sus más rudimentarios principios la nobilísima labor que está realizando el Magisterio español.*

*¡Oh, hijos de Lousada! Interpretad las cosas en el buen sentido, no os dejéis llevar de pasiones que perjudican a la patria, creedme a mí que soy vuestro amigo. Vuestra es la gloria de la Sociedad, y vuestra será la gloria de haber albergado en vuestra casa al primer hombre del pueblo, al modelador de conciencias y de hombres, al hombre ilustre que viene a redimirnos, ilustre por necesidad: el Maestro nacional.*

*¿Tenéis dudas aún? No creáis ni por un momento que se os pueda quitar el derecho al edificio-escuela, al contrario, adquiriréis más méritos; acoged en vuestros brazos al Maestro que os brinda el Estado; halagádlo, puesto que él es vuestro salvador.*

*ALFONSO FRAGA*

*Habana"*

A Sociedade, a través do seu Presidente, responde a esta opinión no número seguinte da mesma publicación:

> *"Recibimos una extensa carta de D. J. Castro Chao, que por falta de espacio no podemos publicar, en la cual contestando a un artículo, de nuestro querido corresponsal en La Habana D. A. Fraga Orosa, publicado el pasado número en esta Revista con el epígrafe " Del pináculo al abismo", nos ruega hagamos costar lo siguiente:*
>
> *1º Que ningún socio de "Progreso de Lousada" rechaza la Escuela Nacional ni Profesor competente por ser lo primero y lo segundo muy necesarios para el resurgimiento del país, pero no quieren la Escuela en su edificio social que han de necesitarlo para la Sociedad.*
>
> *2º Que el Ayuntamiento no solicitó el local en arriendo, sinó la cesión al mismo del edificio o local.*
>
> *3º Que ningún socio de los aludidos en dicho artículo escribió a Cuba para que los de allá se borrasen de la Sociedad;*
>
> *4º Que si presentaron la dimisión de sus cargos al proclamarse en Junta general el establecimiento de la Escuela Nacional en el edificio social, estaban en su perfecto derecho, retirándose de la Directiva a fin de sostener sus primitivos ideales sociales que son: el engrandecimiento de la Sociedad y el sostenimiento de una Escuela particular.*
>
> *Queda complacido nuestro comunicante"*[98]

A posición que defendía a Xunta Directiva tiña o seu fundamento na deficitaria formación dos mestres da escola pública, que se arrastraba dende o século XIX, o abandono frecuente das súas obrigas, o apego dos pais aos métodos tradicionais[99] e a crenza instalada na conciencia de moitos habitantes do rural de que os mestres nacionais ensinaban pouco[100].

As sociedades de instrución recoñecen ao mestre como o principal axente do seu modelo de intervención educativa, e buscaron, sempre, que tivese unha boa cualificación e competencia profesional[101].

Afortunadamente as consecuencias do acordo de contratar un mestre nacional e o traslado da escola da Abelleira ao Pazo foron positivas para o progreso instrutivo e cultural da veciñanza da parroquia.

En relación ao plan de estudos proposto, existe unha afinidade cos plan oficiais. A Sociedade nos seus inicios propón unha segregación por materias, pero co paso do tempo e a instalación da Escola Nacional Mixta no local da Sociedade, supón a evolución cara a obxectivos máis xenéricos como fomentar a cultura e o progreso material dos lousadeses, estimular o amor polo ensino e coidar que este sexa eficiente etc. No seguinte cadro pódense comparar as distintas propostas recollidas nos distintos regulamentos:

98 Revista informativa-literia *Aurora*, ano III, núm. 12, 15.01.1920

99 Cfr. De Gabriel, op.cit., p.152 e 249.

100 Guerreiro, op.cit., p.211.

101 Cfr. Peña Saavedra,V., op.cit., p. 118.

## CADRO 1.PROGRAMA EDUCATIVO

| PROGRAMA EDUCATIVO | |
|---|---|
| **REGULAMENTOS** | **MATERIAS PROPOSTAS E OUTRAS INTERVENCIÓNS** |
| **Regulamento de 1915 (Lousada)** | Materias:<br>*Relixión, Catecismo, Nocións de Historia Sagrada, Lectura, Escritura, Gramática Castelá, Aritmética Elemental, Xeografía de España e Galicia, Historia de España, Agricultura e Correspondencia familiar práctica.* |
| **Regulamento de1918 (Lousada)** | Materias:<br>*Lectura, Escritura, Gramática Castelá, Aritmética, Xeografía de España e de Galicia, Catecismo e nocións de Historia Sagrada.*<br>Outras intervencións:<br>*- Poderá dar conferencias científicas e todo o que favorezca o progreso intelectual do Fondal de Lousada.* |
| **Regulamento de1927 (Lousada)** | Manténse o anterior. |
| **Regulamento de1918 (Habana)** | As asignaturas para a ensinanza elemantal, serán polo menos as seguintes:<br>*Lectura, Escritura, Gramática castelá, Aritmética, Xeografía de España e Universal, Historia de España e rexional; Hixiene, Táctica militar, Urbanidade e Agricultura.*<br>Outras intervencións:<br>*- Celebración dun exame ante un tribunal competente ao rematar o curso.*<br>*- Estimular con premios aos máis constantes en concorrencia, conduta e aplicación.*<br>*- Poderá dar conferencias científicas e todo o que favorezca o progreso intelectual do Fondal de Lousada.*<br>*- Dotar dun regulamento de réxime interior e para o profesorado, aprobado por ambasas sociedades en xunta xeral.* |
| **Regulamento de 1927 (Habana)** | Non se propoñen materias ou asignaturas.<br>Outras intervencións:<br>*- Fomentar o progreso moral e material entre os habitantes da parroquia de Lousada.*<br>*- Estimular o amor ao ensino e á cultura en xeral.*<br>*- Velar pola eficiencia do ensino primario.*<br>*- Velar polo cumprimento estricto das Leis de Instrucción Pública.*<br>*- Implementar novos métodos de agricultura, uso de maquinaria moderna.* |

**Fonte:** Elaboración propia a partir da información recollida nos Estatutos.

Cómpre poñer de relevo a introdución de materias como a Xeografía e Historia de Galicia, feito que resultaba unha novidade e denotaba un interese polo estudo e coñecemento de Galicia, aínda que fose difícil levalo á practica porque non formaba parte do programa oficial, e ao final resultase puramente testemuñal.

Tamén debe salientarse a" Correspondencia familiar práctica"que resultaba esencial para a comunicación entre os emigrados e os familiares que residían na parroquia, o cal tiña unha enorme finalidade práctica.

Débese resaltar, tamén, a inclusión da agricultura como materia. Xa dende finais do século XIX aparecía nos programas oficiais, pero pretendíase, daquela, "reforzar nos nenos a convicción de que estaban destinados a dedicarse ao cultivo da terra"e xerar apego a ela por medo a que a escola espertase expectativas vitais distintas daquelas que estaban destinados a herdar, evitando así a deserción que a instrución puidese suscitar na xente do rural [102]. Agora ben, o enfoque dende as sociedades de instrución é diferente, xa que ante a urxente necesidade de aplicar medidas correctoras ao deficitario sistema instrutivo, contemplaron dun xeito pragmático mellorar a instrución para que os que emigrasen puidesen competir en mellores condicións, ou perfeccionar as técnicas agrícolas para obter un maior rendemento e mellorar as condicións de vida dos que permanecían na parroquia[103]. Pombo Mosquera sinala, en relación con esta materia, que:"Procurábase un achegamento ó coñecemento do medio mediante o estudo da agricultura, materia moi próxima a uns rapaces procedentes do mundo rural e que a diario con ela viven."(2007)[104].

En xeral, apréciase unha tendencia a priorizar as materias básicas correspondentes ás áreas matemática (aritmética) e lingüística (lectura e escritura) e unha apertura cara a todo o que supuxese o progreso cultural da parroquia. Pero o labor educativo da Sociedade Progreso de Lousada non se limitou exclusivamente ao sostemento das tarefas académicas, senón que estimulou outras actividades complementarias como a celebración da festa da árbore, veladas, xuntanzas, representacións teatrais etc., das que se falará máis adiante.

## 5.4. O EDIFICIO ESCOLAR

As parroquias rurais galegas, a principios do século XX, carecían de edificios escolares propios, e os existentes eran alugados polos concellos e non acadaban unhas condicións mínimas axeitadas para o desenvolvemento do ensino; e, como xa queda explicado, non foran concibidos para o labor que tiñan que desempeñar, resultando inadecuados, fríos, escuros e insalubres. Esta carencia impulsou a moitas sociedades de instrución a construír edificios propios e promover así un cambio que paliase a inhibición por parte da Administración pública para solucionar este déficit estrutural. Por isto, levantaron edificios escolares que van dende unhas modestas e sinxelas construcións, ata outras máis complexas, elegantes e vistosas, pero dotadas todas dun aspecto identificativo e recoñecible en que se adiviña a influencia transoceánica. Pretendían, ademais, que os seus edificios reunisen as condicións hixiénicas, pedagóxicas e arquitectónicas máis axeitadas [105].

102 Cfr., de Gabriel, op.cit., pp.371 e ss.

103 Cfr., Peña Saavedra,V., art. cit., pp.27,28.

104 Pombo Mosquera, X. (Coord). (2007). *Liga Santaballesa. Historia dunha escola habanera, 1907- 2007,* p.139.

105 Cfr. Peña Saavedra,V., op.cit.,Tomo II, pp. 56-75.



Imaxe tomada no ano 1990 do edificio escolar e social construído pola Sociedade.
**Fonte:** Arquivo privado da familia Guerreiro.

Os veciños e as veciñas do Fondal de Lousada dende os primeiros anos do século XX, ou ao menos dende 1908, viñan pedindo ao Concello e ás autoridades educativas o traslado da escola da Abelleira ao Pazo, ou a creación dunha escola no mencionado lugar, e como as súas demandas non chegaban a prosperar, proxectaron construír un edificio escolar. Os emigrados na Habana, coñecedores deste propósito, levaron a cabo unha subscrición para recadar fondos para a dita obra, e o 19 de marzo de 1909 envían á Comisión en Lousada unha carta e unha letra por un importe de 1.288,70 pesetas que portaba en man Jesús Castro Hermida, procedente da Habana. Este acontecemento foi publicado no *Eco de Villalba*[106] o 17 de xullo de 1909 o que transcribimos:

*"Desde Lousada*

*Sr. Director de EL ECO DE VILLALBA*

*Distinguido señor nuestro: Hemos de merecer de la fina atención de V. se digne dar cabida en las columnas de esa Revista, de su digna dirección, á los documentos que acompañamos.*

*Le anticipan las gracias y se repiten de usted at.s.s.q.b.s.m.*

*José García,* *Primo Balsa,*

*Jesús Castro,* *Antonio Otero*

106 O *Eco de Villalba* foi un xornal editado en Vilalba entre 1908 e 1915, fundado e dirixido por Manuel Mato Vizoso.

*Habana, 19 de Marzo de 1909.*

*Sr. Primo Balsa García.- Lousada.*

*Apreciable amigo: Nosotros los hijos de ese pedazo de tierra que tiene la parroquia de Lousada en el fondal y algunas otras personas, que como nosotros sienten delirio por nuestra tierra querida, habiendo tenido noticia de que Vds. se encontraban trabajando con gran esfuerzo para poder llevar á cabo la construcción de una casa para la escuela y deseosos de que la obra resulte lo mejor posible, tratándose de una obra tan beneficiosa como es esa, nos hemos reunido y acordamos llevar á cabo una suscripción que dio un resultado, sino como deseábamos, muy satisfactorio, pues casi todos han contribuido cada uno según sus fuerzas. Hemos recolectado 245 pesos y 50 centavos oro Español lo que giramos hoy mismo dando un total de pesetas 1.288,70. Es nuestro deseo que Vds. hagan una casa que reuna todas las exigencias que requieren los edificios destinados á este objeto, es decir, si puede ser que esta sea de planta alta y buena, pues aquí nosotros estamos animados de los mejores deseos y dispuestos á hacer nuevos sacrificios á cuyo efecto esperamos enviarles muy luego 100 pesos más, que creemos se reuniran en seguida:*

*Nosotros hemos nombrado en esa una Comisión para que pueda disponer de la cantidad girada, según lo necesiten para la ante dicha construcción: Dicha Comisión la compondrán, los señores Primo Balsa García, José García López, Antonio Otero Pardo y nuestro compañero Jesús Castro Hermida, que es portador de la letra y de esta carta el cual embarca hoy mismo:*

*Confiamos nosotros que con el acierto de nombrar la Comisión harán una cosa buena por ser todas personas conocedoras de las exigencias que se necesitan y entusiastas iniciadores de tan benéfica obra á lo cual les hemos de secundar nosotros en cuanto esté á nuestro alcance.*

*Acompañamos á esta carta una lista de los donantes la que deseamos que se le dé publicidad en EL ECO DE VILLALBA para la mayor satisfacción de todos. La Comisión: Andrés M. Velares, José García Castro, Joaquín Piñeiro, José Mª Balsa.*

*SUSCRIPCIÓN*

*abierta para ayudar á la construcción de una casa para la escuela que se está construyendo en la Parroquia de S. Andrés de Lousada.*

*Realizada la subscripción por los nativos del Carboeyro Abajo y algunas caritativas que han contribuido con su óbolo á ayudarnos á la obra iniciada:*

*Srs. D.*

*Juan Vázquez 10 pesos 60 centavos*

*Manuel Hermida 10,60*

*Andrés Dopico 15,90*

*Dolores Laza Dopico 5,30*

*Mercedes Dopico Laza 5,30*

*Baltasar Graña Dopico 7,42*

*Joaquín Piñeiro 8,48*

*Francisco Otero 2,00*

*Paulina de Otero 2,00*

*José Otero 2,12*

*María Piñeiro de Otero 2,12*

*Aquilino Otero 5,30*

*José Castro Hermida 10,60*

*Baltasar Castro Hermida 5,30*

*Andrés Castro Hermida 5,30*

*Antonio García Castro 5,30*

*José García Castro 5,30*

*Juan García Castro 5,30*

*Vicente García Castro 5,30*

*Manuel García Castro 5,30*

*Guillermo García Castro 2,12*

*Andrés Mª Villares 5,30*

*Agustín García 4,24*

*Pedro García 5,30*

*Manuel Piñeiro Pardo 5,30*

*Belén Benito de Piñeiro 5,30*

*Juan Piñeiro Pardo 8,48*

*Manuel Mª Piñeiro Pardo 5,30*

*Ramón López 5,30*

*Jesús Hermida Castelo 5,30*

*José Hermida Castelo 5,30*

*Laureano Castelo 4,24*

*Jesús Balsa Campas 5,30*

*Andrés Balsa Campas 2,12*

*Andrés Balsa García 5,30*

*José Mª Balsa 5,30*

*Jesús Prieto Vázquez 5,30*

*Jesús Iglesias García 4,24*

*Vicente García García 2,12*

*Vicente Bermúdez 4,24*

*Ramón Bermúdez 4,24*

*DE SANTABALLA*

*José Hermida Eimil 2,12*

*Ramón Hermida Eimil 2,12*

*Los Tres Hermanos Curbel 5,30*

*Clemente Teniente 1,00*

*Francisco Naseiro 2,00*

*DE ROUPAR*

*Baltasar Dopico Gacio 2,12*

*José Mª Dopico López 2,12*

*Vicente Pernas ( de la Torre) 2,12*

*DEL BURGO*

*Manuel Cabaleiro 2,12*

*LIQUIDACIÓN*

*La Comisión Recolectadora ha recaudado 245,50 pesos oro español, al 43,4 descuento. Total 1.288,70 pesetas (mil doscientos ochenta y ocho pesetas setenta céntimos).*

*Habana, 19 de Marzo de 1909*

*LA COMISIÓN."*

Por tanto, en Lousada construíuse un edificio de planta rectangular de 13,20 metros de longo por 7,30 m de ancho con dous corpos superpostos independentes un do outro.

O edificio rematouse o 16 de xullo de 1909 segundo recolle *o Eco de Villalba* de 17 de agosto de 1909:

*"Según nos comunica nuestro activo Corresponsal en aquella parroquia, el 16 de Julio último, día del Carmen, se dio remate á las obras en construcción de un edificio para Casa-Escuela, en el Barrio del Pazo y junto a la capilla del Santo Cristo.*

*Este fausto acontecimiento lo celebró todo el vecindario con marcado regocijo, improvisando una fiesta, en que no faltaron los cohetes ni la gaita gallega y dándose, al final, ¡vivas a la Junta directiva y á la Colonia habanera que con sus cuantiosos donativos, tanto contribuyó al mejor éxito de esta obra.*

*La obra se compone de planta alta y baja con dos locales de setenta y dos metros cuadrados cada uno y nueve luces de ciento setenta centímetros de alto cada una, resultando en conjunto una obra airosa y esbelta y de muy buenas condiciones higiénicas, que es, los más esencial en los edificios destinados á la Enseñanza.*

*¡ Bien por los de Lousada!"*

Pero iso non significaba que se puidese dispor del. Posiblemente se rematase a obra exterior e aínda habería que esperar uns anos a que estivese totalmente operativo. Pero, o certo é que, cando menos, os lousadeses xa tiñan un edificio a piques de ser utilizado.

A planta baixa foi usada nos seus inicios para actividades sociais como os bailes, veladas, representacións teatrais, reunións etc., e a superior destinouse a escola. Déuselle, por tanto, un uso polivalente, funcionando como centro dinamizador da vida sociocultural da parroquia. Na Xunta Xeral que tivo lugar o 20 de xaneiro de 1934 proponse que se xestione coas autoridades"a constru-

ción da casa-escola e se faga un arranxo nos altos do salón social para vivenda dos profesores"[107]. Na acta do 19 de xaneiro de 1936 recóllese que se trataron diversas propostas para o solar da casa vivenda dos profesores sen chegar a ningún acordo[108]. Pero co tempo levaríase a cabo a remodelación da parte superior para este fin, pero descoñecemos a data desta.

O edificio levantouse nun terreo chan e soleado con espazo suficiente para que puidesen xogar os nenos e as nenas. A casa escola estaba orientada cara ao sur e dotada na súa fachada principal de catro amplas fiestras no andar superior, e dúas no andar inferior xunto con dúas portas, unha daba acceso á parte alta e outra ao baixo, sendo esta acristalada. Na fachada este tiña dúas fiestras, unha no baixo e outra no piso superior; na fachada oeste contaba cunha fiestra no andar superior, e na fachada norte unha xaneliña que daba luz a un pequeno retrete. Conseguíase así que, dun xeito natural, os espazos fosen bastante luminosos. Seguía, na medida do posible, as recomendacións técnicas para este tipo de edificacións, aspecto en que as sociedades puxeron especial interese, tratando de construílos con criterios de calidade[109].

Trátase dun edificio sinxelo, carente de elementos ornamentais, sólido e robusto, construído con cuarcita da zona e canterías de granito nas portas e fiestras traídas de Vilapedre e tellado con lousa. A estrutura do cuarto estaba formada por vigas de castaño reforzadas con dous piares de ferro fundido e piso de madeira, e o sollado do baixo feito de cemento. Foi construído polos canteiros pontevedreses Francisco Carballeira Andión e o seu irmán nun terreo situado no lugar do Pazo doado polos propietarios do monte do "Coto de Ameixido". A veciñanza de Lousada colaborou na construción deste carrexando pedra e lousa, doando madeira etc. As portas, as ventás, o piso e o faio foron feitos por carpinteiros da parroquia, e outros veciños luciron as paredes con morteiro de cal.

Dotouse o edificio con mobiliario axeitado: a mesa do mestre, bancos, pupitres de dúas prazas para o alumnado e unha librería grande con molduras torneadas, acristalada na parte superior e con diversos departamentos para libros, material escolar e documentos da Sociedade, feita polo carpinteiro Ricardo Paz[110]. Para este fin tamén se recibiron fondos da Sociedade da Habana como testemuña a crónica de *Galicia Pintoresca* do 2 decembro de 1916:

> *"La Sociedad Progreso de Lousada establecida en la Habana, ha remitido a la Directiva en esta de Lousada un valioso donativo para pago del menaje de la escuela y pago de un competente maestro. Bien por el Progreso de Lousada."*

O custo dos edificios máis sinxelos podía oscilar entre 15.000 e 20.000 pesetas segundo Peña Saavedra[111]. Neste caso, non podemos sabelo con exactitude debido á carencia de documentación, pero pódese facer unha aproximación tomando como referencia o custo da obra exterior da Escola de Muras que ascendeu a 13.000 pesetas[112] ou o da Escola Habanera dos Vilares que sería de 14.083[113]. Por tanto, podemos estimar o custo do local entre 14.000 e 15.000 pesetas.

---

107 Copia da acta do 20 de xaneiro de 1935. Fondo Sociedades. AHPL.

108 Copia da acta do 19 de xaneiro de 1936. Fondo Sociedades. AHPL.

109 Na Gaceta de Madrid, núm.119 de 20 de abril de 1905 publícase a"Instrucción técnico-higiénica relativa a la construcción de Escuelas"que sería recollida e publicada na Habana polo Centro Gallego, e serviría como referencia na construción destas.

110 Cfr. Guerreiro, op.cit., p.210.

111 Peña Saavedra, V., op.cit., Tomo II ,p.65.

112 Pombo Mosquera, X. (Coord), op.cit., p.95.

113 Pérez López, S., op.cit., p.106.

En relación co edificio escolar, o artigo 9 do Regulamento de 1918 da Sociedade na Habana establecía: *"La Sociedad hermana, de Lousada, ya por su disolución u otro acto cualquiera no podrá hacer cesión del edificio escolar ni de enseres del mismo así como de otras propiedades que se adquieran sin el consentimiento de esta asociación."*

No extremo oposto á fachada principal construíron, tamén, un palco octogonal bordeado cun balaústre de ferro forxado. Utilizábano, cando facía bo tempo, os músicos que amenizaban os bailes promovidos pola Sociedade, ou na festa do patrón. Lamentablemente, foi derrubado ao redor do ano 1967 para ampliar o adro e construír outro de ladrillo e cemento emprazado a carón do edificio escolar.

Despois de ser incautado durante a guerra civil e entregado ao Concello, o edificio albergou a Escola Nacional Mixta núm.1 de Lousada-Pazo ata a súa clausura no ano 1980 cando entrou en funcionamento o CEIP de Xermade ao que se incorporarían os nenos e nenas das distintas parroquias. Os seus mobles: pupitres, mesa do mestre, librería etc., foron trasladados ás dependencias do Concello e o local quedou practicamente en desuso cun nulo mantemento.

No ano 2006, constitúese a nova "Asociación Socio-cultural Progreso de Lousada" que mantén o nome da súa predecesora en recordo e honra desta, sendo visados os seus Estatutos no Goberno Civil de Lugo o 26 de abril de 2006. Esta, a través do seu Presidente Artemio García Baamonde, solicita ao Concello a desafectación do local e a cesión gratuíta deste para uso e gozo da veciñanza de Lousada, sendo aprobada por unanimidade en sesión do Pleno que tivo lugar o 8 de xuño de 2006 [114].

Esta nova Sociedade promoveu a reforma integral do edificio con achegas de fondos da Comunicade de Montes Veciñais en Man Común da parroquia de Lousada, subvencións da Excelentísima




Detalle da fachada principal

**Fonte:** Fondo Gráfico do Arquivo da Emigración Galega.



Fachada do edificio na actualidade.

**Fonte:** Fondo Gráfico do Arquivo da Emigración Galega




Placa conmemorativa

**Fonte:** Arquivo privado.

114 Acta da Sesión Ordinaria do Pleno do Concello de Xermade celebrada o 8 de xuño de 2006. AMCX

Deputación de Lugo e colaboración da veciñanza en forma de man de obra de forma gratuíta. O edificio reabriuse o 19 de setembro de 2009.

Cómpre eloxiar a dedicación e esforzo, naquel momento, do Presidente desta asociación, Artemio García, en favor da recuperación do edificio para a comunidade lousadesa.

## 5.5. Socios

Non nos centraremos neste apartado a analizar a distinta tipoloxía dos socios, que se pode consultar nos diferentes Regulamentos anexados. Simplemente se achegan os datos que se atoparon no Arquivo Histórico Provincial de Lugo en canto ao número destes. Na Certificación da acta da Xunta Xeral que tivo lugar o 31 de xaneiro de 1925, remitida ao Goberno civil de Lugo constan 82 socios rexistrados a finais de 1924, e na Certificación da Xunta Xeral do 20 de xaneiro de 1935 figuran 103 asociados. Son cifras relativamente altas tendo en conta a poboación da parroquia e máis aínda se nos circunscribimos ao Fondal de Lousada.

## 5.6. Recursos económicos e financiamento da Sociedade en Lousada

A Sociedade recibiu remesas de diñeiro procedentes da Habana destinadas á construción do edificio, financiamento e sostemento da escola, obras específicas na comunidade, celebración de conferencias, conmemoracións etc. Ocasionalmente, donativos extraordinarios de socios, outros ingresos procedentes de actividades desenvolvidas como representacións teatrais, entradas de bailes etc., á parte das cantidades que puidese percibir en concepto de subvencións por parte das Institucións. Pero, o principal recurso económico era a achega das cotas dos socios. No Regulamento de 1915 estipulábase un mínimo de 10 céntimos mensuais, pagadoiros por semestres adiantados, e máximo a vontade de cada un, o que supoñía un mínimo de 1,20 pesetas anuais. No regulamento de 1918, establécense un mínimo de 2 pesetas ao ano pagadoiras por adiantado, e no ano 1931 elévase a cota a 5 pesetas anuais[115].

**Cadro 2: Estado de contas da Sociedade en Lousada. Moeda: pesetas**

| Ano | 1918 | 1925 | 1926 | 1927 | 1928 | 1931 | 1933 | 1934 | 1936 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Ingresos** | 303,10 | 211,00 | 1499,85 | 1095,60 | …. | 945,25 | 702,95 | 880,75 | …. |
| **Egresos** | 188,50 | 137,00 | 1281,15 | 675,60 | …. | 166,20 | 167,95 | 596,00 | …. |
| **Saldo** | 114,60 | 679,00 | 218,70 | 420,00 | 622,80 | 779,05 | 535,00 | 284,75 | 625,00 |

**Fonte:** Elaboración propia a partir dos datos recabados do "Fondo de Sociedades". AHPL.

115 Certificación da Acta do 1 de febreiro de 1931. Fondo Sociedades. AHPL.

# 5.7. Actividades promovidas

## A festa da árbore

Dende o punto de vista educativo e instrutivo debemos resaltar en primeiro lugar a "Festa da Árbore". Foi esta unha actividade común que promoveron todas as sociedades do contorno. Peña Saavedra explica que tiña unha finalidade de mentalización e instrutiva, e pretendía inculcar no alumnado o respecto polas árbores, comprender a súa utilidade e importancia e valorar os beneficios que estes nos poden aportar[116].

A Sociedade Progreso de Lousada celebrou unha solemne "Festa da Árbore" no ano 1923 e editou un folleto conmemorativo de 24 páxinas que comezaba cunha carta que a Sociedade da Habana dirixía ao Comité en Lousada en que se exhortaba a facer unha celebración solemne contratando a dous oradores para dar conferencias alusivas, facer unha plantación, invitar as autoridades e mestres das parroquias limítrofes e dar unha merenda aos nenos e nenas, comprometéndose a sufragar todos os gastos.

Guerreiro, en relación coa celebración desta festa, cóntanos que plantaron bidueiros no monte abertal, cantaron diversos himnos, logo asistiron á misa e saíron en procesión, encabezada por un gaiteiro e un tamborileiro marcando o paso, dúas nenas grandes tirábanlle pétalos de flores á patroa. Detrás ía unha banda e a xente en comitiva. Ao remate da procesión tiraron foguetes e houbo baile. Aos nenos e nenas déronlles unha boa merenda e despois proseguiu o baile no salón e no adro[117].

O folleto editado constaba de diversos apartados e colaboracións e incluíanse varios textos en que se poñían en valor as bondades e beneficios das árbores [118]. Cómpre salientar o poema en loanza dos socios da Habana que lles dedica Ramón Castiñeiras e o emprego do galego no final deste:

**"A LOS SOCIOS DE "PROGRESO DE LOUSADA" EN LA HABANA"**

*Hoy en el Pazo, hay prurito*
*Fuerte, de toda efusión*
*Y, en estar de corazón*
*Con vosotros en espíritu.*

**

*Interpretando el sentir*
*De vuestro pueblo natal.*
*Veré si puedo, aunque mal,*
*unas décimas escribir.*

116 Peña Saavedra, V., op.cit., pp.111-113.

117 Cfr. Guerreiro, op.cit., pp. 211-213.

118 Vid. Anexo 6. Os textos proceden dun folleto conservado nun arquivo privado, editado en 1923 para commemorar a "Festa da Árbore". Procurouse a súa transcrición literal.

*Yo, que poeta jamás fui,*
*Hoy que con la fiesta cultural,*
*Que es para Lousada fanal*
*Del bien que recibe de ti,*
*Alientos surgen en mí*
*Para, la peñola enristrar,*
*Y poderte así dedicar,*
*¡Oh Progreso de Lousada!*
*Un canto, que cual Hada,*
*Os fuera desde aquí abrazar.*

**

*Hoy es del árbol la fiesta*
*Que sufragáis, con cariños,*
*Para cultura de los niños*
*De esta hermosa floresta.*
*Acción tan noble es esta,*
*Que hace a esa Sociedad*
*Emula de la Caridad*
*Y también de la Instrucción*
*Mereciendo por esa razón,*
*¡Loores de fraternidad!*

**

*Los héroes que en la Habana*
*Por su lar, con heroísmo,*
*Prodigan el altruismo*
*Y la acción ciudadana,*
*No hacen una acción vana;*
*Dan cultura, dan salud,*
*Dan ejemplo de virtud,*
*De amor y de fraternidad;*
*¡Lousadeses! En cambio dad*
*Una inmensa gratitud.*

**

*Sin desmayo proseguid*
*Por el camino emprendido,*

*Que es hermoso y es florido*
*Y es hermosa vuestra lid.*
*Si aquí hubiera deslid*
*Por parte de labradores,*
*¡No serán de los mejores!,*
*Y necesitan la cultura*
*Que con vuestra cordura,*
*Sellais, aquí, con favores.*

**

*Yo no puedo olvidar*
*Un saludo, para esa perla*
*De las Antillas; y verla,*
*Es mi deseo; sin par.*
*Tampoco puedo dejar*
*En olvido, en el tintero,*
*A los socios, que no trato y quiero;*
*A todos un saludo envío;*
*A Castelo, García, Fraguío*
*Y Piñeiro, mi abrazo sincero.*

**

*Un recuerdo que, cual astro*
*Suba al cielo donde moran,*
*Los que, deudos y amigos lloran:*
*Balsa, Hermidas, Piñeiro y Castro,*
*A quienes haría de alabastro*
*Sus efigies. ¡Oh ilusión vana!*
*Otro recuerdo a esa Habana;*
*Y ya que de hombres son deberes,*
*Otro a esas bellas mujeres*
*Y otro a la bandera Cubana.*

**

*Recibide un forte abrazo,*
*Dos nenos e das neniñas*
*E de todas estas xentiñas*
*De iste pedronzo do Pazo.*

*E cando pronto o regazo,*

*O frorear as cereixeiras,*

*As rapazas de aquí pintureiras*

*Os vexan, a algúns chegar,*

*De alegría van a chorar*

*As rapazas e…*

*Ramón Castiñeiras*

*Lousada, Marzo 18 de 1923*

## Veladas e representacións teatrais

Na certificación da acta do 1 de febreiro de 1931 consta que "se autoriza al Sr. José Otero para que en los próximos carnavales de una velada en el local social".

Guerreiro fai referencia ás representacións teatrais que se desenvolveron arredor dos anos trinta:

> *"Fixemos veladas teatrais, poñendo en escena as obras Pepa Doncel[119] e Un señor de Horca y cuchillo[120]. Foron artistas Francisco Piñeiro Prieto, Remedios Vázquez Pardo, Leonardo Guerreiro Castelo, José Mouriño Balsa, Obdulia Vivero Yáñez, Mercedes Otero Chao, Mª Josefa Castelo Carballal, Inés Gómez Guerreiro, Daniel Balsa Fernández, Dorotea Balsa Fernández, e de apuntador Robustiano Castro Carballeira, mestre nacional. Xuntamos algún diñeiro para a caixa de aforros da sociedade"(Sic).[121]*

O Faro Villalbés[122] do 31 de decembro de 1934 recolle a seguinte crónica[123]:

**"De Lousada"**

> *"La culta juventud de Lousada ha organizado una magnífica y artística Velada, que tuvo lugar en el local social de la sociedad Progreso de Lousada el día 18 de noviembre último.*
>
> *La obra puesta en escena se titulaba La casa del marqués y constaba de tres actos.*
>
> *A las ocho de la noche se levantó el telón y aparece el Sr. Presidente de la Sociedad, D. José Otero, pronunciando unas palabras de salutación al numeroso público allí congregado, explicando los motivos de la celebración de aquel acto social y altamente cultural.*
>
> *El escenario apareció artísticamente acondicionado con arreglo a la obra que iba a representarse.*

119 Comedia de Jacinto Benavente.

120 Comedia de A. Custodio e L. Fernández Rica.

121 Guerreiro ,op.cit., p.217.

122 O Faro Villalbés foi un xornal local de Vilalba de tendencia republicana e periodicidade quincenal, aínda que en ocasións se publicou cada tres semanas. Editouse entre 1932 e 1936 en dúas etapas, rematando a súa existencia no periodo da guerra civil.

123 Faro Villalbés 1932-1936. (2002). Edición Facsimilar: IESCHA,Concello de Vilalba, Universidad de Santiago de Compostela, p.283.



Grupo de asistentes a la comida dada en casa del Secretario del Comité ''Progreso de Lousada,'' (Germade.) (x) El Director del ''Progreso Villalbés.''

**Fonte:** Eco de Galicia, ano VIII, núm. 191, 20.05.1923.

*La simpática y elegante señorita María Josefa Castelo, luciendo sus naturales encantos, fue la que tuvo a su cargo el papel de marquesa, quedando su desempeño a gran altura artística. Las señoritas Inés, Amalia, Dorotea y Obdulia, unidas al demás personal palaciego, han desempeñado cada una su papel admirablemente, escuchando repetidos aplausos del público.*

*El joven Piñeiro, algo técnico en esta clase de representaciones, interpretó admirablemente su papel de enamorado, y con su ingenuidad dio un fin a la obra que llamó la atención del público, cosechando numerosos aplausos.*

*El joven Robusto, maestro de la localidad, desempeño el papel de apuntador admirablemente, siendo felicitado.*

*Los entreactos fueron amenizados por una sección de la banda de música que dirige D. Ramón Gato, vecino de Cabreiros.*

*Al terminar se dieron repetidos vivas a la República, tocando la música de La Marsellesa y el Himno de Riego, coreados por el público.*

*JOSÉ CASTRO CHAO*

*Noviembre de 1934"*



Foto da celebración da festa da árbore no ano 1923.
**Fonte:** arquivo privado.




Foto da celebración da festa da árbore no ano 1923.
**Fonte:** arquivo privado.

E no diario *El Pueblo gallego,* o 13 de febreiro de 1935 aparece:



LOUSADA.—En la inmediata parroquia de Lousada se celebró recientemente un acto cultural en el salón del "Pazo d'a Veiga", cuyo acto consistió en varias sesiones de Cine, cosa completamente nueva en estas aisladas aldeas, cuyo acto tan original en la parroquia, llamó extraordinariamente la atención, mereciendo alabanzas la juventud que trabaja por el adelanto del rincón nativo.

Felicitamos a los simpáticos jóvenes de Lousada, por su entusiasmo.

Estas testemuñas evidencian o dinamismo da Sociedade e resaltan o interese da mocidade do Fondal de Lousada pola cultura, algo que chama a atención se temos en conta que se trataba dun lugar pequeno e lonxe das vilas ou cidades en que podía existir outro tipo de oferta cultural.

## Os bailes

A Sociedade tiña tamén fins recreativos, e a actividade que máis aceptación espertaba era a celebración de bailes, tendo estes unha enorme repercusión non só na parroquia, senón tamén en todo o contorno. Celebrábanse en tres datas sinaladas: Fin de ano e Aninovo, o Entroido e as Flores de maio. Houbo algún intento de suprimilos, pero isto deu pé a que se presentasen candidaturas de xente nova para formar a Xunta Directiva, favorables á celebración destes[124]. Mantivéronse ata a guerra civil, momento en que se suprime calquera manifestación de tipo cultural e social. Este momento suporía practicamente o fin da Sociedade en Lousada.



**Lousada (Germade)**

**Fiestas.**—Durante los días 28, 29 y 30 del pasado, se celebraron grandes fiestas en esta localidad.

Apesar de lo lluvioso del tiempo estuvieron concurridísimas de gentes de las parroquias limítrofes. El baile que hubo por la noche en el local del "Progreso de Lousada" estuvo tan animado, que resultaba insuficiente para contener tanta concurrencia.

La organización de los festejos corrió a cargo de los señores don Antonio Gómez, Crisanto Hermida y Herminio Baamonde, que fueron muy felicitados.

Los dos primeros días amenizó las fiestas la acreditada banda de Ramón d'o Tumbadoiro, y el día 30 varios elementos de dicha banda y algunos aficionados de Lousada, que obtuvieron mucho éxito.

**De viaje.**—Represó de la Habana don Ramiro Hermida.

**Enfermo.**—Se encuentra enfermo de alguna gravedad don Andrés Castelo.

**Fonte:** El Pueblo Gallego, ano IX, núm. 2507, 7 de abril de 1932.

124 Cfr.Guerreiro, op.cit., p.217.

# 5.8. Directivas da Sociedade en Lousada

**Táboa 1: Xunta Directiva 1915**

| Cargo | Nome |
|---|---|
| Presidente | José Castro Chao |
| Vicepresidente | |
| Secretario | Antonio Otero Pardo |
| Vicesecretario | |
| Tesoureiro | |
| Vicetesoureiro | |
| Vogais | |
| Vocais suplentes | |

**Fonte:** Regulamento de 1915

**Táboa 2: Xunta Directiva 1918**

| Cargo | Nome |
|---|---|
| Presidentes de Honor | Jesús Castro Hermida y José García Castro |
| Presidente | Primo Balsa García |
| Vicepresidente | Juan García Castro |
| Secretario | Prudencio García Agras |
| Vicesecretario | Juan Piñeiro Pardo |
| Tesoureiro | Ricardo Paz Paz |
| Vicetesoureiro | Rosendo Castelo García |
| Vogais | José Orosa Pico, Francisco Vázquez Pena, José Iglesia Paz, Jesús Vázquez Pena, Andrés Castro Hermida, Pedro Morado Gómez, Vicente Hermida Ladra, Fermín Hermida Requeijo |
| Vogais suplentes | Antonio Gómez Balsa, Vicente Ladra Otero, Manuel Gómez Balsa, Pedro López Orosa |

**Fonte:** Acta da Xunta Xeral celebrada o 14.04.1918 remitida ao Goberno Civil. AHPL

### Táboa 3: Xunta Directiva 1919

| Cargo | Nome |
|---|---|
| Presidente | Primo Balsa García |
| Vicepresidente | Ricardo Paz Paz |
| Secretario | José Castro Chao |
| Vicesecretario | Andrés Castro Hermida |
| Tesoureiro | José Orosa Pico |
| Vicetesoureiro | Francisco Vázquez Pena |
| Vogais | Pedro Morado Gómez, Rosendo Hermida, Jesús Vázquez Pena, José Iglesias, Fermín Hermida Requeijo, Pedro López, Vicente Hermida Ladra, Manuel García |
| Vogais suplentes | José Domínguez, Arturo Guerreiro, Antonio Gómez, Manuel López |

**Fonte:** Acta da Xunta Xeral celebrada o 15.02.1919 remitida ao Goberno Civil. AHPL

### Táboa 4: Xunta Directiva 1922

| Cargo | Nome |
|---|---|
| Presidente | Juan Piñeiro Pardo |
| Vicepresidente | José Castro Chao |
| Secretario | Rufino Vivero Blanco |
| Vicesecretario | Prudencio García Agras |
| Tesoureiro | Fermín Hermida Requeijo |
| Vicetesoureiro | Primo Balsa García |
| Vogais | Francisco Vázquez Pena, Jesús Vázquez Pena, Pedro Morado Gómez, José Mouriño Vázquez, José Prieto Ledo, José Iglesias Paz, Estanislao Castro Castelo, Ramon Hermida Ladra |
| Vogais suplentes | Antonio Guerreiro Guzmán, Manuel López Leal, Manuel Carballal, Juan Fernández y Fernández |

**Fonte:** Acta da Xunta Xeral de eleccións do 24.01.1922 remitida ao Goberno Civil. AHPL

### Táboa 5: Xunta Directiva 1925

| Cargo | Nome |
|---|---|
| Presidente | José Orosa Picos |
| Vicepresidente | Laureano Castelo Carballal |
| Secretario | Antonio Otero Pardo |
| Vicesecretario | Primo Balsa García |
| Tesoureiro | Vicente Ladra Otero |
| Vicetesoureiro | Rosendo Hermida Castelo |
| Vogais | Fermín Hermida Requeijo, Vicente García Castro, Manuel Gómez Balsa, Antonio Gómez Balsa, Pedro Otero Camba, José Prieto Ledo |
| Vogais suplentes | José Otero Pardo, Andrés Pena Felpeto |

**Fonte:** Acta da Xunta Xeral do 31.01.1925 remitida ao Goberno Civil. AHPL

### Táboa 6: Xunta Directiva 1927

| Cargo | Nome |
|---|---|
| Presidente | Antonio Castelo Carballal |
| Vicepresidente | Ricardo Paz Paz |
| Secretario | Arturo Guerreiro Guzmán |
| Vicesecretario | Manuel Hermida Seco |
| Tesoureiro | Fermín Hermida Requeijo |
| Vicetesoureiro | Francisco Vázquez Pena |
| Vogais | José Orosa Pico, José Hermida Castro, Andrés Hermida Orosa, Rosendo Hermida Castelo, Pedro López Orosa, José Prieto Ledo |
| Vogais suplentes | Vicente Pardo, Andrés Pena Felpeto |

**Fonte:** Acta da Xunta Xeral do 16.01.1927 remitida ao Goberno Civil. AHPL

### Táboa 7: Xunta Directiva 1928

| Cargo | Nome |
|---|---|
| Presidente | Ricardo Paz Paz |
| Vicepresidente | José Orosa Pico |
| Secretario | Manuel Blanco Puentes |
| Vicesecretario | Manuel Hermida Seco |
| Tesoureiro | Fermín Hermida Requeijo |
| Vicetesoureiro | Francisco Vázquez Pena |
| Vogais | Arturo Guerreiro Guzmán, Manuel Gómez Balsa, Pedro López Orosa, Andrés Pena Felpeto, Vicente Pardo Guzmán, Antonio Guerreiro Guzmán |
| Vogais suplentes | Andrés Hermida Orosa, José Mouriño Vázquez |

**Fonte:** Relación nominal da Xunta Directiva remitida ao Goberno Civil o 29.02.1928. AHPL

### Táboa 8: Xunta Directiva 1929

| Cargo | Nome |
|---|---|
| Presidente | Ricardo Paz Paz |
| Vicepresidente | José Orosa Pico |
| Secretario | Rufino Vivero Blanco |
| Vicesecretario | Primo Balsa García |
| Tesoureiro | Pedro López Orosa |
| Vicetesoureiro | José Castro Chao |
| Vogais | Andrés Pena Felpeto, Manuel Gómez Balsa, Rosendo Hermida Castelo, Joaquín Campos Chao, Vicente Pardo García, Antonio Guerreiro Guzmán |
| Vogais suplentes | Francisco Vázquez Pena, José Prieto Ledo |
| Comisión de Glosa | José Mª Hermida Castro |

**Fonte:** Certificación da Acta da Xunta Xeral, do 29.01.1929, remitida ao Goberno Civil. AHPL

### Táboa 9: Xunta Directiva 1932

| Cargo | Nome |
|---|---|
| Presidente | Crisanto Hermida Orosa |
| Vicepresidente | Vicente García Castro |
| Secretario | Jesús Vázquez Pardo |
| Vicesecretario | Francisco López Pico |
| Tesoureiro | Rosendo Hermida Castelo |
| Vicetesoureiro | José Mª Otero Penabad |
| Vogais | Marcelino García Caruncho, Plácido Gómez Vérez, Ramón Gómez Vázquez, Leonardo Guerreiro Castelo, José Campello Ladra, Segundo López López |
| Vogais suplentes | Jesús Balsa García, Constantino Otero Castro |

**Fonte:** Certificación do 27.06.1932 dos membros integrantes da Xunta Directiva remitida ao Goberno Civil. AHPL.

### Táboa 10: Xunta Directiva 1934

| Cargo | Nome |
|---|---|
| Presidente | José Mª Otero Castro |
| Vicepresidente | Plácido García Vérez |
| Secretario | Jesús Vázquez Castro |
| Vicesecretario | Francisco lópez Pico |
| Tesoureiro | José Mº Otero Penabad |
| Vicetesoureiro | Ramón Gómez Vázquez |
| Vogais | José Mouriño Vázquez, Leonardo Guerreiro Castelo, José Villares Roca, Rosendo Hermida Castelo |
| Vogais suplentes | Vicente Ladra Pardo, Manuel Orosa |

**Fonte:** Certificación da Acta da Xunta Xeral para elección da Xunta Directiva do 24.01.1934 remitida ao Goberno Civil. AHPL

### Táboa 11: Xunta Directiva 1935

| Cargo | Nome |
|---|---|
| Presidente | Vicente García Castro |
| Vicepresidente | Francisco Piñeiro Prieto |
| Secretario | Ramón Guerreiro Castelo |
| Vicesecretario | Francisco López Pico |
| Tesoureiro | David Otero Pardo |
| Vicetesoureiro | Plácido García Vérez |
| Vogais | José Paz Picos, Crisanto Hermida Orosa, Rosendo Castelo García, Rosendo Hermida Castelo, José Mouriño Vázquez, Ramón Gómez Vázquez |
| Vogais suplentes | Pedro Morado Gómez, Rufino Vivero Blanco |

**Fonte:** Certificación da Acta da Xunta Xeral para elección da Xunta Directiva do 20.01.1935 remitida ao Goberno Civil. AHPL

### Táboa 12: Xunta Directiva 1936

| Cargo | Nome |
|---|---|
| Presidente | Ramón Guerreiro Castelo |
| Vicepresidente | José Orosa Dopico |
| Secretario | Jesús Vázquez Castro |
| Vicesecretario | Vicente García Castro |
| Tesoureiro | Francisco Piñeiro Prieto |
| Vicetesoureiro | Calixto Hermida Castelo |
| Vogais | David Otero Pardo, Francisco López Pico, Rosendo Hermida Castelo, José Mª Otero Penabad, José Mouriño Vázquez, Plácido García Vérez |
| Vogais suplentes | José Paz Pico, José García Picos |

**Fonte:** Certificación da Acta da Xunta Xeral para elección da Xunta Directiva do 19.01.1936 remitida ao Goberno Civil. AHPL

# 6. A SOCIEDADE "PROGRESO DE LOUSADA" NA HABANA

## 6.1. Creación e domicilio social

O proceso de creación de sociedades microterritoriais en Cuba non foi espontáneo. O chamamento dende os lugares de orixe por medio dun ou varios emigrados que gozaban de certo prestixio, posición económica desafogada e boa capacidade de relación, puido ser o punto de partida para formar inicialmente unha comisión provisional co fin de recadar o diñeiro para un fin determinado e concreto. Isto estimularía a dinámica de acción colectiva e, a miúdo, concretaríase constituíndo finalmente unha sociedade que tería continuidade no tempo, e na que estes emigrados figurarían como membros fundadores [125]. Pensamos que este foi o caso da Sociedade Progreso de Lousada, xa que se fundou con anterioridade á da Habana, aínda que posiblemente existise alí un xerme de Sociedade que aínda non estaba oficialmente constituída.

Desafortunadamente, no momento da elaboración deste traballo, non puidemos conseguir a acta fundacional e outros documentos de interese, e só conseguimos achar datos alusivos á Socie-

125 Cfr. Núñez Seixas, X.M. (2014). *Las patrias ausentes: Estudios migrataorios sobre historia y memoria de las migraciones ibéricas (1830-1960)*. Oviedo: Genueve Ediciones, pp.364,365

dade no Arquivo da Emigración Galega. Por iso, a información sobre esta Sociedade na Habana é bastante limitada e queda aberto un espazo para complementala no futuro na medida en que vaia aparecendo nova documentación.

A Sociedade creouse na Habana en xaneiro de 1916 con nome de "Sociedad de Instrucción y Protección *Progreso de Lousada*, Habana" que modificaría a súa denominación en 1927, pasando a chamarse "*Progreso de Lousada*, Sociedad Cultural y de Socorros Mutuos". O seu domicilio social era o Centro Galego da Habana, e así figura no logotipo das comunicacións e selo desta. Segundo Núñez Seixas (1998) poucas entidades dispuñan dun local propio e a maioría alugábano nas dependencias dunha institución macroterritorial, ou se reunían nos salóns do Centro Galego, aínda que moitas delas remataban por establecer a súa sede oficiosa no domicilio particular dalgún dos directivos, aforrando deste xeito custos, e podían contar ademais coa axuda das mulleres ou fillas que asumían funcións de secretarias informais e eran recompensadas ás veces con distincións honoríficas[126]. No caso da Sociedade Progreso de Lousada hai referencias a catro domicilios sociais diferentes nas seguintes rúas: *Lealtade 33*[127], *Virtudes 55*[128], *Rodríguez 6*[129], e *10 de Octubre 306*[130].

En 1921, a Sociedade aprobou as bases para constituír unha delegación en Yaguajay, presidida por José María Otero[131]. No Heraldo de Galicia do 24 de abril de 1921 publícase unha carta remitida ao administrador deste, asinada por Manuel Bouza Pardo en que se incide na finalidade principal da Sociedade e da que extraemos este fragmento:

> *"(…) Son dignos de elogio en verdad, los rasgos de patriotismo llevados a cabo por esta Delegación el día 10 del corriente, pues, entre otros muchos acuerdos, todos dignos y altruistas, merece especial mención el de sostener a toda costa la escuela social allá en Lousada, para cuyo sostenimiento, se proponen estos abnegados socios levantar una potente agrupación y recaudar por todos los medios un capital que asegure su futura vida. En este empeño, trabajan sin descanso, el entusiasta Delegado señor José Mº Otero, Jesús Prieto Vázquez, José Prieto Cela, Alfonso Iglesias y otros muchos.*
>
> *Así mismo he de consignar, las grandes actividades que se notan en la Delegación de Hijos de Roupar, y en la de la Liga Agraria de Germade, estas hacen titánicos esfuerzos, todos tendentes a lavorar por el bien del rincón querido."*




Selo da Secretaría da Sociedade
**Fonte:** Extraído dos documentos dixitalizados no AEG.

126 Cfr. Núñez Seixas, X.M. (1998). *Emigrantes, caciques e indianos. O influxo sociopolítico da emigración transoceánica en Galicia(1900-1930).* Vigo: Edicións Xerais, p.105.

127 Aparece este enderezo en varios directorios da *Revista Galicia*, por exemplo no núm. 10, do 4 de marzo de1916 e no núm. 14 , do 31 de marzo de1917.

128 *Eco de Galicia*, ano VIII, núm. 189, do 22 de abril de 1923.

129 Directorio do *Ideal Gallego*, ano IV, núm. 88, do 14 de novembro de 1929.

130 Actas das Xuntas Xerais 1938-1940. Arquivo da Emigración Galega.

131 *Heraldo de Galicia*, ano III, núm. 31, do 27 de marzo de 1921.

## 6.2. Finalidades e achegas

A súa finalidade principal, como xa queda expresado no capítulo anterior, era fomentar a instrución gratuíta con todos os seus accesorios e soster unha escola elemental mixta na parroquia; fomentar a cultura e o progreso moral e material entre os habitantes de Lousada; e implantar novos métodos na agricultura, procurando a introdución de maquinaria moderna.

A preocupación polo progreso material da parroquia levounos a contribuír economicamente na realización de obras específicas, e debido ás carencias relacionadas coas infraestruturas viarias puxeron especial empeño en melloralas. Así, o 20 de setembro de 1927 a Xunta Directiva da Habana remite unha carta ao Alcalde de Xermade ofrecendo unha achega de 15.000 pesetas para a construción dunha vía a través do monte da "Egualonga" que facilitaría a conexión con Vilapedre, Lanzós e Vilalba[132].

Esta oferta concretaríase co envío da devandita cantidade, segundo recolle a crónica do "Diario de La Marina" publicado o 1 de outubro de 1927. Nesta, tamén se mencionaban algúns dos importantes acordos aprobados na Xunta Xeral que tivo lugar días antes, entre os que figuraban:

- Xirar as 15.000 pesetas antes mencionadas ao Concello de Xermade.
- Dábase conta do envío de 400 pesos ao Presidente da sociedade irmá" El Porvenir" (Lousada) para o remate da casa-escola situada no Campo da Feira.
- Doar 15 pesos para o remate dunha casa-escola en Cabreiros e autorizar ao Comité pro casa-escola de Cabreiros para dar unha "matinée" baixo o nome da Sociedade Progreso de Lousada co fin de recadar fondos.

Aínda máis, ante as dificultades para rematar a sede social do Sindicato Agrícola Católico de Xermade, iniciada no 1922, a Sociedade Progreso de Lousada colaborou enviando a maior achega entre diversos contribuíntes, segundo recolle Pombo Mosquera (2010)[133].

Na Habana, establecería un fondo de socorros mutuos e procuraría a protección dos inmigrantes da parroquia que chegasen a Cuba, axudándolles a atopar emprego e auxiliándoos nas necesidades que puidesen presentárselles.

Debido á crise mundial orixinada no 1929, a emigración cara América sufriu un retroceso e as sociedades tiñan máis dificultades para financiarse, en consecuencia enviábanse menos remesas e, na medida en que a instrución e a educación ían mellorando na parroquia, a Sociedade centrouse máis no mutualismo e na axuda aos socios en Cuba. Así, no artigo 5 do Regulamento de 1927 da Habana dicíase: "Todo asociado que justifique hallarse carente de recursos la Junta Directiva podrá socorrerlo en la forma y cuantía que ésta acuerde, teniendo en cuenta para ello los fondos destinados a este fin." Neste aspecto procurouse facilitar a repatriación dos emigrados asociados por causa de enfermidade, así como enterros e funerais, procurando facilitar unha inhumación digna tanto aos socios retornados coma aos que permaneceron en Cuba. Así, a sociedade "Progreso de Lousada" adquire unha sepultura en 1935 no cemiterio de Santaballa que dedica a Pedro García,

132 Esta carta publicouse no "*Progreso Villalbés*" núm.147, do 26 de outubro de 1927.

133 Pombo Mosquera, X. (2010). *O hospital asilo de Vilalba. Orixes dunha obra colectiva*. Fundación Hospital Asilo de Vilalba. Vilalba (Lugo), pp. 260,261.

recibindo o párroco desta, Domingo Pérez Ocampo, a cantidade de 73 pesetas de mans de Ramón Ferreiro, de Cabreiros, polos dereitos e titularidade da sepultura, traslado de restos, lápida, materiais e arranxo desta.

A Sociedade Progreso de Lousada chegou a contar cun panteón propio no Cemiterio Colón da Habana, na actualidade, propiedade da Sociedade "Roupar y Lousada", que conta con 4 bóvedas[134]. En xaneiro de 1931 aprobouse un regulamento para uso deste.




Sepultura no cemiterio vello de Santaballa dedicada pola Sociedade Progreso de Lousada.
**Fonte**: Arquivo privado.

Por outra banda, a guerra civil supuxo un atranco importante nas relacións entre a Sociedade en Lousada e na Habana, quedando practicamente interrompidas. Porén, a Sociedade da Habana, respecto á finalidade de fomentar o progreso material dos habitantes de Lousada, continuou colaborando economicamente en obras concretas que supoñían un beneficio para o desenvolvemento desta, como foi a dotación de luz eléctrica na parroquia ou a construción da estrada A Penela-Carrizo no ano 1951. Para esta última creouse unha comisión en Lousada formada por Vicente García, Manuel Blanco Puentes, David Otero e Jesús Pardo que remiten unha carta á Xunta Directiva da Habana solicitando a súa axuda económica, xa que a cantidade comprometida pola parroquia que ascendía a 50.000 pesetas, non alcanzaba para cubrir a totalidade que debía aportar a veciñanza de Lousada, establecida en 85.000 pesetas e comunicada polo secretario e polo alcalde do Concello. A Sociedade Progreso de Lousada da Habana doou todos os fondos que tiñan depositados no Banco da Coruña, sucursal de Vilalba, que ascendían a 16.918,35 pesetas, facendo entrega da dita cantidade a Higinio Couto Puente, depositario dos fondos municipais. Felizmente a obra levouse a cabo.[135]

## 6.3. Os asociados e asociadas e as súas actividades laborais

A Sociedade Progreso de Lousada era unha asociación microterritorial pequena que contaba cun modesto número de asociados. Dende a súa creación en 1916 ata a fusión con Hijos de Roupar en 1957 figuran no rexistro de socios un total de 402 inscricións. Nos seus inicios, sería un grupo reducido de lousadeses, e co paso do tempo rexistraríanse tamén de lugares limítrofes, habaneiros e doutras procedencias. Era habitual que moitos socios o fosen tamén doutras microsociedades, sobre todo de parroquias veciñas, e moitos asociados que ostentaron cargos directivos, tamén o fixeron noutras sociedades. É o caso, por exemplo, da Liga Agraria de Xermade que contou entre os seus dirixentes con membros que tamén o foron da Sociedade de Lousada. No cadro que segue recóllese a evolución no rexistro de inscricións:

134 Cfr. Cardelle Zamora,G. (Coord.). (1998). *Presencia eterna de gallegos en La Habana*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp.102,103. https://emigracion.xunta.gal/files/ebiblioteca_files/Presencia_gallegos_Habana.pdf

135 Información extraída do Fondo Sociedade Progreso de Lousada. Sección Correspondencia. Arquivo da Emigración Galega. Consello da Cultura Galega. Xunta de Galicia.

| Ano | Nº inscricións | Ano | Nº de inscricións |
|---|---|---|---|
| **Ata 1936** | 35 | **1946** | 24 |
| **1936** | 9 | **1947** | 24 |
| **1937** | 10 | **1948** | 39 |
| **1938** | 5 | **1949** | 23 |
| **1939** | 9 | **1950** | 28 |
| **1940** | 24 | **1951** | 23 |
| **1941** | 9 | **1952** | 7 |
| **1942** | 15 | **1953** | 10 |
| **1943** | 15 | **1954** | 9 |
| **1944** | 29 | **1956** | 16 |
| **1945** | 37 | **1957** | 2 |
| **Total de inscricións** | | | **402** |

**Fonte:** Elaboración propia a partir do Libro de Rexistro de Socios dixitalizado no AEG.

As baixas eran pouco frecuentes e producíanse por falecemento ou por retorno, e rara vez por dificultades económicas ou decisión propia. Neste caso, unha comisión da Sociedade, normalmente o presidente e algún membro máis da Xunta Directiva visitaban ao socio que pretendía darse de baixa e dábanlle facilidades para o pago das cotas, e en todo caso procuraban convencelo para que continuase como asociado.

Que actividades laborais desenvolvían os emigrados lousadeses? Durante finais do século XIX e o primeiro terzo do XX producíronse enormes fluxos migratorios á illa e establecéronse unhas cadeas migratorias; grazas a elas, os galegos e galegas, inseríronse inicialmente en sectores laborais urbanos. Polo xeral, ao chegar adscribíanse a traballos e negocios dos familiares e paisanos que os acolleron, principalmente no sector servizos. Acostumaba a ser un mozo adolescente aínda, que era reclamado por un parente, un tío ou un irmán xa establecido, ao que lle axudaba no negocio, primeiro como aprendiz, logo como dependente e moitas veces quedando como propietario deste. Mais a maior parte, despois desta axuda inicial, tivo unha gran mobilidade laboral e xeográfica, pero houbo bastantes que continuaron co negocio familiar e seguirían reclamando a parentes e veciños, mantendo así a cadea migratoria e contribuíndo á creación de nichos laborais e empresariais[136].

Moitos emigrados procedentes das comarcas de Viveiro, As Pontes e Vilalba dedicáronse ao negocio dos mobles de segunda man, casas de empeño, pequenos préstamos, venda de xoias e antigüidades. Estas casas de empeño localizábanse na Habana Vella, no centro e na rúa Neptuno, sendo os donos fundamentalmente de Abadín, Muras, Xermade, Vilalba, Guitiriz e Baamonde.

Centrándonos máis nos emigrados lousadeses, Núñez Seixas (2014) explica que" entre os 99 socios de Progreso de Lousada que en 1941 indicaban profesión, os comerciantes supoñían o

136 Cfr. Vidal Rodriguez, J.A. (2006). Cadenas migratorias locales, nichos laborales y empresariales en el colectivo gallego en Cuba: 1899-1959. *Revista complutense de historia de América, nº32,* pp.406-408.

19,2%, os empregados e dependentes un 10,1%, os obreiros manuais non cualificados e xornaleiros un 2% , e os traballadores manuais cualificados un 6%"[137]. Había varios tintureiros e a maioría das mulleres dedicábanse aos labores da casa.

## 6.4. Financiamento, recadación e investimento dos fondos

Segundo o artigo 38 do Regulamento de 1918 a Sociedade contaba para o seu financiamento con:

- As cotas dos socios que estaban establecidas en 0,50 pesos mínimo, e máximo a vontade individual. No Regulamento de 1927 mantense a mesma cota pero contémplase que pode ser modificada se se acorda en Xunta Xeral extraordinaria.
- O produto obtido en festivais e outros actos considerados oportunos. Aquí pódense englobar as "jiras" e "matinées" que tiveron moita aceptación e serviron para obter fondos para a Sociedade, pero tamén rifas, sesións de cine e outras actividades que tiñan o mesmo obxectivo.
- Os donativos dos asociados ou calquera outra persoa ou entidade allea á Sociedade.

En canto á distribución e investimento dos ingresos, o artigo 39 do Regulamento de 1918 estipulaba que o 55% das cotas mensuais dos socios sería destinado ao ensino en Lousada; o 30% das cotas mensuais para socorros mutuos entre os asociados; e o 15% para gastos de Secretaría. Os ingresos obtidos por festivais e outros medios lícitos poderían ser destinados ao que acordase a Directiva, establecendo a finalidade antes da celebración destes, ou podendo engadilos á caixa da Sociedade, investíndoos de forma idéntica ás cotas dos socios. Os ingresos por donativos investiríanse segundo o criterio do doante.

Como exemplo chamativo neste punto atopamos a seguinte crónica:

> *"Se reunió la Junta Directiva de esta Sociedad bajo la presidencia de don Juan García, auxiliado del Secretario Laureano Castelo.*
>
> *Se dió cuenta de que la escuela de la propiedad social que en este pueblo funciona rinde los resultados que corresponden.*
>
> *Se dió cuenta de que el asociado Jesús Castro que acaba de fallecer ha dejado dispuesto en su testamento la concesión de mil pesos para que la Sociedad los dedique a fines de instrucción en que está empeñada."*[138]

No Regulamento de 1927 (artigo 21) aparecen cambios relacionados co investimento dos ingresos, quedando do seguinte xeito: 15% para gastos de Secretaría, 40% para socorros mutuos e o 45% restante para outros fins da Sociedade, sen especificar estes. Apréciase un aumento do 10% para auxilio dos asociados.

137 Núñez Seixas, X.M. (2014). Op.cit., p.375.

138 *Eco de Galicia*, ano VI, núm.166, 16 de abril de 1922.

Pódese afirmar que a situación económica da Sociedade foi satisfactoria e que houbo momentos puntuais en que contou cun saldo importante como testemuña a crónica publicada no Eco de Galicia:

- **Moi alta vin voar unha pomba mensaxeira e logo vina baixar máis humilde ca terra:**
- Fachendear ou ser orgulloso non serve de nada
- **Non cuspas para o ceo, que che cae na cara:** É mellor non falar mal de algúen porque podería pasarlle o mesmo a un tamén.
- **Por min que chova:** Dar igual algo
- **Ti, que es tinto, e eu, que son branco, lévate o demo por este barranco:** Fórmula que se emprega nos brindes
- **Vén o raído da ovella:** Cando deixa de chover un pouco e está a piques de poñerse o sol, é o momento de ceibar as ovellas
- **Xa choveu:** Hai moito tempo

# 6. REFRÁNS

A definición máis completa é a do diccionario de etnografía que di: "frase sentenciosa de forma fixa, uso común e baseada na experiencia, semellante na súa función e ás veces na forma, ao dito". Os refráns poden utilizarse en varios contextos para confirmar feitos, xustificar opinións, transmitir crenzas, valores e saberes, adquirindo o seu pleno significado se o situamos no contexto social, cultural e discursivo no que se pronuncian. Transmítense de xeración en xeración. Teñen un sentido metafórico e pragmático e moitos son rimados.

- **A boa vida fai á moza garrida:** A muller que leva unha boa vida sempre parece máis guapa
- **Abril frío e fornos quentes, alegría para os meus dentes:** Non importa o frío se hai comida quente. Xerar expectativas de comer ben
- **Aire de Meira nin gando, nin xente, nin pan para semente:** O aire que vén de Meira, trae mal tempo.
- **A filla da cabra, cabra** é: Un non se pode librar dos xenes
- **A muller e a estopa, vén o vento e sopra:** A muller é superficial e ten "pouco peso"
- **A muller e a sardiña, pola máis pequeniña; *y,dando vuelta a la hoja, mujer alta y garbosa:** As mulleres e os animais de tamaño pequeno son máis apreciados que os de maior tamaño. Ademais, engádese unha segunda parte a este refrán na que se indica que, de ser alta a muller, esta debe ter boa presenza.

- **A muller limpa e composta saca ao home doutra porta.** A muller que se a coida evita que o home se vaia con outra.
- **A neve febreiriña dura tanto como a mala veciña:** Neve que non dura moito e de pouca importancia.
- **A neve febreiriña pícaa a galiña.** Neve de pouca importancia.
- **Antes do corenta de maio non quites o saio, e se volve a chover, vólveo a poñer:** O mal tempo dura moito.
- **A onde irás boi que non ares** Dise para indicarlle a unha persoa que, se a tratan mal nun lugar, tamén a tratarán mal noutros sitios. Onde queira que vaiamos de seguro que teremos que traballar.
- **Aos cans de ladrar e a xente de falar, non hai quen lles poida quitar:** É dificil perder un costume ou deixar un vicio.
- **Arriba pernas, arriba zancas, que neste mundo non hai mais que trampas:** Hai que ter coidado cos enganos e as trampas do mundo.
- **As augas de San Xoán quitan viño e non dan pan:** As chuvias na época de San Xoán son malas para a agricultura.
- **Auga parada está *envenenada; auga corrente non mata a xente:** Sempre é mellor a auga que corre.
- **Bocado comido non fai amigo:** Ás veces, as boas accións non teñen recompensa.
- **Burro grande, ande ou non ande; e o pequeno anda de medo:** Dise cando se quere cuestionar a elección dunha cousa polo seu tamaño, en lugar de pola súa calidade.
- **Burro morto, cebada ao rabo:** Dise para indicar que a morte de alguén non causa moita perda.
- **Caldo de todos, nin o demo o come:** Cando todos queren ter razón non se chega a acordo.
- **Cando está o aire de Meira, sete sellas** á **goteira:** Sinal de choiva
- **Can fraco, todo son pulgas.** As desgrazas cébanse con quen xa estaba mal.
- **Cando a Candelaria chora, metade do inverno vai fora; e, se chore ou deixe de chorar, metade do inverno está por pasar.** A festa da Candelaria (2 de febreiro) sinala que xa pasou a metado do inverno.
- **Cando cago, tres labores fago: cago, mexo e rasco o penderexo:** facer tres cousas á vez
- **Cando chove o domingo antes da misa, toda a semana chove de risa: Chover miúdo.**
- **Cando cuca o cuco despois de San Pedro, cava, cavador, e non teñas medo. Cuque ou deixe de cucar, o monte non queda sen queimar:** Cando pasa a festividade de San Pedro e o cuco segue a cucar, é sinal de que o verán será bo. A festividade de San Pedro celébrase o 29 de xuño
- **Cando vexas moito chover, sinal de que logo vai raer.** Se chove forte, logo para.
- **Canto máis se dobrega un, máis se lle ve o cu:** Canto máis cede ou se somete unha persoa a outra, máis a fastidia.

- **Canto máis se revolve a merda, máis cheira:** O efecto das murmuracións é sempre malo.
- **Cazador e troiteiro, nin boa meda nin bo palleiro:** Dise da persoa que non é boa labrega.
- **Ceo ovellado, chan mollado:** O ceo nubrado que aparenta a la da ovella agoira choiva.
- **Cesta patela, arromba máis que leva. Taza patela, parece que leva e non leva:** Nada é o que parece ser. Unha *cesta patela* é unha cesta de bordo baixo, como a que utilizan as peixeiras para transportar o peixe.
- **Coa vara que midas serás medido:** O que fagas aos demais tamén cho farán a ti.
- **Cristo ganado, Cristo papado:** Non saber aforrar.
- **De mazá rebola, veña o demo e a escolla:** Nunha discusión, non importar ningunha das posturas defendidas por consideralas irrelevantes.
- **De neno rei; de mozo, capitán; de casado, burro; e de vello, can.** A xente maior é apartada como se fose un can
- **De noite, todos os gatos son pardos:** En ocasións, é difícil distinguir as persoas boas das malas. Coa escuridade da noite, é fácil disimular os defectos dunha cousa ou persoa.
- **Deus fai fai, pero non fillos sen pai:** ningúen é perfecto
- **Día da Pascua e domingo lardeiro, cada can no seu palleiro:** Momento no que a xente se xunta nas casas.
- **Día de todo, véspera de nada.** A abundancia non dura.
- **Díxolle a tixola ao cazo: "Arrédate para aló, meu lixugueiro".** Sendo dúas persoas da mesma condición sempre hai unha que se cre mellor.
- **Domingo de Ramos lavarás os teus panos, que o da *Pasión, ou os lavarás ou non":Na semana de Paixón sempre chove.**
- **En abril, augas mil, e, se chove en abril ou maio, aínda que non chova en todo o ano:** A auga de abril é abundante e de grande importancia.
- **En abril, espigas mil, en maio, todo espigado:** Abril e maio son os meses nos que medra o trigo.
- **En cada casa non debe haber máis mulleres que fornos:** Nunha casa basta cunha muller para así evitar discusións.
- **En cada sitio hai o seu uso; en cada roca o seu fuso:** Cada lugar ten os seus costumes.
- **En coser e descoser, o fío e o tempo téñense que perder.** Perder o tempo inutilmente.
- **En San Xoán, as nove con día dan:** En xuño, os días son moi longos. Debe terse presente que, en galego, é habitual empregar o termo"San Xoán"como sinónimo do mes de xuño.
- **Entre marzo e abril sae o cuco do cubil:** Época na que se oe cantar ao cuco.
- **En xaneiro, sete capas e un sombreiro:** En xaneiro, vai frío e as veces, sol, o cal é negativo.
- **Fai ben e non mires a quen:** Hai que facer sempre o ben sen agardar unha recompensa.
- **Fai máis a vella co uso qeu o novo co fuso:** É máis útil a experiencia das persoas maiores que as ferramentas novas.

- **Fai máis quen quere que quen pode:** A importancia da vontade.
- **Gasta en festas e viño o que as deixar o teu sobriño:** Goza dos teus bens
- **Home casado, muller** é: O home casado perde o mando.
- **Home fraco, e non de fame, líbrate del, que non te agarre:** Dise para cuestionar a forma de vida daquelas persoas que, aínda tendo cartos para comer, están delgadas.
- **Marzo, marzán, pola mañá cara de rosa e** á **tarde, cara de can:** En marzo, o tempo é variable.
- **Marzo marzolo, trebón e raiola:** O tempo de marzo é variable. Visión popular do mes de marzo, inestable e tormentoso.
- **Mesa posta, mesa erguida; moito comer fai doer a barriga:** Invitación a ser unha persoa sobria. A orixe está en que, antigamente, as mesas se erguían contra a parede ou a lacena.
- **Mexar sen botar un peido** é **como a gaita sen tamborileiro:** Hai feitos que non se poden separar.
- **Muller casada, nunca asegurada:** O matrimonio non ten por que durar para sempre.
- **Muller, honrada na casa e puta na cama:** A muller debe ser respetable en sociedade, mais saber dar pracer ao home.
- **Muller lareteira, ou puta ou meiga:** Mala reputación das mulleres que falan moito ou mal.
- **Muller lareteira, para quen a queira:** Non convén estar preto de mulleres que falan moito ou mal.
- **Muller que non ten home non ten nome:** Refrán que se usaba antigamente para indicar que as mulleres dependían dun home para todo.
- **Na terra deste home, o que non traballa non come:** Hai que esforzarse para acadar o que se quere.
- **Na terra dos lobos hai que ouvear como todos:** E mellor non saír da norma establecida.
- **Neve na lama, chuvia na cama:** Neve que derrete axiña; chover despois de nevar.
- **No niño do ano pasado non poñen os paxaros este ano**: Deixar de ter unha relación amorosa con alguén. Refrán que evoca a melancolía do tempo pasado.
- **Non hai atallo sen traballo:** Para conseguir algo hai que esforzarse.
- **Non hai feira mala: o que un perde, o outro o *gana:** As perdas acaban sendo compensadas.
- **Non hai máis cego que o que non quere ver:** O importante é ter vontade.
- **Non hai mal que por ben non veña:** Mesmo das malas experiencias se pode sacar algo positivo. Despois de algo malo, sempre vén algo bo.
- **Non hai nubrado que dure un ano:** O anoxo ou a agresividade sempre acaban por desaparecer. As desgrazas non duran para sempre. (Sinónimos: nunca choveu que non escampase; non hai mal que cen anos dure).

- **Non hai pega sen mancha negra e a que non ten mancha non** é **pega:** A perfección non existe
- **Non hai sábado sen sol, domingo sen misa e luns sen preguiza:** Hai feitos e sensacións que sempre se repiten.
- **Non sirvas a quen servíu nin pidas a quen pediu:** A persoa que viviu unha experiencia dará o mesmo trato que ela recibiu ás persoas que estean a pasar pola mesma situación. O servidor sabe os trucos de quen mendigou ou serviu e pode ter desexos de vingarse de humillacións pasadas.
- **O bailar non** é **todo dar voltas:** As cousas son máis complicadas do que parecen.
- **O bo amo fai bo criado:** Segundo te traten, así tratarás ti. Segundo é o dono da casa, así serán os que están ao seu servizo.
- **O cura e o predicador, canto máis lonxe, mellor:** Este refrán emprégase para sinalar a conveniencia de manterse lonxe dunha persoa. O cura visitaba a aqueles que ían morrer; de aí, o desexo de telo lonxe.
- **O día de San Martiño mata o teu porquiño:** Sinala que novembro é a época da matanza.
- **O Entroido, na raxeira, e a Pascua, na lareira.** No Entroido adoita facer bo tempo e na Pascua, malo, polo que hai que situarse xunto a lareira.
- **Onde moitos mexan, lameira fan:** As murmuracións son daniñas.
- **O palleiro sen palla non se fai:** Se unha persoa está gorda, é porque come en abundancia. Dise para desmentir a quen está gordo e di ou pensa que come pouco.
- **O que dá consellos non dá pan:** Non abonda con aconsellar, tamén hai que axudar. Os consellos poden axudar, pero, se non se traballa, non se obtén recompensa.
- **O que é doito de bailar nunca quieto pode estar:** É difícil cambiar de carácter ou de costumes.
- **O que non aforra a leña non aforra cousa que teña:** Non saber aforrar.
- **O que non pasa nun ano pasa nun día:** Ás veces as cousas que tardaron moito en suceder pasan todas xuntas nun curto período de tempo
- **O que rouba a un ladrón ten cen anos de perdón:** Desculpa a quen cometeu unha mala acción contra unha mala persoa.
- **Os piollos resucitados son todos malos:** Os novos ricos son malas persoas. Segundo o DRAE, un "piollo resucitado" é unha persoa de orixe humilde "que logra elevarse por malos medios".
- **O *vrao de San Martiño dura tres días e un bocadiño:** O bo tempo dura pouco.
- **Pano podre non garda puntadas:** Dise de algo que é inservible
- **Para onde vas, tolo? Para onde van todos.:** É mellor non saír da norma establecida. Critica ás persoas carentes de criterio persoal que imitan o comportamento dos demais.
- **Para vello gárdanse todos os traballos, eslónganse os collóns e engúrrase o carallo:** Descrición dos efectos da vellez nos homes

- **Pola Santa Mariña, bótalle a fouciña:** A festividade de Santa Mariña sinala o comezo da época da sega.
- **Por Santa Mariña, deixa o sacho e colle a fouciña:** A festividade de Santa Mariña sinala o comezo da época da sega, pois celébrase en xullo.
- **Pouco na mesa, pouco no prato e moita sola de zapato:** É importante moverse e facer exercicio.
- **Quen fai un cesto fai un cento se lle dan vergas e tempo:** A experiencia é moi importante, pero non o é todo.
- **Quen invita** ó **taberneiro, perde o tempo e máis o diñeiro:** porque o invita a algo que xa ten e quen o convida non saca nada de proveito.
- **Que non morran as vacas, que homes hainos a manadas:** Dar máis proveito as vacas que os homes.
- **Roi morto, rei posto:** Dise cando unha muller queda viúva para indicar que non tardou en atopar substituto
- **Ruín feira, corda baleira:** Se un vai á feira mercar un animal, debe levar unha corda; do contrario, terá mala sorte e marchará sen mercar nada. Recomenda ter en conta a calidade da feira á que se vai mercar.
- **Sácame a marzo, verás como pazo:** En marzo é cando sae herba verde propia da primavera.
- **Se a cabra se cría na pena, tira para ela:** Se unha persoa naceu na aldea, terá querenza por ela. Cada persoa obra con regularidade de acordo coa súa orixe ou natureza.
- **Se hai trato, lévase ben o can e o gato:** Cando convén, ata os inimigos se levan ben.
- **Se ao fillo queres amansar, telo que casar:** O casamento fai formalizar aos homes.
- **Se te roe una denonciña, chama ao cura e coce axiña. Se te roe un alacrán, chama ao cura e coce pan:** Despois dun enterro, hai que dar de comer á xente asistente á cerimonia.
- **Sol madrugueiro, mete o can detrás do palleiro:** Cando sae moi axiña o sol é sinal de chuvia.
- **Tantos días ten febreiro, tantos allos dá o alleiro:** Febreiro é o mes no que se plantan os allos.
- **Traballo feito non corre présa:** Hai que facer as cousas ao seu tempo.
- **Tras deste tempo, tempo vén:** Todas as cousas requiren o seu tempo.
- **Un cravo saca outro cravo:** Comezar unha nova relación sentimental despois de deixar a que se tiña."Os amores novos fan esquecer os vellos".
- **Un día por outro e a casa sen varrer:** Tardanza á hora de facer un traballo.
- **Unha hora para morrer e outra para te enterrar nunca che han de faltar.** É mellor non ter présa
- **Unha mala *avenza vale máis que un bo preito.** Os preitos sempre resultan mal.

# 7. OS ALCUMES

Segundo o DRAG, un alcume é"o nome que se lles dá coloquialmente a unha persoa en lugar do seu propio, tomado dos seus defectos físicos, morais ou doutras circunstancias.

Na cultura popular, o alcume ademais de identificar á persoa, podía facelo tamén coa familia que o herdaba. Transmitíase de xeración en xeración, e podía nomear igualmente a casa, a facenda ou o lugar habitado por esa familia. En moitos casos chegaban a sustituír ao nome orixinal das persoas que eran máis coñecidas polo sobrenome que polo nome real. Por iso as empresas de servizos como Correos ou Telégrafos botan man deles e incluso aparecen nas esquelas.

Ser alcumado marca a diferenza entre ser un máis e pasar desapercibido ou ser alguén merecedor de atención, aínda que só sexa para pescudar o porque do mesmo.

Son parte do noso patrimonio inmaterial por iso agora moitos estudosos consideran necesario recollelos.

En Xermade atopamos alcumes que inclúen o nome da casa e outros nos que aparece só o alcume. Nos primeiros atopamos antropónimos, topónimos, xentilicios e oficios e nos segundos, topónimos, animais e plantas, oficios, carácter, características físicas e antropónimos

# 7.1 CLASIFICACIÓN

Poden referirse a topónimos, antropónimos, aspecto físico, carácter, profesión, animais ou vexetais, erros de pronuncia, habilidades, anécdotas, cualidades morais ou físicas e descoñecidos.

Cada vez están máis en desuso porque a xente nova case non os emprega ou non os coñecen. E tamén porque agora hai menos traballos colectivos e festexos veciñais.

## 7.1.1. ALCUMES CO NOME DA CASA

## 7.1.2. ANTROPÓNIMOS

**Nomes:** Casa Agustín, Casa Brais, Casa Calixto, Casa Celestino, Casa Constante, Cas Diego, Casa Gil, Casa Magín, Casa Narciso, Casa Nieves, Casa Orentino, Casa Pascual, Casa Xoel.

**Apelidos:** Casa Brañobre, Casa Cambeiro, Casa Cal, Casa Casavella, Casa Cazón, Casa Cela, Casa Franco, Casa Gallego, Casa Gato, Casa Lago, Casa Ledo, Casa Maseda, Casa Meilán, Casa Palmeiro, Casa Ramil, Casa Requeixo, Casa Rochela, Casa Saavedra, Casa Seco, Cas Tato.

Algunhas aclaracións:

*Casa de Cal* agora mesmo é Casa Moncho.

*Cas Diego*, era antes o nome do patricarca. Despois viviron alí seis mulleres autosuficientes, incluso facían todo o proceso da Roupa, desde plantar o liño ata cosela/confeccionala.

*Casa Manú*, pode vir de Manuel, era o encargado de tocar as campás en Roupar, polo que recibía un mollo de renta.

*Casa Narciso*, foi mercería e xastrería dende 1940.

*Casa Palmeiro*, vén do apelido da nai, que se chamaba Generosa Castro Palmeiro.

*Casa Rochela ou Carmen de Rochela* era tenda e tamén repartía o correo, que había que ir a buscar alí. Agora é Casa Camelia.

*Cas Tato*. Foi fundada no ano 1861 por Manuel Pardo Tato.

## 7.1.3. TOPÓNIMOS

Casa de Aruxo, Casa de Paco das Barreiras, Casa dos Cernadas, Casa dos da Cova, Casa de Francisca do Cristo, Casa da Chaira, Casa de Goibetas, Casa do Mingolo, Casa dos da Pasadiña, Casa Dominguiño da Penamoura, Casa de Percordeiro, Casa de María do Pinar, Casa de Manuel do Rego.

### 7.1.4. XENTILICIOS

Casa da Habanera.

### 7.1.5. PROFESIÓN/OFICIO

Casa do Barbeiro, Casa do Carreiro, Casa da Cartería, Casa do Farelo, Casa dos Ferreiros, Casa dos Lagoeiros, Casa dos Pelexeiros, Casa do Quinto, Casa do Xastre.

Algunhas aclaracións

*Casa do Farelo*, este alcume quizá se deba a que vivía nun muíño, herdado do muiñeiro.

*Casa do Xastre*, nas Folgueiras houbo un xastre, hai moito tempo.

### 7.1.6. CARACTERÍSTICAS FÍSICAS

*Casa do bigotes, casa de Ramón de Chico, casa do mutilado.*

### 7.1.7. CARÁCTER

Casa do Santo

### 7.1.8. ANÉCDOTAS

Casa de Andrea da neta, casa de Chamón.

### 7.1.9. DESCOÑECIDOS

Casa de Gil da Perola.

Algunhas aclaracións:

Casa de Ramón Chico, por ser de baixa estatura. Casa do Mutilado, foi mutilado de guerra.

Casa do Santo, porque eran moi relixiosos.

Casa Andrea da neta, criouse cos avós que sempre dicían con agarimo"*a nosa netiña*".

Casa dos de Chamón, débese a que o dono decía meu"Chamonciño"referíndose ao neno que chamaba as vacas.

### 7.2.1. ALCUMES SEN NOME DA CASA

### 7.2.2. TOPÓNIMOS

O Caxado, A Covella, O Mourelo, Os Pendeiros.

### 7.2.3. ANIMAIS E PRANTAS

O Furón, o Gato, o Gurgullo, o Lobo, o Melocotón, os Paxaros, os Petos, os Poldros, o Tigre, os Tordos.

### 7.2.4. OFICIO, PROFESIÓN

*O Marisco, o Milicias, osQuintos, oTrapelas.*

### 7.2.5. CARÁCTER, HÁBITOS

O Cagamistos, Contos e Lendas, o Cura, os Fletas, o Fofito, os Fogueteiros, o Inverno, a Melea, o Pirulé, o Plantado, o Satanás, o Tumbeira, os Da Zoca Fregada.

### 7.2.6. CARACTERÍSTICAS FÍSICAS

Os do Curto, o Chirimbico, os Fidalgos, os Fungóns, o Roibo, os Roxos, o Tacolo, o Topete.

### 7.2.7. ANTROPÓNIMOS

Os Potes, a Remixa.

Algunhas aclaracións:

*Mourelo:* viñera do lugar da Mourela en Neda e vivía en Lousada. Enterrou a Batallón, un escapado que foi abatido en Lousada (A Carba) pola Garda Civil. Calcetaba…

*Os do Curto:* por ser de baixa estatura.

*O Furón:* tiña a cara moi estreita.

*O Marisco:* polo nome dun bar que tivera.

*Os Milicias:* fixeron a mili por milicias, xente que ía voluntaria á mili e que se quería quedar no exército.

*Os Potes:* polo apelido.

*O Fofito:* quizá para chamarlle pallaso.

*O Cura:* porque infundía respecto, era o irmán maior.

*Os Fungóns:* defecto da pala.

*Os Folechos:* por ser folgazáns.

*O Furón:* bicho coa cabeza longa.

*O Chirimbico:* porque andaba balanceándose/abaneándose como se estivera borracho.

*Os Pandeiros:* naceron na Panda.

Os Fogueteiros: Presumidos. Dicián que tiñan moito e non tiñan nada.

*O Inverno:* Por ter mal carácter, serio.

*O Pirulo:* Derivado de pirulé que significa atoutado…

*A Melea:* Significa o mel mais malo.

*O Tumbeira:* zoupeiro.

O Cagamistos: Medoso

*Os da zoca fregada:* Por andar sempre coas zocas limpas

*Os Poldros:* Agustín dos Poldros, andaba no trato nas feiras.

*Trapelas:* Pode ser porque tiña muiños eléctricos en Cabreiros e vir da trapela dos muiños ou por ser trapelexeiro -falar moito e non dicir nada-.

*O Plantado:* estirado, presumido.

*Os Fidalgos:* ven de fegos, nome que reciben ou que teñen o labio leporino (beizo de arriba partido)

*As Fletas:* "Lixeiras", pouco recatadas.

*A Remixa:* pode vir de ramila, o seu nome. Era unha muller que andaba a pedir e ás veces vendía pedras de área que collía en Lousada e que servían para fregar.

*O Tacolo:* por ser de baixa estatura, alcume agarimoso posto pola familia.

O Gurgullo: Muller que recibía este alcume por ter un nariz parecido a este bicho, que era pequeniño pero cun nariz moi grande.

*A Covella:* vivía nun caseto escuro pequeno, con cociña e cama só, sen ventás, semellante a unha cova.

# 8. AS ADIVIÑAS

Segundo o dicionario de Etnografía, a adiviña é un divertimento verbal da Galicia Rural que consiste nun pequeNo recitado no que se dan pistas para adiviñar o obxecto, parte do corpo ou ser vivo ao que se refiren. A súa función é a de divertir, pero tamén poñer en funcionamento a intelixencia e transmitir coñecementos.

No estudo de J.L. Gárfer e Concha Fernández sobre as"Adiviñanzas populares galegas", aparece definida como"descrición inxeniosa en verso dunha mensaxe que o receptor debe descubrir".

As adiviñas dicíanse nos magostos, esfolladas, fiadeiros, xogos infantís, etc. En canto a súa estrutura constan de:

- Fórmulas de introdución: que cousa cousiña e/será que cousa para adiviñar é etc.
- Elementos desorientadores e orientadores que forman parte do xogo mental.
- Fórmulas de conclusión.

A adiviña é, moitas veces, o trasfondo psicolectivo dun pobo. Os nosos avós foron os depositarios e os encargados de transmitilas.

# 8.1 ADIVIÑAS SOBRE ASTROS

Detrás daquel coto

hai un boi xoto

non hai home nacido, nin por nacer

que na casa o poida meter.

*Solución: o sol*

Curral redondo

vacas no lombo

mozo fermoso

can rabiñoso

*Solución: o ceo, as estrelas, o sol e o vento*

Polas varandas do ceo

pasease unha doncela

vestida de azul e branco

e reluce como estrela

*Solución: a Lúa*

Touro fermoso,

can rabioso

longas aradase

e roxas bragadas

*Solución: o sol, o vento, as nubes e as estrelas*

# 8.2 SOBRE ANIMAIS

Longa, longarela

anda por súa terra

dicíndolle ás veciñas

que tornen as galiñas

*Solución: A miñoca*

Unha señora, moi enseñorada

con cen remendos e sen ningunha puntada

*Solución: a galiña*

Fúnguelle, fúnguelle

vai fungando

e pínguelle, pínguelle

vai pingando

*Solución: o cocho mexando*

Chorín choraba,

atrás da torre andaba

cando a torre caía

chorín calaba

*Solución: a porca e os porquiños.*

No alto vive

no alto mora

no alto tece

a tecedora

*Solución; a araña*

Gado miúdo

terra mimosa

onde ela pousa

deixa unha rosa

*Solución: a pulga*

Cando vai para a casa

vai mirando cara o monte,

e cando vai para o monte,

vai mirando para a casa

*Solución; os cornos da cabra*

## *8.3 VARIAS*

Nace na fraga,

na fraga se cría,

fai para a casa

e reñe coa tía

*Solución: a vasoira*

Nace na fraga

na fraga se cría

por onde ela pasa

non hai alegría

*Solución: a caixa do morto*

Entre dúas penas feroces

sae un tolo dando couces

sen cabeza nin pescozo

que dirán dese mozo?

*Solución: o peido*

Entre parede e parede

hai un gato pardo

que nunca o viches nin o verás

pero se o oes o coñecerás

*Solución: O peido*

Imos para a cama

facer o que deus manda

xuntar pelo con pelo

e o bule bule no medio

*Solución: os ollos, pechalos para durmir*

Cabalo branco

que pace no campo

co ferro no pé,

cabalo non é.

*Solución: o muiño*

Terra branca,

semente negra,

cinco paus

e unha chavella

*Solución: papel, tinta, dedos, pluma*

Besta de ferro

e albarda de liño,

atiza que atiza

cun garabulliño *Solución: o candil*

Anda no campo ferro no pé

e cabalo non é

*Solución: o muíño*

Que é unha cousiña cousa,

cando vai para o monte vai encollida

cando vén para a casa vén estendida.

*Solución: a corda ou adival*

Puntas diante,

ollos detrás,

burro, son tesoiras

non o adiviñarás.

*Solución: as tesoiras*

No monte nace,

no monte se cría

e chega á casa

dando alegría

*Solución: a gaita*

No monte nace,

no monte se cría

e vén a casa

dando tristura

*Solución: o Piñeiro e o cadaleito*

Pinguili, pinguili,

estaba pingando

funguili, funguili

estaba fungando

se pinguli, pinguli,

non pingara funguili,

funguili non fungaba

*Solución: o castiñeiro, castañas e porco*

Unha señora moi aseñorada

deulle unha risada

e quedou sen nada.

*Solución: o ourizo*

No alto me vexo

no meu lugarexo,

por unha risada,

perdín a anada.

*Solución: a castaña*

Ten dentes e non ten boca,

ten cabeza e non ten pés

ti que es tan listo,

non adiviñas o que é

*Solución: o allo*

Dez soldadiños

todos son par,

pasan o río

sen se mollar

*Solución: os fungueiros do carro*

Cucurico, cucurico

non ten pés, cu, nin bico

e os fillos de cucurico

teñen pés, cu e bico

*Solución: o ovo*

Que cousiña é

que canto máis lle quitan

máis grande é

*Solución: o furado*

Aínda que ten dentes

e garda a casa

nin roe nin ladra

*Solución: a chave*

Muitas vacas nun curral e

todas mexan por un igual

*Solución: as goteiras*

Na horta fun criada,

atada con verdes lazos

aquel que chora por min

estame facendo pedazos.

*Solución: a cebola*

Somos sete irmáns

que só vivimos un día,

cando un nace, outro more

e así pasamos a vida

*Solución: a semana*

Tres medias moscas

E mosca e media

cantas moscas son?

*Solución: tres moscas.*

Verde me crie

roibo me cortaron

no forno me coceron

e brando me amasaron

*Solución: o trigo*

Eu subín a unha pereira

que tiña peras;

nin comín peras

nin deixei peras

*Solución: comín unha, baixei unha e deixei unha*

Aí veñen os nosos pais,

maridos das nosas náis,

pai dos nosos fillos

e nosos maridos mesmos

*Solución: os sogros*

# 9. CANTIGAS

Son composición breves, case todas de tres ou catro versos na súa maioría octosílabos que permaneceron vivas na memoria do pobo que as creou. Nelas manifféstanse esperanzas, tenruras, burlas, costumes, ledicias, tristuras,….

Moitas naceron dos xuntoiros ao pé do cruceiro, nos lavadeiros, nos paliques camiño da fonte, ou nas longas noites ao pé da lareira. Soaban nos fiadeiros, nas esfolladas e aínda soan nas esmorgas.

Poden ser cántigas de berce ou arrolo, picarescas, de desdén, de amor, de aninovo, de aguinaldo, de traballo, humorísticas, etc.

# 9.1 CÁNTIGAS PICARESCAS

O cuco máis a rula,

ambos son dunha terra,

o cuco chámase Estebo,

e a rula Caitana Vella.

---

Maruxiña da forneira,

o teu forno xa coceu,

dáme un cachiño de bola,

pola nai que te pariu

---

Debaixo da túa ventá

hai un pozo moi fondo

onde bebe o meu cabalo

coas alforxas ao ombro.

---

De onde vés María,

veño da verdura

que ricos repolos

ten o señor cura

---

Na miña vida tal vin,

o que vin esta mañá,

unha rapaza de Xermade

mexando pola ventá

---

Unha vella de Xestoso

e un vello de Codesido

sentaron ao pé dun toxo

e fixeron un cativo

---

O cuco e máis a rula

ían polo prado abaixo

e o cuco como é tan pilllo

meteu a rula debaixo

---

Eu pedinllo a unha nena

e ela díxome chorando

esta semana non podo

porque estou de ringo-rango

---

Chova e faga sol

vai o demo para Ferrol

cargado de culleres preguntando

polas mulleres

O cura foi ao muíño

e meteu a cabeza dentro

trouxo fariña nas barbas

para facer o formento

---

"La mujer que atiende a dos

no es tonta que es entendida c

uando una vela se apaga

la otra queda encendida"

---

O muíño do meu avó

non é muíño que é convento

os casados para fóra

e os solteiros para dentro

---

Unha muller panza arriba

e un home do revés,

que demo estaban facendo

que de dous saíron tres

---

Neste lugar sagrado

onde entra tanta xente

fai forza o máis covarde

e cágase o máis Valente

Esta miña escopetiña

éche a miña encubridora

dinme que veño da caza

e veño de ver a"señora"

---

Costureira non a quero

que a quero *tecelana

ergue un pé e baixa o outro

e dá bo durmir na cama

---

O cura de Piñeiro,

ten a sotana rachada,

que lla rachou unha silva

ao correr tras a criada

## 9.2 CÁNTIGAS DE BERCE

Manoliño foi ao viño,

rompeu o xarro no camino,

mal polo xarro

mal polo viño

mal polo cu de Manoliño.

A este neno pequeno

heino de aprender a todo

a amasar e a peneirar

e a meter o pan no forno

---

Esta neniña pequena

é pequena coma un rato

tédeme contiña dela

que non caia nun burato

---

Esta meniña pequena

ten ghaniñas de durmire

ten un olliño pechado

e outro non o pode abrire

---

Eeh neniña eh

que vén o cocón

e come a neniña

que non dorme non

---

Esta nena chica

que quere durmir

o pícaro sono

non lle quere vir

Miña meniña pequena

non hai quen che dea a teta,

teu pai vai na leña verde

e túa nai na herba seca.

---

Durme, miña nena, durme,

dúrmete meu sol,

dúrmete pedazo

do meu corazón

---

Esta nena linda

que naceu de día

quere que a leven

á romaría.

---

Esta nena linda

que naceu de noite

quere que a leven

a pasear en coche.

Este neno lindo

que quere durmir

a culpa é do sono

que non lle quer vir.

Que non lle quer vir,

que non lle quer vir,

a culpa é do sono

que non lle quere vir.

O neniño é bo,

el quere durmir,

a culpa é do sono

que non lle quere vir.

Que non lle quere vir,

que non lle quere vir

o neniño é bo

el quere durmir.

---

O ron ron Pepiño Antón

que teu pai é un fanfarrón

e túa nai unha violeta

que non che quere dar a teta

Este neno ten soniño

ten ganiñas de durmir,

ten un olliño pechado,

e o outro xa non o pode abrir.

## 9.3 CANTIGAS DE AGUINALDO

Deame o aguinaldo señora,

aínda que sexa pouco

un touciño enteiro

e a metade doutro

---

Canteiche o aguinaldo

canelas de cabra

canteiche o aguinaldo

e non me deches nada

---

Hoxe é o día do aguinaldo

concluído o temos

se nos das unha peseta

a cantarcho viremos

# 9.4 CANTIGA DE DESAFÍO OU PARRAFEO

-A mi novio Periquín mucho le debo gustar,

que cuando vamos al baile,

a casa me viene a buscar.

-Cuidado con lo que hablas, ingrata, pobre mujer,

porque si sigues hablando a tu novio vas a perder.

-Si lo pierdo, que lo pierda,

a mi no me importa nada

porque si quiero casarme

no me faltará un canalla.

-Permita Dios de los cielos

que te cases con un perdido

que te dé bastantes palos

y todo lo gaste en vino.

-Cuidado con lo que hablas,

eso no te lo consiento,

eres el golfo más grande

debajo del firmamento.

-Yo si soy golfo que sea,

a ti nunca te he robado,

porque he comido siempre

con lo que yo he trabajado.

-Si a mi nada me has pedido

el pedir no tiene margue

entonces porqué has estado

siete años en la cárcel.

-Eso no tiene que ver,

ha sido porque he burlado

el amor de una mujer.

-Entonces dame las prendas

que tienes en tu poder

contigo no quiero tratos

que me echas a perder.

-Toma ya! Coge tus prendas

y también dame las mías,

que te coman los demonios

y hasta las centellas vivas!

## 9.5 CANTIGA DEDICADA ÁS SEÑORITAS DA VILA DE AS PONTES FEITA POR RAPAZAS DE ROUPAR

Paseando pola vila

pola rúa Real

están as señoritas

sentadas no *portal,

elas moi *empolvadas

saen ao mirador

falando polos dedos

palabriñas de amor

e imos nosoutras

e imos tamén

pero nosoutras non somos ninguén.

## 9.6 CANTIGA PARA AS MOZAS DO EMPALME (CABREIROS)

Din que o Empalme non é guapo

porque non ten balcóns,

pero ten cativas guapas,

que rouban os corazóns

## 9.7 CANTIGAS DE AMOR

Hoxe é luns

mañán e martes

cuarta feira logo vén

domingo tárdame un ano

por ver a quén quero ben

---

Morena ten que ser

a terra para *claveles

e o home para a muller

moreniño e con *desdenes

En febreiro non hai claveles

porque os *marchita o xeo

na túa cama hainos sempre

porque o permite o ceo.

---

Ao alto ceo subín

a confesar cun santo

e botoume de penitencia

que non che quixera tanto.

---

A un alto me subí

me confesé con un Santo

y de penitencia me puso

que no te quisiera tanto.

---

As sabas da túa cama

estanme dicindo que suba

para poder estar contigo

e gozar da túa fermosura.

---

Estiven no purgatorio

e vin o que son as penas

e vin tamén que por querer

ningunha alma se condena

A la mar van a parar

todos los ríos,

y al cielo irán a juntarse

tus amores y los míos.

---

Se queres que veña, veño

de noite polo luar

has de prendr a cadela,

que non fai máis que ladrar.

---

Cando paso pola túa porta

levo présa e vou correndo

porque non digan teus pais

que de veras te pretendo.

## 9.8 DE AMOR E PARRAFEO

-Cinco leguas camiñando

só por virte ver

prepárame un vaso de auga

que vengo muerto de sed

Yo no vengo por un dulce

ni tampoco por la miel

solo vengo por un beso

que me ofreciste ayer.

-Toma uno, toma dos

toma tres y toma cuatro

y se te parecen pocos

toma mi vida un abrazo

## 9.9 CANTIGA DE DESAMOR

Canta ti que eu cantarei,

saímos os dous cantando,

cante quen tivera amores,

que os meus vánseme acabando.

Arrimeime a un pino verde,

por ver se me consolaba;

o pino como era verde,

ó verme chorar, choraba.

## 9. 10 CANTIGAS DE XOGOS INFANTÍS

(Unha araña subindo por un lousado xeado rompeu unha perna)

-Que forte é o carame que me rompeu unha perna

-Máis forte é o sol que derrete o carame e o carame rompeume unha perna.

-Máis forte é a nube que tapa o sol, o sol derrete o carame e o carame roumpeume unha perna.

-Máis forte é o aire que escagalla a nube, a nube tapa o sol, o sol derrete o carame e o carame rompeume unha perna.

-Máis forte é a parede que tona o aire, o aire escagalla a nube, a nube tapa o sol, o sol derrete o carame e o carame rompeume unha perna.

-Máis forte é o rato que fura a parede, a parede torna o aire, o aire escagalla a nube, a nube tapa o sol, o sol derrete o carame e o carame rompeume unha perna.

- Máis forte é o can que mata o gato, o gato mata o rato, o rato fura a parede, a parede torna o aire, o aire escagalla a nube, a nube tapa o sol, o sol derrete o carame e o carame rempeume unha perna.

-Máis forte é o gato, que mata ao rato, ao rato fura a parede, a parede torna o aire, o aire escagalla a nube, a nube tapa o sol, o sol derrete o carame e o carame rompeuma unha perna.

-Máis forte é o home que mata o can, o can mato o gato, o gato mata o rato, o rato fura a parede, a parede torna o aire, o aire escagalla a nube, a nube tapa o sol, o sol derrete o carame e o carame rompeume unha perna.

---

De cotín, de cotán

das cordas cordas van,

do *palacio á cociña

cantos dedos teño *encima

---

Xove buxato, que levas no papo:

as chaves do rei

xa llo direi non dirás non

xove buxato que levas no papo…

---

Buxato, mulato,

¿e que levas no papo?

O carro ferrado.

¿E quen cho ferrou?

Matrícula landrán.

¿E ti que lles deche?

As chaves dun can.

Cálate, cálate,

que llo hei dicir. Non digas non,

que xa llas devolverei

---

-Estaba la rana sentada, cantando debajo del agua cuando la rana se puso a cantar vino la mosca y la hizo callar.

-La mosca a la rana, la rana sentada, cantando debajo del agua. Cuando la mosca se puso a cantar vino la araña y la hizo callar.

-La araña a la mosca, la mosca a la rana, la rana sentada cantando debajo del agua cuando la araña se puso a cantar vino el ratón y la hizo callar.

-El ratón a la araña, la araña a la mosca, la mosca a la rana, la rana sentada cantando debajo del agua, cuando el ratón se puso a cantar, vino el gato y lo hizo callar.

-El gato al ratón, el ratón a la araña, la araña a la mosca, la mosca a la rana, la rana sentada cantando debajo del agua cuando el gato se puso a cantar, vino el perro y le hizo callar.

-El perro al gato, el gato al ratón, el ratón a la araña, la araña a la mosca, la mosca a la rana, la rana sentada cantando debajo del agua, cuando el perro se puso a cantar vino el hombre y le hizo callar.

-El hombre al perro, el perro al gato, el gato al ratón, el ratón a la araña, la araña a la mosca, la mosca a la rana, la rana sentada cantando debajo del agua, cuando el hombre se puso a cantar, vino la suegra y le hizo callar.

-La suegra al hombre, el hombre al perro, el perro al gato, el gato al ratón, el ratón a la araña, la araña a la mosca, la mosca a la rana, la rana sentada cantando debajo del agua, cuando la suegra se puso a cantar,… ni el mismo diablo la hizo callar!!!

## 9.11 CANTIGAS DE NADAL

-Aí á porta está un neno

máis fermoso que un sol belo

el di que ten frío

está o pobriño en *cueros.

-Pois dille que entre

que se quentará

xa que neste pobo

non hai caridá.

Entra o neno e quéntase

e despois de ben quentado

preguntoulle a patroa

de que pobo era o reinado.

-Son de lonxanas terras

a nai do ceo

tróuxome a elas.

-Neno, se queres cear

faráseche de contado

e cearás con nosoutros

e serás moi estimado.

Fágaselle a cama ó neno

fágaselle con primor

-Non a faga *usté señora

que a miña cama é un *rincón.

Que sempre o foi dende que nacín.

e ata que na cruz morra

ha de ser así.

---

Válame nosa señora,

a graza de Deus é chea,

San Xoán preguntoulle a Cristo

que doncela era aquela,

aquela é a nosa nai, nosa nai verdadeira,

pois se aquela é nosa nai,

todos adoremos nela.

Os anxiños do ceo e os homes da terra,

vírona estar chorando

debaixo dunha oliveira

-por qué chora *usté* Señora?

porqué chora *usté* Doncela?

-Choro unhas tristes noticias que me trouxo Magdalena

por un fillo que tivera

que sen dolor o parira

e agora encravárono

nunha cruz de madeira.

Aquí morren Xesucristo

Rei dos ceos e da terra

non morreu polos pecados que neste mundo fixera

que morreu para salvarnos aos homes da terra.

## 9.12 CANTIGAS VARIAS

Aquela vella que vai polo muro

trémalle o cú coma un figo maduro

---

Unha vella, moi ben vella

coa cabeza moi ben branca

botou un peido na cama

e fixo recachar a manta

---

Tes o chaleco de merda

e o forro de cagallóns,

para máis grande cortesía

de peidos son os botóns.

*(Resposta dunha muller a unha ofensa)*

---

Teño unha cabra con sete pendentes

moza cativa regañalle os dentes

nin te coñezo, nin sei onde vés

pareces o demo non sei se o es.

O paxaro cando chove

mete o rabo na silveira a

sí fai a moza nova

cando non ten quen a queira.

---

Chámacheme moreniña

moreniña non son tanto

moreniña é a terra

e dela sae o pan branco.

A paso galán, a paso

pouca palla a esa fouciña

por dicir que está ben afiada

non deixa de se cegar axiña

---

San Pedro anda no monte

cunha roupiña remendada

tamén anda dicindo

o que mal anda, mal acaba.

---

Te tienes por buen mozo,

que lo eres bien lo sabes

mírate de abajo arriba

y verás tú lo que vales.

---

Que poca suerte

que mala fortuna

muchos tienen dos madres

y yo no tengo ninguna.

---

Agora veu unha orde

que non puido vir mellor,

meter aos homes no forno,

e chamar ao capador.

Din que me hei de perder,

por non calarlle a ninguén

o de calar acabouse

tempo lle era tamén.

---

O carballo de Xermade

ten tres carros de folla,

un é meu e o outro teu,

e o outro de quen o colla.

---

Se queres que o carro cante,

móllalle o eixo no río,

que despois de ben mollado

canta coma un asubío.

# 10. LENDAS

A lenda é unha narración oral ou escrita de sucesos fantásticos, imaxinarios ou mesmo parcialmente históricos que a tradición foi elaborando no transcurso do tempo.

As lendas contan feitos humanos ou sobrenaturais que se transmiten de xeración en xeración. Hai persoas que pensan que son verdadeiras xa que forman parte da antiga cultura tradicional popular. E nelas podemos atopar sentimentos profundos dunha comunidade. Transmiten ideas e valores e o seu fin principal é darlle sentido a unha sociedade ou cultura.

Case todas as parroquias de Xermade teñen as súas lendas.

## CAZÁS

- A Pena do Corval, contan que a trouxo unha vella na cabeza.
- No río de Cazás, na Ponte Terrós, din que polas noites sae unha galiña con sete pitos detrás.
- Hai unha pedra no Castro da Igrexa cunha inscripción que ao descifrala sae unha galiña que pon ovos de ouro. Tamén neste Castro din que hai unha trabe de ouro que deixaron os mouros ao perder unha batalla.

# CABREIROS

- Unha muller do lugar de Vilacide pasou pola "Pena das almas" e viu unhas airadas de trigo. Resulta que eran dos mouros* que estaban poñendo a curar o trigo no máis alto do castro. Contoulles aos veciños o que vira e cando volveu por alí saíu nun furado e foi dar a Santo André de Lonxe (Santo André de Teixido).
- Outra lenda fala do cabalo de Santiago que saltou dende A Pena de Miraz, ata a Pena Ferradura.
- Hai unha fonte, chamada fonte de Santa, na que se aparece Santa Mariña aos que van beber nela.
- Xa pasaron moitos anos deste suceso que aconteceu en Cabreiros. Resulta que había un cego que viña pedir esmola na compañía do seu can e do seu violín, ademais de pedir cantaba e tocaba o violín. O alcalde do lugar da Touza debería darlle pousada, pero non lle fixo caso; cando o cego caeu ao cruzar os pasos do Reguengo, un día de tormenta e levouno a corrente, enterrárono na illa e taparon todo, como se non ocorrese nada, pero sen embargo nas noites aireadas óese o son do violín.

# BURGÁS

- Na Pena Parda hai unha medoña con catro pedras nas beiras e unhas esqueiras feitas de terra. En cada pedra está enterrado un mouro da mesma familia con todos os seus tesouros.
- Dunha fonte que estaba ao lado dun rego, dicían que saía unha galiña con pitos nas mañás de San Xoán.

# CANDAMIL

- Un home deulle pousada a un pobre, este, a cambio de comida agasallouno con libro de maxia, pero ao lelo comezou a voar, entón cerrouno e tirouno ao lume e do lume principiaron a saír luces de todas as cores.

# LOUSADA

- Unha muller que foi ao monte a coller maraña atopouse cos mouros* saíndo dunha cova na que tiñan os tesouros. Regaláronlle unhas tesoiras coa condición de que rezase unhas ladaíñas a diario, ela aceptou pero ao chegar á casa non rezou pensando que os mouros non se ían decatar, pero non foi así e as tesoiras de ouro desapareceron.
- No castelo tivo o seu burato unha cobra moi grande que dicían que tiña ás.
- Preto da serra do Castelo fórmase unha lagoa no inverno que ten a súa propia lenda: din que no fondo hai unha campá de ouro e que o cura quíxoa levar para a súa igrexa, para iso fíxose cun libro de maxia negra e leuno á beira da lagoa conseguindo que se abrisen as augas, entón díxolle ao sacristán que, mentres el entraba, mantivese o libro aberto, pois se

o cerraba, cerraríanse as augas, e así ocorreu xa que o sacristán por medo a que se mollase cerrouno.

- No castelo, a noite de San Xoán, saía unha galiña con pitos dunha pena moi grande. Tamén nesa zona dicían que se oía, ás veces, música.
- Arriba da Garrona, había unha camposa que estaba sempre seca, nunca enverdecía.
- Na Pena de Ameixido, din que se oían as gaitas que tocaban os encantos que alí vivían.
- Nunha fonte que está na parte de arriba das Folgueiras, saía unha galiña con pitiños de ouro, na mañá de San Xoán, antes de raiar o sol.

# MOMÁN

- A un home novo aparecéuselle un ser que de cintura para arriba era unha cabra e para baixo unha muller. Cando se casou andábanlle nas potas tirándollas e rompéndollas. Indignado, colleu unha escopeta para matar aquilo, e de súpeto ese ser desapareceu.
- A unha moza que estaba traballando na gurita, aparecéuselle un home moi guapo, que estaba encantado, ela namorouse e quixo desencantalo; para iso, cando aparecese en forma de cobra, debía dicir sempre arre demo! Arre demo! E nunca meu Deus!. Ela aceptou, pero cando chegou o día e viu unha cobra tan grande, o medo fíxolle dicir meu Deus! E nunca volveu ver ao rapaz.
- A pena da muller recibe este nome por unha muller que se abrigou debaixo dunha pena cando empezou a nevar, pero a nevada durou moito e ela morreu alí de frío.
- Lenda da Pena da Hucha. É unha pena das serras do Castelo, que é moi ben feitiña e dicían que os encantos do castelo tíñana chea de ouro e baixaban para asoleiralo todas as mañas de San Xoan. Pero un día, dous homes que viñan da ribeira de Bahamonde, roubáronllelo e escaparon cruzando o rego das Veigas, os encantos foron detrás deles, pero como non podían pasar por ningún sitio con auga, tiveron que deixalos ir, non sen antes botarlles unha maldición: "Deixádeos, que non lles ha de aproveitar, que un logo morrerá, e o outro, coxo para a súa vida quedara."E así foi.
- Lenda do Serrón da Loba. Neste lugar, contan que a un home cando viña para a casa, saíronlle ao camiño sete lobos e unha loba. Os lobos atacárono desde detrás da pena, pero cunha lanza matou a sete, a loba para atacalo saltou por riba da pena e aínda que lle cravou a lanza nas costas, morreron os dous.
- Lenda da pena do Encanto. Dise que unha rapaza aparecía neste sitio, polas mañás, dando de comer a uns pitiños, un día achegóuselle un rapaz, ela díxolle que estaba encantada e para desencantala tiña que ir alí o día de San Xoán e tirar unha pedriña ao río e cando ela aparecese en forma de serpe debíalle cortar a cabeza dun só golpe cun sable que alí aparecería. O rapaz contestoulle que lle axudaría se despois casaba con el. O día de san Xoán foi á Pena do Encanto e tirou a pedriña, entón apareceu o sable e pouco despois a cobra que era enorme. O mozo asustouse e fuxiu, e a rapaza marchou moi triste convertida en serpe para sempre.
- O Serrón da Pena de Corvos. Aquí o encanto estaba debaixo da terra e oíase moer un muíño. Un día foi unha rapaza co gando para alí e presentouse o encanto dicíndolle que se non o

descubría daríalle unha peseta cada día. E así foi, ata que un día pelexouse co seu veciño e díxolle que mentres había peseta non había enfado. Cando, ao día seguinte, foi buscar a peseta só atopou un coitelo e un letreiro que poñía que se volvía por alí, matábaa. A moza escapou correndo e nunca máis por alí foi.

## ROUPAR

- Un home chamado Xeneral que morrera 50 anos antes, aparecéuselle a súa irmá para pedirlle que lle rezasen unha novena que tiña ofrecida e non o puidera cumprir antes de morrer.
- No castro de Sucastro dicían que saía unha galiña con pitiños de ouro.
- Outra lenda di que hai enterradas moedas de ouro que ha de desenterrar unha galiña escalando cos pés.
- A fonte de Santo Estevo, a da Santa e unha Fonte de Candamil dise que brotaron onde puxo o pé o cabalo de Santiago.
- As campás de Roupar, chamadas Paula e María, tocábanas para arredar as tormentas.
- Din que o muro do castro de Castrillán foi feito polos mouros e que estaba apuntalado con vigas de ouro. Tamén neste lugar falan dun pozo tan profundo que se se tira unha pedra, vaise oíndo un tempo pero despois xa deixa de oírse.
- O pozo do encanto na Besura tampouco ten fondo.

## PIÑEIRO

- En Piñeiro a finais do século XIX disque había un cura chamado Jenaro Bermúdez que facía conxuros:

  "O *conxuro do xabarín*". Este párroco fixo que o xabarín que viña ao centeo que se colleitaba nos montes de Sartego, non voltara máis grazas ao conxuro.

  "O *conxuro das cascudas*" tamén logrou acabar coa praga de cascudas que lle acababan coa fariña a Tía Francisca.

  Lenda da Modia. Disque cando veu un home da provincia da Coruña, buscar moza ao lugar da Casanova, cada vez que pasaba pola Modia, saíalle unha cabra que lle falaba. Contoullo á que ía ser súa sogra, e ela aconselloulle levar unha escopeta pero cando lle quixo disparar á cabra, a arma non funcionou.

  O pozo da Veiga. Está no río Eume e contan que no fondo deste pozo hai unha hucha de ouro. Unha vez un home quíxoa ir buscar atando tres adivais moi longos pero resultou que non chegaban nin á metade do pozo.

(*) Mouros e mouras son seres do imaxinario galego popular, relacionados sobre todo cos restos do pasado. A eles é atribuída a construción de castros e monumentos megalíticos nos que moraron ata seren expulsados polos cristiáns. Eran donos de grandes riquezas.

# 11. CRENZAS POPULARES

A cultura moderna fala de supersticións, debidas á ignorancia dos labregos. Pero en realidade trátase de creacións culturais que noutros tempos desempeñaron funcións importantes. Acostúmase a identificar superstición con erro. Sen embargo non é o mesmo unha crenza que se usa para explicar un feito natural do que se descoñece a interpretación científica que unha que non ten que ver co mundo obxectivo, senón máis ben co sobrenatural. Estas últimas non xorden da ignorancia dos feitos senón que son creadas para cumprir unhas funcións esenciais no mundo rural.

## 11.1 INTERACCIÓN DOS VIVOS COS MORTOS

A relación máis estreita establecese entre os vivos e os mortos que precisan purgar os seus pecados, estes aparécense para pedir oracións, misas e romaxes que lles permitan purificarse e subir ao ceo. Tamén poden avisar de que vai ocorrer algunha morte, e dar leccións de caridade e bo comportamento aos vivos. Por medio dos contos de aparecidos a cultura tradicional transmite os seus valores como a condena da usura, o cambio de marcos, as débedas, os preitos, roubo de auga, etc.

Por outra parte tamén cumpren unha función vital xa que a presenza dos mortos entre os vivos serve de proba á crenza noutra vida o que mitiga a angustia que produce o medo á morte.

As aparicións acostuman producirse durante a noite, en lugares sombrizos, corredoiras profundas, montes, encrucilladas, cemiterios ou o pé de castros.

En Xermade tamén hai historias de aparecidos: "unha rapaza que viña da fiada na compaña dun amigo que facía cadaleitos, viu un cadeliño/a branco que se metía no medio das pernas do amigo. A ela chamoulle a atención, pero o rapaz estaba calado coma un peto. Ao desaparecer o can, díxolle que estivera en silencio porque se trataba dunha visión para comunicar que ao día seguinte viríanlle encargar un cadaleito, ou sexa que ía morrer alguén. Segundo o dicionario de S.M.G. hai unha ánima en pena chamada Peregrina que se aparece en forma de cadela branca ou de gata branca pola noite e que se envolve nos pés dos camiñantes. Así, o Sr. Xesús da Pena dixo que sentira "A Peregrina" ou pastoriña berrando de moitas maneiras: coma unha curuxa, unha gata… e cara a onde berraba, pasaría o enterro. Neste caso, disque pasou polo Portomuiño como dixera o Sr. Xesús. Tamén o Sr. Baltasar afirmaba ter tido moitas visións. Os que lles ocorre iso din que é porque o cura, por equivocación, púxolles ao bautizalos, o óleo dos mortos en vez do dos vivos.

## 11.2 O MAL DE OLLO

É outra crenza moi arraigada. É o mal que se causa coa vista ás persoas, animais, plantas, froitos, colleitas, etc. Pódeno causar as bruxas, pero tamén outras persoas que teñen a desgraza de facer mal coa vista sen querer. De aí que poda ser intencionado ou inocente.

As persoas que o botan contra a súa vontade, adoitan levar gafas escuras para evitar a acción destrutiva da súa vista. Tamén hai quen pensa que calquera pode aollar por mirar as cousas ou as persoas con envexa ou mala intención.

No Concello de Xermade había xente que botaba o mal de ollo, pero había outra que sabía sacar o meigallo. Se este o sufrían as vacas, había que poñer unhas agullas de coser coas puntas para arriba no sitio por onde entraban as vacas na corte. Cando estaban enfermas levábanas ao Santo Adriano e o Santeiro dáballes un coitelo pequeno para que llelo pasasen polo lombo e así melloraban. Como exvoto deixaban as cerdas do rabo da vaca.

Hai persoas que usan figas como defensa propia.

## 11.3 PROHIBICIÓNS

- Unha muller coa menstruación non podía facer maionesa porque esta se cortaría. Tampouco podía toparlle á zorza nin atar os chourizos porque se pasmarían.
- As mulleres encinta non debían pasar a man pola cara se lavaban as sardiñas xa que corrían o perigo de que lles saísen manchas.
- As nais recén paridas tiñan prohibido entrar na Igrexa ata pasaren corenta días, pois considerábase que eran impuras; entón a Madriña era a encargada de levar o neno ou nena a bautizar. Para iso debía agasallar ao cura cunha baluga de manteiga ou un bo queixo. Pasados os corenta días a nai acode á igrexa e agarda na entrada onde a recibe o crego vestido

con alba e estola. Rezan unhas oracións e entra no templo collida da estola do cura. Con esta cerimonia xa deixa de ser impura.

- Non se podían lavar as mans na auga que quedaba de amasar o pan xa que che podían saír espullas.
- Cando había tronada non se debían deitar as galiñas ou sairíanlle os ovos gorros.
- Cando estaba a masa levedando na artesa, non se debía sentar ninguén enriba, porque deixaría de levedar.
- É desavogoso varrer de noite para fóra, xa que se varre a sorte da casa.
- Considerábase unha mala acción desfacer un niño de andoriña pois foron elas as que lle sacaron os cravos a Xesús cando estaba na cruz, outros din que lles sacaron as espiñas da coroa.
- Non é bo prestar unha agulla a unha amiga porque se perde a amizade.
- Abrir un paraugas dentro da casa dá mala sorte.

Tampouco é bo comer diante dunha preñada e non ofrecerlle nada, podería saír mal a criatura.

## 11.4 AVISOS DE MORTE

A morte non acostuma presentarse de súpeto, senón que antes adoita avisar, ou sexa, pénsase que a morte e as desgrazas van sempre precedidas de avisos, agoiros ou sinais.

Avisos mediante animais.

*O corvo* anuncia a morte por negro e por carroñeiro.

*A curuxa,* coa súa voz lúgubre, tamén é ave de mal agoiro. Cando ia curuxar ao anoitecer ou ao amencer preto da casa, pasáballe algo malo á xente ou ao gando.

*O Cuco*, se oía cantar antes de almorzar, botaba a niñada (daba cansazo e sono), ademais, os últimos que casaban, dicíase que traían o cuco.

*O moucho,* é ave de morte.

*A pega,* pode ser de mal agoiro, agás cando **chachareaba,* entón trae boas novas.

*O can,* os seus ouveos lembran o choro dos parentes durante o velorio e o enterro.

Outros avisos de morte:

- Había xente que oía as campaíñas do viático antes de que soaran.
- Ás veces oíanse ruxidos misteriosos ou voces e víanse luces ou procesións de ánimas.
- Tamén era de mal agoiro verter aceite ou sal.

# 11.5 DEFENSAS

Son varias as defensas usadas tradicionalmente contra todo tipo de mal.

*A cruz,* é unha das máis empregadas. Así cando alguén bocexa ou esbirra fai unha cruz, diante da boca para que non entre ningún maleficio aproveitando a abertura. E os curandeiros ou curandeiras fan cruces sobre o enfermo para que expulse as súas doenzas. Tamén con fin protector faise o sinal da cruz ao erguerse da cama, saír da casa, entrar na igrexa, pasar por diante dun cruceiro ou igrexa, subirse a un medio de transporte, etc.

*O loureiro,* o que se bendicía o Día de Ramos, gardábase para queimalo cando tronaba e ese fume que se expandía espantaba o temporal. Tamén se usaba para facer cruces con el e poñelas nas portas da casa en en todas as fincas polo día de Santa Cruz, o tres de maio. En toda a Terra Chá hai costume de plantar loureiros a carón das casas para protexelas. Tamén cando se remata unha construción é bo poñerlle un ramo de loureiro.

*As velas,* defendía así mesmo do temporal acender unha vela que fora bendicida o día da Candeloria (2 de febreiro) e rezarlle a Santa Bárbara a seguinte oración:

*Santa Bárbara bendita*

*que no ceo estás escrita garda o pan e o viño e*

*garda as horas do perigo.*

*O sal,* intervén no bautismo para facer expulsar o pecado e as tebras e tamén te defende do aollador, botándoo por onde este pasa.

*O lume e a auga,* da asociación do mal coa impureza xorde o uso do lume e a auga. O lume elimina as impurezas e a auga lávaas. Saltar o lume de San Xoán líbrate das bruxas, o mesmo que as plantas e flores que hai que poñer en portas e ventás a véspera de San Xoán: milindrocas, acivro, rosas e xarxa. Para lavar a cara e purificala hai que poñer en auga: rosas, romeu, herbaboa, ruda, xarxa, menta e melisa e deixala toda a noite á luz da lúa, cando saia o sol do día 24, é o momento de lavarse con esa auga fresca e perfumada. O orballo desta noite tamén era usado polas mulleres que tiñan grans ou picazón para arrolarse espidas nas leiras de trigo ou centeo e así curarse. Así mesmo a auga e o lume serven para librarse das teupas na seguinte bendición:

*Teupiña teupa teupa matar*

*e fillos e netos e todo canto encontrar*

*se volves por aquí pasar*

*con auga e lume heite matar*

*non é polo meu poder,*

*nin pola miña sabedoría*

*é polo poder de Deus e a Virxe María.*

*Rezar un *Padrenuestro e un Avemaría. Logo bendicíase nove veces o furado.*

*Os allos,* eran utilizados como defensa do mal de ollo.

*As romarías,* hai xente que se ofrece a ir ás romarías para curar enfermidades ou pedir algunha graza. Nesta zona vaise a Santo André de Teixido, os Milagres de Saavedra, a Santa Cruz de Aranga ou á Virxe de Guadalupe de Vilalba. Nas romarías compraban exvotos para ofrecerllos aos santos ou santas.

*Arresponsadores,* aínda que non son exactamente defensa serven para axudar a atopar o que se perde. Son mulleres ou homes que por rezaren todos os día un responso sen trabucarse, teñen o don de saber o paradoiro de persoas, animais ou cousas. A maioría destes responsos van dirixidos a Santo Antonio pero tamén os pode haber profanos como este que se di despois de facer un nó nun trapo:

*San Honorato, San Honorato*

*os collóns che ato*

*e se non aparece*

*non chos desato*

## *11.6* SIMBOLISMO DA LÚA

A lúa mide e anuncia o tempo. Rexe a agricultura e cada fase ou cuarto favorece ou non moitos labores agrícolas. Goberna as mareas. Infórmanos do tempo meteorolóxico: cando é nova ou chea anuncia choiva se ten cerco e calor se está avermellada; o cuarto, se ten os cornos para arriba, anuncia choiva e se os ten envorcados virá tempo seco. Inflúe no humor da xente.

A lúa vella ou chea é favorable para moitas cousas: nacen sans e fortes os animais, bótanse as patacas, cóllense os froitos, etc.

Na lúa nova é cando máis chove, e boa época para enxertar. Se nace un animal ten pouca forza e tarda en terse nas pernas.

Cuarto crecente. Mátanse os porcos para que medre a carne no pote. As vacas que paren dan mellor leite. Se cortas o pelo medra máis axiña.

Cuarto minguante. O pelo tarda en medrar. Época de plantar verduras, coles, e algunha legume, e tamén podar.

# 12. MENCIÑA POPULAR

Menciña popular Curación a través da palabra

A curación pola palabra é habitual na menciña popular, que emprega ensalmos e oracións rematados en invocacións a deus e a virxe. O Emprego de ensalmos é propio de case todas as formas de cultura primitiva. Van dirixidos as potencias que rexen os movementos da natureza, pero a súa eficacia tamén depende das divindades que oen estas invocacións. A palabra posúe virtudes terapéuticas pois activa a suxestión ou autosuxestión. Case sempre conteñen o nome do mal a escorrentar, unha fórmula de expulsión, o lugar de destino da doenza, unha referencia a Deus, á Virxe e os Santos e unha oración final. Unha informante refiriume ensalmos cos que afirma que ela mesma ou a súa avoa foron quen de curar a

xente que padecía o fogo salvo, a gafadura, o mal da teupa, a belida, o formigo, as rosas ou a úlcera. A suxestión e a fe na curación deberon ter moito que ver.

## 12.1 O FOGO SALVO

Tamén lle chaman culebrilla en castelán, porque empeza coa forma da cabeza dunha cobra e acaba en forma de rabo. Manifféstase cunha especie de vexigas cheas de líquido. Hai xente que afirma que non se cura con menciñas senon recitando unha oración e cuspindo levemente no mal durante nove días:

primeiro círcase cunha vela bendicida para que non siga andando e faise a bendición: bendición de dios padre, del hijo y del espíritu santo" e logo dise a oración:

*"Montes calvarios vister arder*
*Salunguino le preguntó a nuestro señor*
*Con que se apaga Señor?*
*Con la saliva del pecador*
*Para que non coma nin crezca,*
*Da cabeza aos pés*
*E dos pes á cabeza*
*Non é pola miña sabedoría*
*Que é pola de Deus e da Virxe María*
*Rezando un Padre Nuestro*
*e unha Avemaría*

Se o enfermo/a están moi afectados pódese facer unha dobre bendición e esa noite xa poderá durmir.

## 12.2 A GAFADURA

Mal feito por bichos gafos; cobra, sapos, sacabeira. Bendición ao principio e círcase, como no caso anterior, a vela debía estar bendicida o día dous de febreiro (Candeloria) logo dise a oración:

*Se es sapo vaite ao mato*
*se es sacabeira vaite a beira*
*se es cobra vaite a cova*
*se por aquí volves pasar*
*con auga e lume heite queimar*
*non é pola miña sabedoría.*
*Que é pola de Deus e da Virxe María*
*rezando un Padre Nuestro e un Avemaría*

## 12.3 O MAL DA TEUPA

Manifféstase coa pel moura, inchazón e dor nas mans ou nos pés. A señora Generosa, avoa de Marina Chao de Sucastro, curou a moita xente deste mal. Primeiro faise a bendición e despois de circar dise esta oración:

*Teupiña, teupa matar*
*fillos e netos e bisnetos*

*e todo canto por aquí pasar*

*e se por aquí volves pasar*

*con auga e lume heite queimar.*

*A o rematar, fanse cruces coa vela dicindo outra vez a bendición.*

## 12.4 ÚLCERA

Bendición coa vela. Oración:

*De que dependes úlcera*

*de cinza mil*

*vente á fonte mineral*

*con tres areas de sal*

*e tres de silval*

*e tres de ortigal*

*Non é pola miña sabedoría…..*

Faise unha cruz sobre o mal con gromos de silvas e ortigas molladas na auga con sal (fonte mineral)durante nove días ou se é necesario durante dezaoito días. O enfermo debe tomar tamén unha cullerada de mel con romeu e outra de aceite de oliva, á primeira hora da mañá, durante nove días.

## 12.5 A BELIDA

Especie de nube ou tiña branca que se forma na córnea do ollo, e que dificulta a visión. Faise a bendición e despois dise a seguinte oración:

*Santa Ana e Santa Lucía Tres*

*libros tiñan.*

*Un líano, outro deslíano*

*e co outro quitaban as belidas*

*a quen as tiña.*

*Non é polo meu poder,*

*é polo poder de Deus*

*e da Virxe María,*

*Rezando nove* Padrenuestros nove veces.*

## 12.6 O FORMIGO

É unha doenza dos pezuños do grando. Despois da bendición dise a seguinte oración:

*Formigo, formigón*
*e forcadela e demáis conductos que teña*
*a vaca *Paloma*
*Do sangue véntenlle aos cornos*
*e da carne vente ao pelo*
*e do pelo vente á terra .*
*Non é pola miña sabedoría*
*Que é pola de Deus*
*e da Virxe María,*
*Rezando nove Padrenuestros nove veces.*

## 12.7 ROSAS

Manchas rosáceas que saen na pel:

*A rosa dille á estrela*
*que é máis fermosa ca ela*
*eu digo que non;*
*seque a rosa, viva a estrela*
*non é pola miña sabedoría que é pola de Deus e a Virxe María .*
*Rezando un *Padrenuestro e un Avemaría.*

# 13. O LUME, FONTE DE VIDA

Segundo a lenda o lume ten a súa orixe no sol a onde o foi buscar o paporrubio, o sol advertiu-no do perigo de se queimar e así foi, cando volvía co fachico no seu peteiro, ardéronlle as plumas do peito e da gorxa. Por iso ten esa cor no papo: lume no peito. Os demais paxaros déronlle unha pluma cada un, agás a curuxa que desde aquela foi castigada a non voar de día.

O lume é algo esencial para os labregos, que facían case toda a súa vida caseira a carón del. A carón do lume xantaban e ceaban, facían as pequenas tarefas artesanais, parolaban cos da casa ou con amigos, parentes, veciños e compadres, namoraban, as veces lían o xornal ou algún pequeno libro, rezaban o rosario e tamén incluso ás veces durmían os que tiñan alcobas (leitos pequenos para durmir que había na cociña á beira da lareira).

É considerado un ser vivente como se demostra en frases coma:"matar o lume","morreume a luz","o lume alédase laia e asubía".

Non se pode cuspir nel, nin mexar, pois sería unha profanación, unha falta de respecto.

Aquí o lume novo é o de noiteboa, que se acendía á entrada das igrexas e era bendicido polo cura. A xente acudía con carochas (fungo das bidueiras cando están secas) ou con leña ben gorda de toxo e levábao para a casa, prendía a lareira e facíase con este lume novo que era avogoso contra

os tronos. Non se podía apagar (gardar candela), para aguantar a brasa tapábase con borralla pola noite. Se morría había que acendelo cun isqueiro ou ir por el á casa dun veciño.

O lume de San Xoán, ten un valor especial contra as bruxas, animais daniños e enfermidades dos animais. Estes debían pasar por riba das cinsas.

O lume tamén está presente nos xogos, como por exemplo o do"correfume", nos refráns:"onde hai lume hai fume", etc.

# 14. MOCEO, NOIVADO E CASAMENTO

Cando a un mozo lle gustaba unha moza dicíalle se a podía acompañar á casa e visitala, se ela accedía, visitábaa os xoves e os domingos á tardiña: "os mozos viñan con nosoutros ata a casa e moceaban na porta". Víanse nas festas, fiadas, feiras, romarías, bailes,…

O paso do moceo ao noivado manifféstase tamén na linguaxe, pasa de "fulano vai con fulana" a "fulano fala con fulana" ou fálanse.

Durante o moceo había liberdade de relación, cada un podía ir con quen quixese, pero no noivado a relación xa era máis íntima, aínda que seguían indo ás festas cos demais xoves. O noivo sentábase a carón da noiva e intentaba pasar con ela todo o tempo que podía.

O seguinte paso é apalabrarse, facer promesa de casamento. As relacións adoitaban durar tres ou máis anos.

Logo viña a petición de man. Para eso, ía o noivo, acompañado do pai e da nai, á casa da noiva. Alí comían todos xuntos e logo facían a petición. Nesta reunión acordábase o día da voda, o número de convidados, quen sería o padriño e a madriña e as achegas que cada casa faría para o banquete.

Pouco despois eran as amoestacións ou monicións, nas que o cura anuncia durante a misa o nome das persoas que queren casar por se houbera algún impedimento.

Finalmente celebrábase a voda. A noiva vestía de negro e o noivo de cor escura. Se ese día chovía, serían ricos, pero se ventaba rifarían. O banquete era na casa dela. Os da parroquia que non estaban convidados recibían a proba dos doces.

Durante a ditadura franquista a muller casada estaba completamente subordinada ao marido e necesitaba o seu permiso para case todo. O marido decidía a residencia conxugal, administraba os bens de ambos, ela só podía traballar fóra da casa coa autorización do home. E tampouco podía abrir unha conta bancaria nin asinar contratos de traballo ou alugueiro. Tampouco se lle permitía ter pasaporte para viaxar, nin vestir pantalóns nin votar. O marido podía forzala a ter relacións sexuais con el, xa que non se consideraba violación.



Moceando na festa do Rosario, patrón de Piñeiro.



Voda en Roupar hai 72 anos, os noivos visten de escuro.

# 15. A VACA

Tiña para o labrego un valor material e afectivo. Calquera ameaza que sufrirá combatíase coas armas propias da cultura rural tradicional, tanto se lle botaban un meigallo, como calquera enfermidade que era tratada polo albeite ou curandeiro popular do gando.

A vaca, ademais de becerros para carne, proporcionaba forza de traballo (tiraba polo carro e os arados), leite co que se podía facer queixos e manteiga e esterco para a terra.

O seu coidado era especial, facíanlles encaldadas con nabos cortados, auga quente e sal, se estaba parida engadían fariña. Tamén se lles daba herba seca e, de noite, un brazado de palla. De todas maneiras non era moito alimento para tanto como traballaban. Cando escaseaba a herba verde pacían polos foxos e cómbaros. Se estaban mal do



REGLAMENTO

de la Sociedad

"LIGA AGRARIA DE GERMADE"

CAPÍTULO I.

**Nombre, duración, domicilio, objeto y fines de la Sociedad**

Artículo primero. Con arreglo á la ley de asociaciones de 30 de Junio de 1887, y con el nombre de LIGA AGRARIA DE GERMADE se constituye una asociación de propietarios, colonos ó arrendatarios, ganaderos, obreros agrícolas y demás personas que residan en cualquiera de las parroquias de este ayuntamiento y tengan interés en el desarrollo de la industria pecuario-agrícola ó sus derivadas.

Art. 2.° Su duración es por tiempo ilimitado y su domicilio será en Cabreiros en casa de D. Francisco Cabaleiro Pita.

estómago, menciñábanas con macela e café ben cargado.

Falábaselle: ben mareliña, ben! E afalábaselle: empurrala para que andara. Podían "andar sen chama": tiraban soas polo arado e viraban cando llo dicían, se unha non sabía, a outra empurrábaa cos cornos para guiala.

Nomeábanas de xeito distinto a como o fan hoxe, chamábanse marela, cachorra, gallarda, morita (cor escura), pinta, xovenca, roxa, cuca (cando era ben feitiña) figueira, xata, pucha, miñota (poñíanlle este nome para que se lles foran as espullas), linda, teixa (se era da cor da tella), pastora, parrula, garbosa (pequena e lixeira).

Hoxe: Pantoja, Chenoa, Claudia, Nina, Valencia, Panoia, Rufa, Curra, Tina,…..

Antigamente había as chamadas "vacas postas", que consiste en que un parceiro pon o animal e outro coida del, repartindo despois as ganancias.

A idealización da vaca alcanzou ata aos escritores galegos do século XX. Así Bernardino Graña escribíu

<<Oda as vacas>> as que define como"Deusas Mártires". Manuel Rivas, ademáis do seu libro"Un millón de vacas", noutro escrito di que é coma un totem dos galegos, como un animal sagrado pero sacrificado en beneficio dos humanos (a diferenza da India).

Castelao tamén a utiliza nos seus debuxos de Cousas da Vida.

Bo exemplo do agarimo que se lles tiña é que as cortes estaban dentro da casa. Ilustrativo disto é o dito: "Que non morran as vacas, que homes hainos a manadas".



Pai e fillo coa súa amiga Garbosa.



Traballando na estrada da Touza.

**A vaca**

*A vaca é a paz e fartura,*
*alegría dos labregos,*
*honra e proveito da corte,*
*galanura dos pasteiros.*
*A vaca fai o traballo,*
*a vaca dá leite fresco;*
*da vaca saen os xatos,*
*a manteiga mais o queixo.*
*O leite é parva e é cea*
*con rafas de pan centeo.*
*Os becerros son cartos*
*dos abonos e os aveños.*
*Senón fora pola vaca,*
*que sería dos labregos.*

*"Poema de Darío Xoán Cabana. Poeta da Terra Chá"*

# A CULTURA DO PAN EN XERMADE

A cultura do pan abrangue un longo proceso que vai dende a cava da roza ata que está o pan na mesa. Despois de cavar, se era monte brañego, había que amontoar e poñerlle lume a cada montón. Despois estender o borrallo cun sacho pola roza. Se era monte leñado, queimábase a faz do suco e arredor facíanse devasas (lindeiro ancho). No outono, outonábase, ou sexa sementábase o centeo ou o mestillón. Se se facía nas leiras, ocupaban o lugar no que antes estiveran os nabos, entón só había que gradar, botar o esterco e facer uns sucos grandes.

Antes de vir o abono de "Cros" só se sementaba trigo para as festas, pero a partir de aí, xa se sementou igual có centeo.

Pola Santa Mariña "botábanlle a fouciña". Sobre o 18 de xullo era o tempo da sega.

O maínzo quería a terra moi quente, un home en calzoncillos sentado no terreo non debería poder aguantar a calor. E había que sementalo raro que o cura puidera dar a volta coa sotana arredor do gallo.

Na época da sega ían mulleres ou homes detrás facendo os mollos e outros diante segando. Ás veces facíanse primeiro moreas (mollos deitados) e logo os medeiros coa espiga para arriba e o



Malla en Roupar.

couce para abaixo porque así era máis difícil que se mollaran. Amarraban primeiro tres e logo seguían ata que o medeiro acabase en punta. Finalmente carretábanos ata a aira e alí facían a meda.

Só quedaba agardar pola máquina e mallar coa axuda dos veciños. Os que facían o palleiro, eran os chamados "especialistas" e estes ían comer dentro da casa, os demais xantaban ó "compango" fóra.

## 16.1 O PALLEIRO

Os palleireiros ou especialistas amoreaban a palla en forma cónica para que fose máis estable e para que esvarase mellor a auga da chuvia. Estes palleiros facíanse na aira o día da malla; os homes que estaban arriba poñían a palla de forma radial coas espigas cara o centro e o couce cara a fóra. No Concello de Xermade, coa última volta da palla construían unha capa protectora, parecida a un moño de señora, de seguido engadíanlle pólas para asegurado do aire e finalmente un terrón coa herba para fóra.

Os dous homes que estaban abaixo eran os que guiaban o palleiro e peiteábano, o que por aquí se coñece como "poñelo á cañiza".

Os palleiros honraban a casa, ter un palleiro grande era sinal de "riqueza". Incluso había xente, como a Sra. Romalia, que non quería gastar a palla para poder presumir de palleiro.

Tamén está presente na literatura oral popular:



Palleiro en Roupar.

- Sol madrugueiro, can no palleiro.
- Sen palla, non se fai o o palleiro. (referido a unha persoa gorda).
- Xa te podes ir para o palleiro (xa farto, podes ir durmir a sesta).
- É como buscar unha agulla nun palleiro…

O seguinte labor era asollar o trigo: Poñelo dúas tardes ao sol, logo axiralo coa criba para quitarlle o gran malo, despois levar a vianda a moer, ou sexa o trigo e o centeo e separar o farelo, a fariña e as millas, que serían a fariña integral actual.

## 16.2 A FEITURA DO PAN

Para facer o pan, o primeiro é preparar o formento. Para iso hai que quentar auga, temperala, poñer fariña nun copeto co fermento de hai quince días, botar a auga e desfacer o fermento, logo engrolalo cunha soa man e deixalo repousar ata o outro día.

Para amasar a fornada úsase a artesa, na que se bota toda a fariña, fáiselle un oco no medio e nel van o formento, a auga e o sal, amásase todo ata que non se pegue nas mans. Despois tápase cunha saba quente ou mantel e deixase dúas horas. Pasado este tempo, téndese nos copetos e déixase repousar mentres se quenta e se limpa o forno. O lar límpase co rodo e cun varredoiro, mentres que co outro varredoiro sácase a escoria da parte de arriba do forno. Logo hai que enfornar, poñendo un bolo no medio e os outros ao redor.

Preto da portela é o sitio das bolas e empanadas que se sacaran media hora despois. Para sacar os bolos hai que esperar dúas horas.

Para mover o pan úsase o rodo, pero hai que ter coidado con non movelo antes de tempo para que non se solle,é dicir que non quede o molo separado da coda.

Podíanse facer bolas, e bolos de centeo, trigo e mestillón, e bolas do rato cun chourizo dentro.

Cando un neno non falaba ben era avogoso darlle a primeira bola que se metía no forno, ademais de ofrecelo a Santo Alberte.

Había que ter tino de non sentarse enriba da artesa cando estaba a masa levedando, pois cortaríaselle o lévedo. Tamén era importante non esquecerse de botarlle a bendición á masa. Nalgunhas casas rezaban o pai noso axiña que se enfornaba para que saíse bo pan, xa que tiña que durar quince días.



Artesa con mesa de levante.

# 17. MEDIDAS TRADICIONAIS

As medidas de Galicia vixentes hai anos, foron substituídas polo S.M.D, no 1849, pero a súa aceptación foi moi lenta e aínda se seguen a usar algunhas medidas de antano. Así no noso Concello como medidas de superficie temos o ferrado (525m2), e a fanega (4 ferrados). As escrituras vellas falan de varal e estadal para a lonxitude e están aínda vixentes o pé e a cuarta. Para os sólidos: o brazado: herba, leña, etc. que se colle cos brazos, o feixe que corresponde a dous ou tres brazados. O mollo: de cebolo ou lote de grelos, nabizas, etc. que se ata cun cordel feito de xuncos. O manoxo: de verzas, grelos,… que cabe nunha man.

A restra: trenza de allos, cebolas ou maínzo.

Só no eido rural seguen a empregar estas medidas e se desaparecen sería unha grande perda para o patrimonio galego.

# 18. CONFIGURACIÓN DAS FINCAS

A entrada para a finca chámase boqueira. Para cerrala usasen *o valado* (de terra), o muro de pedra ou a sebe, estacas con pólas de salgueiro trenzadas.

Cada dono cerraba a cabeceira e o fondal e os lanceiros, ou o largo da finca que era de varios, cerrábana entre todos.

Ao través dalgunhas fincas hai un camiño que permite o paso para outras de propietarios diferentes, é o que se chama pasantía ou serventía; estas poden ser por temporadas ou para todo o ano, de a pé ou de carro. Tamén hai serventía de entremedias: unha roda vai nunha finca e a outra vai noutra finca.

# 19. UN DÍA DE FIADA NA PENA

Dáse o nome de fiada á reunión de mulleres para fiar. Ademais podían asistir persoas maiores que contaban contos e rapaces para parrafear coas mozas. Cada rapaza traballaba para si ou fiaban todas para outra persoa. Facían uns novelos na parte máis gorda do fuso chamados mazarocas, que podían ser de liño ou de lá.

Segundo relatou unha participante, no 1938, Sabina da Pena quixo facer unha fía na súa casa. Entón a súa filla Xosefa e máis Manuela da Pedreira dixéronlle que debía facer unha foliada e ofrecéronse para ir buscar o gaiteiro ao Caneiro.

Preguntaron por el e a ama da casa convidounas a liscos, que nunca tan sabedores os comeran e a unha copa de viño doce garnacha. Despois de tratar co gaiteiro, voltaron moi ledas.

Xa na fía, cada participante tiña que fiar tres rocadas e as que non daban fiado, tiñan que facelo na súa casa. Para comer, cociñaban unha pota grande de arroz con leite e axiña comezaba o gaiteiro a tocar e os mozos e mozas a bailar ata as doce da noite.

Ademais de bailar, xogaban ao xogo do "lorcho" que consistía en sentárense en roda e un/unha no medio. Tiñan que pasar o lorcho por debaixo das faldras sen que se decatase a do medio, cando se enteiraba pasaba a ocupar o lugar do que fallara e así sucesivamente.

# 20. AS COMIDAS

## 20.1 O ALMORZO

Sopas de allo ou papas ou caldo de requenta. As papas podían ser de fariña de trigo ou de maínzo, facíanse con auga e logo botábaselle un pouco de leite.

## 20.2 XANTAR

Caldo e leite todos os días, agás cando cavaban na roza ou segaban a herba, que cocían un pouco de carne. Tamén cando viñan as costureiras, zoqueiros ou cesteiros cocían algo de carne e facían un bolo de trigo e un queixo.

Estes podían estar ata 3 días traballando nunha casa.

## 20.3 MERENDA

Só para cavadores e segadores, poñían unha pouca carne con pan e viño e "queixo de mao", feito na casa. Ós nenos dáballes pan con manteiga ou con chocolate.

## 20.4 CEA

Caldo e leite con pan.

Cando non había verduras facían caldo branco, que só levaba patacas, auga e un rustrido cun dente de allo e pemento.



A Sra.Manuela dándolle o almorzo ao seu añiño.

## 20.5 COMIDA DO PATRÓN

Guiso de uñas de porco con garavanzos; de postre unha fonte grande de torradas e se había queixo tamén se poñía. Nalgunhas casas facíase un tostón, doce parecido ó roscón; xa máis tarde, a comida era máis variada: sopa de cocido e asado; de postre; queixo, roscón de améndoas e rosquiñas de limón ou nata.

O Nadal e fin de ano celebrábase pouco. Xa o di o refrán:

*Día de Noiteboa e día de Páscua*

*cada lacazán na súa casa*



Comida da Festa da Pascua, patrón de Lousada (1959).

## 20.6 COMIDA DE ENTROIDO

Cocíase carne (lacón, cacheira, costela etc.), por se viñan familiares ou amigos, se había unha baluga de manteiga fresca, tamén se poñía para que a untasen no pan. Facían freixós e ás veces tamén filloas, orellas e roscas. Para os freixós, se non había caldo de carne, usábase só fariña, auga e sal, tamén facían torradas e papas de arroz.

Os chourizos eran algo moi estimado nestas datas. Para conservalos, despois da matanza metíanos nun saco de esparto cheo de palla de aveas picada. Tamén se metían en pingo ou aceite.

## 20.7 COMIDA DE FÍAS E ESFOLLAS

Nas fías comíase arroz con leite e nas esfollas, sobre a media noite, dábase pan con queixo e unha copa de anís ou de ribeiro. En Lousada, nas esfollas facían papas e nalgunhas casas daban mel con pan. Tamén nas fiadas facían un pote grande de ferro cheo de papas de maínzo.

## 20.8 A MATANZA

O día da matanza cociñábase fígado con cachelos e se o matachín era de fóra tamén comían algo de xamón ou lacón.

O día de salgar facíanse os "roxós" con restos de desentretiñar ou con cachos de touciño e gorxas. E tamén se preparaba un guiso dos ósos que se lle quitaban á carne.

## 20.9 COMIDA DAS PARIDAS

Caldo de galiña e manteiga cocida, por ser algo nutritivo e favorecedor do parto. Además a manteiga ten unha función lubrificante. Chocolate (ás veces feito en viño), leite e ponche que leva leite, ovos e azucre ou sansón. As bebidas alcohólicas teñen unha función estimulante e analxésica.

## 20.10 COMIDA FUNERARIA

Só se facía comida para os parentes que viñan de lonxe. A quen se lles levaba unha boa comida á sancristía eran aos curas que celebraran o enterro. Na cesta ía xamón ou lacón cocido e un bo queixo. Outras veces pagábaselles o xantar nunha casa de comidas.

## 20.11 BANQUETE DE VODA

O banquete faise na casa da noiva, para iso contrátase unha boa cociñeira, agás para as empanadas de coello que as cocen as mulleres da casa no forno. O menú abunda en carne: cocido, asado, e doces feitos tamén na casa: biscoitos, roscón e roscas de voda, que se repartían despois polas casas de veciños e amizades. Para elaboralas amasábase fariña con ovos e anís. Despois de cocidas bañábanse con caramelo (azucre derretido) metíanse nunha vara e poñíanse a secar. Finalmente servían café e copa que podía ser de caña de ribeiro, anís, coñac ou ponche.

# 21. PERSOAS SINGULARES

- **Batallón.** Foi un escapado de cando a Guerra Civil. Antes estivera de criado en Bustorredondo (Lousada). Andaba agachado por aí e roubaba aos ricos. Dicía que xuntaba cartos para irse a Cuba. Cando o mataron quedara de ir a tres casas de Lousada: a de Manuel do Porto, a de Carballeira e a de Jesús Otero. Adoitaba deixar os cartos encargados e viña por eles o día convido. Pero estes veciños avisaron a Garda Civil e viñeron tres de Madrid, apostándose cada un nunha casa, cando veu á Carba, á casa de Jesús Otero, o garda escondido nas escaleiras do piso soubo que era él polo contrasinal "¡Francisca onde vai o candil!". Entón disparáronlle cinco tiros. Despois, entre os tres puxérono ao pé do río coma se o mataran ao intentar escapar e levárono a Roupar onde o enterraron. Estes ricos coma Manuel do Porto, prestaban cartos e se non llos devolvían no día, convido quedábanse coas fincas. Din que Batallón disparoulle un día pero atinou no botón da chaqueta e Manuel salvouse ao facerse o morto.
- **O cego de Choutar.** Andaba polas feiras tocando o clarinete e cantando cun compañeiro que tocaba o bombo.
- **Os Rubiños da Penamusga.** Tocaban nas fías o clarinete e o bombo.
- **Carmen Vérez.** Foi cinco anos a parteira de Lousada, axudaba ás veciñas a parir, sen cobrar nada.

- **Gumersindo Bellas Ramil** (o cura de Rodas). Cura de Lousada e Muras. Viña misar no cabalo. Sabía de leis e ademais tiña contacto con xente "importante" polo que conseguiu liberar algúns veciños presos e tamén que desprecintaran un muíño, clausurado pola Garda Civil.
- **Vicenta Balsa**. Tristemente coñecida por un cruceiro erixido en Lousada no lugar onde foi salvaxemente violada e asasinada o 18 de novembro de 1901, cando tiña 58 anos de idade. Segundo di unha veciña, o violador e asasino foi Paco de Vilapedre, un carreteiro que carrexaba viño e levaba xeo da Neveira de Lousada para Ferrol.
- **Pepa a Loba**. Foi unha bandoleira galega que está entre a historia e a lenda. Chao Espiña, cría na súa presenza en Xermade. Xa corentona, vivindo na súa casa de A Carba. Así mesmo un home desta parroquia aseguraba tela visto de neno: "alta, forte, rebuldeira e de peito abundante". Segundo Emilia Pardo Bazán, foi a capitana dunha "numerosa e ben organizada gavela".

  Outros considerábana como un mito, dona lexendaria que vai facer a fazaña de defender as mulleres coma ela maltratadas.

  O cego cantor, diríxese ás xentes de Xermade na feira do 14 de Lousada e da a súa visión de Pepa:

  *Ela mata ao que viola,*

  *ao que rouba e ao rufián*

  *ao covarde, ao asasino*

  *mátao ela e o seu can.*

  Esta visión da bandoleira xusticeira, é a que dá Vicente Piñeiro González no seu libro: Pepa a Loba, Xermade –inicios. Editado no 2020.

  Nun artigo publicado en abril do 2023 no TerraChaXá titulado: Xermade: Camiño Real da Carba, fala da Pousada de Pepa a Loba no lugar de Abelleira, considéraa un personaxe histórico que comezou como bandoleira, comprou a pensión, pero non deixou de roubar polos camiños. Os máis vellos saben onde bebían os cabalos e onde se apostaba a súa xente para asaltar algúns camiñantes.

- **Antonio Pernas**. Estivo escapado durante os tres anos que durou a guerra, refuxiado nunha cova dun monte entre Muras e Ourol. A cova mide só 1,70metros de alto, 3 metros de longo e 2 metros de ancho.

# BIBLIOGRAFÍA


ALONSO ESTRAVIS, Isaac. 1986. Dicc. Da Lingua Galega. Edit. Alhema, Madrid.

CASTELEIRO SANTOS, José Luis García Seoane, 2021. Miguel Galicia inmaterial, Galicia Máxica. Edit. Hércules Ediciones, Coruña.

Comisión de Festas de Cabreiros. 1998. Cabreiros e un pouco do seu entorno. Edita Asociación de Veciños de Cabreiros.

CHAO REGO, XOSÉ. 1985. O Misterio do lume. Edita Sept, Vigo.

Fidalgo Santamariña, Xosé Antonio. Os saberes tradicionais dos galegos. Edit. Galaxia, Vigo

FRANCO GRANDE, Xosé Luis. 2001. Dicc. Galego-Castelán. Edit. Galaxia. Vigo 1983.

GARFER, José Luis Fernández, Concha. 1984. Adivinancero popular gallego. Edit. Taurus, Madrid.

GUERREIRO CASTELO, Leonardo. Crónicas particulares de Lousada, As Pontes de García Rodríguez e un pouquiño máis.

LIS QUIBEN, Víctor. 1949. La medicina popular en Galicia. Gráficas Torres, Pontevedra.

LORENZO, Xaquín.2004. De varia estnográfica. Edicion conmemorativa do Día das Letras Galegas. La Voz de Galicia.

LUACES PARDO, Narciso. Traballo, oficios e crenzas populares dos nosos antergos. Edit. Toxosoutos, SL. Noia.

MARIÑO FERRO, Ramón. 2000. Dicc. De Etnografía Antropoloxía de Galicia. Edit. Xerais de Galicia, Vigo.

MARIÑO FERRO, Ramón. 1985. Medicina Popular interpretada. Edic. Xerais de Galicia. Vigo.

PEREIRA POZA, Antonio. 2001. Ritos de embarazo e parto en Galicia. Cadernos do Seminario de Sargadelos, nº 89. Edic. Do Castro, Sada.

PIÑEIRO GONZÁLEZ, Vicente. 2020. Pepa a Loba, Xermade-Inicios. Edit. Rodi, artes gráficas, Ourense .

QUINTIÁ PEREIRA, Rafael. 1994.O falar das pedras. Edit. A Formiga Rabicha, Lalin 2020.

AA.VV de Xermade. Xermade, o meu pobo. Edit. Aroprin, Vilagarcía de Arousa.

García Bodaño, Salvador, Fraguas Fraguas, Antonio, 1974, Gran Enciclopedia Galega, Ed. Santiago Cañada, Santiago de Compostela.

Cuba, Xoán; Reigosa, Antonio; Miranda, Xosé Lázaro (1999) Dicionario dos seres míticos galegos, Edit Xeráis, Vigo.

RODRÍGUEZ, Eladio. 2001.Breviario enciclopédico, letras, historias e tradicións populares de Galicia. Edición de Fernández Valdehorras. Edit. La Voz de Galicia,

TABOADA CHIVITE, Xesús. 1972.Etnografía galega. Edit. Galaxia, Vigo.

VARELA VÁZQUEZ, María Monserrat. 2005.Na memoria do pobo. Sotelo Blanco, edicions, SL. Santiago.

VV.AA. 2000.Gran dicionario xerais da lingua. Edicións Xerais de Galicia, Vigo.

VV.AA. 1974. Gran Enciclopedia Gallega. Tomos 5, 13, 25. Editor Santiago Cañada, Santiago

VV.AA. 1999. Dicionario dos seres míticos galegos. Edit. Xerais, Vigo.

YOUNG, Rosamund. 2020. A vida secreta das vacas. Edit. Rinoceronte, Cangas do Morrazo.

# CONCLUSIÓN FINAL

Ao elaborar este traballo, decatámonos da riqueza léxica e fraseolóxica de Xermade. Segundo a investigadora Alba Quintairo Soliño do Centro de Investigación Ramón Piñeiro da Univ. de Vigo, a fraseoloxía de Xermade ten termos propios e outros presentes noutras linguas aos que lles deu un novo sentido, por exemplo: **"Burro grande ande ou non ande"**, ampliao con **"E o pequeno anda de medo"**:

Aínda máis curiosa é a relación entre a unidade fraseolóxica (UF) de Xermade: **"Os piollos resucitados son todos malos"** co lunfardo de Arxentina **"Piojo Resucitado"**, expresión propia desta xerga riopratense. O que indica que houbo unha conexión directa entre o Concello Lugués e o Pais Sudamericano.

Tamén nos decatamos da satisfación coa que a xente maior rememoraba costumes, crenzas, cantigas, adiviñas, etc; coa esperanza de contribuir á súa difusión e coñecemento. O que lamentan é que agora case ninguén cultive a terra, pois a xente do medio rural, tanto aquí como en toda Galicia, está ou estaba unida á terra, co seu tempo e espazo perfectamente estructurado. Sabían o que ían facer en cada época do ano. Así, en Xaneiro tocaba prantar os allos, en Febreiro, enxertar e coller o nabos. En Marzo, sementar o trigo. En Abril, sementar as patacas e o maínzo. En Maio, sacarlle a herba ao trigo, sachar e a amontonar as patacas, e cando se mallaba co mallo, tamén se facía neste mes, de ahí o nome de Malla. En Xullo , segar o trigo e a herba. Agosto era o mes

das mallas coas máquinas. Neste tempo collían nove días de descanso e ían "Ás Augas" á Charca, Guitiriz, Viveiro, etc. En Setembro seméntanse os nabos.

En Outubro seméntase o centeo no monte. Novembro e o tempo da matanza.

Nos meses de inverno con enchentes nos ríos, neve e xeadas aproveitaban para facer as fias e outros traballos de dentro.

Recoñecen que era moito o traballo, sobre todo para as mulleres, pero tamén tiñan os seus momentos de socialización e diversión.

O seguinte poema de Manuel María, serve para ilustrar as mágoas da xente labrega:

**Labrego**

*Para escravo o labrador!*
*No inverno móllase*
*no vrao derréteo o calor.*
*súa vida é incerta:*
*ao sementar non sabe*
*se acerta ou non acerta.*
*Para logar unha anada*
*ten que contar co Sol,*
*coa auga, coa xeada …*
*Como a terra é cega*
*se lle dá froito un ano*
*o que ven xa llo nega.*
*Así vive o labrador:*
*Comendo pan regado*
*con sangue e con suor!*

*(Manuel María 1974. Antoloxía Xan Labrego. Vigo. Castrelos)*

*A CIDADE CRE QUE FÓRA DELA NON HAI MÁIS QUE PAISAXE, PATACAS E LEITE IGNORAN QUE TAMÉN EXISTE UNHA CULTURA NOBRE, ANTIQUÍSIMA E INSUBORNABLE.*

*A.R. CASTELAO.*

